


## MEMORIA TOMO I





# MEMORIA

## TOMO I



## CONTIDO

|             |                                                                                                                  |            |
|-------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|
| <b>I.</b>   | <b>OS ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2023</b>                                    | <b>7</b>   |
| I.1.        | ÁMBITO ORZAMENTARIO                                                                                              | 9          |
| I.2.        | CONCILIACIÓN CO INVENTARIO DE ENTIDADES INTEGRANTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA                                       | 19         |
| I.3.        | CONTIDO DOS ORZAMENTOS                                                                                           | 22         |
| I.4.        | ESTRUTURA ORZAMENTARIA                                                                                           | 23         |
| I.5.        | HOMOXENEIZACIÓN DO ORZAMENTO 2022                                                                                | 25         |
| <b>II.</b>  | <b>O ORZAMENTO DA ADMINISTRACIÓN XERAL</b>                                                                       | <b>27</b>  |
| II.1.       | INGRESOS                                                                                                         | 31         |
| II.1.1.     | SISTEMA DE FINANCIAMENTO AUTONÓMICO                                                                              | 33         |
| II.1.2.     | ANÁLISE POR CAPÍTULOS                                                                                            | 42         |
| II.1.3.     | O ORZAMENTO DE BENEFICIOS FISCAIS PARA O ANO 2023                                                                | 60         |
| II.2.       | GASTOS                                                                                                           | 81         |
| II.2.1.     | ANÁLISE POR CAPÍTULOS                                                                                            | 86         |
| II.2.2.     | ANEXO SOBRE CONTRATOS DE COLABORACIÓN PÚBLICO-PRIVADA E CONCESIÓN DE OBRA PÚBLICA                                | 111        |
| II.2.3.     | DETALLE DA CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DAS SECCIÓN ORZAMENTARIAS                                                     | 113        |
| <b>III.</b> | <b>OS ORZAMENTOS DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS E DAS ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS DE CONSULTA OU ASESORAMENTO</b> | <b>149</b> |
| III.1.      | ORGANISMOS AUTÓNOMOS                                                                                             | 152        |
| III.2.      | ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS DE CONSULTA OU ASESORAMENTO                                                     | 179        |
| <b>IV.</b>  | <b>OS ORZAMENTOS DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS</b>                                                           | <b>185</b> |
| <b>V.</b>   | <b>CONSOLIDACIÓN DOS ENTES CON ORZAMENTO LIMITATIVO</b>                                                          | <b>233</b> |
| V.1.        | INGRESOS                                                                                                         | 237        |
| V.2.        | GASTOS                                                                                                           | 239        |

---

|              |                                                                                                      |            |
|--------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|
| <b>VI.</b>   | <b>ORZAMENTO EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL</b>                                                 | <b>257</b> |
| <b>VII.</b>  | <b>ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS</b>                                                               | <b>263</b> |
| <b>VIII.</b> | <b>CONSORCIOS AUTONÓMICOS</b>                                                                        | <b>267</b> |
| <b>IX.</b>   | <b>SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS</b>                                                     | <b>271</b> |
| <b>X.</b>    | <b>FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO</b>                                                       | <b>275</b> |
| <b>XI.</b>   | <b>DATOS CONSOLIDADOS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO</b>                                               | <b>279</b> |
| <b>XII.</b>  | <b>O MARCO XURÍDICO E ECONÓMICO. COMENTARIOS AO TEXTO ARTICULADO</b>                                 | <b>285</b> |
| XII.1.       | LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2023                           | 287        |
| XII.2.       | MEDIDAS FISCAIS E ADMINISTRATIVAS DE ACOMPAÑAMENTO PREVISTAS PARA A SÚA ENTRADA EN VIGOR NO ANO 2023 | 297        |



# **OS ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2023**



## **I. OS ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2023**

### **I.1. ÁMBITO ORZAMENTARIO**

O artigo 53.1 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, polo que se aproba o Estatuto de Autonomía de Galicia establece que “O orzamento será único e incluírá a totalidade dos gastos e ingresos da Comunidade Autónoma galega e dos organismos, institucións e empresas dela dependentes”. En virtude deste mandamento estatutario a lei de orzamentos, como norma que rexe e disciplina a actividade económico-financieira da comunidade autónoma, debe reflectir a totalidade dos gastos e ingresos do sector público autonómico, o que supón a concreción do principio de universalidade orzamentaria.

Consonte ao antedito principio e ao perímetro de consolidación do sistema europeo de contas (SEC -2010 en diante), os orzamentos xerais da comunidade autónoma estarán integridos por:

- a) Os orzamentos da Administración xeral, nos que se incorporarán os órganos estatutarios e consultivos.
- b) Os orzamentos dos organismos autónomos.
- c) Os orzamentos das entidades públicas instrumentais de asesoramento ou consulta, que consonte a disposición adicional sexta da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico, terán a consideración de organismos autónomos para efectos orzamentarios.
- d) Os orzamentos das axencias públicas autonómicas.
- e) Os orzamentos de explotación e capital das entidades públicas empresariais a que fai referencia o artigo 89 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.
- f) Os orzamentos de explotación e capital dos consorcios autonómicos a que fai referencia o artigo 95 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.
- g) Os orzamentos de explotación e capital das sociedades mercantís públicas autonómicas aos que fai referencia o artigo 102 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.
- h) Os orzamentos de explotación e capital das fundacións do sector público autonómico aos que fai referencia o artigo 113 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.

- i) En todo caso, os orçamentos das demais entidades que estean clasificadas como administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coas normas do sistema europeo de contas, agás as entidades que integran o sistema universitario de Galicia.

No orçamento da Administración xeral aparecen incluídas, en seccións singularizadas, os diferentes departamentos e órganos sen personalidade xurídica diferenciada que constitúen a Administración autonómica en sentido estrito. Ademais, inclúense outra serie de organismos de carácter estatutario ou que teñen a súa orixe nunha lei ordinaria que prevé a integración dos seus orçamentos nos da comunidade autónoma, aínda que dispoñen de completa independencia funcional. Desta forma, intégranse nos orçamentos xerais os do Parlamento de Galicia, o Consello de Contas, o Consello da Cultura Galega e o Consello Consultivo de Galicia. Finalmente, figuran como seccións independentes as transferencias ás corporacións locais, a débeda pública e os gastos de diversas consellerías, que pola peculiaridade das súas características e pola especial natureza dos gastos aconsellan a súa inclusión como seccións específicas.

Completando os orçamentos xerais da Comunidade Autónoma figuran os orçamentos das entidades instrumentais do sector público autonómico, definido este pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.

Os orçamentos dos organismos autónomos, dan cobertura á actividade económico-financeira destas entidades públicas instrumentais, que poden exercer actividades de intervención, fomento, xestión de servizos públicos ou apoio á función administrativa en réxime de descentralización funcional.

Os orçamentos das entidades públicas instrumentais de asesoramento ou consulta, que consonte a disposición adicional sexta da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico, teñen a consideración de organismos autónomos para efectos orçamentarios.

Os orçamentos das axencias públicas autonómicas creadas polo Consello da Xunta e facultadas para exercer potestades administrativas recollen os recursos para o cumprimento de programas específicos correspondentes a políticas públicas da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, en réxime de descentralización funcional e xestión por obxectivos. Cómpre salientar a este respecto que as entidades instrumentais ás que se refire o apartado cinco da Disposición Transitoria Terceira da Lei 16/2010, do 17 de decembro, se adecuarán ao disposto na citada lei para as axencias públicas autonómicas.

As entidades públicas empresariais, como entes instrumentais aos que se lles encomenda a realización, consonte criterios de xestión empresarial, de actividades prestacionais, de xestión de servizos públicos ou de produción de bens de interese público susceptibles de contraprestación, presentan orçamentos de explotación e capital que dan cobertura á súa actividade.

Os orzamentos dos consorcios autonómicos, constituídos mediante convenio pola administración xeral con outras administracións públicas para a xestión de servizos da súa competencia ou para a consecución de fins de interese común, así como con entidades privadas sen ánimo de lucro, están integrados polos seus orzamentos de explotación e de capital.

As sociedades mercantís públicas autonómicas consideradas pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, como outras entidades instrumentais do sector público autonómico, presentan orzamentos de explotación e orzamentos de capital.

Por último, os orzamentos de explotación e capital das fundacións do sector público autonómico presentan os estados financeiros necesarios para a realización dos seus fins de interese xeral.

Na elaboración dos orzamentos tense en conta que o día 1 de setembro de 2014 entrou en vigor o Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello N° 549/2013, polo que se establece o novo Sistema de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-2010) que reemplaza ao anterior Sistema Europeo de Contas SEC-95.

Entre os cambios metodolóxicos que incorpora o SEC-2010 no ámbito das contas públicas cabe citar os relativos á capitalización dos gastos de I+D, o tratamento dos swaps de intereses, a asignación dos impostos á unidade das administracións públicas que este habilitada para a súa existencia, de xeito que o IVA e os impostos especiais que anteriormente rexistrábanse nas contas do sector das comunidade autónomas como impostos propios e, simultaneamente, como menores impostos do Estado, pasan a rexistrarse como impostos estatais e impútanse como gasto do Estado ás comunidades en concepto de transferencias correntes entre administracións públicas.

Entre todos os cambios destaca pola súa importancia a incorporación dun capítulo sobre a elaboración das contas das Administracións Públicas. Ao respecto introduce importantes modificacións que se dirixen ao reforzamento do criterio de control público da entidade, ampliando os indicadores que deben terse en conta para determinar se unha entidade está controlada ou non polas administracións públicas. Entre estes indicadores teñen especial relevancia os seguintes: determinar se a administración é o cliente principal; avaliar o grao de participación da administración no financiamento da súa actividade; comprobar o control público no nomeamento ou na revogación do persoal directivo; e, finalmente, verificar o control público dos principais comités da entidade.

En consecuencia, no SEC-2010, ademais de aplicar a “regra do 50%”, é dicir, que as vendas cobren máis do 50% dos custos de produción, téñense en conta algúns dos criterios cualitativos adicionais mencionados para asegurar si realmente a unidade opera en condicións de mercado ou debe revisarse a súa clasificación e integrarse no sector de Administración Pública. Así mesmo, no novo sistema modifícase o cálculo do rateo vendas/custos que se emprega para aplicar a “regra do 50%”. En particular, é necesario subliñar que debe ser incluído o custo de capital, custos financeiros netos, como custo de produción.



Desta forma, preséntanse os orzamentos da comunidade autónoma para o exercicio 2023 considerándose os das entidades que se definen a continuación, incluídas dentro do perímetro de consolidación definido polo SEC-2010, con excepción das entidades que integran o sistema universitario de Galicia, así como o resto de entidades con participación maioritaria da Xunta de Galicia.

Como organismos autónomos figuran os seguintes:

Instituto Galego do Consumo e da Competencia-IGCC

Academia Galega de Seguridade Pública

Instituto Galego de Estatística

Escola Galega de Administración Pública

Instituto de Estudos do Territorio

Instituto Galego da Vivenda e Solo

Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral-Issga

Servizo Galego de Saúde-Sergas

Fondo Galego de Garantía Agraria-Fogga

**Como entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento figuran as seguintes:**

Consello Económico e Social de Galicia

Consello Galego de Relacións Laborais

**Como axencias públicas autonómicas inclúense as seguintes:**

Axencia de Turismo de Galicia

Instituto Galego de Promoción Económica-Igape

Axencia Galega de Innovación-Gain

Instituto Enerxético de Galicia-Inega

Axencia Galega de Emerxencias

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

Axencia Tributaria de Galicia

Axencia Galega de Infraestruturas

Axencia Galega das Industrias Culturais

Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde-ACIS

Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos-ADOS

Axencia Galega de Servizos Sociais-Agass

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural-Agader

Axencia Galega da Calidade Alimentaria-Agacal

Axencia Galega da Industria Forestal-XERA

Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia-Intecmar

### Como entidades públicas empresarias figuran as seguintes:

- Consellería de Infraestruturas e Mobilidade:  
Augas de Galicia
- Consellería do Mar:  
Portos de Galicia

### Como consorcios autonómicos figuran os seguintes:

- Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes:  
Consortio Local Os Peares
- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda:  
Axencia de Protección da Legalidade Urbanística  
  
Centro Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia-Ceida  
  
Consortio Casco Vello de Vigo
- Consellería de Infraestruturas e Mobilidade:  
Consortio para a Xestión e Explotación da rede básica de abastecemento aos Concellos de Cervo e Burela
- Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.  
Consortio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia
- Consellería de Política Social e Xuventude:  
Consortio Galego de Servizos de Igualdade e do Benestar

### Como sociedades mercantís públicas autonómicas inclúense as que seguen:

- Presidencia da Xunta de Galicia:  
Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A.  
  
Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo
- Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación:  
XesGalicia, Sociedade Xestora de Entidades de Investimento de Tipo Cerrado, S.A.U.  
  
Sodiga Galicia, Sociedade de Capital Risco S.A.  
  
Galicia Calidade, S.A.U.  
  
Parque Tecnolóxico de Galicia S.A.
- Consellería de Facenda e Administración Pública  
Redes de Telecomunicación Galegas Retegal S.A.
- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda:  
Sociedade Galega do Medio Ambiente S.A.-Sogama  
  
Xestión do Solo de Galicia-Xestur S.A.
- Consellería de Infraestruturas e Mobilidade:  
Sociedade Pública de Investimentos de Galicia S.A.-SPI Galicia
- Consellería de Sanidade  
Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios S.A.
- Consellería do Medio Rural:  
Xenética Fontao S.A.  
  
Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A-Seaga

#### Como fundacións do sector público autonómico figuran as seguintes:

- Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación:  
Fundación Feiras e Exposicións de Lugo  
  
Fundación Feiras e Exposicións de Ourense  
  
Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia-Cesga  
  
Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada

Fundación Instituto Feiral de A Coruña

Fundación Pública Artesanía de Galicia

Fundación Instituto Feiral de Vigo-Ifevi

- Vicepresidencia Segunda e Consellería da Presidencia, Xustiza e Deporte:  
Fundación Semana Verde de Galicia

Fundación Galicia Europa

Fundación Deporte Galego-FDG

- Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades:  
Fundación Pública Galega Rof Codina

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

Fundación Pública Camilo José Cela

Fundación Pública Galega Museo do Mar de Galicia

- Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade:  
Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo

- Consellería de Sanidade:  
Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía-INGO

Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia 061

Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica

- Consellería de Política Social e Xuventude:  
Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas-Funga

- Consellería do Medio Rural:  
Fundación Centro Tecnolóxico da Came-CTC

- Consellería do Mar:  
Fundación Centro Tecnolóxico do Mar-Cetmar

| Ámbito dos Orzamentos Xerais para o ano 2022                        |                                              |                                                           |                                                                                                                          |                                                                                                     |                           |                                                                                              |                                                                                                                                                                                                                   |
|---------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------|-----------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Seccións                                                            | Organismos Autónomos                         | Entidades Públicas Instrumentais Consulta ou Asesoramento | Agencias Públicas Autónomas                                                                                              | Entidades Públicas Empresariais                                                                     | Consortios Autonómicos    | Sociedades Mercantís Públicas Autónomas                                                      | Fundacións do Sector Público Autonómico                                                                                                                                                                           |
| 01 Parlamento                                                       |                                              |                                                           |                                                                                                                          |                                                                                                     |                           |                                                                                              |                                                                                                                                                                                                                   |
| 02 Consello de Contas                                               |                                              |                                                           |                                                                                                                          |                                                                                                     |                           |                                                                                              |                                                                                                                                                                                                                   |
| 03 Consello da Cultura Galega                                       |                                              |                                                           |                                                                                                                          |                                                                                                     |                           |                                                                                              |                                                                                                                                                                                                                   |
| 04 Presidencia da Xunta                                             |                                              |                                                           | Amtega                                                                                                                   |                                                                                                     |                           | RETEGAL S.A.<br>Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A.                               | F. Deporte Gallego                                                                                                                                                                                                |
| 05 Vicepresidencia primeira e Cx. de Presidencia, Xustiza e Turismo | AGASP                                        |                                                           | Agencia Galega de Emerxencias<br>Agencia de Turismo de Galicia                                                           |                                                                                                     | Consortio Local Os Peares | Xestión de Plan Macabreo S.A.                                                                | F. Semana Verde de Galicia<br>F. Galicia Europa                                                                                                                                                                   |
| 06 Vicepresidencia segunda e Cx. de Economía, Empresa e Innoeción   | Instituto Galego de Consumo e da Competencia |                                                           | IGAPE<br>Agencia Galega de Innovación<br>Agencia Instituto Enerxético de Galicia<br>Agencia Galega de Industria Forestal |                                                                                                     |                           | Xes Galicia S.A.<br>Sodiga Galicia<br>Galicia Calidade S.A.<br>Parque Tecnológico de Galicia | F. Feiras e Exposicións de Lugo<br>F. Feiras e Exposicións de Ourense<br>F. Galega Centro Tecnológico de Supercomputación de Galicia<br>F. de Exposicións e Congresos da Estrada<br>F. Instituto Feiral da Coruña |
| 07 Cx de Facenda e Adm. Pública                                     | IGE<br>EGAP                                  | CES                                                       | Agencia Tributaria de Galicia                                                                                            |                                                                                                     |                           |                                                                                              | F. Pública Artesanía de Galicia                                                                                                                                                                                   |
| 08 Cx de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda                       | IET<br>IGVS                                  |                                                           |                                                                                                                          | APLU<br>Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia<br>Consortio Casco Vello de Vigo |                           | Sogama S.A.<br>XESTUR S.A.                                                                   |                                                                                                                                                                                                                   |
| Orzamento consolidado da comunidade autónoma                        |                                              |                                                           | Entidades públicas que presentan PAIF                                                                                    |                                                                                                     |                           |                                                                                              |                                                                                                                                                                                                                   |

| Ámbito dos Orzamentos Xerais para o ano 2022 (continuación) |                                                |                                                           |                                                                                                |                                       |                                                                                      |                                           |                                                                                                                                 |
|-------------------------------------------------------------|------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Seccións                                                    | Organismos Autónomos                           | Entidades Públicas Instrumentais Consulta ou Asesoramento | Agencias Públicas Autonómicas                                                                  | Entidades Públicas Empresariais       | Consortios Autonómicos                                                               | Sociedades Mercantís Públicas Autonómicas | Fundacións do Sector Público Autonómico                                                                                         |
| 09 Cº de Infraestruturas e Mobilidade                       |                                                |                                                           | Agencia Galega de Infraestruturas                                                              | Augas de Galicia                      | C. Xestión e Explot. da rede básica de abastecemento aos Concellos de Cervo e Burela | SPI Galicia S.A.                          |                                                                                                                                 |
| 10 Cº de Cultura, Educación e Universidade                  |                                                |                                                           | Agadic                                                                                         |                                       | Agencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia                          |                                           | F. P. Galega Ref Codina<br>F. P. Cidade da Cultura<br>F. P. Camilo José Cela                                                    |
| 11 Cº de Emprego e Igualdade                                | Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral | Consello Galego de Relacións Laborais                     |                                                                                                |                                       |                                                                                      |                                           | F. Galega da Formación para o Traballo                                                                                          |
| 12 Cº de Sanidade                                           | Sergas                                         |                                                           | Agencia Galega Xestión do Conhecemento en Saúde<br>Agencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos |                                       |                                                                                      | Galaria S.A.                              | F. Instituto Galego de Oftalmoloxía<br>F. Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061<br>F. Pública Galega de Medicina Xenómica |
| 13 Cº de Política Social                                    |                                                |                                                           | Agencia Galega de Servizos Sociais                                                             |                                       | C. Galego de Servizos de Igualdade e Benestar                                        |                                           | F. P. Galega para a Tutele de Persoas Adultas                                                                                   |
| 14 Cº do Medio Rural                                        | FOGA                                           |                                                           | Agader<br>Agacal                                                                               |                                       |                                                                                      | Xenética Fontao S.A.<br>Seaga S.A.        | F. Centro Tecnolóxico da Carne                                                                                                  |
| 15 Cº do Mar                                                |                                                |                                                           | Intecmar                                                                                       | Portos de Galicia                     |                                                                                      |                                           | F. Centro Tecnolóxico do Mar                                                                                                    |
| 20 Consello Consultivo de Galicia                           |                                                |                                                           |                                                                                                |                                       |                                                                                      |                                           |                                                                                                                                 |
| 21 Transferencias a CC.LL.                                  |                                                |                                                           |                                                                                                |                                       |                                                                                      |                                           |                                                                                                                                 |
| 22 Debeda Pública da CA                                     |                                                |                                                           |                                                                                                |                                       |                                                                                      |                                           |                                                                                                                                 |
| 23 Gastos de diversas Consellerías                          |                                                |                                                           |                                                                                                |                                       |                                                                                      |                                           |                                                                                                                                 |
| Orzamento consolidado da comunidade autónoma                |                                                |                                                           |                                                                                                | Entidades públicas que presentan PAIF |                                                                                      |                                           |                                                                                                                                 |

## I.2. CONCILIACIÓN CO INVENTARIO DE ENTIDADES INTEGRANTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Os acordos do Consello de Política Fiscal e Financeira do 10 de abril de 2003, publicados mediante Orde HAC/2283/2003 do 31 de xullo, establecen a obriga de formular e manter actualizado o inventario de entidades integrantes do sector público autonómico, aos efectos da súa inclusión nas distintas categorías previstas na Lei 18/2001, do 12 de decembro, Xeral de Estabilidade Orzamentaria, letra c) do artigo 2.1 e artigo 2.2; preceptos que tras a entrada en vigor da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, se refiren ao artigo 2 apartado 1b) e 2 de dita lei orgánica.

En materia de contabilidade nacional, o Instituto Nacional de Estatística, a Intervención Xeral da Administración do Estado e o Banco de España, son as institucións competentes para clasificar as entidades que compoñen o sector público.

A tal efecto, a Intervención Xeral do Estado comunica anualmente as entidades dependentes da Xunta de Galicia e que conforman o sector público autonómico. Sendo obriga da administración autonómica facilitar toda a información necesaria para manter actualizado o inventario de entes.

| Presidencia da Xunta de Galicia                                                    |               |      |        |           |
|------------------------------------------------------------------------------------|---------------|------|--------|-----------|
| Entidades                                                                          | Clasificación | IGAE | Sector | Orzamento |
| Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo                                       | SOCIEDADES    | SI   | AP     | SI        |
| Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A.                                     | SOCIEDADES    | SI   | AP     | SI        |
| Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación         |               |      |        |           |
| Entidades                                                                          | Clasificación | IGAE | Sector | Orzamento |
| Fundación Pública Artesanía de Galicia                                             | FUNDACION     | SI   | AP     | SI        |
| Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia                        | FUNDACION     | SI   | AP     | SI        |
| Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada                                    | FUNDACION     | SI   | AP     | SI        |
| Fundación Feiras e Exposicións de Lugo                                             | FUNDACION     | SI   | AP     | SI        |
| Fundación Feiras e Exposicións de Ourense                                          | FUNDACION     | SI   | ENF    | SI        |
| Instituto Feiral da Coruña                                                         | FUNDACION     | SI   | AP     | SI        |
| Instituto Feiral de Vigo                                                           | FUNDACION     | SI   | P      | SI        |
| Sodiga Galicia, Sociedade de Capital Risco, S.A.                                   | SOCIEDADES    | SI   | AP     | SI        |
| XesGalicia, Sociedade Xestora de Entidades de Investimento de Tipo Pechado, S.A.U. | SOCIEDADES    | SI   | AP     | SI        |
| Galicia Calidade, S.A.U.                                                           | SOCIEDADES    | SI   | AP     | SI        |
| Parque Tecnolóxico de Galicia S.A.                                                 | SOCIEDADES    | SI   | AP     | SI        |

### Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

| Entidades                         | Clasificación | IGAE | Sector | Orzamento |
|-----------------------------------|---------------|------|--------|-----------|
| Consortio Os Peares               | CONSORCIO     | SI   | AP     | SI        |
| Fundación Galicia Europa          | FUNDACION     | SI   | AP     | SI        |
| Fundación Semana Verde de Galicia | FUNDACION     | SI   | AP     | SI        |
| Fundación Deporte Galego          | FUNDACION     | SI   | AP     | SI        |

### Consellería de Facenda e Administración Pública

| Entidades                                                 | Clasificación | IGAE | Sector | Orzamento |
|-----------------------------------------------------------|---------------|------|--------|-----------|
| Sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A. | SOCIEDADES    | SI   | AP     | SI        |

### Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

| Entidades                                                         | Clasificación | IGAE | Sector | Orzamento |
|-------------------------------------------------------------------|---------------|------|--------|-----------|
| Axencia de Protección da Legalidade Urbanística                   | CONSORCIO     | SI   | AP     | SI        |
| Centro Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia | CONSORCIO     | SI   | AP     | SI        |
| Consortio Casco Vello de Vigo                                     | CONSORCIO     | SI   | AP     | SI        |
| Sociedade Galega do Medioambiente S.A.                            | SOCIEDADES    | SI   | ENF    | SI        |
| Xestión do Solo de Galicia - Xestur, S.A.                         | SOCIEDADES    | SI   | AP     | SI        |

### Consellería de Infraestruturas e Mobilidade

| Entidades                                                                                              | Clasificación | IGAE | Sector | Orzamento |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------|------|--------|-----------|
| Consortio para a xestión e explotación da rede básica de abastecemento aos concellos de Cervo e Burela | CONSORCIO     | SI   | AP     | SI        |
| Augas de Galicia                                                                                       | EPE           | SI   | AP     | SI        |
| Sociedade Pública de Investimentos de Galicia S.A.                                                     | SOCIEDADES    | SI   | AP     | SI        |

### Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

| Entidades                                                   | Clasificación | IGAE | Sector | Orzamento |
|-------------------------------------------------------------|---------------|------|--------|-----------|
| Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia | CONSORCIO     | SI   | AP     | SI        |
| Fundación Pública Galega Rof Codina                         | FUNDACION     | SI   | AP     | SI        |
| Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia              | FUNDACION     | SI   | AP     | SI        |
| Fundación Museo do Mar                                      | FUNDACION     | SI   | P      | SI        |
| Fundación Pública Galega Camilo José Cela                   | FUNDACION     | SI   | AP     | SI        |

### Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

| Entidades                                             | Clasificación | IGAE | Sector | Orzamento |
|-------------------------------------------------------|---------------|------|--------|-----------|
| Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo | FUNDACION     | SI   | AP     | SI        |

### Consellería de Sanidade

| Entidades                                             | Clasificación | IGAE | Sector | Orzamento |
|-------------------------------------------------------|---------------|------|--------|-----------|
| Fundación Pública Instituto Galego de Oftalmoloxía    | FUNDACION     | SI   | AP     | SI        |
| Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia 061 | FUNDACION     | SI   | AP     | SI        |
| Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica         | FUNDACION     | SI   | AP     | SI        |
| Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios S.A.  | SOCIEDADES    | SI   | AP     | SI        |
| Consortio Oncolóxico de Galicia                       | CONSORCIO     | SI   | P      | NON (1)   |

### Consellería de Política Social e Xuventude

| Entidades                                                         | Clasificación | IGAE | Sector | Orzamento |
|-------------------------------------------------------------------|---------------|------|--------|-----------|
| Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar              | CONSORCIO     | SI   | AP     | SI        |
| Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas (Funga) | FUNDACION     | SI   | AP     | SI        |

### Consellería do Medio Rural

| Entidades                                                 | Clasificación | IGAE | Sector | Orzamento |
|-----------------------------------------------------------|---------------|------|--------|-----------|
| Fundación Centro Tecnolóxico da Carne                     | FUNDACION     | SI   | AP     | SI        |
| Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A. (Seaga) | SOCIEDADES    | SI   | AP     | SI        |
| Xenética Fontao S.A.                                      | SOCIEDADES    | SI   | ENF    | SI        |

### Consellería do Mar

| Entidades                           | Clasificación | IGAE | Sector | Orzamento |
|-------------------------------------|---------------|------|--------|-----------|
| Portos de Galicia                   | EPE           | SI   | ENF    | SI        |
| Fundación Centro Tecnolóxico do Mar | FUNDACION     | SI   | AP     | SI        |

(I) Sen actividade

AP: Administración Pública

ENF: Empresa non financeira

EF: Empresa financeira

P: Pendente de clasificación, en estudo

### I.3. CONTIDO DOS ORZAMENTOS

Respecto ao contido da lei de orzamentos, podemos distinguir dous compoñentes claramente diferenciados.

Por un lado, o texto articulado que contén a ordenación xurídica da actividade económico financeira, especificamente aplicable aos orzamentos do ano 2023, e concrétese na aprobación dos orzamentos; é dicir a, previsión dos ingresos que se espera realizar e a autorización dos gastos que como máximo se poderán recoñecer, así coma unha serie de normas de diverso calado que se consideran necesarias para conseguir unha mellor xestión dos recursos e dos créditos orzamentarios.



En segundo lugar, os estados numéricos de ingresos e gastos cuantifican e detallan as estimacións dos dereitos económicos, que se prevén liquidar, e a distribución dos créditos autorizados para a execución dos diferentes programas de gasto, así como os estados financeiros das entidades públicas empresariais, sociedades mercantís públicas autónomas, consorcios e fundacións do sector público autónomo.

## I.4. ESTRUCTURA ORZAMENTARIA

No referente a súa estrutura, os orzamentos xerais da comunidade autónoma axústanse ás seguintes regras:

1. Os estados de gastos son elaborados aplicando unha clasificación funcional por programas, que identifica a finalidade do gasto. Por outro lado, a clasificación orgánica proporciona información sobre o axente que realiza o gasto, e a clasificación económica identifica a natureza do mesmo.
2. Para cada programa de gasto, establécense os obxectivos estratéxicos e operativos que se pretenden conseguir cos recursos que se lle asignan e, tamén, cando resulta posible, os indicadores de seguimento que se consideran adecuados para analizar o grao de consecución deses obxectivos.
3. Os gastos correntes e os gastos de capital preséntanse de forma separada, e a súa clasificación económica seguirá os seguintes criterios:
  - Nos créditos para gastos correntes, distínguense os necesarios para o funcionamento dos servizos, os gastos financeiros e as transferencias correntes.
  - Nos créditos para gastos de capital, distínguense os de investimentos reais, as transferencias de capital e as variacións de activos e pasivos financeiros.

Conforme ás regras indicadas, o gasto orzamentario adopta unha tripla clasificación:

1. Funcional por programas, que permite coñecer o destino ou finalidade do gasto.
2. Orgánica, que identifica ao órgano xestor que asume a realización do gasto.
3. Económica, que informa sobre a concreción do gasto segundo a súa natureza económica.

Polo que respecta aos estados de ingresos, que expresan a contía e natureza da totalidade dos recursos previstos para o financiamento dos gastos autorizados no exercicio, presentan unha clasificación moito máis acoutada ou sinxela. De conformidade co artigo 49 do Texto Refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, aprobado por Decreto Legislativo 1/1999, do 7 de outubro, presentarán unicamente unha clasificación económica, distinguindo entre os que corresponden a operacións correntes e a operacións de capital. Isto é debido á aplicación dos principios xerais de caixa única e non afectación dos ingresos públicos.



Por último, en canto a estrutura orzamentaria, podemos establecer unha diferenza fundamental en base ao carácter limitativo ou non dos orzamentos das diferentes entidades que integran o perímetro de consolidación:

- I. As entidades con orzamento limitativo, presentan as súas contas en forma de orzamento administrativo, e son: a administración xeral, organismos autónomos, entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e axencias públicas autonómicas.

As demais entidades, non suxeitas a orzamento limitativo, presentan os seus orzamentos en forma de conta financeira e son as entidades públicas empresariais, consorcios e sociedades mercantís públicas autonómicas, fundacións do sector público autonómico e demais entes non suxeitos a orzamentos limitativos.

### I.5. HOMOXENEIZACIÓN DO ORZAMENTO 2022

Dende a entrada en vigor da Lei 17/2021, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022 realizáronse diversas modificacións que obrigan a realizar diversas homoxeneizacións, tanto a nivel de sección como de servizo, nas cifras inicialmente aprobadas nese exercicio co fin de proporcionar un marco axeitado de análise que permita realizar comparacións co orzamento de 2022. Estas modificacións obedecen fundamentalmente a :

1. O Decreto 72/2022, do 25 de maio, polo que se establecen os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia establece que dependerá da Presidencia da Xunta de Galicia a Asesoría Xurídica Xeral. Así mesmo, establece que queda adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia a Axencia de Turismo de Galicia, que se axustará nos seus fins, estrutura e funcionamento ao disposto na Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia; no Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, e demais normas de aplicación.
2. O Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, modifica tanto o orde como a denominación das vicepresidencias. Segundo o mesmo, a Xunta de Galicia estará integrada por a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación e a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

O Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, establece a Secretaría Xeral para o Deporte como un órgano dependente da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

3. Na Consellería de Facenda e Administración Pública, o Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, crea dous órganos de dirección, a Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro e a Dirección Xeral de Política de Cohesión e Fondos Europeos en substitución da antiga Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos.

Así mesmo, tamén mediante o citado decreto queda adscrita a Consellería de Facenda e Administración Pública a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

4. Na Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades o Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, crea dous órganos de dirección, a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e a Dirección Xeral de Formación Profesional en substitución da antiga Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.
5. Na Consellería de Política Social e Xuventude o Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, crea dous órganos de dirección, a Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade e a Dirección Xeral de Maiores e Atención Socio sanitaria en substitución da antiga Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade.

- 
6. Por último, o Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, adscribe a Axencia Galega da Industria Forestal na Consellería do Medio Rural.



## .O ORZAMENTO DA ADMINISTRACIÓN XERAL



## II. .O ORZAMENTO DA ADMINISTRACIÓN XERAL

A maior parte da actividade económico-financeira do sector público autonómico canalízase a través dos orzamentos da Administración xeral. Directamente, por medio da xestión que desenvolven as distintas seccións orzamentarias ou, indirectamente, a través das transferencias de financiamento aos organismos autónomos, axencias públicas autonómicas e consorcios autonómicos e, en menor medida, coas entidades públicas empresarias que completan o seu financiamento con importantes ingresos propios. Do mesmo xeito financia á maioría das sociedades mercantís públicas autonómicas e fundacións que integran o sector público autonómico.

Os orzamentos da Administración xeral constitúen o 97,6% do total de ingresos consolidados do sector público autonómico que ascenden a 14.167,2 millóns de euros.

Polo que respecta aos organismos autónomos e as axencias públicas, as transferencias configuran a maior parte dos seus recursos, salvo certas excepcións. Destacan no ano 2023 os ingresos propios do Sergas correspondentes, entre outros, á prestación de servizos a satisfacer polas compañías aseguradoras como consecuencia da atención médica derivada de accidentes do tráfico e polas mutuas patronais por accidentes de traballo. Conta ademais con diversas subvencións finalistas que recibe directamente, como as destinadas ao Control da Incapacidade Temporal; o Fondo de Cohesión Sanitaria e Fondo de Garantía Asistencial; e a Asistencia Sanitaria que lle transfire o Estado.

Dentro das axencias públicas autonómicas, destacan os ingresos do Instituto Galego de Promoción Económica que conta en 2023 con importantes ingresos propios de carácter financeiro, procedentes do reintegros de préstamos concedidos e do fondo de activos financeiros e o fondo de investimento estratéxicos de Galicia.

Con diferentes matices o papel financiador da Administración Xeral tamén é relevante no caso das entidades públicas empresarias. Non obstante, destacan as taxas pola prestación de servizos nos portos e polas ocupacións lucrativas do dominio público portuario de Portos de Galicia e en Augas de Galicia o Canon da Auga e o Coeficiente de Vertedura, tributos creados pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, que representan a maior parte dos seus ingresos de xestión ordinaria.

Por último, as transferencias das consellerías revisten unha intensidade moi distinta nas sociedades mercantís públicas autonómicas que dispoñen dun cadro de recursos moito máis diversificado que o das restantes entidades que se integran nos orzamentos da comunidade autónoma.

Hai que reiterar que Galicia anticipouse ao resto de autonomías no establecemento dun marco de disciplina fiscal que permitise alcanzar a sostibilidade financeira, de modo que no ano 2011 aprobou a Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina e sustentabilidade orzamentaria, en vir-

tude da cal se consolidou legalmente a fixación “a priori” do límite de gasto non financeiro como medida de garantía do cumprimento do obxectivo de estabilidade e da regra de gasto dentro do proceso de elaboración orzamentaria. Ao amparo do apartado 1 do artigo 12 da dita Lei 2/2011, o Consello da Xunta de Galicia acordou o 29 de xullo fixar o límite de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2023 en 12.599 millóns de euros.

O gasto non financeiro recolleito nos orzamentos da comunidade autónoma para 2023 supera o importe establecido no citado teito de gasto como consecuencia do incremento dos fondos finalistas recibidos do Estado, en virtude do disposto no apartado 2 do artigo 12 da dita Lei que permite axustar o límite aprobado nas variacións dos ingresos do sistema de financiamento autonómico e dos fondos finalistas que incorpore o proxecto de presupostos xerais do Estado. De modo que o importe total dos gastos non financeiros alcanza o importe dos 12.620,3 millóns de euros.

*Estes orzamentos se orientarán a desenvolver as liñas de actuación encamiñadas a impulsar a recuperación da actividade económica e o emprego, partindo da estratexia Next Generation Galicia e do Plan estratéxico de Galicia, baseados no crecemento sostible e cohesionado social e territorialmente, profundizando na innovación e o coñecemento como vía de desenvolvemento da nosa comunidade autónoma.*

Garantindo, ademáis, os medios e o persoal precisos nos eidos sanitario e educativo para prestar un servizo público de calidade. Apoiando as familias, sectores e empresas máis vulnerables a una inflación crecente. Apoiando os investimentos que aceleren a eficiencia e a transición enerxética. Impulsando os proxectos de investimento que fagan efectivo o crecemento cohesionado. E profundizando na reforma da Administración pública autonómica desenvolvendo sistemas e procedimentos máis eficientes, pero tamén máis sinxelos e amistosos coa cidadanía, de forma que a mesma perciba unha Administración máis próxima e resolutiva.

## II.1. INGRESOS

Os ingresos totais previstos para a Administración Xeral ascenden a 13.825,3 millóns de euros incrementándose en 1.047,4 millóns de euros, un 8,2% respecto aos do ano 2022, debido ao incremento dos non financeiros nun 11,1%, xa que os financeiros caen nun 10%.

### Orzamento de Ingresos da Xunta de Galicia

| Distribución económica                  |                   |                     |                  |              |              |                |
|-----------------------------------------|-------------------|---------------------|------------------|--------------|--------------|----------------|
|                                         |                   | Variación 2023/2022 |                  |              |              | Valor Relativo |
| Capítulos                               | 2022              | 2023                | Importe          | %            | 2022         | 2023           |
| I Impostos directos                     | 2.843.932         | 3.356.461           | 512.529          | 18,0         | 22,3         | 24,3           |
| II Impostos indirectos                  | 3.094.325         | 3.818.851           | 724.526          | 23,4         | 24,2         | 27,6           |
| III Taxas, prezos e outros ingresos     | 93.457            | 97.037              | 3.580            | 3,8          | 0,7          | 0,7            |
| IV Transferencias correntes             | 3.593.736         | 3.640.157           | 46.422           | 1,3          | 28,1         | 26,3           |
| V Ingresos patrimoniais                 | 17.983            | 6.750               | -11.233          | -62,5        | 0,1          | -              |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>9.643.433</b>  | <b>10.919.257</b>   | <b>1.275.824</b> | <b>13,2</b>  | <b>75,5</b>  | <b>79,0</b>    |
| VI Alleamento de investimentos reais    | 230               | 130                 | -100             | -43,5        | -            | -              |
| VII Transferencias de capital           | 1.369.465         | 1.317.546           | -51.918          | -3,8         | 10,7         | 9,5            |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>1.369.695</b>  | <b>1.317.676</b>    | <b>-52.018</b>   | <b>-3,8</b>  | <b>10,7</b>  | <b>9,5</b>     |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>11.013.127</b> | <b>12.236.933</b>   | <b>1.223.806</b> | <b>11,1</b>  | <b>86,2</b>  | <b>88,5</b>    |
| VIII Activos financeiros                | 1.942             | 1.949               | 7                | 0,4          | -            | -              |
| IX Pasivos financeiros                  | 1.762.840         | 1.586.399           | -176.441         | -10,0        | 13,8         | 11,5           |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>     | <b>1.764.782</b>  | <b>1.588.349</b>    | <b>-176.434</b>  | <b>-10,0</b> | <b>13,8</b>  | <b>11,5</b>    |
| <b>Total</b>                            | <b>12.777.909</b> | <b>13.825.282</b>   | <b>1.047.372</b> | <b>8,2</b>   | <b>100,0</b> | <b>100,0</b>   |

(Miles de Euros)

- Os ingresos por operacións correntes incrementáanse neste exercicio en 1.275,8 millóns de euros, un 13,2% máis co ano anterior. As causas do bo comportamento destes ingresos responde a dous factores:

Os impostos directos incrementáanse nun 18%, derivado sobre todo do incremento das entregas a conta e a liquidación do IRPF nun 20% con respecto ao ano anterior.

Os impostos indirectos incrementáanse nun 23,4%, derivado sobre todo do incremento das entregas a conta e a liquidación do IVE nun 34,8% con respecto ao ano anterior.

As transferencias correntes incrementáanse nun 1,3%, derivado sobre todo do incremento das subvención finalistas procedentes do Estado e da Seguridade Social e as procedentes dos concellos. Támen se incrementan as transferencias do sistema de financiación autonómico pero o dito incremento compénsase coas transferencias extraordinarias dotadas no orzamento do ano 2022, unha para compensar a liquidación negativa do sistema de financiamento autonómico do ano 2020 e o importe recibido do Estado e outra para compensar o prexuízo xerado ás

CCAA como consecuencia da implantación no IVE do Suministro de información inmediata no ano 2017,

Por último, neste capítulo dentro dos fondos europeos se dota el Mecanismo de Recuperación e Resiliencia- MRR con 82 millóns de euros. O Fondo Social Europeo do PO 2014-2020, a Iniciativa Empleo Xuvenil YEI e o FSE + PO 2021-2027 diminúe respecto ao orzamentado no ano 2022.

- Os ingresos por operacións de capital dos capítulos VI e VII do orzamento de ingresos alcanza a cifra de 1.317,7 millóns de euros, reducíndose neste exercicio en 52 millóns de euros, un 3,8% menos co ano anterior.


As transferencias finalistas procedentes do Estado increméntanse pero o Fondo de Compensación Interterritorial diminúe con respecto ao orzamentado en 2021.

Respecto ao fondos europeos decrecen lixeiramente nun 3%.

- Dentro dos ingresos financeiros, os activos incrementan lixeiramente o seu importe nun 0,4. Os pasivos financeiros tamén reducen o seu importe ata os 1.586,4 millóns de euros debido á redución do endebedamento do 0,6% deste ano ao 0,3% do PIB (181 millóns de euros).

Por último engadir que, da mesma forma que o realizado nos orzamentos precedentes, os ingresos dos organismos estatutarios preséntase nos cadros desta memoria de forma agregada aos ingresos da Administración Xeral.

### Distribución do orzamento de Ingresos por capítulos



#### II.1.1. SISTEMA DE FINANCIAMENTO AUTONÓMICO

Trala entrada en vigor da Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con Estatuto de Autonomía e modifícanse determinadas normas tributarias, intégrase o financiamento da totalidade dos servizos traspasados ás comunidades autónomas a través dos tributos cedidos que determinan a capacidade tributaria, da transferencia do Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais e do Fondo de Suficiencia Global.

Ademais, co obxectivo de aproximar ás comunidades autónomas de réxime común en termos de financiamento por habitante axustado e favorecer a igualdade, así como para favorecer o equilibrio económico territorial, créanse dous novos fondos de converxencia autonómica, o Fondo de Competitividade e o Fondo de Cooperación, fondo este último no que participa a Comunidade Autónoma de Galicia. No artigo 24 da antedita lei, dispónse que esta participación

farase efectiva no momento en que se liquiden o resto dos recursos do sistema, polo que no ano 2023 liquidarase o ano 2021.

## **CAPACIDADE TRIBUTARIA**

A Lei 22/2009, do 18 de decembro, determina que a capacidade tributaria de cada comunidade autónoma estará formada polos seguintes recursos:

1. Recadación dos tributos totalmente cedidos: Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, Imposto sobre Sucesións e Doazóns, Imposto Especial sobre Determinados Medios de Transporte, Tributos sobre o xogo e Taxas afectas aos servizos traspasados.
2. A tarifa autonómica do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas dos residentes na comunidade autónoma, correspondente a unha participación autonómica do 50% no rendemento deste imposto.
3. Cesión do 50% da recadación líquida producida polo Imposto sobre o Valor Engadido correspondente a cada comunidade autónoma, determinado mediante o índice de consumo certificado polo INE.
4. Cesión do 58% da recadación líquida dos Impostos Especiais sobre a Cervexa, Produtos Intermedios, Alcohol e Bebidas Derivadas segundo o índice de consumo certificado polo INE e cesión do 58% da recadación líquida polo Imposto sobre Hidrocarburos derivada da aplicación do tipo estatal xeral, segundo o índice de entregas de gasolinas, gasóleos e fuelóleos determinado polo Ministerio para la Transición Ecológica, ponderados polos correspondentes tipos impositivos.
5. Cesión do 58% da recadación líquida polo Imposto sobre os Elaborados do Tabaco, segundo o índice de vendas a expendedorías da comunidade autónoma, certificados polo Comisionado para o Mercado de Tabacos, ponderados polos correspondentes tipos impositivos.
6. Cesión do 100% da recadación líquida derivada do tipo estatal especial do Imposto sobre Hidrocarburos e do Imposto Especial sobre a Electricidade distribuídos segundo os índices de entregas e de consumo establecidos, respectivamente.

O financiamento derivado dos tributos parcialmente cedidos, do tipo estatal especial do Imposto sobre Hidrocarburos e do Imposto sobre a Electricidade recíbese do Estado mediante entregas a conta, que supoñen o 98% da base de cálculo, por doceavas partes mensuais, a conta da liquidación definitiva que se practicará cando se coñezan tódolos datos do sistema.

Os recursos procedentes do sistema de financiamento autonómico constitúen a partida que dentro do total de recursos non financeiros de Galicia ten maior importancia (con carácter xeral supoñen en torno o 80% dos ingresos non financeiros totais).

O cálculo dos recursos do sistema de financiamento realízase pola comunidade autónoma en base á comunicación provisional dos recursos do sistema de financiamento do Ministerio de

Hacienda, xa que esta é a que debe figurar nos estados orzamentarios de gasto dos PGE e nos estados de ingreso dos orzamentos da comunidade autónoma.

No ano 2023 o total de recursos procedentes do sistema de financiamento autonómico sofren un forte incremento do 23,3% respecto aos importes consignados por estas partidas no Orzamento do ano anterior. Esta evolución deriva do efecto combinado do cálculo das entregas a conta, da liquidación positiva do exercicio 2021 e do pago das contías adiadas das liquidacións negativas de 2008 e 2009.

Sen embargo, nesta evolución hai que ter en conta dúas partidas excepcionais que se recibiron no ano 2022 e que non se manteñen para o ano 2023. En primeiro lugar, no ano 2022 consignouse unha previsión de maiores ingresos por importe 211 millóns de euros en concepto da reclamación xudicial ao Estado derivada da implantación do Sistema de información inmediata do IVE no ano 2017. E en segundo lugar, tívose en conta a medida extraordinaria adoptada polo Estado, referente ao pago dunha compensación extraordinaria equivalente a liquidación negativa do ano 2020 que cífrase en 367,6 millóns de euros. Esta partida aínda que se integrou inicialmente como recurso do sistema de financiación nas contas do 2022, a AGE vai detraer dita liquidación negativa das entregas a conta, e posteriormente transfíren a compensación como unha partida fora do sistema, polo que en puridade non forma parte do sistema ao ser una medida extraordinario e procedeuse a eliminala como recurso do sistema e pasa a engadirse na partida outros recursos non financeiros. Deste xeito o incremento acada o 14,6% tal e como se reflicte no seguinte cadro.

| Millóns de euros                             |              |                 |              |              |
|----------------------------------------------|--------------|-----------------|--------------|--------------|
| FONTES FINANCIAMENTO                         | Orzamento    | Límite de Gasto | Variación    |              |
|                                              | 2022         | 2023            | Absoluta     | %            |
| <b>Recursos Sistema Financiamento</b>        | <b>7.627</b> | <b>9.402</b>    | <b>1.774</b> | <b>23,3%</b> |
| - Entregas a conta                           | 8.080        | 8.788           | 709          | 8,8%         |
| - Liquidación ano n-2                        | -368         | 698             | 1.066        | 290,0%       |
| - Liquidacións anos 2008-2009                | -85          | -85             | 0            | 0,0%         |
| <b>Recursos extraordinarios</b>              | <b>579</b>   | <b>0</b>        | <b>-579</b>  | <b>-100%</b> |
| - Compensación liquidación negativa ano n-2  | 368          | 0               | -368         | -100%        |
| - Reclamación Xudicial Compensación SII- IVA | 211          | 0               | -211         | -100%        |
| <b>Total</b>                                 | <b>8.206</b> | <b>9.402</b>    | <b>1.196</b> | <b>14,6%</b> |

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

No que atinxe ás entregas a conta do ano 2023 o seu importe experimenta unha variación dun 8,8% recollendo a evolución positiva das diferentes figuras tributarias, respecto ao ano anterior, principalmente debido ao incremento das entregas do IRPF e do IVE, xa que medran respectivamente nun 12,2% e nun 13,2%. En cambio, as entregas dos IIEE de Fabricación, do Fondo de Garantía e do Fondo de Suficiencia crecen de forma moito máis modesta, nun 0,5%, 4,7% e nun 3,6% respectivamente.

En canto á liquidación do ano 2021 a estimación provisional comunicada polo Ministerio é dunha liquidación por importe de 698,3 millóns de euros, motivada pola importante liquidación positiva do IRPF e do Fondo de Cooperación, aínda que minguada por liquidacións negativas correspondentes o IVE e IIEE de fabricación.

Neste sentido segundo os datos do informe de recadación anual da AEAT, a recadación total do ano 2021 por IRPF, IVE e IIEE foi de 186.773 millóns de euros, un 9,8% superior á do ano anterior (170.099 millóns de euros), en especial destaca o incremento do 14,5% do IVE e do 7,5% do IRPF. Compre salientar como as previsións de recadación incluídas nos Orzamentos do Estado para o ano 2022 recollían un incremento da recadación esperada do IRPF, do IVE e dos IIEE no ano 2022 do 5,9%, do 4,3% e do 10,8% respectivamente. Cos últimos datos dispoñibles de recadación publicados pola AEAT (agosto de 2022) estas previsións de aumento da recadación son moi inferiores a evolución da recadación no que vai de ano. Xa que se compara a recadación do IRPF co mesmo período do ano anterior o aumento da recadación é dun 16,7% (10.765 millóns de euros máis), no IVE é do 20,1% (9.784 millóns de euros máis) e nos IIEE é dun 4,1% (533 millóns de euros máis). Se se descontan os incrementos de recadación xa previstos ao elaborar os PGE 2022 e que segundo o calendario de recadación destes impostos a agosto xa se ten recadado o 66% da recadación total do ano (promedio dos anos 2018, 2019 e 2021) pode concluírse que o exceso de recadación sobre as previsións contidas nos PGE do ano 2022 é de 11.237 millóns de euros.

Ademais hai que ter en conta que este exceso de recadación, como consecuencia do esquema de funcionamento do sistema de financiamento autonómico de entregas a conta e liquidación aos dous anos, soamente está a achegar recursos adicionais a AGE, xa que as entregas a conta das CCAA do ano 2022 ano fixéronse coas previsións de recadación contidas nos PGE do dito ano, polo que ata dentro de dous anos, no 2024, as CCAA non recibirán o exceso de recadación xerado neste ano.

Segundo eses propios datos da AEAT o Estado (de xaneiro a agosto) por todos os impostos contidos nos seus capítulos I e II (a saber: IRPF, Sociedades, Non Residentes, IVA, IIEE, tráfico exterior e primas de seguro) está a recadar 32.856 millóns de euros máis, un 45,4% máis, que o ano anterior.

Ademais, a liquidación anual do sistema de financiamento hai que axustala como consecuencia do adiamento da devolución das liquidacións negativas dos anos 2008 e 2009 (-84,8 millóns de euros despois do acordo adoptado polo pleno do Consello de Política Fiscal e Financeira celebrado o 31 de xullo de 2014 consistente en adiar ata 240 mensualidades adicionais a devolución das mencionadas liquidacións). Polo tanto o saldo total da liquidación de anos anteriores do sistema de financiamento no exercicio orzamentario 2023 será de 613,5 millóns de euros.

## **IRPF**

En relación ao Imposto sobre a renda das persoas físicas, por un lado, en canto ás entregas a conta do exercicio 2023, o seu importe é de 2.865,6 millóns de euros, é dicir, un 12,2% máis que o importe do ano 2022.

E por outra parte, estarían as liquidacións do sistema. Inclúese a liquidación provisional do exercicio 2021 por importe de 255,6 millóns de euros. E minorándoa figura o reintegro das 12 mensualidades correspondentes á liquidación negativa do sistema do exercicio 2009.

## **IVE**

Os importes previstos para o Imposto sobre o Valor Engadido para o vindeiro ano, en concepto de entregas a conta e de liquidación do ano 2021, ascenden a 2.456,9 millóns de euros, experimentando un forte incremento respecto ao ano anterior, en concreto 635,4 millóns de euros máis, o que supón un incremento do 34,9%, debido a forte caída que experimentou o consumo no ano 2020 por mor da pandemia.

Analizando por separado os seus compoñentes, as entregas a conta aumentan de forma moi importante nun 13,2%, poñendo de manifesto que se infraestimou no ano 2022 tanto a previsión de crecemento do total de recadación do IVE coma as entregas a conta de todas a CCAA de réxime común, cuns incrementos, respectivamente, dun 4,3% e dun 3,7%, mentres a entrega a conta de Galicia soamente medraba nun 2,1%, isto vai provocar unha forte liquidación a recibir no ano 2024, debido a que cos últimos datos dispoñibles da AEAT (agosto 2022), o incremento da recadación do IVE é dun 20,1% respecto ao mesmo período do ano anterior.

E, por outra parte, en canto ás liquidacións de exercicios anteriores o seu importe é de -39,87 millóns de euros e integra tanto o reintegro das liquidacións negativas dos anos 2008 e 2009 como a liquidación provisional do ano 2021, os seus importes respectivamente son os seguintes: -23,7 e -16,16 millóns de euros, o cal supón un forte incremento respecto ao exercicio anterior xa que o importe da liquidación definitiva do ano 2020 ascendeu a -374,54 millóns de euros por mor da pandemia.

## **IIIE**

Os impostos especiais recibidos como entrega a conta son o de Alcol e Bebidas Derivadas, Cervexa, Elaborados de Tabaco, Produtos Intermedios, Electricidade e o Imposto sobre Hidrocarburos respecto dos que se estima unha previsión conxunta de entregas a conta por un importe total de 946 millóns de euros, un 0,5% máis que o presupostado no exercicio 2022.

Mención especial merece os fortes incrementos que experimentan as entregas a conta do imposto sobre o alcol e bebidas derivadas e dos produtos intermedios, no entorno do 30%.

E tamén que Galicia tanto no ano 2022 e 2023 vai recibir entregas a conta en concepto do Imposto sobre a electricidade cando desde o setembro do ano 2021, como consecuencia do forte incremento dos prezos da enerxía, o tipo impositivo que grava este imposto reduciuse desde o 5% ao 0,5% provocando que a recadación por este imposto diminuíra de forma moi importante, o que provocará tanto no ano 2021 e 2022 fortes liquidacións negativas para as distintas CCAA por este imposto. Ademais hai que ter en conta que o Estado en vez compensar as CCAA de maneira inmediata demorou a súa compensación ata que se reforme o vixente

sistema de financiamento autonómico, xa que a non tratarse dun imposto especial de fabricación non resulta de aplicación o axuste positivo que habería que facer no Fondo de Suficiencia global, segundo o disposto no art. 21 (in fine) da lei 22/2009.

En canto a liquidación de exercicios anteriores, a liquidación provisional do ano 2021 estíma-se en -67,2 millóns de euros (dos que se estima que a metade corresponde ao imposto sobre a electricidade). Isto supón unha importe redución da liquidación negativa xa que no ano anterior o seu importe foi de -117,91 millóns de euros, debido a forte caída da recadación experimentada polos Imposto sobre hidrocarburos e sobre a electricidade, un 15,8% e un 10,1% menos respectivamente.

### **TRANSFERENCIA DO FONDO DE GARANTÍA DE SERVIZOS PÚBLICOS FUNDAMENTAIS**

O dito Fondo ten por obxecto asegurar que cada comunidade autónoma recibe os mesmos recursos por habitante axustado para financiar os servizos públicos fundamentais, configurado como un mecanismo de garantía no que participan todas as comunidades autónomas cunha porcentaxe dos seus recursos tributarios, en termos normativos, e o Estado con recursos adicionais.

É dicir, o Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais, componse de:

- O 75% dos recursos tributarios cedidos ás comunidades autónomas, en termos normativos e debidamente homoxeneizados.
- E a achega de recursos adicionais por parte do Estado. Para cada exercicio, esta achega calcúlase aplicándolle ao importe fixado no ano base do sistema, o ano 2007, o índice de evolución dos Ingresos Tributarios do Estado (ITE) entre este e o ano de cálculo.

No ano base, a achega de recursos adicionais por parte do Estado, establecidos nos artigos 5 e 6 da Lei 22/2009, totalizaron 8.055 millóns de euros que evolucionan segundo a variación do ITE 2023 e o ITE 2007 calculada polo ministerio.

Hai que sinalar que cada comunidade autónoma participa neste Fondo de Garantía en función dunha serie de variables que determinan a súa poboación axustada ou unidade de necesidade, nos termos establecidos no artigo 9 da Lei 22/2009: poboación, superficie, dispersión, insularidade, poboación protexida equivalente distribuída en sete grupos de idade, poboación maior de sesenta e cinco anos e poboación entre cero e dezaseis anos.

A transferencia a recibir do Fondo de Garantía defínese como a diferenza, positiva ou negativa, entre o importe da participación da comunidade autónoma no importe total do fondo e o 75% dos seus recursos tributarios en termos normativos. Farase efectiva mediante entregas a conta mensuais por doceavas partes e será obxecto da liquidación definitiva correspondente.

En 2023 as entregas a conta do Fondo de Garantía increméntanse nun 4,7% respecto a cantidade orzamentada no ano 2022, ata os 1.777,9 millóns de euros. Este incremento débese fundamentalmente ao incremento previsto polo Estado da capacidade tributaria das CCAA xa que o ITE mantense nos mesmos niveis que o previsto para o ano 2022 cando se estimaron as correspondentes entregas a conta.

En canto a liquidación do Fondo de Garantía do ano 2021 estímase unha liquidación positiva, en concreto de 61,68 millóns de euros, o que supón un incremento de case 250 millóns de euros respecto a do ano 2020 xa que o seu importe foi de -187,7 millóns de euros.

### **FONDO DE SUFICIENCIA GLOBAL**

Configurado como mecanismo de peche do sistema de financiamento, cobre a diferenza entre as necesidades de financiamento de cada comunidade autónoma e a suma da súa capacidade tributaria e transferencia do Fondo de Garantía, no ano base 2007. Foi calculado inicialmente de forma provisional para Galicia por importe de 1.496,6 millóns de euros, cantidade que foi aceptada no acordo da Comisión Mixta de Transferencias Administración do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia.

Sen embargo, segundo o artigo 10.2 da Lei 22/2009, o Fondo de Suficiencia Global foi obxecto dunha primeira regularización, para o cumprimento do obxectivo sinalado no artigo 5 da mesma lei: compáranse as necesidades globais de financiamento de cada comunidade autónoma (recursos do sistema de financiamento da Lei 21/2001 e recursos adicionais do artigo 5 da nova lei) coa suma da capacidade tributaria e a transferencia do Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais que corresponden a cada comunidade autónoma en valores do ano 2009, en garantía do “status quo” establecido na lei.

Por último, e segundo o establecido no artigo 10.3 da mesma lei, no momento da incorporación dos recursos adicionais descritos no artigo 6, no ano 2012, determinouse o Fondo de Suficiencia Global de cada comunidade autónoma para o ano 2010, regularizándose definitivamente o correspondente ao ano base.

Para isto, partiuse das necesidades globais de financiamento de cada comunidade correspondentes ao exercicio 2010 unha vez incrementadas cos recursos adicionais establecidos no artigo 6, para Galicia, 7.271,4 millóns de euros, comparándoas coa suma da capacidade tributaria, 5.015,3, e a transferencia positiva do Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais en valores do ano 2010 calculada a partir da achega definitiva do Estado a este fondo no ano base, 1.153,1 millóns de euros. Por diferenzas, o Fondo de Suficiencia Global para Galicia no ano 2010 queda establecido en 1.102,9 millóns, importe que se converte en valores do ano base mediante a aplicación da variación entre o ITE 2010 e o ITE 2007: 0,9308, regularizándose definitivamente o Fondo de Suficiencia Global para Galicia en 2007 por importe de 1.184,9 millóns de euros.

Sen embargo, para o cálculo da entrega a conta do Fondo de Suficiencia Global para o exercicio 2023 pártese dese importe calculado en 2010, no ano base, pero reducido nas revi-

sións sufridas polo dito Fondo por mor das variacións nos tipos impositivos estatais dos Impostos Especiais de Fabricación e IVE entre os anos 2011 e 2020, segundo o disposto no artigo 21.2 da mencionada lei, e pola supresión do Imposto sobre o Patrimonio no ano 2011.

De esta forma o Ministerio estima que no ano 2023 o importe da entrega a conta do Fondo de Suficiencia sexa de 725,49 millóns de euros, un 3,6% máis que o ano anterior e un 17,6% máis que no ano 2020, como consecuencia do importante incremento experimentado polo ITE nestes anos, pasando do 1,171 no ano 2021 a un ITE estimado no ano 2023 no entorno do 1,35.

En canto a liquidación do ano 2021 estímase unha liquidación positiva por importe de 25,3 millóns de euros, este importe excede do 2% ao que debería ascender a liquidación se o importe da entrega a conta se estimase de forma exacta, debido a que o ITE dese exercicio prevese que vai ser un pouco superior ao ITE utilizado ao calcular as entregas a conta, 1,171 e 1,146 respectivamente. .

Ademais, tamén hai que ter en conta que as liquidacións negativas do Fondo de Suficiencia xeradas nos anos 2008 e 2009 foron moi importantes (case alcanzaron os 1.500 millóns de euros) de modo que cada ano hai que reintegrar por este concepto 58,2 millóns de euros. Polo que o importe total das liquidacións de exercicios anteriores do Fondo de Suficiencia no ano 2023 é de -32,9 millóns de euros.

## **FONDOS DE CONVERXENCIA AUTÓNOMICA**

Para favorecer a converxencia entre comunidades autónomas e o desenvolvemento daquelas que teñan menor renda per cápita, a Lei 22/2009 creou dous novos fondos dotados con recursos adicionais do Estado.

Polas súas características Galicia cumpre os requisitos exixidos do seguinte:

### **FONDO DE COOPERACIÓN**

Para completar o sistema de financiamento na busca da mellora do estado de benestar e cumprindo co obxectivo último de equilibrar e harmonizar o desenvolvemento rexional estimulando o crecemento da riqueza e converxencia rexional en termos de renda, créase un Fondo de Cooperación das que serán beneficiarias aquelas comunidades autónomas que cumpran as condicións establecidas na lei.

A disposición transitoria segunda da Lei 22/2009, autorizaba ao Ministro de Economía y Hacienda para que acordase a concesión de anticipos, a conta deste fondo, que se cancelarían cando se practicasen as liquidacións definitivas, para os anos 2009, 2010 e 2011. Para o resto de anos, sen embargo, a participación neste fondo liquidarase no momento de liquidar a totalidade dos recursos do sistema, cos datos das variables existentes nese momento. Debido a isto, neste

exercicio non se recibirán ingresos por este concepto, senón que a participación neste fondo en 2023 recibírase coa liquidación do resto dos recursos, en 2025.

Si se recibirá a liquidación do Fondo de Cooperación correspondente ao ano 2021; segundo o remitido polo Ministerio a participación de Galicia en dito Fondo estímase en 439 millóns de euros, o cal supón un incremento dun 34,3% respecto ao importe orzamentado o ano anterior, e tendo en conta que o ano anterior xa se incrementou nun 30,2%.

Este incremento débese, fundamentalmente, a que nos últimos anos varias CCAA que eran beneficiarias do segundo subfondo deste Fondo, que está dotado cun terzo do seu importe total, deixaron de cumprir o requisito establecido na lei para recibir este subfondo, e que consiste en ter un crecemento da poboación inferior ao 50% da media das CCAA de réxime común, de modo que mentres no ano 2018 10 CCAA recibiron este subfondo no 2021 prevese que soamente resulten beneficiarias 4, entre elas Galicia, aumentando o peso de Galicia do 14,58% no ano 2019 ao 37,6% no ano 2021.

## LIQUIDACIÓN DE EJERCICIOS ANTERIORES

En canto as liquidacións de exercicios anteriores, por unha parte, en relación ao importe total das liquidacións correspondentes aos exercicios 2008 e 2009 ascenden a -2.174,3 millóns de euros.

Segundo establece a disposición adicional trixésima sexta da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para 2012, segundo redacción dada pola disposición derradeira primeira do Real-Decreto Lei 12/2014, do 12 de setembro, o prazo de reintegro de estas liquidacións é de 20 anos dende 2012, polo que no ano 2021 hai que reintegrar 18,9 millóns de euros como consecuencia da liquidación negativa do ano 2008 e 65,9 millóns de euros polo ano 2009, en total 84,8 millóns de euros.

Cabe destacar que estas liquidacións son obxecto de axuste positivo, polo mesmo importe que se inclúe como devolución do ano, para conciliar o saldo orzamentario co saldo de contabilidade nacional, xa que xa foron un menor ingreso nos anos 2010 e 2011.

Respecto a liquidación do ano 2021, que se practicará durante o ano 2023, por diferenza entre o rendemento definitivo de todos os recursos que integran o sistema de financiamento autonómico (agás o Fondo de Cooperación que non é obxecto de entrega a conta) e as correspondentes entregas a conta o seu importe estímase en 698,3 millóns de euros, e dicir, 1.066 millóns de euros máis que no ano 2022, como consecuencia do forte aumento experimentado pola recadación tributaria no ano 2021.

Por último, se do importe estimado de liquidación provisional do ano 2021 se descuentan as cantidades a reintegrar polas liquidacións negativas dos anos 2008 e 2009 o importe total das liquidacións de exercicios anteriores é de 613,5 millóns de euros.

| Recursos do sistema de financiamento suxeitos a liquidación     |                  |                  |                     |                |
|-----------------------------------------------------------------|------------------|------------------|---------------------|----------------|
|                                                                 | 2022             | 2023             | Variación 2023/2022 |                |
|                                                                 |                  |                  | Importe             | %              |
| Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (50%)                 | 2.553.573        | 2.865.650        | 312.076             | 12,2%          |
| Imposto sobre o Valor Engadido (50%)                            | 2.185.487        | 2.473.050        | 287.563             | 13,2%          |
| Impostos Especiais (58% e 100%)                                 | 941.575          | 945.966          | 4.391               | 0,5%           |
| Fondo de Suficiencia Global                                     | 700.259          | 725.492          | 25.233              | 3,6%           |
| Fondo de Garantía Servizos Públicos Fundamentais                | 1.698.624        | 1.777.932        | 79.307              | 4,7%           |
| <b>Entregas a conta</b>                                         | <b>8.079.518</b> | <b>8.788.089</b> | <b>-101.270</b>     | <b>8,8%</b>    |
| Anualidade Liquidación Exercicio 2008                           | -18.900          | -18.900          | 0                   | 0,0%           |
| Anualidade Liquidación Exercicio 2009                           | -65.907          | -65.907          | 0                   | 0,0%           |
| Liquidación Exercicio 2020-2021                                 | -367.562         | 698.295          | 1.065.856           | -290,0%        |
| <b>Liquidacións exercicios anteriores</b>                       | <b>-452.369</b>  | <b>613.488</b>   | <b>1.065.856</b>    | <b>-235,6%</b> |
| <b>Recursos sistema de financiamento suxeitos a liquidación</b> | <b>7.627.150</b> | <b>9.401.577</b> | <b>1.774.427</b>    | <b>23,3%</b>   |
| Compensación liquidación negativa 2020                          | 367.562          |                  |                     |                |
| <b>Total recursos sistema de financiamento</b>                  | <b>7.994.712</b> | <b>9.401.577</b> | <b>1.406.865</b>    | <b>17,6%</b>   |

(Miles de Euros)

## II.1.2. ANÁLISE POR CAPÍTULOS

### CAPÍTULO I. IMPOSTOS DIRECTOS

Os ingresos deste capítulo ascenden a 3.356,5 millóns de euros incrementándose nun 18% respecto aos do ano anterior.

#### CAPÍTULO I. Impostos directos

| Distribución económica. Variación 2023-2022             |                  |                  |                     |             |                |              |
|---------------------------------------------------------|------------------|------------------|---------------------|-------------|----------------|--------------|
| Conceptos                                               | 2022             | 2023             | Variación 2023/2022 |             | Valor Relativo |              |
|                                                         |                  |                  | Importe             | %           | 2022           | 2023         |
| 100 Tarifa autonómica sobre a renda das persoas físicas | 2.596.387        | 3.118.391        | 522.005             | 20,1        | 91,3           | 92,9         |
| 110 Imposto sobre sucesións e doazóns                   | 152.594          | 157.238          | 4.644               | 3,0         | 5,4            | 4,7          |
| 111 Imposto sobre o patrimonio                          | 70.259           | 54.663           | -15.596             | -22,2       | 2,5            | 1,6          |
| 112 Imposto sobre os depósitos nas entidades de crédito | 24.494           | 25.968           | 1.474               | 6,0         | 0,9            | 0,8          |
| 120 Imposto compensatorio ambiental mineiro             | 199              | 202              | 3                   | 1,5         | 0,0            | 0,0          |
| <b>Total</b>                                            | <b>2.843.932</b> | <b>3.356.461</b> | <b>512.529</b>      | <b>18,0</b> | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |

(Miles de Euros)

A análise dos recursos obtidos polo IRPF xa foi obxecto de análise no epígrafe correspondente ao sistema de financiamento autonómico. De todos modos, en conxunto e en comparación coas cifras previstas en 2022, o IRPF increméntase en 522 millóns de euros, un 20,1% máis, sen ter en conta a transferencia extraordinaria para compensar a liquidación negativa do sistema de financiamento autonómico do ano 2020

En canto o Imposto sobre Sucesións e Doazóns a cifra recadatoria prevista para o ano 2023 é de 157,2 millóns de euros, practicamente similar á cifra orzamentada para o ano 2022, aínda que

supón case un 3% mais que a previsión de recadación do ano 2022.. Este incremento respecto á cifra esperada para o ano 2022 obedece fundamentalmente á evolución dos prezos no mercado que serán trasladados á base imponible declarada, así como á evolución esperada no incremento de operacións de doazóns. E todo isto, aínda que veñen impactadas as medidas fiscais implantadas dende o 2016, e dirixidas ao mantemento do patrimonio familiar e a capacidade económica da familia. Por outra banda, a cifra leva tamén impactada a correspondente caída das liquidacións como consecuencia das medidas normativas de establecemento de beneficios fiscais aprobadas nos anos anteriores.

E por último, reflíctese tamén o impacto recadatorio que terá a regulación incluída no proxecto da lei de medidas fiscais que modifica a redución por participación en entidades, tanto na modalidade de sucesións como en doazóns e abre a posibilidade a que determinados activos de tipo financeiro poidan considerarse afectos e polo tanto gozar da redución do 99%, para non penalizar a retención que fagan as empresas do seu beneficio ordinario coa finalidade de acometer no futuro novos investimentos e que ascende a 4'675 M de €.

A previsión de recadación do Imposto sobre o Patrimonio para o ano 2023 é de case 54,7 millóns de euros. Esta cifra responde á previsión de ingresos pola campaña para o ano 2022, na que se espera que se manteñan circunstancias similares á campaña para o ano 2021 aínda que cunha redución consecuencia da bonificación do 25% establecida na lei de medidas para o ano 2022.

Inclúense 26 millóns de euros da recadación esperada polo Imposto sobre os Depósitos nas Entidades de Crédito, un 6% máis que a previsión de recadación do ano 2022. Este imposto foi creado, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2013, pola Lei 16/2012, do 27 de decembro, pola que se adoptan diversas medidas tributarias dirixidas á consolidación das finanzas públicas e ao impulso da actividade económica, modificada polo Real Decreto-Lei 8/2014, do 4 de xullo, coa pretensión de asegurar un tratamento fiscal harmonizado que garante unha maior eficiencia no funcionamento do sistema financeiro así como unha tributación harmonizada dos depósitos constituídos nas entidades de crédito en todo o territorio español.

O Imposto sobre os Depósitos nas Entidades de Crédito é un tributo de carácter directo que grava os depósitos constituídos nas entidades de crédito, constituíndo o feito imponible o mantemento de fondos de terceiros que comporten a obriga de restitución, a excepción dos fondos mantidos en sucursais fóra do territorio español. O período impositivo será o ano natural e o imposto devindicarase o último día do período, de forma que a recadación do imposto de 2022 producírase ao longo do exercicio 2023. Ademais, establécese un sistema obrigatorio de pagamentos a conta, de forma que os contribuíntes teñen que presentar unha autoliquidación do imposto no mes de xullo de cada exercicio, por importe do 50% da contía resultante de aplicar o tipo de gravame á base imponible do período impositivo anterior.

Por outra banda, recóllese o importe da recadación do Imposto Compensatorio Ambiental Mineiro, creado pola Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Trátase dun imposto propio da comunidade autónoma, directo, real, obxectivo e orientado a unha finalidade extrafiscal. Está orientado a compensar as externalidades negativas xeradas pola actividade mineralúrxica de extracción, explotación e almacenamento de minerais metálicos, que se desenvolva e poida desenvolverse en Galicia. Prevese un mantemento das circunstancias existentes que dan lugar á devindicación deste imposto compensatorio, que levará unha recadación asociada de case uns 0'2 millóns de euros.

Por último, en canto ao canon de inmobles declarados en estado de abandono, este canon, que entrou en vigor no ano 2020 e que comezaría ingresarse no ano 2021 está asociado aos inmobles declarados en estado de abandono nos ámbitos territoriais en que estea declarada unha área de rexeneración urbana de interese autonómico. O proceso regulado na lei é complexo e longo, o que fai que no ano 2022 aínda non se dera ningunha declaración de inmovible en estado de abandono, motivo polo que a recadación esperada para o ano 2023 é cero.

## CAPÍTULO II. IMPOSTOS INDIRECTOS

A previsión de ingresos derivados de impostos indirectos sitúase en 3.818,9 millóns de euros para o exercicio 2023 o que supoñe unha diminución do 23,4% respecto ao ano anterior.

### CAPÍTULO II. Impostos indirectos

| Distribución económica. Variación 2023-2022                                                             |                  |                  |                     |             |                |              |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------|------------------|---------------------|-------------|----------------|--------------|
| Conceptos                                                                                               | 2022             | 2023             | Variación 2023/2022 |             | Valor Relativo |              |
|                                                                                                         |                  |                  | Importe             | %           | 2022           | 2023         |
| 200 Sobre transmisións inter vivos                                                                      | 233.466          | 267.035          | 33.569              | 14,4        | 7,5            | 7,0          |
| 201 Sobre actos xurídicos documentados                                                                  | 99.797           | 109.227          | 9.430               | 9,4         | 3,2            | 2,9          |
| 210 Imposto sobre o valor engadido                                                                      | 1.797.812        | 2.433.177        | 635.365             | 35,3        | 58,1           | 63,7         |
| 220 Impostos especiais                                                                                  | 858.705          | 908.246          | 49.542              | 5,8         | 27,8           | 23,8         |
| 230 Taxas fiscais sobre o xogo                                                                          | 49.881           | 45.339           | -4.542              | -9,1        | 1,6            | 1,2          |
| 231 Imposto sobre actividades de xogo                                                                   | 8.727            | 8.141            | -585                | -6,7        | 0,3            | 0,2          |
| 240 Imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros, a incineración e a co-incineración de residuos | 8.600            | 12.757           | 4.157               | 48,3        | 0,3            | 0,3          |
| 291 Imposto sobre a contaminación atmosférica                                                           | 972              | 833              | -139                | -14,3       | 0,0            | 0,0          |
| 292 Imposto sobre o dano ambiental da auga encorada                                                     | 13.758           | 11.871           | -1.887              | -13,7       | 0,4            | 0,3          |
| 293 Canon eólico                                                                                        | 22.607           | 22.224           | -383                | -1,7        | 0,7            | 0,6          |
| <b>Total</b>                                                                                            | <b>3.094.325</b> | <b>3.818.851</b> | <b>724.526</b>      | <b>23,4</b> | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |

(Miles de Euros)

O Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados (ITP-AXD) na súa modalidade de transmisións patrimoniais experimenta un aumento dun 15'78% con respecto ao orzamento de 2022, chegando a 270'3 millóns de euros, como consecuencia da evolución da actividade económica, cunha repunta esperada tanto no número de operacións como no valor delas.

Polo que respecta á cifra correspondente á modalidade de actos xurídicos documentados, prevese que no 2023 alcance os 109,2 millóns de euros, un 9,4% máis que no ano anterior, como

consecuencia igualmente da reactivación económica, que vai supoñer tanto un incremento no número de operacións como na evolución dos prezos.

Respecto ao IVE este imposto xa foi obxecto de análise no epígrafe correspondente do sistema de financiamento autonómico.

Con respecto aos Impostos Especiais é necesario diferenciar os suxeitos a liquidación do Imposto sobre determinados Medios de Transporte. Os impostos especiais suxeitos a liquidación son os seguintes: o de Alcohol e Bebidas Derivadas, Cervexa, Elaborados de Tabaco, Produtos Intermedios, Electricidade e os tipos estatais do Imposto sobre Hidrocarburos e xa foron comentados no epígrafe do sistema de financiamento.

E respecto ao Imposto Especial sobre Determinados Medios de Transporte (IEDMT) prevese recadar un importe de 29,5 millóns de euros, cifra que se ben ven supoñer unha caída en torno a un 9'5% respecto ao orzamento previsto para 2022, leva impactado un aumento de case un 25% co respecto á cifra esperada de execución do ano 2022, baseado na evolución esperada das matriculacións de vehículos.

Dentro dos tributos sobre o xogo figuran por unha parte as Taxas Fiscais sobre o Xogo (TFX), que se axustan á realidade da evolución do sector do xogo, cunha recadación prevista de 45'3 millóns de euros, cifra lixeiramente inferior á orzamentada para o ano 2022, debido a varias razóns: por unha banda, a actividade do xogo segue estando moi afectada pola situación derivada das restricións da pandemia polo SARS-CoV-2, que provocou peches de algúns locais nos que se desenvolve o xogo, que non reverteron. Por estes motivos, e co obxecto de que a actividade poda recuperarse paulatinamente mantendo o emprego, acométese a redución do tipo de gravame, pasando do 50% ao 30%, asociando o dereito á súa aplicación ao mantemento do cadro de persoal medio de traballadores durante todo o período impositivo co respecto ao inmediato anterior. O custe desta medida ascende a 3 millóns de €.

Inclúese así mesmo, a recadación esperada polo Imposto sobre Actividades de Xogo, 8'1 millóns de euros, recadación derivada dos xogos realizados a través de canles electrónicos, informáticos, telemáticos e interactivos e nos que os medios presenciais deberán ter un carácter accesorio, segundo o establecido pola Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, e a recibir trimestralmente pola comunidade autónoma. A cifra impactada supón unha caída de case un 7% respecto ao orzamento do 2022, no que se esperaba a reactivación desta modalidade de xogo, no que teñen unha gran preponderancia as apostas deportivas, pola reactivación e volta á normalidade dos eventos deportivos. No entanto, esta reactivación non se produciu ao nivel acadado. A cifra orzamentada para o ano 2023 supón un lixeiro aumento con respecto á cifra esperada de recadación para o ano 2022.

O Imposto sobre a Contaminación Atmosférica (ICA), que recae sobre as emisións de determinadas sustancias contaminantes fíxase en torno aos 0'8 millóns de euros para o ano 2023, unha cifra lixeiramente superior á que se espera acadar para o ano 2022.

O Imposto sobre o Dano Medioambiental de Augas Encoradas (IDMAE) axusta a súa previsión de ingresos para 2023 na cifra de recadación esperada de case 11,9 millóns de euros, cifra inferior á prevista para o ano anterior nun 13,7%.

O Canon Eólico (CE), creado pola Lei 8/2009, do 22 de decembro, cuxo feito impositivo constitúe a xeración de afeccións e impactos visuais e ambientais adversos sobre o medio natural e sobre o territorio, como consecuencia da instalación en parques eólicos de aerogeneradores afectos á produción de enerxía eléctrica e situados en territorio galego, mantense neste exercicio nunha cifra practicamente idéntica á do ano anterior, con 22,2 millóns de euros.

E, por último, este ano no capítulo II inclúese, o imposto sobre o depósito, a incineración e a co-incineración de residuos. Este novo imposto, creado na lei estatal de residuos e solos contaminados para unha economía circular e configurado como un imposto cedido ás CCAA, será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2023. A cifra esperada de recadación para o ano 2023 é de 12,7 millóns de euros, o que corresponde aos primeiros tres trimestres do ano.

### CAPÍTULO III. TAXAS, PREZOS E OUTROS INGRESOS

A previsión de ingresos neste capítulo ascende a 97,03 millóns de euros aumentando nun 3,8% respecto á do ano anterior.

O conxunto das taxas alcanza os 21,5 millóns de euros en 2022. Isto supón un aumento dun 4,6% sobre o inicial do ano anterior. No dito importe tense en conta as modificacións introducidas na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia que obedecen, ben a creación de novas taxas ou ben a modificación ou supresión das vixentes.

Co fin de atenuar a escalada dos prezos ocorrida nos últimos meses tómasse a decisión de que no ano 2023 os tipos das taxas de contía fixa vixentes na Comunidade Autónoma de Galicia non experimentarán ningunha actualización respecto ao ano 2022.

Os prezos, considerando tanto os públicos como os privados, estímase que terán un comportamento estable, reducíndose nun -3,0% alcanzando os 27,5 millóns de euros en 2023. No conxunto dos prezos destacan os da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (principalmente derivados de Comedores escolares e das Escolas de idiomas) e os da Consellería de Política Social (derivados fundamentalmente das residencias da terceira idade). A suma dos importes dos prezos que aplican estas dúas consellerías representan case o 88% da previsión de ingresos por prezos correspondente ao 2023.

Por último, dentro deste capítulo, cabe destacar a presenza dos seguintes ingresos: reintegros, os xuros de demora, as multas e sancións tributarias, as sancións das consellerías, as recargas de constrinximento, etc. de modo que no ano 2023 por todos estes conceptos prevese recadar uns 46,9 millóns de euros, un 6,1% máis que neste ano.

### CAPÍTULO III. Taxas, prezos e outros ingresos

| Distribución económica. Variación 2023-2022                               |               |               |                     |            |                |              |
|---------------------------------------------------------------------------|---------------|---------------|---------------------|------------|----------------|--------------|
| Conceptos                                                                 | 2022          | 2023          | Variación 2023/2022 |            | Valor Relativo |              |
|                                                                           |               |               | Importe             | %          | 2022           | 2023         |
| 301 Taxas por servizos administrativos                                    | 8.278         | 7.818         | -460                | -5,6       | 8,9            | 8,1          |
| 302 Taxas por servizos profesionais                                       | 13.180        | 14.644        | 1.463               | 11,1       | 14,1           | 15,1         |
| 303 Taxas por venda de bens                                               | 36            | 27            | -10                 | -26,4      | 0,0            | 0,0          |
| 304 Taxas por dominio público                                             | 82            | 77            | -5                  | -6,4       | 0,1            | 0,1          |
| 311 Prezos públicos                                                       | 24.255        | 24.262        | 7                   | 0,0        | 26,0           | 25,0         |
| 312 Prezos privados                                                       | 3.406         | 3.305         | -101                | -3,0       | 3,6            | 3,4          |
| 353 De sociedades públicas e outros entes públicos da Comunidade Autónoma | 800           | 929           | 129                 | 16,2       | 0,9            | 1,0          |
| 380 Reintegros de exercicios pechados                                     | 12.546        | 17.000        | 4.454               | 35,5       | 13,4           | 17,5         |
| 381 Reintegros de exercicio corrente                                      | 1.734         | 3.000         | 1.266               | 73,0       | 1,9            | 3,1          |
| 391 Recargas e multas                                                     | 10.650        | 6.950         | -3.700              | -34,7      | 11,4           | 7,2          |
| 392 Sancións impostas polas conselleiras                                  | 15.271        | 15.661        | 390                 | 2,6        | 16,3           | 16,1         |
| 399 Ingresos diversos                                                     | 3.219         | 3.365         | 146                 | 4,5        | 3,4            | 3,5          |
| <b>Total</b>                                                              | <b>93.457</b> | <b>97.037</b> | <b>3.580</b>        | <b>3,8</b> | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |

(Miles de Euros)

### CAPÍTULO IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES

No ano 2023 a previsión de ingresos por transferencias correntes ascende 3.640,2 millóns de euros, o que representa un incremento dun 1,3% respecto ao orzamento do ano 2022.

#### CAPÍTULO IV. Transferencias correntes

| Distribución económica. Variación 2023-2022                 |                  |                  |                     |            |                |              |
|-------------------------------------------------------------|------------------|------------------|---------------------|------------|----------------|--------------|
| Conceptos                                                   | 2022             | 2023             | Variación 2023/2022 |            | Valor Relativo |              |
|                                                             |                  |                  | Importe             | %          | 2022           | 2023         |
| 400 Participación no sistema de financiamento               | 2.774.449        | 2.971.248        | 196.799             | 7,1        | 77,2           | 81,6         |
| 401 Da Seguridade Social                                    | 141.000          | 163.540          | 22.540              | 16,0       | 3,9            | 4,5          |
| 402 De organismos autónomos do Estado                       | 160.230          | 184.199          | 23.969              | 15,0       | 4,5            | 5,1          |
| 403 De empresas e entes públicos do Estado                  | 204              | 264              | 61                  | 29,7       | 0,0            | 0,0          |
| 404 Subvencións finalistas da Administración xeral          | 109.587          | 160.578          | 50.991              | 46,5       | 3,0            | 4,4          |
| 408 Outras transf. non finalistas admón. central            | 211.000          | 0                | -211.000            | -100,0     | 5,9            | 0,0          |
| 460 De concellos                                            | 0                | 1.000            | 1.000               | 0,0        | 0,0            | 0,0          |
| 490 Fondo social europeo. Programa operativo                | 82.789           | 72.620           | -10.169             | -12,3      | 2,3            | 2,0          |
| 493 Interreg III e outras Iniciativas 2007-2013 e 2014-2020 | 89               | 24               | -65                 | -73,1      | 0,0            | 0,0          |
| 495 MRR-Mecanismo de Recuperación e Resiliencia             | 107.209          | 82.029           | -25.180             | -23,5      | 3,0            | 2,3          |
| 496 Iniciativa de emprego xuvenil. YEI                      | 6.491            | 4.390            | -2.101              | -32,4      | 0,2            | 0,1          |
| 499 Outras transferencias da Unión Europea                  | 687              | 264              | -423                | -61,5      | 0,0            | 0,0          |
| <b>Total</b>                                                | <b>3.593.736</b> | <b>3.640.157</b> | <b>46.422</b>       | <b>1,3</b> | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |

(Miles de Euros)

Neste apartado inclúense as transferencias recibidas do Estado polos recursos do sistema de financiamento autonómico, é dicir, polas entregas a conta do Fondo de Suficiencia Global, a transferencia do Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais, as liquidacións de ditos Fondos e a liquidación do Fondo de Cooperación. A contía dos importes que se esperan recibir por ditos Fondos no vindeiro ano xa foron analizados no apartado relativo ao sistema de financiamento autonómico.

Por outra parte, hai que ter en conta que no exercicio anterior as CCAA, recibiron unha transferencia extraordinaria por parte do Estado para compensar a liquidación negativa do ano 2020 por importe 3.904 millóns de euros, e outra transferencia extraordinaria as CCAA de réxime común por importe de 3.100 millóns de euros para compensar o importe non transferido no ano 2019, como consecuencia da implantación do Suministro inmediato de información no IVE no ano 2017. As ditas transferencias foron orzadas no orzamento do 2022 con 367,5 millóns de euros e 211 millóns de euros, respectivamente.

As subvencións de carácter finalista do Estado incrementáanse nun 23,7%. Igual que nos orzamentos de anos anteriores, figuran detalladas segundo a orixe da transferencia, diferenciando si proceden da Seguridade Social, da administración xeral, dos organismos autónomos ou de empresas e demais entes do Estado, e segundo a liña de actuación de que se trate, o que permite un maior seguimento dos ingresos en correlación cos créditos que financian.

Para a estimación do importe previsto para 2023 partiuse das cantidades aprobadas para 2022 nos distintos Acordos do consello de Ministros polos que se formalizan os criterios de distribución e os compromisos financeiros resultantes das Conferencias Sectoriais e en diversos Convenios firmados.

No ámbito laboral, destacan no ano 2023, e segundo a Orde TES/441/2022, de 17 de maio, as axudas recibidas do Bloque A correspondente a “Servizos e Programas de Fomento do Emprego e de Formación Profesional para o Emprego”, o Bloque B que comprende “Servizos e Programas de Formación Profesional para o Emprego financiados con cargo á cota de Formación Profesional” e o Bloque C “Modernización “ que se incrementan en 22,3 millóns de euros, dotándose para este orzamento 189,8 millóns de euros, dos cales 181,2 millóns de euros corresponden a transferencias correntes. Tamén neste ámbito, e segundo a Resolución de 29 de xuño de 2022, da Secretaría General de Formación Profesional, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Cualificacións e Formación Profesional para o Emprego, do 30 de maio, de 2022, orzáméntase neste ano un importe de 70,6 millóns de euros como axuda no Bloque D “Formación certificable”, dos cales 69,2 millóns de euros corresponden a transferencia de capital.

Destacan as destinadas á atención da dependencia, que se incrementan respecto ao ano anterior en 16% de euros. Este incremento con respecto ao orzamento do ano anterior é consecuencia da aprobación pola Administración Xeral do Estado do Plan de Choque en Dependencia 2021-2023.

Inclúese tamén, a igual que no ano 2022, o Plan Concertado para o desenvolvemento de prestacións básicas de servizos sociais de corporacións locais, ca fin de manter a rede de servizos de atención primaria e proporcionar á cidadanía servizos sociais adecuados que permitan a cobertura das súas necesidades básicas, así como as dirixidas ao Apoio a familias en situacións especiais.

Inclúense, dende o ano 2017 trala aprobación da Lei 3/2017, do 13 de xullo, os Programas de interese xeral. Esta transferencia ten a súa orixe na sesión do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD) do día 26 de abril de 2017 na que se adoptou por unanimidade acordar, en cumprimento da Sentenza do Tribunal Constitucional 9/2017, do 19 de xaneiro, ditada no conflito de competencias C-4777, que o futuro modelo de xestión do 0,7% do IRPF sexa un modelo mixto xestionado pola Administración xeral do Estado e polas comunidades autónomas. No ano 2023 espéranse recibir un total 20,7 millóns de euros e como transferencia corrente 17,5 millóns de euros.

Inclúese tamén, a igual que no ano 2022, o Pacto de Estado contra a violencia de xénero aprobada por Resolución do 29 de xuño de 2021 da Secretaría do Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade de 23 de xuño de 2021, pola que se fixan os criterios de distribución e a distribución resultante para o exercicio 2021. A Galicia correspondéronlle 7,8 millóns de euros, que é a cantidade orzamentada para 2021.

Mantense o Plan Estatal de Vivenda tamén dotado con 20,5 millóns de euros, dos cales 14,3 orzamentábase como transferencias correntes, segundo a anualidade establecida para o ano 2023 na Resolución do 12 de xullo de 2022, da Dirección General de Vivienda y Suelo, pola que se publica o Convenio entre a Secretaría General de Agenda Urbana y Vivienda e a Comunidade Autónoma de Galicia, para a execución do Plan de Estatal para o acceso á vivenda 2022-2025.

Como novidade destes orzamentos, dótanse 11,4 millóns de euros para o bono alugueiro a mocidade, 13,1 millóns de euros no programa bono social térmico e o Plan Corresponsables con 10,8 millóns de euros.

Dentro de outras transferencias finalistas inclúese este ano 1 millón de euros procedentes de convenios de transporte metropolitano.

Dentro dos fondos europeos, inclúese nestes orzamentos, a anualidade do peche na programación do Fondo Social Europeo do marco 2014-2020, así como a apertura das anualidades do novo marco 2021-2027.

Neste ámbito, o novo Plan estratéxico de Galicia 2022-2030 orientará as liñas estratéxicas de investimento e gasto do orzamento 2023.

O novo plan ten por obxectivo xeral deseñar as liñas estratéxicas de actuación que convertan a Galicia nunha rexión máis verde, máis dixital e mellor adaptada aos retos actuais e futuros,

que converxe en riqueza coa media española e europea, a partires dun modelo de crecemento sostible e inclusivo baseado no aumento da produtividade a través da innovación, a internacionalización, o apoio ás transicións ecolóxica e dixital, o fomento da calidade do emprego e do produto, e o aumento do benestar dos galegos, en especial o dos máis desfavorecidos, para seguir a artellar unha sociedade ben formada, libre e cohesionada. O Plan estratéxico de Galicia 2022-2030 fundamentará a estratexia de crecemento a medio prazo de Galicia arredor de catro eixes de actuación: a dinamización demográfica e o benestar, a transición ecolóxica, a competitividade e a cohesión social e territorial.

O Regulamento (UE) N° 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, establece as misións do FSE e o Regulamento (UE) 2021/1057, do Parlamento Europeo e do Consello, de 2021, establece ás do Fondo Social Europeo Plus (FSE+).

O novo FSE+ integra o antigo Fondo Social Europeo (FSE), a Iniciativa de Emprego Xuvenil (YEI), o Fondo de Axuda Europea para os Máis Desfavorecidos (FEAD) e o Programa da UE para o Emprego e a Innovación Social (EaSI), o que permite utilizar os fondos da maneira máis eficiente e coherente posible. Investirá nas seguintes áreas prioritarias:

- Apoiar á mocidade que se veu particularmente afectada pola crise da COVID-19, deste xeito, os recursos do FSE+ axudarán a que atopen unha cualificación, un traballo de boa calidade e a mellorar a súa educación e formación.

- Axudar aos nenos necesitados mediante a asignación de recursos do FSE+ a accións específicas para combater a pobreza infantil e apoiar aos máis vulnerables da sociedade que sofren perdas de emprego e redución de ingresos, incluída a provisión de alimentos e asistencia material básica aos máis desfavorecidos.

- Capacitar ás persoas para a transición a unha economía verde e dixital.

- Crear capacidade para interlocutores sociais e organizacións da sociedade civil. - Cooperación transnacional para promover a innovación social na UE.

- Apoio directo pola Comisión Europea á innovación social no marco do capítulo Emprego e Innovación Social (EaSI).

O orzamento do ano 2023, dentro do marco 2014-2020, inclúe 14,3 millóns de euros de FSE e unha axuda comunitaria por 4,4 millóns de euros para o Programa Operativo Emprego Xuvenil, YEI, destinado a persoas xoves, de entre 15 e 29 anos, que non se encontran empregadas, nin participan en actividades de educación nin formación, dentro do público obxectivo do programa operativo de emprego xuvenil. Dentro do novo marco 2021-2027 inclúense 48,5 millóns de euros de FSE+.

Por outra parte, o Consello Europeo aprobou, en xullo de 2020, un paquete de medidas de gran alcance para impulsar a converxencia, a resiliencia e a transformación na Unión Europea.

Tales medidas englobanse nun (i) marco financeiro plurianual (MFP) reforzado para 2021-2027 e na (ii) posta en marcha dun Instrumento Europeo de Recuperación ("Next Generation EU") por valor de 750.000 millóns de euros. O Next Generation EU comprende tanto o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia como o REACT EU, entre outros instrumentos.

Neste orzamento continua recollendo os recursos procedentes do mecanismo NGEU, sendo necesaria levar a cabo unha rigorosa selección de proxectos de inversión financiábles con estes recursos, xa que deles dependerá en gran medida a transformación estrutural da economía galega.

Polo miúdo, dos fondos Next Generation EU as contas autonómicas recollen 527,2 millóns de euros da parte que xestionará a comunidade autónoma dos recursos vinculados ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (Regulamento (UE) 2021/241) e 179,5 millóns procedentes da Axuda á recuperación para a cohesión e os territorios de Europa, REACT-EU, un novo instrumento que segue a lóxica do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) e do Fondo Social Europeo (FSE) para financiar proxectos de impacto contra os efectos da crise.

Dentro das transferencias correntes incluímos a FSE REACT-EU con unha dotación de 9,8 millóns de euros y de MRR de 82 millóns de euros.

Dentro das Iniciativas do PO 2014-2020, figura neste capítulo o Programa INTERREG EUROPA 2014-2020. É a continuación do Interreg IV C 2007-2013 e apoia iniciativas de cooperación entre as rexións dos estados membros da UE e de Noruega e Suíza para mellorar a efectividade das súas políticas e programas relacionados coa Estratexia Europa 2020, que busca lograr un crecemento intelixente, sustentable e integrador para todo o espazo comunitario.

O obxectivo do programa é facilitar a capitalización de actuacións que constitúan boas prácticas dos socios participantes, principalmente das administracións públicas, para fortalecer as políticas rexionais e compartir e apoiar o intercambio de experiencias entre rexións para un maior beneficio dos cidadáns.

Inclúense tamén determinados proxectos nos que participan distintos xestores da comunidade autónoma dentro do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal, POCTEP, 2014-2020.

A cooperación territorial europea, que é un obxectivo da política de cohesión, busca proporcionar un marco para o intercambio de experiencias entre axentes locais, rexionais e nacionais de estados membros diferentes e impulsar accións conxuntas para achar solucións comúns a problemas compartidos. Abarca as cooperación transfronteiriza, transnacional e interrexional.

Este programa pretende abordar os retos comúns que foron identificados nas rexións fronteirizas. Trátase pois dun Programa para actuar no espazo fronteirizo de España-Portugal, que está conformado por 37 NUTS III pertencentes a ambos os países. Por parte de Galicia abarca ás 4 provincias: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

Inclúense ademais proxectos do Programa Operativo de Cooperación Territorial Europea Transnacional Espazo Atlántico 2014-2020.

O Espazo Atlántico 2014-2020, que ocupa unha zona máis extensa que o PO anterior 2007-2013, como consecuencia da inclusión da Illas Canarias, Azores e Madeira, caracterízase polo seu patrimonio ambiental e a dimensión marítima, así como un patrón común de desenvolvemento territorial e urbano baseado nunha maioría de zonas rurais intermedias e un número limitado de grandes áreas metropolitanas. O promedio de densidade de poboación está debaixo da media da UE-27. O Programa é diverso, observando a miúdo uns grandes eixes norte-sur e costa-interior, con diferenzas significativas en termos de desenvolvemento económico e demográfico.

E por último, inclúense proxectos do Programa Operativo de Cooperación Territorial Europea Transnacional Espazo Sudoeste. Este programa está estruturado en 6 Eixes, incluído o de Asistencia Técnica:

1. Promover as capacidades de innovación para un crecemento intelixente e sustentable.
2. Fomentar a competitividade e a internacionalización das PYME do Sudoeste Europeo.
3. Contribuír a unha maior eficiencia das políticas en materia de eficiencia enerxética.
4. Previr e xestionar os riscos de xeito eficaz.
5. Protexer o medio ambiente e promover a eficacia dos recursos.
6. Asistencia técnica.

O importe total previsto para 2023 destas Iniciativas 2014-2020 alcanza os 0,3 millóns de euros. E tamén neste capítulo orzáméntase o importe a percibir doutros proxectos europeos nos que participan diversos departamentos da Xunta de Galicia.

## CAPÍTULO V. INGRESOS PATRIMONIAIS

Considéranse ingresos patrimoniais as rendas producidas como contrapartida pola utilización por parte de terceiros de activos que forman parte do patrimonio da comunidade autónoma.

## CAPÍTULO V. Ingresos patrimoniais

| Distribución económica. Variación 2023-2022           |               |              |                     |              |                |              |
|-------------------------------------------------------|---------------|--------------|---------------------|--------------|----------------|--------------|
| Conceptos                                             | 2022          | 2023         | Variación 2023/2022 |              | Valor Relativo |              |
|                                                       |               |              | Importe             | %            | 2022           | 2023         |
| 520 Xuros de contas bancarias                         | 124           | 124          | 0                   | 0,0          | 0,7            | 1,8          |
| 534 Dividend. e part. bfcios. empr. públicas e outros | 17.859        | 6.626        | -11.233             | -62,9        | 99,3           | 98,2         |
| <b>Total</b>                                          | <b>17.983</b> | <b>6.750</b> | <b>-11.233</b>      | <b>-62,5</b> | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |

(Miles de Euros)

No seu conxunto os ingresos patrimoniais reducen o seu importe respecto ao anterior exercicio en 11,2 millóns de euros de ingresos derivados da minoración dos dividendos e participacións en beneficios que se esperan recadar.

## CAPÍTULO VI. ALLEAMENTO DE INVERSIONES REAIS

Os recursos orzamentados neste capítulo de ingresos alcanzan un importe de 130.000 euros. Proceden da venda de edificios e outras edificacións propiedade da comunidade autónoma aliados por resultar innecesario ou antieconómico o mantemento dentro do seu patrimonio. A escasa relevancia económica deste capítulo e a propia flutuación das estimacións realizadas, dérvase do carácter completamente atípico e excepcional destas actuacións.

## CAPÍTULO VI. Alleamento de investimentos reais

| Distribución económica. Variación 2023-2022 |            |            |                     |              |                |              |
|---------------------------------------------|------------|------------|---------------------|--------------|----------------|--------------|
| Conceptos                                   | 2022       | 2023       | Variación 2023/2022 |              | Valor Relativo |              |
|                                             |            |            | Importe             | %            | 2022           | 2023         |
| 612 Venda edificios e outras construcións   | 230        | 130        | -100                | -43,5        | 100,0          | 100,0        |
| <b>Total</b>                                | <b>230</b> | <b>130</b> | <b>-100</b>         | <b>-43,5</b> | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |

(Miles de Euros)

## CAPÍTULO VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

A previsión de ingresos por transferencias de capital ascende a 1.317,5 millóns de euros, o que supón un decrecemento do 3,8% respecto ao ano anterior.

## CAPÍTULO VII. Transferencias de capital

| Distribución económica. Variación 2023-2022                 |                  |                  |                     |             |                |              |
|-------------------------------------------------------------|------------------|------------------|---------------------|-------------|----------------|--------------|
| Conceptos                                                   | 2022             | 2023             | Variación 2023/2022 |             | Valor Relativo |              |
|                                                             |                  |                  | Importe             | %           | 2022           | 2023         |
| 700 Fondo de compensación interterritorial                  | 49.352           | 38.580           | -10.772             | -21,8       | 3,6            | 2,9          |
| 702 De organismos autónomos do Estado                       | 27.337           | 29.432           | 2.094               | 7,7         | 2,0            | 2,2          |
| 703 De empresas e entes públicos do Estado                  | 14.222           | 6.946            | -7.276              | -51,2       | 1,0            | 0,5          |
| 704 Subvencións finalistas da Administración xeral          | 19.427           | 16.311           | -3.117              | -16,0       | 1,4            | 1,2          |
| 760 De concellos                                            | 1.260            | 5.035            | 3.775               | 299,6       | 0,1            | 0,4          |
| 790 FEDER Programa Operativo                                | 506.596          | 398.265          | -108.331            | -21,4       | 37,0           | 30,2         |
| 791 Interreg III e outras Iniciativas 2007-2013 e 2014-2020 | 2.223            | 326              | -1.897              | -85,4       | 0,2            | 0,0          |
| 792 FEOGA/FEADER/FEAGA                                      | 259.323          | 243.031          | -16.292             | -6,3        | 18,9           | 18,4         |
| 793 Fondos de cohesión                                      | 0                | 32.108           | 32.108              | 0,0         | 0,0            | 2,4          |
| 794 IFOP/FEP/FEMP                                           | 88.787           | 102.034          | 13.246              | 14,9        | 6,5            | 7,7          |
| 795 MRR-Mecanismo de Recuperación e Resiliencia             | 400.532          | 445.192          | 44.660              | 11,2        | 29,2           | 33,8         |
| 799 Outras transferencias da U. E.                          | 405              | 288              | -117                | -28,8       | 0,0            | 0,0          |
| <b>Total</b>                                                | <b>1.369.465</b> | <b>1.317.546</b> | <b>-51.918</b>      | <b>-3,8</b> | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |

(Miles de Euros)

Os Fondos de Compensación Interterritorial constitúen un dos mecanismos destinados a facer efectivo o principio constitucional de solidariedade interterritorial a favor dos territorios comparativamente menos desenvolvidos. A Lei 22/2001, do 27 de decembro, divide o antigo Fondo de Compensación Interterritorial en dous: o Fondo de Compensación, ao que se destina o 75% do importe total, para o financiamento exclusivo de investimentos, e o Fondo Complementario, que absorbe o 25% restante e que pode financiar tamén gasto corrente asociado á posta en funcionamento deses investimentos. Para o ano 2023 presupóstanse 38,6 millóns de euros segundo o proxecto de PGE correspondendo 28,9 millóns de euros ao fondo de compensación e 9,6 ao fondo complementario.

As subvencións finalistas procedentes dos orzamentos do Estado financian pola súa parte actuacións relativas a materias sobre as que a comunidade autónoma ten asumidas diversas competencias. Figuran desglosadas segundo a orixe da transferencia, diferenciando si proceden da Seguridade Social, da Administración xeral, dos organismos autónomos ou de empresas e demais entes do Estado e segundo a liña de actuación de que se trate, en aras dun correcto seguimento dos créditos financiados con transferencias finalistas.

Para a estimación do importe previsto para 2023 partiuse das cantidades aprobadas para 2021 nos distintos Acordos do consello de Ministros polos que se formalizan os criterios de distribución e os compromisos financeiros resultantes das Conferencias Sectoriais e en diversos Convenios firmados.

Neste exercicio 2023, o importe total previsto, 52,7 millóns de euros, redúcese respecto ao ano anterior nun 13,6%.

Destacan as derivadas da execución do Plan Estatal para o acceso á vivenda 2022-2025, por importe de 6,2 millóns de euros en transferencias de capital.

Respecto das transferencias a xestionar pola Consellería do Medio Rural, inclúense as axudas distribuídas nas Conferencias Sectoriais de Agricultura e Desenvolvemento Rural e de Pesca segundo as aprobadas para 2022, destacando polo seu importe as destinadas á Prevención e Loita contra Pragas, ao control do rendemento leiteiro e ao control e erradicación das EET.

Por outra parte, o cofinanciamento do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do FEADER alcanza este ano os 15,1 millóns de euros e do PEC\_PAC 2021-2027 5,3 millóns de euros.

Órzanse as axudas para rehabilitación enerxética en PEME e gran empresa por importe de 5 millóns de euros previstas no Real Decreto 263/2019, de 12 de abril, polo que se regula o programa de axudas para actuacións de eficiencia enerxética en PEME e gran empresa do sector industrial e en 2 millóns de euros as axudas para rehabilitación enerxética en edificios existentes previstas no Real Decreto 737/2020, de 4 de agosto, polo que se regula o programa de axudas para actuación de rehabilitación enerxética en edificios existentes e régúlase a concesión directa das axudas deste programa ás Comunidades Autónomas e Cidades de Ceuta e Melilla.

Como novidade inclúese neste orzamento, 2 millóns de euros para o financiamento dos libros de texto nos niveis obrigatorios de ensino.

Por último, dentro das transferencias finalistas, órzase tamén as que se espera recibir doutros transferintes, de igual forma cas que proceden do Estado, identificando tanto na parte do ingreso como no crédito de gasto financiado, a liña de actuación para un correcto seguimento da axuda.

Inclúese a transferencia a recibir da Entidade Pública Empresarial Adif-Alta Velocidade por 4 millóns de euros para a execución dos accesos e a nova vialidade urbana no entorno da estación intermodal de A Coruña, a transferencia para obra do concello de Ribeira por importe de 0,5 millóns de euros e, ao igual que no ano 2022, as transferencias dos concellos do Plan Hurbe por importe de 0,5 millóns de euros.

En relación aos fondos europeos, o orzamento 2023, será o ano de peche do anterior marco financeiro 2014-2020 e, ao mesmo tempo, de apertura do novo marco 2021-2027, e nos que continuarán recolléndose os recursos procedentes do mecanismo Next Generation EU, sendo necesario levar a cabo unha rigorosa selección de proxectos de inversión financiábles con estes recursos, xa que deles dependerá en gran medida a transformación estrutural da economía galega.

Inclúense dentro da Programación 2014-2020, o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, FEDER por importe de 108,6 millóns de euros, o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, FEADER por importe de 165,6 millóns de euros, o Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, FEMP por importe de 88 millóns de euros.

O Regulamento (UE) N°1301/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, establece que o FEDER, contribuirá ao financiamento de axudas orientadas a reforzar a

cohesión económica, social e territorial corrixindo os principais desequilibrios rexionais da Unión a través do desenvolvemento sostible e ao axuste estrutural das economías rexionais, así como da reconversión das rexións industriais en declive e das rexións con un retraso no desenvolvemento.

O Regulamento (UE) N° 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, FEADER, establece cal é a misión deste fondo, contribuír á estratexia Europa 2020 fomentando un desenvolvemento rural sostible en toda a Unión como complemento dos demais instrumentos da Política Agrícola Común, PAC, a Política de Cohesión e a Política Pesqueira Común. Contribuír á desenvolvemento na Unión dun sector agrícola máis equilibrado dende a política territorial e medioambiental, máis respectuoso co clima, máis resistente aos cambios climáticos, máis competitivo e máis innovador. Tamén debe contribuír ao desenvolvemento dos territorios rurais.

O Regulamento (UE), N° 508/2014, do Parlamento Europeo e do Consello, crea este fondo e establece, no seu artigo 5, que o FEMP contribuír á logro dos obxectivos seguintes: Fomentar unha pesca e unha acuicultura competitivas, medioambientalmente sostibles, economicamente viables e socialmente responsables. Impulsar a aplicación da Política Pesqueira Común, PPC. Fomentar un desenvolvemento territorial, equilibrado e integrador das zonas pesqueiras e acuícolas. Impulsar o desenvolvemento e a aplicación da Política Marítima Integrada, PMI, da Unión de forma complementaria á política de cohesión e á PPC.

Dentro destes fondos, órzanse 13 millóns de euros do Fondo Europeo Agrícola de Garantía, FEAGA, destinados á Reestruturación de sistemas produtivos do Viñedo, ao Plan Apícola galego, á Ordenación de Producións e Mercados Agrarios e a Programas sanitarios. Non se recolle a parte que debe ter tratamento extraorxamentario atendendo aos requirimentos do Consello de Contas e conforme ao sinalado no punto 4 do artigo 46 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orxamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, debido á mera función de intermediación que desenvolve o Fondo Galego de Garantía Agraria.

Dentro da Programación 2021-2027, inclúese o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, FEDER por importe de 120 millóns de euros, o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, FEADER PEC-PAC 23-27 por importe de 41,2 millóns de euros, o Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, FEMP por importe de 14 millóns de euros.

O Regulamento (UE) 2021/1058 do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de xuño de 2021, establece os obxectivos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional. O FEDER ten por obxecto reforzar a cohesión económica, social e territorial na Unión Europea corrixindo os desequilibrios entre as súas rexións. En 2021-2027, permitirá investir nunha Europa máis intelixente, máis ecolóxica, máis conectada e máis social que esta máis preto dos seus cidadáns.

No período 2021-2027 e de conformidade cos obxectivos políticos da UE, o fondo apoiará os seguintes obxectivos específicos:

- O desenvolvemento e mellora das capacidades de investigación e innovación, o apoio ás pequenas e medianas empresas, o desenvolvemento de capacidades para a especialización intelixente, a transición industrial e así como a dixitalización e a conectividade dixital.

- O fomento da eficiencia enerxética e as enerxías renovables; a adaptación ao cambio climático; a resiliencia e a prevención do risco de catástrofes; o fomento do acceso á auga e dunha xestión hídrica sostible; o fomento da transición cara unha economía circular e eficiente no uso dos recursos; o fomento da protección e conservación da natureza, a biodiversidade e as infraestruturas ecolóxicas; por último, o fomento da mobilidade urbana multimodal sostible.

- O desenvolvemento e reforzo dunha mobilidade sostible, resiliente, intelixente e intermodal.

- Os obxectivos relacionados cunha Europa máis social, apoiando, fundamentalmente mediante infraestruturas, o emprego efectivo e integrador, a educación, as capacidades, a inclusión social e a igualdade de acceso á asistencia sanitaria, así como a mellora do papel da cultura e o turismo sostible.

- O fomento dun desenvolvemento social, económico e medioambiental integrado e incluído en zonas urbanas e non urbanas.

O Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello de 7 de xullo de 2021, establece que o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca y de Acuicultura, FEMPA contribuirá á aplicación da PPC e da política marítima da Unión. Tendrá as seguintes prioridades:

- Fomentar a pesca sostible e a recuperación e conservación dos recursos biolóxicos acuáticos;
- Fomentar as actividades sostibles de acuicultura, así como a transformación e comercialización de produtos da pesca e a acuicultura, contribuíndo así á seguridade alimentaria na Unión;
- Permitir unha economía azul sostible nas zonas costeiras, insulares e interiores, e fomentar o desenvolvemento das comunidades pesqueiras e acuícolas;
- Reforzar a gobernanza internacional dos océanos e permitir que os mares e océanos sexan seguros, protexidos, limpos e estean xestionados de maneira sostible.

Neste orzamento e dentro tamén da Política de Cohesión da Unión Europea 2021-2027, orzáméntanse 32 millóns no Fondo de Transición Xusta. O Fondo de Transición Xusta é un instrumento clave para apoiar aos territorios máis afectados pola transición cara á neutralidade climática, proporcionándolles un apoio a medida. Aplícase en réxime de xestión compartida, no marco xeral da política de cohesión.


O Fondo mitigará os custos socioeconómicos provocados pola transición climática, apoiando a diversificación económica e a reconversión dos territorios afectados. Isto implica o apoio aos investimentos produtivos en pequenas e medianas empresas, a creación de novas empresas, a investigación e a innovación, a rehabilitación ambiental, a enerxía limpa, a mellora das capacidades e a reciclaxe dos traballadores, a asistencia na procura de emprego e programas de inclusión activa dos solicitantes de emprego, así como a transformación das actuais instalacións con altas emisións de carbono, cando estes investimentos dean lugar a importantes recortes de emisións e á protección do emprego.

Dentro dos fondos Next Generation recóllense 527 millóns de euros, dos que 445,1 millóns son transferencia de capital, da parte que xestionará a comunidade autónoma dos recursos vinculados ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (Regulamento (UE) 2021/241) co gallo de facer fronte aos efectos sen precedentes da crise da COVID-19. O obxectivo específico do MRR é proporcionar axuda financeira con miras a acadar os fitos e obxectivos das reformas e investimentos establecidos no plan nacional de recuperación e resiliencia. Por outra banda, no ano 2023 dentro dos fondos europeos órzanse os recursos correspondentes ao instrumento REACT-EU (Axuda á Recuperación para a Cohesión e os Territorios de Europa) que son unha iniciativa que prosegue e amplía as medidas de resposta á crise e de reparación da mesma. No ano 2023 recóllense 169,7 millóns de euros de FEDER REACT-EU.

Tamén, neste ano 2023, igual que no ano 2022 e 2021, inclúense outros recursos adicionais procedente dun Instrumento de Recuperación da Unión Europea (EURI) establecido no Regulamento (UE) 2020/2094 del Consejo co obxectivo de afrontar as repercusións da crise da COVID-19 e as súas consecuencias no sector agrícola e nas zonas rurais. Os ditos fondos se incorporan para a súa xestión no PDR 2014-2020 e contarán cun 100% de financiación UE. A previsión do importe asignado a Galicia é de 23,1 millóns de euros para 2023.

Dentro das Iniciativas do PO 2014-2020, figuran neste capítulo diversos proxectos dentro do Programa INTERREG EUROPA 2014-2020, proxectos do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal, POCTEP 2014-2020, do Programa Operativo de Cooperación Territorial Europea Transnacional Espazo Atlántico 2014-2020, e do Programa Operativo de Cooperación Territorial Europea Transnacional Espazo Sudoeste, SUDOE, 2014-2020.

O importe total destas Iniciativas do PO 2014-2020, xunto con outros proxectos europeos nos que participan diversos departamentos da Xunta de Galicia, está previsto que alcance os 0,6 millóns de euros para 2023.



## CAPÍTULO VIII. ACTIVOS FINANCEIROS

Figuran neste capítulo 1,9 millóns de euros. A maior parte está formada por reintegros de préstamos concedidos ao sector público. Inclúense ademais os destinados ao persoal concedidos polo Parlamento e polo Consello de Contas.

## CAPÍTULO VIII. Activos financeiros

| Distribución económica. Variación 2023-2022                        |              |              |                     |            |                |              |
|--------------------------------------------------------------------|--------------|--------------|---------------------|------------|----------------|--------------|
| Conceptos                                                          | 2022         | 2023         | Variación 2023/2022 |            | Valor Relativo |              |
|                                                                    |              |              | Importe             | %          | 2022           | 2023         |
| 821 Reintegro de préstamos concedidos ao sector público L/P        | 1.800        | 1.806        | 7                   | 0,4        | 92,6           | 92,7         |
| 830 Reintegro de préstamos concedidos fóra do sector público a C/P | 143          | 143          | 0                   | 0,1        | 7,4            | 7,3          |
| <b>Total</b>                                                       | <b>1.942</b> | <b>1.949</b> | <b>7</b>            | <b>0,4</b> | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |

(Miles de Euros)

## CAPÍTULO IX. PASIVOS FINANCIEROS

Neste capítulo figura a Débeda financeira por importe de 1,6 millóns de euros, incluíndose tanto as amortizacións deste ano como as novas emisións. Neste ano prodúcese un importante decremento neste capítulo debido a redución da necesidade de endebedamento ata os 266,3 millóns de euros, 176,4 millóns de euros menos que no 2022.

## CAPÍTULO IX. Pasivos financeiros

| Distribución económica. Variación 2023-2022 |                  |                  |                     |              |                |              |
|---------------------------------------------|------------------|------------------|---------------------|--------------|----------------|--------------|
| Conceptos                                   | 2022             | 2023             | Variación 2023/2022 |              | Valor Relativo |              |
|                                             |                  |                  | Importe             | %            | 2022           | 2023         |
| 950 Préstamos recibidos e emisión de débeda | 1.762.840        | 1.586.399        | -176.441            | -10,0        | 100,0          | 100,0        |
| <b>Total</b>                                | <b>1.762.840</b> | <b>1.586.399</b> | <b>-176.441</b>     | <b>-10,0</b> | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |

(Miles de Euros)

### II.1.3. O ORZAMENTO DE BENEFICIOS FISCAIS PARA O ANO 2023

O orzamento de beneficios fiscais ten como obxectivo cuantificar os beneficios fiscais que afectan aos tributos da Comunidade Autónoma. Neste sentido, distintas normas refírense á obrigatorioidade de determinar o seu importe. Así, o artigo 134.2 da Constitución Española sinala que nos orzamentos se consignará o importe dos beneficios fiscais e o artigo 46 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, enuméraos como parte integrante do contido dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma. Ata os orzamentos do ano 2013, esta obrigatorioidade cumpríase reflectindo a contía dos beneficios fiscais por cada unha das figuras tributarias, pero sen ir acom-

pañada dunha memoria explicativa de detalle que, de forma pormenorizada, explicase a contía concreta de cada medida.

O avance que se produciu nos últimos anos na aplicación dos tributos, introducindo formas de xestión telemática e informática, non só para o uso por parte da administración, senón tamén para ser usadas polos propios contribuíntes, e o uso efectivo por parte destes últimos das devanditas funcionalidades, que se foi desenvolvendo dun xeito progresivo, abre a posibilidade de dispoñer de fontes de información fiables que permiten realizar aproximacións ao estudo detallado dos beneficios fiscais. A introdución, sobre todo, das aplicacións informáticas para a presentación dos diversos impostos (programas de axuda), provoca a diminución dos erros nos datos achegados polos contribuíntes, así como a obrigatoriedade na consignación dos datos das declaracións, evitando a tendencia de cumprimento mínimo nos casos en que non resulta cota a ingresar, precisamente, cando operan os beneficios fiscais.

Non obstante, por agora, será necesario seguir realizando mostras e extrapolacións dos datos, dado que a pesar do crecente uso por parte dos contribuíntes das devanditas aplicacións, o seu uso non é total, se ben o grao alcanzado aconsellou iniciar xa dende hai oito anos a elaboración desta memoria, sen prexuízo de ir avanzando ata lograr fontes de información moito máis completas de cara ao futuro, sobre todo introducindo outras externas que permitan non só amplialos senón tamén contrastar os datos existentes.

De igual forma, no ámbito estatal, incorpórase á documentación que acompaña aos Orzamentos Xerais de Estado unha memoria explicativa da cuantificación dos beneficios fiscais.

Tomando pois como referencia a memoria de beneficios fiscais do Estado, o contido desta estruturaríase do seguinte xeito:

- A delimitación do concepto de “beneficio fiscal”.
- A clasificación dos beneficios fiscais por tributos, e dentro de cada figura, a descrición das hipóteses de traballo, as fontes estatísticas utilizadas e as metodoloxías de cuantificación, non só dos beneficios fiscais xa existentes senón tamén das posibles modificacións normativas para 2023 que puidesen afectar ao Orzamento de Beneficios Fiscais sempre e cando, neste último caso, se dispoña de información abondo para avalialos cuantitativamente.

## DELIMITACIÓN DO CONCEPTO DE “BENEFICIO FISCAL”

O concepto de beneficio fiscal ofrece dous problemas: por unha banda non existe na doutrina un concepto unánime deste e, por outro lado, aínda adoptando o máis común, a súa aplicación práctica non resulta doada dada a natureza mixta dalgúns beneficios fiscais.

O orzamento de beneficios fiscais pode definirse como a expresión cifrada da diminución de ingresos tributarios que, presumiblemente, se producirá ao longo do ano, como consecuencia da existencia de incentivos fiscais orientados ao logro de determinados obxectivos de política económica e social.

O orzamento de beneficios fiscais que se explica nesta memoria ten por ámbito os tributos xestionados pola Comunidade Autónoma de Galicia, así como aqueles non xestionados por esta pero dos que esta comunidade autónoma ten competencias normativas e, neste caso, referidos ao uso das súas competencias.

Así mesmo, considera as medidas que orixinan beneficios fiscais para os contribuíntes e minguan a capacidade recadatoria da comunidade. Trátase esencialmente de exencións, reducións nas bases impositivas, tipos impositivos reducidos, bonificacións e deducións nas cotas dos diversos tributos.

Respecto aos tributos cedidos non xestionados pola Comunidade Autónoma de Galicia, incorpóranse os datos trasladados polo Ministerio de Hacienda y Función Pública e elaborados, para o IRPF polo Servicio de Estudios Tributarios y Estadísticas de la AEAT e a Dirección General de Tributos do devandito Ministerio; para os IIEE, IVE e o IEDMT, pola Secretaría de Estado de Hacienda.

A memoria do orzamento de beneficios fiscais do Estado extraeu da doutrina os seguintes requisitos para considerar unha medida como beneficio fiscal que, adaptada aos nosos tributos mantemos, tanto porque consideramos que se axusta ao buscado pola normativa, como para efectos comparativos, dado o carácter compartido de numerosos tributos.

Os trazos ou condicións que un determinado concepto ou parámetro impositivo debe posuír para que se considere que xera un beneficio fiscal son os que se resumen seguidamente:

Desviarse de forma intencionada respecto á estrutura básica do tributo, entendendo por ela a configuración estable que responde ao feito impositivo que se pretende gravar.

Ser un incentivo que, por razóns de política fiscal, económica ou social, estea dirixido a un determinado colectivo de contribuíntes ou a potenciar o desenvolvemento dunha actividade económica concreta.

Existir a posibilidade legal de alterar o sistema fiscal para eliminar o beneficio fiscal ou cambiar a súa definición.

Non presentarse compensación ningunha do eventual beneficio fiscal noutra figura do sistema fiscal.

Non deberse a convencións técnicas, contables, administrativas ou ligadas a convenios fiscais internacionais.

Non ter como propósito simplificar ou facilitar o cumprimento das obrigas fiscais.

Para o cómputo dos beneficios fiscais adóptase o método da “perda de ingresos”, definida como o importe no cal os ingresos fiscais se reducen a causa exclusivamente da existencia dunha disposición particular que establece o incentivo do que se trate. A súa valoración efectúase de acordo co “criterio de caixa” ou momento en que se produce a mingua de ingresos. Por suposto, a incorporación dun beneficio fiscal está supeditada á dispoñibilidade dalgunha fonte fiscal ou económica que permita levar a cabo a súa estimación.

## CUANTIFICACIÓN DOS BENEFICIOS FISCAIS DOS TRIBUTOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

### IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS

Ao tratarse dun tributo non xestionado por esta Comunidade Autónoma e cuxa recadación está compartida, compre distinguir por unha parte, os beneficios produto da normativa estatal e os que proceden da normativa autonómica, que se concretan en deducións sobre a cota.

Os importes correspondentes á normativa estatal foron facilitados de forma territorial izada polo Ministerio de Hacienda y Función Pública en base á estimación realizada polo Servicio de Estudios Tributarios e Estadísticas da AEAT e a Dirección Xeral de Tributos do Ministerio, incluíndo por primeira vez neste exercicio a estimación do beneficio correspondente á exención parcial do gravame especial sobre os premios de determinadas loterías e apostas e supoñen un total de 413,78 millóns de euros co seguinte detalle:

| IRPF- Beneficios fiscais normativa estatal                                            | En millóns de euros |
|---------------------------------------------------------------------------------------|---------------------|
| Reducións na base imponible                                                           | 195,40              |
| Especialidades das anualidades por alimentos                                          | 8,25                |
| Deducións na cota                                                                     | 48,41               |
| Exencións                                                                             | 140,75              |
| Exención parcial gravame especial sobre os premios de determinadas loterías e apostas | 20,97               |
| <b>TOTAL</b>                                                                          | <b>413,78</b>       |

En canto ás deducións establecidas na normativa autonómica, tamén o Ministerio de Hacienda y Función Pública facilitou a estimación do importe destes beneficios fiscais que corresponden a normativa vixente ao exercicio 2021, ao seguirse un criterio de caixa e autoliquidarse o mesmo no 2022. A súa metodoloxía de cálculo para a estimación consiste basicamente na aplicación dun sistema de micro simulación sobre as bases de datos dispoñibles que conteñen información individualizada dos distintos colectivos de contribuíntes.

---

Tendo en conta as circunstancias anteriores, o importe dos beneficios fiscais para 2023 estimados no imposto sobre a renda das persoas físicas, ascendería a 17.925.000€, coa seguinte desagregación:

| IRPF - Deducións autonómicas                                                                                                        | En Euros          |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------|
| Por nacemento ou adopción de fillos                                                                                                 | 7.080.000         |
| Por familia numerosa                                                                                                                | 3.380.000         |
| Polo coidado de fillos menores                                                                                                      | 1.690.000         |
| Por suxeitos pasivos discapacitados, maiores de 65 anos, que precisen axuda de terceiros                                            | 170.000           |
| Por gastos dirixidos ao uso de novas tecnoloxías nos fogares galegos                                                                | 420.000           |
| Por aluguer da vivenda habitual                                                                                                     | 2.400.000         |
| Por acollemento familiar de menores                                                                                                 | 40.000            |
| Por investimento na adquisición de accións e participacións sociais de novas entidades ou de recente creación                       | 120.000           |
| Por creación de novas empresas ou a ampliación da actividade de empresas de recente creación                                        | 70.000            |
| Por investimentos realizados en entidades cotizadas no Mercado Alternativo Bolsista                                                 | 20.000            |
| Por donativos a centros de investigación de universidades galegas e os promovidos ou participados pola Xunta de Galicia             | 440.000           |
| Por investimento en instalacións de climatización e/ ou auga quente sanitaria que empreguen enerxías renovables en vivenda habitual | 80.000            |
| Por axudas obtidas para paliar os danos sufridos polos incendios en Galicia no mes de outubro do 2017                               | 10.000            |
| Cantidades investidas para rehabilitar bens inmobles en conxuntos históricos                                                        | 430.000           |
| Cantidades investidas en empresas agrarias e sociedades cooperativas agrarias ou de explotación comunitaria da terra                | 90.000            |
| Por obras de mellora de eficiencia enerxética en edificios de vivendas ou vivendas unifamiliares                                    | 1.350.000         |
| Dedución por axudas e subvencións recibidas por deportistas de alto nivel de Galicia                                                | 5.000             |
| Dedución por adquisición e rehabilitación de vivendas en proxectos aldeas modelo                                                    | 130.000           |
| <b>TOTAL</b>                                                                                                                        | <b>17.925.000</b> |

## IMPOSTO SOBRE O PATRIMONIO

No imposto sobre o patrimonio considéranse como beneficios fiscais as exencións consideradas no artigo 4 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, reguladora do mesmo, que proveñen da normativa estatal ao carecer esta comunidade de competencias normativas sobre exencións.

En canto ao mínimo exento, entendemos que forma parte da estrutura do tributo ao modular a capacidade económica sometida a gravame de acordo coa concepción do imposto sobre o patrimonio como complementario do IRPF.

Non é posible calcular o efecto económico de todas as exencións do imposto, senón só daquelas nas que o valor dos bens exentos ven consignado na declaración do imposto. Trátase das exencións da vivenda habitual, bens e dereitos exentos afectos a actividades económicas e profesionais e valores exentos representativos da participación nos fondos propios de entidades xurídicas.

O método de cálculo realízase partindo do importe declarado destes bens (ou do mínimo exento) nas declaracións do exercicio 2021, ao que se lle aplica o tipo efectivo (cota a ingresar entre base imponible) do imposto nese mesmo exercicio.

Inclúese neste exercicio o importe correspondente á bonificación do 25% na cota do imposto aprobada pola lei de medidas para o ano 2022 .

Tendo en conta as circunstancias anteriores, o importe dos beneficios fiscais para 2023 ascendería a 188.630.000 euros, coa desagregación que figura a continuación.

Os importes serían os seguintes:

| Imposto sobre Patrimonio- Beneficios fiscais                                                 | En euros           |
|----------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|
| - Vivenda habitual                                                                           | 3.680.000          |
| - Valores exentos representativos da participación nos fondos propios de entidades xurídicas |                    |
| negociadas                                                                                   | 1.910.000          |
| non negociadas                                                                               | 164.750.000        |
| - Bens e dereitos exentos afectos a actividades económicas e profesionais                    | 1.040.000          |
| - Bonificación na cota                                                                       | 17.000.000         |
| - Deducións na cota                                                                          | 250.000            |
| <b>TOTAL</b>                                                                                 | <b>188.630.000</b> |

## IMPOSTO SOBRE SUCESIÓNS E DOAZÓNS

No imposto sobre sucesións e doazóns os beneficios fiscais concéntranse nas reducións de base imponible a base liquidable e nas deducións na cota.

Nas primeiras podemos distinguir aquelas de carácter subxectivo, é dicir, que atenden a circunstancias persoais dos suxeitos pasivos, e aquelas de carácter obxectivo que pretenden reducir a tributación da transmisión por herdanza ou doazón duns determinados bens. Mentres que as segundas son claramente beneficios fiscais, nas primeiras debemos distinguir as establecidas en función do parentesco das establecidas en función da discapacidade do suxeito pasivo. Estas últimas compren os requisitos para a súa consideración como beneficio fiscal en canto á finalidade perseguida, mentres que as primeiras sempre formaron parte da estrutura deste tributo e non se trata dun concreto colectivo de persoas destinatarias. Non obstante, naqueles casos nos que esta redución se combina con deducións coa finalidade de eliminar a tributación de facto a determinados colectivos como os parentescos incluídos no Grupo I, considerarase como beneficio fiscal.

A base de datos que se utilizou para o cálculo dos importes foi a correspondente as autoliquidacións presentadas ata o 30 de setembro de 2022 a través do programa de axuda elevadas ao ano. Para o cálculo do importe das reducións non se realizou unha simulación por cada autoliquidación, senón que se aplicou o tipo medio efectivo de todas elas ao importe da suma total de cada redución (ou da base imponible no caso de suxeitos pasivos do Grupo I), illando así o efecto de cada unha delas doutras reducións que puidesen concorrer en cada caso concreto, polo que a contía sinalada non reflectiría exactamente unha perda recadatoria real, ao non recoller para cada caso concreto o efecto da progresividade ou doutras reducións, pero si unha visión en termos de cota do importe destas.

Dado que por motivos de fiabilidade dos datos se utilizaron só as autoliquidacións realizadas co programa de axuda (que aseguran a falta de erros nos cálculos), o importe resultante ampliou-se en función da relación existente entre as cotas ingresadas polas autoliquidacións realizadas co programa de axuda e as realizadas en papel.

Por último, cómpre sinalar que hai un grupo de beneficios aplicables pola normativa estatal, polo que se dará a información agrupada destes beneficios fiscais no cadro resumo incorporado ao final e que as reducións por actividades económicas e participación en entidades foi establecida polo Estado (nun 95%) e mellorada pola Comunidade Autónoma de Galicia (99%) se ben suxeita a uns requisitos máis estritos. Da base de datos empregada despréndese que un 85% dos suxeitos pasivos de sucesións que aplican esta redución en adquisicións mortis causa se acollen á norma autonómica, mentres que en adquisicións inter vivos a porcentaxe acende a un 75%. Nesta proporción distribuiranse os importes correspondentes no cadro resumo final.

O proxecto de lei de medidas fiscais para o ano 2023 modifica a redución por participación en entidades, tanto na modalidade de sucesións como en doazóns e abre a posibilidade a

que determinados activos de tipo financeiro poidan considerarse afectos e polo tanto gozar da redución do 99%. Esta ampliación aparece incluída no cadro adxunto, tanto na modalidade de sucesións como a de doazóns, tendo en conta o prazo de seis meses ou de un mes que existe para presentar o imposto segundo os casos.

Tendo en conta as circunstancias anteriores, os importes dos beneficios fiscais para 2023 ascenderían a 215.962.000 euros, coa seguinte desagregación:

| <b>Imposto sobre sucesións e doazóns- beneficios fiscais</b>                                                        | <b>2023</b>        |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|
| <b>2.1.- Sucesións</b>                                                                                              | <b>213.615.000</b> |
| - reducións para o Grupo I combinadas coa dedución en cota do 99%, dado o carácter conxunto das devanditas medidas  | 1.910.000          |
| - aumento da redución por parentesco para o Grupo II                                                                | 188.500.000        |
| - aumento redución por parentesco para o Grupo III (irmáns)                                                         | 2.900.000          |
| - redución por discapacidade                                                                                        | 3.080.000          |
| - redución por vivenda habitual                                                                                     | 7.900.000          |
| - redución por actividades económicas                                                                               | 780.000            |
| - redución por participación en entidades                                                                           | 7.800.000          |
| - redución por bens de interese cultural                                                                            | 65.000             |
| - redución por terreos rústicos protexidos                                                                          | 110.000            |
| - redución por explotacións agrarias                                                                                | 125.000            |
| - redución por seguro                                                                                               | 430.000            |
| - redución por bens para creación/constitución empresa ou negocio profesional                                       | 15.000             |
| <b>2.2.- Doazóns</b>                                                                                                | <b>2.347.000</b>   |
| - redución pola adquisición de diñeiro destinado á adquisición dunha vivenda habitual en Galicia                    | 75.000             |
| - redución pola adquisición de bens e dereitos afectos a unha actividade económica e de participacións en entidades | 2.200.000          |
| - redución pola adquisición de explotacións agrarias                                                                | 30.000             |
| - redución por bens de interese cultural                                                                            | 2.000              |
| - redución por bens para creación/constitución empresa ou negocio profesional                                       | 40.000             |
| <b>TOTAL</b>                                                                                                        | <b>215.962.000</b> |

## **IMPOSTO SOBRE TRANSMISIÓNS PATRIMONIAIS E ACTOS XURÍDICOS DOCUMENTADOS**

No imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, os beneficios fiscais concéntranse principalmente en exencións, tipos bonificados e deducións na cota.

O método seguido para o seu cálculo é o seguinte:

I.- Exencións: é o beneficio fiscal que máis problemas formula para o seu cálculo. Ao non determinar cota a pagar, a consignación do valor e da causa de exención da operación beneficiada polo contribuínte non se realiza axeitadamente por tódolos contribuíntes no modelo do imposto. Ofrecense, polo tanto, só os datos daquelas declaracións que fan constar o importe da operación exenta así como o motivo da exención. Para o seu cálculo utilízase a media ponderada dos datos consignados nas autoliquidacións dos anos 2019-2021.

| Motivo exención                                    | MORTE              |
|----------------------------------------------------|--------------------|
| E: 1AA - ESTADO E AA.PP.                           | 5.878.452          |
| E: 1AB - ENTIDADES SEN FINS LUCRATIVOS             | 1.421.540          |
| E: 1AC - OBRA SOCIAL CAIXAS DE AFORRO              | 23.204             |
| E: 1AD - IGREXA CATOLICA E DEMAIS CONFESIONS       | 125.120            |
| E: 1AE - INSTITUTO DE ESPAÑA E REAIS ACADEMIAS     | 196                |
| E: 1AF - CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA E O.N.C.E.         | 1.005              |
| E: 1AG - OBRA PIA DOS SANTOS LUGARES.              | 5.419              |
| E: 1B1 - TRATADOS E CONVENIOS INTERNACIONAIS       | 3.160              |
| E: 1B2 - RETRACTO LEGAL                            | 15.328             |
| E: 1B3 - APORTACIONES A SOCIEDADE CONXUGAL         | 4.306.566          |
| E: 1B4 - ENTREGAS DE DIÑEIRO                       | 1.502.003          |
| E: 1B5 - ANTICIPOS SEN XURO                        | 35.337             |
| E: 1B6 - CONCENTRACION PARCELARIA                  | 101.172            |
| E: 1B7 - XUNTAS DE COMPENSACION                    | 1.406              |
| E: 1B8 - GARANTIAS QUE PRESTEN TUTORES             | 1                  |
| E: 1B9 - TRANSMISIONS DE VALORES                   | 8.415.862          |
| E: 1B10 - OPERACIONES SOCIETARIAS REXIME ESPECIAL  | 5.204.075          |
| E: 1B11 - O.S. AMPLIACIÓN,CONSTITUCIÓN,APORTACIÓN  | 23.167.492         |
| E: 1B12 - VIVENDAS DE PROTECCION OFICIAL           | 1.647.092          |
| E: 1B13 - PAGO IMPOSTO POR ACTOS ANTERIORES        | 2.614.150          |
| E: 1B14 - BONIFICACIONES CEUTA E MELILLA           | 1.476              |
| E: 1B15 - DEPOSITOS EN EFECTIVO E PRESTAMOS        | 4.572.721          |
| E: 1B16 - TRANSMISIONS PARA LEASING                | 741.400            |
| E: 1B17 - REVENTA DE VEHICULOS USADOS              | 19.616             |
| E: 1B18 - CANCELACION DE HIPOTECA                  | 39.776.053         |
| E: 1B19 - AMPL.CAPIT.PERS.XURID.DECL. EN CONCURSO  | 40.287             |
| E: 1B20 - SOCIEDADES E FONDOS DE INVERSIÓN         | 16.750             |
| E: 1B21 - APORTACIONES PATRIMONIOS DISCAPACITADOS  | 9.513              |
| E: 1B22 - SOC.DE INVERSIÓN NO MERCADO INMOBILIARIO | 146                |
| E: 1B23 - NOVACIÓN CONTRACTUAIS R. D. LEI 6/2012   | 656.665            |
| E: 1B24 - REESTRU.E RESOL.ENTID CRÉDITO LEI 9/2012 | 6.794.201          |
| E: 1B25 - PRESTATARIO ENTIDADES ART.45.I.A         | 225.887            |
| E: 1B26 - ARRENDAMENTO VIVENDA ART.2 LEI 29/1994   | 18.251             |
| E: 1B27 - CONST.,DISOL. E MOD. FONDOS PENSIONES    | 617                |
| E: 1B28 - NOVACIÓN R.D. 8/2020 COVID-19            | 3.068.429          |
| E: 1B29 - ESCRIT. MORATORIAS R.D.19/2020 COVID-19  | 9.154.182          |
| E: 1B30 - ESCRITURAS MORATORIA SECT. TURÍSTICO     | 706.315            |
| E: 1C1 - LEI 7/1980 LIBERDADE RELIXIOSA            | 24.545             |
| E: 1C2 - R.D.L 12/1980 V.P.O.                      | 648.869            |
| E: 1C3 - LEI 55/1980 MONTES VECINAIS               | 36.153             |
| E: 1C4 - LEI 82/1980 CONSERVACION DA ENERXIA       | 13.751             |
| E: 1C5 - LEI 2/1981 MERCADO HIPOTECARIO            | 593.693            |
| E: 1C6 - LEI 49/1981 EXPLOTACION FAMILIAR AGRARIA  | 21.715             |
| E: 1C7 - LEI 45/1984 SECTOR PETROLEIRO             | 65                 |
| E: 1C9 - LEI 49/1984 SISTEMA ELECTRICO NACIONAL    | 32.147             |
| E: 1C11 - ENTIDADES DE CAPITAL-RIESGO              | 8.923              |
| E: 1C12 - LEI 15/1986 SOCIEDADES ANONIMAS LABORAIS | 18.002             |
| E: 1C15 - LEI 20/1990 COOPERATIVAS                 | 651.815            |
| E: 1C16 - LEI 12/1991 AGRUP. DE INTERESE ECONOMICO | 19.869             |
| E: 1C17 - LEI 19/1992 SOCIEDADES E FONDOS INMOB.   | 865.196            |
| E: 1C18 - LEI 24/1992 ENT. RELIXIOSAS EVANGELICAS  | 114.906            |
| E: 1C22 - LEI 38/1992 IMPOSTOS ESPECIAIS           | 763                |
| E: 1C23 - FONDOS DE GARANTIA DE DEPOSITOS          | 20.040             |
| E: 1C24 - LEI 2/1994 SUB.E MOD.DE PRESTAMOS HIPOT. | 8.605.251          |
| E: A1EB - PARTIDOS POLITICOS CON REP.PARLAMENTARIA | 12.437             |
| <b>TOTAL XERAL</b>                                 | <b>131.959.229</b> |

2.- Tipos impositivos reducidos: partindo da recadación obtida por cada tipo impositivo reducido, calcularase a perda recadatoria pola diferenza co tipo xeral, que, de acordo co previsto na Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, pasou do 10% a ser do 9% para a modalidade de transmisións patrimoniais onerosas.

O importe asociado ascende a 54.150.000 euros, coa seguinte desagregación:

|                                                                                                                                              | Art. DL 1/2011 | Tipo | Importe           |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------|------|-------------------|
| <b>Tipo de gravame na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas</b>                                                                   |                |      | <b>50.930.000</b> |
| Adquisición de vivenda habitual                                                                                                              | 14.2           | 7    | 9.070.000         |
| Adquisición de vivenda habitual por discapacitados                                                                                           | 14.3           | 3    | 920.000           |
| Adquisición de vivenda habitual por familias numerosas                                                                                       | 14.4           | 3    | 3.250.000         |
| Adquisición de vivenda habitual por menores de trinta e seis anos                                                                            | 14.5           | 3    | 24.750.000        |
| Transmisión de embarcacións de recreo e motores mariños                                                                                      | 14.6           | 1    | 1.370.000         |
| Adquisición de vivenda en área rural                                                                                                         | 14.7           | 6    | 6.410.000         |
| Adquisición de vivenda habitual en área rural                                                                                                | 14.7           | 5    | 5.060.000         |
| Adquisición de vivenda habitual por vítimas de violencia de xénero                                                                           | 14.8           | 3    | 100.000           |
| <b>Tipo de gravame na modalidade de actos xurídicos documentados</b>                                                                         |                |      | <b>3.220.000</b>  |
| Adquisición de vivenda habitual e na constitución de préstamos hipotecarios destinados ao seu financiamento                                  | 15.2           | 1    | 900.000           |
| Adquisición de vivenda habitual por discapacitados e na constitución de préstamos hipotecarios destinados ao seu financiamento               | 15.3           | 1    | 60.000            |
| Adquisición de vivenda habitual por familias numerosas e a constitución de préstamos hipotecarios destinados ao seu financiamento            | 15.4           | 1    | 190.000           |
| Adquisición de vivenda habitual por menores de trinta e seis anos e a constitución de préstamos hipotecarios destinados ao seu financiamento | 15.5           | 1    | 1.180.000         |
| Sociedades de garantía recíproca                                                                                                             | 15.6           | 0    | 870.000           |
| Adquisición de vivenda habitual por vítimas de violencia de xénero                                                                           | 15.8           | 1    | 20.000            |

3.- Deducións: o importe do beneficio fiscal calcúlase a partir dos datos consignados polos contribuíntes nas súas declaracións presentadas ata o 30 de setembro de 2022 elevadas ao ano. Un caso peculiar preséntase naquelas porcentaxes de bonificación do 100%, nos que se dá a mesma circunstancia comentada no apartado das exencións, é dicir, ao non determinar cota a pagar, a consignación do valor e da causa de exención da operación beneficiada polo contribuínte non se realiza axeitadamente no modelo do imposto, o que impide determinar o seu importe.

Móstranse a continuación as contías previstas para as deducións vixentes para o 2023, que supoñen un total de 14.608.000 euros e que recollen as modificacións do imposto aprobadas pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia e a Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

| TRANSMISIONS                                                                                                                                                                                          |       | Art. DL 1/2011 | 14.020.000 |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------|----------------|------------|
| Arrendamento de vivendas intermediación do I.G.V.S.                                                                                                                                                   | 16.1  |                | 1.000      |
| Arrendamento de terreos rústicos                                                                                                                                                                      | 16.2  |                | 11.000     |
| Transmisión/cesión temporal de terreos do Banco de Terras de Galicia                                                                                                                                  | 16.3  |                | 2.000      |
| Transmisión de solo rústico                                                                                                                                                                           | 16.5  |                | 10.850.000 |
| Dedución galega para reducións da Lei 19/1995                                                                                                                                                         | 16.6  |                | 20.000     |
| Adquisición de vivenda habitual por persoas con discapacidade, familias numerosas e menores de 36 anos en áreas rurais                                                                                | 16.7  |                | 2.850.000  |
| Dedución do 100% na cota das operacións relacionadas co solo empresarial e industrial.                                                                                                                | 16.8  |                | 46.000     |
| Transmisións patrimoniais onerosas que afecten a adquisición de inmoables                                                                                                                             | 16.9  |                | 190.000    |
| Transmisións de elementos afectos a explotacións agrarias                                                                                                                                             | 16.10 |                | 50.000     |
| AXD                                                                                                                                                                                                   |       |                | 588.000    |
| Obra nova/división horizontal edificios destinados a vivenda en aluguer                                                                                                                               | 17.1  |                | 20.000     |
| Adquisición de local de negocio para constitución de empresa ou negocio profesional                                                                                                                   | 17.5  |                | 2.000      |
| Constitución/modificación préstamos/créditos hipotecarios e operación de arrendamento financeiro para adquisición de local para constitución de empresa ou negocio profesional                        | 17.6  |                | 1.000      |
| Agrupación de solo rústico                                                                                                                                                                            | 17.7  |                | 240.000    |
| Adquisición de vivenda habitual e por constitución de préstamos hipotecarios destinados ao seu financiamento, por persoas con discapacidade, familias numerosas e menores de 36 anos, en áreas rurais | 17.8  |                | 74.000     |
| Dedución do 100% na cota das operacións relacionadas co solo empresarial e industrial.                                                                                                                | 17.9  |                | 170.000    |
| Documentos notariais en que se formalice a adquisición onerosa, agrupación, división, segregación, declaración de obra nova e división horizontal de inmoables                                        | 17.10 |                | 75.000     |
| Transmisión de elementos afectos a explotacións agrarias.                                                                                                                                             | 17.11 |                | 6.000      |
| ITP-AXD: Total deducións                                                                                                                                                                              |       |                | 14.608.000 |

## TAXAS FISCAIS SOBRE O XOGO

Na taxa sobre rifas, tómbolas, apostas e combinacións aleatorias, das exencións establecidas só dous responden ao concepto de beneficio fiscal ao que nos vimos referindo e hai que sinalar que, no caso das tómbolas diocesanas non hai datos para contrastar e que no caso da Cruz Vermella, a devandita entidade celebra sorteos a nivel estatal, polo que non tributaría na Comunidade Autónoma de Galicia.

Na taxa sobre xogos de sorte, envite ou azar, debemos ter en conta que hai medidas que responden a criterios técnicos e que, polo tanto, supoñen a súa exclusión do concepto de beneficio fiscal. Neste caso está a única exención na taxa. Este ano, o proxecto de lei de medidas fiscais para o ano 2023 establece un tipo de gravame bonificado para o xogo de bingo, asociado ao mantemento do emprego, co obxecto de que esta actividade poida recuperarse paulatinamente ata niveis similares aos que había con anterioridade á pandemia. O custe desta medida é de 3 millóns de euros.

### **IMPOSTO SOBRE A CONTAMINACIÓN ATMOSFÉRICA**

Neste tributo non hai establecida ningunha exención, ningunha redución na base imponible nin ningunha dedución ou bonificación na cota. O mínimo exento responde á estrutura técnica do tributo eximindo de tributación unha cantidade de contaminación que se entende asumible.

### **IMPOSTO SOBRE DANOS AMBIENTAIS AUGAS EMBALSADAS**

Neste tributo non hai establecida ningunha exención, ningunha redución na base imponible nin ningunha dedución ou bonificación na cota. A modulación da cota tributaria que supón unha minoración desta, responde á estrutura técnica do tributo e do dano ambiental que se pretende gravar.

### **CANON EÓLICO**

Neste tributo non hai establecida ningunha exención, ningunha redución na base imponible nin ningunha dedución na cota.

A bonificación da cota tributaria asociada á repotenciación do parque eólico responde á pretensión de fomentar as medidas necesarias para minorar o impacto ambiental gravado, polo que sería unha función incentivadora-desincentivadora do tributo con finalidade extrafiscal, máis que un beneficio fiscal en si mesmo, motivo polo que entendemos que non respondería ao concepto de beneficio fiscal que estamos a soste ao longo da memoria.

### **ICAM**

Neste tributo non hai establecida ningunha exención, ningunha redución na base imponible nin ningunha dedución ou bonificación na cota. A modulación da cota tributaria que supón unha minoración desta, responde á estrutura técnica do tributo e do dano ambiental que se pretende gravar.

### **IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO E IMPOSTOS ESPECIAIS**

O Ministerio de Hacienda y Función Pública facilitou o importe dos beneficios fiscais do IVE e dos II.EE. para o ano 2023, incluíndo por primeira vez neste exercicio o tipo de beneficio, así como o desglose dos tipos do IVE. Para realizar unha estimación das cifras de beneficios fiscais

tomaron como base os datos globais de beneficios fiscais en eses impostos estimados pola Secretaría de Estado de Hacienda. Para imputar a cada Comunidade Autónoma o importe correspondente tivéronse en conta os seguintes datos:

Para o IVE, o índice de consumo utilizado para o cálculo da liquidación definitiva do sistema de financiamento correspondente ao exercicio 2020

Para o Imposto sobre Alcohol e Bebidas Derivadas, o índice de consumo utilizado para o cálculo da liquidación definitiva do sistema de financiamento correspondente ao exercicio 2020.

Para o Imposto sobre Hidrocarburos, o índice de entregas de gasolinas, gasóleos e fuelóleos utilizado para o cálculo da liquidación definitiva do sistema de financiamento correspondente ao exercicio 2020.

Para o Imposto sobre a Electricidade, o índice de consumo neto de enerxía eléctrica utilizado para o cálculo da liquidación definitiva do sistema de financiamento correspondente ao exercicio 2020.

Para o Imposto Especial sobre Determinados Medios de Transporte, a distribución por CCAA realizouse polo Servizo de Estudos Tributarios e Estatísticas da AEAT de acordo con o punto de conexión establecido na Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das Comunidades Autónomas de réxime común e Cidades con Estatuto de Autonomía e modifícanse determinadas normas tributarias.

| Imposto                           | Importe beneficios fiscais CC.AA. | Índice de reparto | Exencións    | Reducións na B.I. | Tipos reducidos | Beneficios fiscais no Orzamento |
|-----------------------------------|-----------------------------------|-------------------|--------------|-------------------|-----------------|---------------------------------|
| <b>IVE</b>                        | <b>26.273,53</b>                  | <b>5,86%</b>      |              |                   | <b>1.540,24</b> | <b>1.540,24</b>                 |
| <i>Exencións</i>                  | <i>10.524,82</i>                  | <i>5,86%</i>      |              |                   | <i>617</i>      | <i>617</i>                      |
| <i>Tipo "superreducido" do 4%</i> | <i>4.238,17</i>                   | <i>5,86%</i>      |              |                   | <i>248,45</i>   | <i>248,45</i>                   |
| <i>Tipo reducido do 5%</i>        | <i>291,42</i>                     | <i>5,86%</i>      |              |                   | <i>17,08</i>    | <i>17,08</i>                    |
| <i>Tipo reducido do 10%</i>       | <i>11.218,83</i>                  | <i>5,86%</i>      |              |                   | <i>657,68</i>   | <i>657,68</i>                   |
| <b>II.EE.</b>                     | <b>2.006,29</b>                   |                   | <b>76,66</b> | <b>11,94</b>      | <b>50,06</b>    | <b>138,65</b>                   |
| ALCOL E BEBIDAS DERIVADAS         | 67,31                             | 6,16%             | 3,67         |                   | 0,48            | 4,14                            |
| HIDROCARBUROS (tipo xeral)        | 1.241,66                          | 7,06%             | 52,38        |                   | 35,22           | 87,6                            |
| HIDROCARBUROS (tipo especial)     | 477,2                             | 7,06%             | 19,31        |                   | 14,36           | 33,67                           |
| ELECTRICIDADE                     | 144,29                            | 7,59%             |              | 10,95             |                 | 10,95                           |
| MEDIOS DE TRANSPORTE              | 75,83                             |                   | 1,3          | 0,99              |                 | 2,29                            |
| <b>TOTAL</b>                      | <b>28.279,8</b>                   |                   | <b>76,7</b>  | <b>11,9</b>       | <b>1.590,3</b>  | <b>1.678,9</b>                  |

## TAXAS E PREZOS

Neste apartado analizaremos sinteticamente os datos relativos ao que, a Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 2, denomina, en primeiro lugar "Instrumentos financeiros", como as contraprestacións percibidas como consecuencia da subministración ou utilización de bens ou da prestación de servizos demandados polos suxeitos; estes instrumentos de tipo financeiro son establecidos no título II desta lei. Pola súa parte, os "instrumentos reguladores" defínense como os medios

utilizables para alterar as contraprestacións esixidas por aqueles bens ou servizos ofrecidos polos suxeitos activos aos que se refire o artigo seguinte e están establecidos no título III desta lei.

Os ingresos derivados da aplicación dos instrumentos regulados na antedita Lei, están destinados a satisfacer o conxunto das obrigas dos suxeitos que os perciben: Administración Xeral, os seus organismos autónomos e as entidades de dereito público dependentes ou que estean vinculadas a calquera deles, no conxunto da Administración Pública da Xunta de Galicia.

Cada un dos instrumentos financeiros mencionados responde a unhas características propias e singulares que os configuran, definen e distinguen. Neste sentido son taxas da Comunidade Autónoma de Galicia “os tributos creados por lei ou transferidos polas súas corporacións locais ou polo Estado no marco da transferencia de servizos e competencias a esta, das que o seu feito imponible consiste na utilización privativa, a ocupación ou o aproveitamento especial do dominio público da Comunidade Autónoma de Galicia ou na entrega de bens, a prestación de servizos ou a realización de actividades en réxime de dereito público por parte dos suxeitos activos ós que se refire o artigo 3 desta lei, que se refiran, afecten ou beneficien de modo particular o suxeito pasivo, sempre que se produza calquera das circunstancias seguintes:

- Primeira.- Que a entrega de bens, a prestación de servizos ou a realización de actividades non sexan de solicitude voluntaria para os administrados. Para estes efectos non se considerará voluntaria a solicitude por parte dos administrados:
  - cando veña imposta por disposicións legais ou regulamentarias, ou
  - cando os bens, os servizos ou as actividades requiridos sexan imprescindibles para a vida privada ou social do solicitante.
- Segunda.- Que non se entreguen, presten ou realicen polo sector privado, estea ou non establecida a súa reserva a favor do sector público consonte a normativa vixente”. O rendemento total previsible da taxa non poderá exceder, no seu conxunto, do custo total de produción dos bens e servizo ou da actividade.

Doutra banda, tanto os prezos públicos, coma os prezos privados, son contraprestacións pecuniarias percibidas pola Administración Xeral ou organismos e entidades públicas da Xunta de Galicia, pola prestación de servizos ou a realización de actividades efectuadas en réxime de dereito público (prezos públicos) ou de dereito privado (prezo privado). Os prezos públicos fíxaranse nunha contía que cubra como mínimo o custo do servizo, mentres que os prezos privados serán fixados atendendo as condicións e circunstancias do mercado no que se realicen.

Por último, a aplicación a todos estes instrumentos (taxas ou prezos) dunha exacción reguladora determinará unha tarifa para o consumidor ou usuario superior ao importe normalmente percibido pola institución ou entidade oferente do ben ou servizo de que se trate; pola contra, a utilización dunha subvención reguladora, permitirá aplicarlle aos consumidores e usuarios tarifas ou prezos inferiores ao custo de produción dos bens ou servizos.

---

Ao longo do articulado da Lei 6/2003 e, asemade na regulación específica de cada taxa ou prezo, establécense os supostos nos que, unha vez determinada a tarifa ou prezo do ben ou servizo concreto, debe aplicarse unha diminución da contía dos mesmos, mediante bonificacións e exencións, nas que se contemplan determinadas circunstancias que permiten conseguir obxectivos concretos de política económica ou social, o que chamamos, en definitiva, beneficios fiscais consonte ao concepto delimitado no apartado I desta memoria.

As referencias normativas dos instrumentos financeiros contemplados neste apartado da memoria de beneficios fiscais, referentes aos tributos propios da Comunidade Autónoma de Galicia, son os que se relacionan no seguinte recadro:

|------------------------------------------------|----------|----------|---------------|------------------|--------------|--------------|----------------|------------|----------|------------------|
|                                                | Cap. I   | Cap. II  | Cap. III      | Cap. IV          | Cap. V       | Cap. VI      | Cap. VII       | Cap. VIII  | Cap. IX  |                  |
| Instituto Galego do Consumo e da Competencia   | 0        | 0        | 2.693         | 3.786            | 0            | 0            | 684            | 0          | 0        | 7.163            |
| Academia Galega de Seguridade Pública          | 0        | 0        | 77            | 3.199            | 3            | 0            | 228            | 0          | 0        | 3.507            |
| Escola Galega de Administración Pública        | 0        | 0        | 30            | 4.008            | 0            | 0            | 635            | 0          | 0        | 4.673            |
| Instituto Galego de Estatística                | 0        | 0        | 1             | 3.781            | 0            | 0            | 1.219          | 0          | 0        | 5.001            |
| Instituto de Estudos do Territorio             | 0        | 0        | 1             | 2.540            | 0            | 0            | 3.009          | 0          | 0        | 5.550            |
| Instituto Galego da Vivenda e Solo             | 0        | 0        | 1.230         | 37.750           | 4.270        | 9.100        | 88.311         | 40         | 0        | 140.700          |
| Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral | 0        | 0        | 0             | 6.945            | 0            | 0            | 482            | 0          | 0        | 7.426            |
| Servizo Galego de Saúde                        | 0        | 0        | 55.793        | 4.411.275        | 100          | 0            | 395.155        | 650        | 0        | 4.862.973        |
| Fondo Galego de Garantía Agraria               | 0        | 0        | 12            | 5.766            | 0            | 0            | 53.020         | 0          | 0        | 58.799           |
| <b>Total</b>                                   | <b>0</b> | <b>0</b> | <b>59.837</b> | <b>4.479.050</b> | <b>4.373</b> | <b>9.100</b> | <b>542.743</b> | <b>690</b> | <b>0</b> | <b>5.095.794</b> |

(Miles de Euros)

#### Financiamento

|                                                | Orixe dos Fondos |             |                        |              |                |             |                  |               |
|------------------------------------------------|------------------|-------------|------------------------|--------------|----------------|-------------|------------------|---------------|
|                                                | Recursos Propios |             | Da Comunidade Autónoma |              | Outras         |             | Total            |               |
|                                                | Importe          | %           | Importe                | %            | Importe        | %           | Importe          | %             |
| Instituto Galego do Consumo e da Competencia   | 2.693            | 37,59       | 4.470                  | 62,41        | 0              | 0,00        | 7.163            | 0,14          |
| Academia Galega de Seguridade Pública          | 81               | 2,30        | 3.427                  | 97,70        | 0              | 0,00        | 3.507            | 0,07          |
| Escola Galega de Administración Pública        | 30               | 0,64        | 4.643                  | 99,36        | 0              | 0,00        | 4.673            | 0,09          |
| Instituto Galego de Estatística                | 1                | 0,01        | 5.001                  | 99,99        | 0              | 0,00        | 5.001            | 0,10          |
| Instituto de Estudos do Territorio             | 1                | 0,02        | 5.549                  | 99,98        | 0              | 0,00        | 5.550            | 0,11          |
| Instituto Galego da Vivenda e Solo             | 15.019           | 10,67       | 125.627                | 89,29        | 54             | 0,04        | 140.700          | 2,76          |
| Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral | 0                | 0,00        | 7.426                  | 100,00       | 0              | 0,00        | 7.426            | 0,15          |
| Servizo Galego de Saúde                        | 66.020           | 1,36        | 4.634.783              | 95,31        | 162.170        | 3,33        | 4.862.973        | 95,43         |
| Fondo Galego de Garantía Agraria               | 12               | 0,02        | 58.787                 | 99,98        | 0              | 0,00        | 58.799           | 1,15          |
| <b>Total</b>                                   | <b>83.856</b>    | <b>1,65</b> | <b>4.849.713</b>       | <b>95,17</b> | <b>162.225</b> | <b>3,18</b> | <b>5.095.794</b> | <b>100,00</b> |

(Miles de Euros)

### Orzamento Organismos Autónomos

|                                                | Gastos           |                  |          |                |               |                |                |              | Total            |
|------------------------------------------------|------------------|------------------|----------|----------------|---------------|----------------|----------------|--------------|------------------|
|                                                | I                | II               | III      | IV             | V             | VI             | VII            | VIII         |                  |
| Instituto Galego do Consumo e da Competencia   | 5.648            | 666              |          | 165            |               | 660            | 24             |              | 7.163            |
| Academia Galega de Seguridade Pública          | 1.066            | 2.214            |          |                |               | 228            |                |              | 3.507            |
| Escola Galega de Administración Pública        | 1.433            | 1.896            |          | 710            |               | 635            |                |              | 4.673            |
| Instituto Galego de Estatística                | 3.431            | 351              |          |                |               | 1.219          |                |              | 5.001            |
| Instituto de Estudos do Territorio             | 2.439            | 64               |          | 38             |               | 941            | 2.068          |              | 5.550            |
| Instituto Galego da Vivenda e Solo             | 11.171           | 4.629            |          | 27.450         |               | 34.923         | 61.988         | 540          | 140.700          |
| Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral | 5.921            | 1.024            |          |                |               | 482            |                |              | 7.426            |
| Servizo Galego de Saúde                        | 2.014.707        | 1.455.410        |          | 965.135        | 31.917        | 392.851        | 2.304          | 650          | 4.862.973        |
| Fondo Galego de Garantía Agraria               | 5.291            | 484              | 3        |                |               | 1.811          | 51.209         |              | 58.799           |
| <b>Total</b>                                   | <b>2.051.107</b> | <b>1.466.737</b> | <b>3</b> | <b>993.497</b> | <b>31.917</b> | <b>433.750</b> | <b>117.593</b> | <b>1.190</b> | <b>5.095.794</b> |

(Miles de Euros)

Os créditos autorizados aos organismos autónomos ascenden a 5.095,8 millóns de euros nos orzamentos do ano 2023. O financiamento de todos eles gravita na súa maior parte sobre as transferencias que reciben desde os orzamentos da Administración Xeral.

O 95,4% dos créditos totais dos organismos autónomos corresponde ao Servizo Galego de Saúde, que incrementa o seu orzamento en 368 millóns de euros respecto ao exercicio anterior, que conta cunha importante contía de recursos propios, ademais dos que recibe como transferencia da Consellería de Sanidade.

Respecto do resto de organismos autónomos, a maior parte da súa actividade canalízase a través de operacións correntes, como corresponde á natureza dos servizos que prestan coa excepción do Instituto Galego da Vivenda e Solo, con importantes montantes de créditos destinados a axudas de capital e investimentos.

Os orzamentos de ingresos e gastos de cada un destes organismos autónomos así como, unha referencia a súa finalidade e lei constitutiva, figuran a continuación.

## INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO E DA COMPETENCIA

O Instituto Galego do Consumo e da Competencia créase polo Decreto 118/2016, do 4 de agosto, como organismo autónomo adscrito á consellería competente en materia de consumo, en virtude da autorización contida no artigo 38 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

Dentro deste organismo, configúrase a Comisión Galega da Competencia como órgano colexiado independente, de carácter permanente e consultivo, con competencia para aplicar a Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, segundo os criterios establecidos pola Lei 1/2002, de coordinación de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas en materia de defensa da competencia.

Os fins xerais e obxectivos básicos do Instituto Galego do Consumo e da Competencia son a defensa, protección, promoción e preservación dunha competencia efectiva nos mercados no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, na perspectiva de conseguir a máxima eficiencia económica e a protección e o aumento do benestar dos consumidores e consumidoras.

As competencias do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, son as seguintes:

- Orientar, formar e informar as persoas consumidoras e usuarias sobre os seus dereitos e a forma de exercelos e de difundir o seu coñecemento, co fin de que se teñan en conta e se respecten por todos aqueles, que interveñan no mercado e por aqueles ós que poida afectar directa ou indirectamente en relación cos bens e servizos.
- Potenciar o establecemento e desenvolvemento das organizacións de consumidores e usuarios e asesoralos tecnicamente.
- Atender as consultas e reclamacións dos consumidores galegos para tentar resolvelas a través da mediación e a arbitrase de consumo.
- Exercer a capacidade sancionadora e correctora do mercado.
- Realizar as tarefas de control de mercado que inclúen a investigación de denuncias, campañas de inspección e actuacións de oficio.
- As competencias relacionadas coa a rede de alerta de produtos industriais postos a disposición dos consumidores
- Promover e levar a cabo os estudos que permitan unha adecuada prognose da problemática do consumo, así como levar a cabo ensaios comparativos, análises de laboratorio e, en xeral, todos os procedementos técnicos que se precisen para o mellor coñecemento dos bens, produtos e servizos que se lle oferten ás persoas consumidoras e usuarias.
- Elaborar e difundir información para facilitarlle ás persoas consumidoras e usuarias a elección, con criterios de racionalidade, dos bens, produtos e servizos xenéricos máis axeitados ás súas necesidades.
- Impulsar a formación das persoas consumidoras e usuarias, propoñéndolles aos organismos competentes a adopción de programas de educación para o consumo nos distintos graos do ensino e realizar as actuacións necesarias para asegurar que a dita formación sexa permanente.
- Asesorar á Xunta de Galicia no desenvolvemento da normativa de todos os aspectos que afecten ou poidan afectar ás persoas consumidoras e usuarias, promovendo a elaboración de normas para a súa defensa, achegándolle a información necesaria para este fin.

- Cooperar coas administracións públicas, atendendo de xeito especial as oficinas municipais de información ás persoas consumidoras e usuarias con aquelas entidades de semellante ámbito de competencias por supoñer o servizo máis próximo ao cidadán e coordinar as súas actuacións coas dos concellos.
- Asesorar tecnicamente as oficinas de información, as persoas consumidoras e usuarias da Administración local e colaborar con elas.
- Poñer en coñecemento dos organismos competentes da Administración propostas e iniciativas en relación coas funcións e competencias do Instituto.
- Exercer os demais fins que se lle encomenden, na súa función de protección das persoas consumidoras e usuarias.
- Exercer as funcións de instrución e resolución dos expedientes vinculados coa competencia (artigos 1, 2 e 3 da Lei 15/2007), de colaboración e coordinación con outras autoridades da competencia e cos órganos xurisdiccionais en Galicia, de control de axudas públicas, de arbitraje, consultivas, o de promoción da competencia e de asesoramento e representación.

#### Orzamento de ingresos. Instituto Galego do Consumo e da Competencia

| Distribución económica                  |              |              |            |                     |              |                |  |
|-----------------------------------------|--------------|--------------|------------|---------------------|--------------|----------------|--|
|                                         |              |              |            | Variación 2023/2022 |              | Valor Relativo |  |
| Capítulos                               | 2022         | 2023         | Importe    | %                   | 2022         | 2023           |  |
| III Tasas, prezos e outros ingresos     | 2.625        | 2.693        | 68         | 2,6                 | 38,6         | 37,6           |  |
| IV Transferencias correntes             | 3.494        | 3.786        | 293        | 8,4                 | 51,4         | 52,9           |  |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>6.119</b> | <b>6.479</b> | <b>361</b> | <b>5,9</b>          | <b>89,9</b>  | <b>90,5</b>    |  |
| VII Transferencias de capital           | 684          | 684          | 0          | -                   | 10,1         | 9,5            |  |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>684</b>   | <b>684</b>   | <b>0</b>   | <b>-</b>            | <b>10,1</b>  | <b>9,5</b>     |  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>6.803</b> | <b>7.163</b> | <b>361</b> | <b>5,3</b>          | <b>100,0</b> | <b>100,0</b>   |  |
| <b>Total</b>                            | <b>6.803</b> | <b>7.163</b> | <b>361</b> | <b>5,3</b>          | <b>100,0</b> | <b>100,0</b>   |  |

(Miles de Euros)

#### Orzamento de gastos. Instituto Galego do Consumo e da Competencia

| Distribución económica                  |              |              |            |                     |              |                |  |
|-----------------------------------------|--------------|--------------|------------|---------------------|--------------|----------------|--|
|                                         |              |              |            | Variación 2023/2022 |              | Valor Relativo |  |
| Capítulos                               | 2022         | 2023         | Importe    | %                   | 2022         | 2023           |  |
| I Gastos de persoal                     | 5.277        | 5.648        | 372        | 7,0                 | 77,6         | 78,9           |  |
| II Gastos en bens correntes e servizos  | 677          | 666          | -11        | -1,7                | 10,0         | 9,3            |  |
| IV Transferencias correntes             | 165          | 165          | 0          | -                   | 2,4          | 2,3            |  |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>6.119</b> | <b>6.479</b> | <b>361</b> | <b>5,9</b>          | <b>89,9</b>  | <b>90,5</b>    |  |
| VI Investimentos reais                  | 660          | 660          | 0          | -                   | 9,7          | 9,2            |  |
| VII Transferencias de capital           | 24           | 24           | 0          | -                   | 0,4          | 0,3            |  |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>684</b>   | <b>684</b>   | <b>0</b>   | <b>-</b>            | <b>10,1</b>  | <b>9,5</b>     |  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>6.803</b> | <b>7.163</b> | <b>361</b> | <b>5,3</b>          | <b>100,0</b> | <b>100,0</b>   |  |
| <b>Total</b>                            | <b>6.803</b> | <b>7.163</b> | <b>361</b> | <b>5,3</b>          | <b>100,0</b> | <b>100,0</b>   |  |

(Orzamento homoxeneizado 2022) (Miles de Euros)

## ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA

Creada pola Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, figura adscrita á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deporte segundo o Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia.

Academia Galega de Seguridade Pública orientará a súa actuación ao:

- Enriquecemento do capital humano dos servizos de seguridade pública mediante a súa capacitación a través da formación, a innovación e a excelencia.
- Compromiso de xerar e transferir as bases de coñecemento para a mellora das políticas en materia de seguridade pública.
- Impulso da calidade nos servizos de seguridade pública para unha mellor atención ao cidadán.

As funcións formativas da Academia Galega de Seguridade Pública son as seguintes:

1. No ámbito da formación xudicial e penitenciaria e da seguridade privada:

Organizar e realizar nas materias de seguridade pública, en colaboración co Consello Xeral do Poder Xudicial e cos ministerios competentes en materia de xustiza e interior, así como con outros organismos, universidades ou centros de investigación, actividades dirixidas á formación de xuíces e fiscais, dos funcionarios de institucións penitenciarias e dos traballadores da seguridade privada, a través do asinamento dos oportunos convenios.

2. No ámbito da formación policial:

- Elaborar os programas formativos e impartir os cursos dirixidos ao ingreso e á promoción interna nas distintas escalas dos corpos da policía de Galicia e das policía locais, así como a súa formación continua, perfeccionamento e especialización.
- Colaborar coas administracións competentes na selección do persoal dos corpos da policía de Galicia e das policía locais.
- Facilitarlles aos concellos os medios de coñecemento e información precisos para unha mellor execución dos servizos específicos das policía locais.

3. No ámbito da formación de protección civil, bombeiros e axentes forestais:

- Elaborar os programas formativos e impartir os cursos de formación e perfeccionamento dirixidos aos integrantes dos servizos de protección civil e aos membros dos corpos de bombeiros das entidades locais coas que se formalice o correspondente convenio de colaboración.
- Impartir os cursos dirixidos aos axentes forestais.
- Colaborar coas entidades locais na selección e formación continua do persoal integrante dos corpos de bombeiros e de protección civil.

- Facilitarlles aos concellos os medios de coñecemento e información precisos para unha mellor execución dos servizos específicos de bombeiros e protección civil, establecéndose os convenios oportunos.

Son tamén funcións da Academia Galega de Seguridade Pública nas materias que lle son propias:

- Investigar, estudar e divulgar contidos, técnicas e documentación, con especial referencia á realidade galega.
- Promover relacións de intercambio e colaboración coas universidades e institucións de Galicia, así como con outros centros docentes e investigadores de ámbito autonómico, estatal ou internacional.
- Homologar, cando proceda, os títulos correspondentes aos cursos de formación impartidos por outras academias, escolas ou centros.
- Calquera outra que lle poida ser atribuída polas normas, de conformidade coa súa natureza.

#### Orzamento de ingresos. Academia Galega de Seguridade Pública

| Distribución económica                  |              |              |            |                     |              |                |  |
|-----------------------------------------|--------------|--------------|------------|---------------------|--------------|----------------|--|
|                                         |              |              |            | Variación 2023/2022 |              | Valor Relativo |  |
| Capítulos                               | 2022         | 2023         | Importe    | %                   | 2022         | 2023           |  |
| III Taxas, prezos e outros ingresos     | 87           | 77           | -10        | -11,1               | 2,7          | 2,2            |  |
| IV Transferencias correntes             | 2.910        | 3.199        | 288        | 9,9                 | 90,1         | 91,2           |  |
| V Ingresos patrimoniais                 | 3            | 3            | 0          | -                   | 0,1          | 0,1            |  |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>3.001</b> | <b>3.279</b> | <b>279</b> | <b>9,3</b>          | <b>92,9</b>  | <b>93,5</b>    |  |
| VII Transferencias de capital           | 228          | 228          | 0          | -                   | 7,1          | 6,5            |  |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>228</b>   | <b>228</b>   | <b>0</b>   | <b>-</b>            | <b>7,1</b>   | <b>6,5</b>     |  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>3.229</b> | <b>3.507</b> | <b>279</b> | <b>8,6</b>          | <b>100,0</b> | <b>100,0</b>   |  |
| <b>Total</b>                            | <b>3.229</b> | <b>3.507</b> | <b>279</b> | <b>8,6</b>          | <b>100,0</b> | <b>100,0</b>   |  |

(Miles de Euros)

#### Orzamento de gastos. Academia Galega de Seguridade Pública

| Distribución económica                  |              |              |            |                     |              |                |  |
|-----------------------------------------|--------------|--------------|------------|---------------------|--------------|----------------|--|
|                                         |              |              |            | Variación 2023/2022 |              | Valor Relativo |  |
| Capítulos                               | 2022         | 2023         | Importe    | %                   | 2022         | 2023           |  |
| I Gastos de persoal                     | 862          | 1.066        | 203        | 23,6                | 26,7         | 30,4           |  |
| II Gastos en bens correntes e servizos  | 2.138        | 2.214        | 75         | 3,5                 | 66,2         | 63,1           |  |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>3.001</b> | <b>3.279</b> | <b>279</b> | <b>9,3</b>          | <b>92,9</b>  | <b>93,5</b>    |  |
| VI Investimentos reais                  | 228          | 228          | 0          | -                   | 7,1          | 6,5            |  |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>228</b>   | <b>228</b>   | <b>0</b>   | <b>-</b>            | <b>7,1</b>   | <b>6,5</b>     |  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>3.229</b> | <b>3.507</b> | <b>279</b> | <b>8,6</b>          | <b>100,0</b> | <b>100,0</b>   |  |
| <b>Total</b>                            | <b>3.229</b> | <b>3.507</b> | <b>279</b> | <b>8,6</b>          | <b>100,0</b> | <b>100,0</b>   |  |

(Orzamento homoxeneizado 2022) (Miles de Euros)

## ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

A EGAP é un organismo autónomo, creado pola Lei 4/1987, do 27 de maio, encargado das tarefas de formación do persoal ao servizo da Administración pública galega, así como do estudo e a difusión das ciencias da administración.

Son fins da EGAP os seguintes:

- Colaborar na realización das probas selectivas para o acceso á condición de persoal empregado público ao servizo da Administración xeral da comunidade autónoma convocadas de conformidade co disposto na normativa de emprego público aplicable, e doutras administracións públicas que previo convenio llo encomenden, con excepción do persoal docente e sanitario.
- Organizar e impartir cursos selectivos de formación e cursos complementarios de formación, de carácter non selectivo, correspondentes ás probas selectivas, con excepción do persoal docente e sanitario.
- Organizar e impartir cursos, seminarios e outras actividades de formación e perfeccionamento do persoal ao que se alude no apartado a) do artigo 3 da lei.
- Realizar as probas e impartir os cursos que se establezan para a promoción interna dos funcionarios.
- Realizar as probas e impartir os cursos selectivos descentralizados para o acceso á condición de funcionarios locais con “habilitación de carácter nacional”, nos termos previstos no artigo 98.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril.
- Realizar as probas selectivas e os cursos selectivos ou complementarios de selección dos funcionarios dos entes locais de Galicia “sen habilitación nacional”, de acordo cos convenios que se subscriban coas distintas entidades locais.
- A investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no eido da Administración pública, promovendo a súa máxima difusión.
- O establecemento de convenios e a celebración de intercambios con organismos semellantes das administracións públicas, a nivel estatal e internacional.
- A difusión e normalización do idioma galego na Administración pública, a capacitación lingüística do persoal e a participación na fixación da linguaxe técnica, administrativa e xurídica galega.
- Calquera outros que se lle asigne por lei.

A Escola Galega de Administración Pública orienta a súa actuación a garantir o cumprimento, coa máxima eficiencia, dos obxectivos marcados na súa lei de creación.

Neste marco, algunhas das principais liñas de actuación en 2023 serán:

- O deseño dunha formación continua específica para todos e cada un dos colectivos de empregados públicos da comunidade autónoma, a través dun plan formativo único.
- A aposta polas diferentes contornas de aprendizaxe, metodoloxías e novas técnicas docentes, co obxectivo de facilitar a formación continua do persoal empregado público e favorecer a conciliación da vida laboral e familiar.
- A adecuación da oferta formativa ás necesidades e aos novos obxectivos das administracións públicas no momento presente desde un compromiso de transparencia e ética pública.
- O fomento dunha nova Administración máis participativa e colaborativa no contexto post covid, co fin de contribuír á identificación de novas oportunidades, á innovación e ao cambio nas administracións públicas.
- A especial atención á formación específica en materia de emprego público, co fin de contribuír a que garanta a mesma calidade no servizo e a mellor consecución dos obxectivos da Administración.
- O reforzo da formación no eido da Administración electrónica e da capacitación dixital do persoal empregado público a través dunha programación específica tanto técnica como normativa. Neste punto cómpre destacar que, no marco do Universo Egap Innova, a EGAP desenvolverá sesións exclusivamente prácticas en diversas materias deste ámbito.
- A consolidación da programación do Instituto de Economía Pública de Galicia coa impartición de materias relevantes e de actualidade no eido da economía pública con especial atención ás de carácter transversal, de xeito que se poda testar o interese dos destinatarios da formación na actividade do instituto.
- A oferta de formación específica en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero dirixida especificamente a concienciar da necesidade de asumir os principios de igualdade e non discriminación.
- A consolidación da escola como un foro de debate e interlocución entre a Administración e a cidadanía que implicará, entre outras cousas, a impartición de formación práctica e teórica na materia de administración electrónica, tanto para empregados públicos como para a cidadanía en xeral.
- A docencia nas materias obxecto da lexislación administrativa básica en todas as modalidades docentes e para todos os colectivos de empregados públicos, con especial atención ás novidades lexislativas que se vaian producindo neste eido.
- A formación en lingua galega e en redacción de documentos técnico-xurídicos nesta lingua para todos os niveis de coñecemento, co obxecto de facer reais e efectivos os dereitos da cidadanía en materia lingüística.
- A aposta pola formación en linguas estranxeiras co fin de dotar ao persoal empregado público da posibilidade de empregar outros idiomas que constitúan unha necesaria ferramenta no desempeño do seu traballo.
- A organización e a impartición dos cursos selectivos para o acceso aos corpos e escalas da Administración autonómica que se determinen, así como o acceso aos corpos de funcionarios locais con habilitación de carácter nacional.

- A continuidade da implicación da EGAP no apoio ao persoal empregado público que decida participar nos procesos selectivos de promoción interna de acordo coas pautas que vaia establecendo a Dirección Xeral da Función Pública.
- A formalización de convenios e protocolos e a realización de intercambios formativos con organismos semellantes das administracións públicas, a nivel nacional e internacional.
- O fomento da investigación, da documentación e do debate nas materias relacionadas coas administracións públicas, mediante a edición de dúas publicacións científicas periódicas -a Revista Galega de Administración Pública (REGAP) e a revista Administración&Cidadanía- e a publicación de monografías.
- A ampliación, mantemento e difusión do fondo bibliográfico e documental da Egap, especialmente en soporte electrónico, así como a utilización das novas tecnoloxías para a creación de espazos que favorezan a difusión do coñecemento xerado a partir das actividades organizadas pola escola.
- A convocatoria de bolsas, axudas e premios destinados a fomentar o estudo e a investigación en materias relacionadas coas actividades da Escola e a Administración Pública.
- O desenvolvemento de programas de capacitación e formación para o exercicio da función directiva e predirectiva en colaboración, de ser o caso, con outros centros ou órganos de formación especializados.
- A consolidación e mellora do Sistema Integral de Avaliación da Calidade da Formación da Escola.

#### Orzamento de ingresos. Escola Galega de Administración Pública

| Distribución económica                  |                                 |              |              |                     |             |                |              |
|-----------------------------------------|---------------------------------|--------------|--------------|---------------------|-------------|----------------|--------------|
| Capítulos                               |                                 | 2022         | 2023         | Variación 2023/2022 |             | Valor Relativo |              |
|                                         |                                 |              |              | Importe             | %           | 2022           | 2023         |
| III                                     | Taxas, prezos e outros ingresos | 20           | 30           | 10                  | 49,3        | 0,5            | 0,6          |
| IV                                      | Transferencias correntes        | 3.527        | 4.008        | 481                 | 13,6        | 84,3           | 85,8         |
| V                                       | Ingresos patrimoniais           | 1            | 0            | -1                  | -100,0      | -              | -            |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             |                                 | <b>3.548</b> | <b>4.038</b> | <b>490</b>          | <b>13,8</b> | <b>84,8</b>    | <b>86,4</b>  |
| VII                                     | Transferencias de capital       | 635          | 635          | 0                   | -           | 15,2           | 13,6         |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            |                                 | <b>635</b>   | <b>635</b>   | <b>0</b>            | <b>-</b>    | <b>15,2</b>    | <b>13,6</b>  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> |                                 | <b>4.183</b> | <b>4.673</b> | <b>490</b>          | <b>11,7</b> | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |
| <b>Total</b>                            |                                 | <b>4.183</b> | <b>4.673</b> | <b>490</b>          | <b>11,7</b> | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |

(Miles de Euros)

### Orzamento de gastos. Escola Galega de Administración Pública

| Distribución económica                  |                                     |                     |              |                |             |              |              |
|-----------------------------------------|-------------------------------------|---------------------|--------------|----------------|-------------|--------------|--------------|
| Capítulos                               |                                     | Variación 2023/2022 |              | Valor Relativo |             |              |              |
|                                         |                                     | 2022                | 2023         | Importe        | %           | 2022         | 2023         |
| I                                       | Gastos de persoal                   | 1.325               | 1.433        | 107            | 8,1         | 31,7         | 30,7         |
| II                                      | Gastos en bens correntes e servizos | 1.641               | 1.896        | 254            | 15,5        | 39,2         | 40,6         |
| IV                                      | Transferencias correntes            | 582                 | 710          | 128            | 22,0        | 13,9         | 15,2         |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             |                                     | <b>3.548</b>        | <b>4.038</b> | <b>490</b>     | <b>13,8</b> | <b>84,8</b>  | <b>86,4</b>  |
| VI                                      | Investimentos reais                 | 635                 | 635          | 0              | -           | 15,2         | 13,6         |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            |                                     | <b>635</b>          | <b>635</b>   | <b>0</b>       | <b>-</b>    | <b>15,2</b>  | <b>13,6</b>  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> |                                     | <b>4.183</b>        | <b>4.673</b> | <b>490</b>     | <b>11,7</b> | <b>100,0</b> | <b>100,0</b> |
| <b>Total</b>                            |                                     | <b>4.183</b>        | <b>4.673</b> | <b>490</b>     | <b>11,7</b> | <b>100,0</b> | <b>100,0</b> |

(Orzamento homoxeneizado 2022) (Miles de Euros)

## INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA

O Instituto Galego de Estatística é un organismo autónomo creado pola Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia e cuxo Estatuto foi aprobado por Decreto 60/2016, do 26 de maio. Entre as súas funcións están as seguintes:

- Dirixir e coordinar a actividade estatística no ámbito das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Coordinar a actividade estatística levada a cabo polas distintas administracións públicas de Galicia.
- Realizar as estatísticas ou as fases delas que lle encomenden o Plan galego de estatística e os seus correspondentes programas estatísticos, así como calquera outra que lle podan encomendar ou que se estableza en virtude de convenios con outros organismos estatísticos.
- Colaborar en estatísticas de interese estatal ou supraestatal promovidas polos organismos competentes.
- Asegurar a difusión adecuada das estatísticas publicadas en Galicia, a través dos medios máis pertinentes, e expedir certificacións dos resultados estatísticos da súa competencia.
- Velar polo cumprimento das normas técnicas aprobadas e a aplicación das garantías necesarias para que sexan respectados o segredo estatístico e as outras condicións xurídicas a que se debe suxeitar a actividade estatística.

A actividade do Instituto Galego de Estatística ven determinada polos plans anuais de actuación previstos na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e no seu Estatuto e polos plans estatísticos plurianuais concretados nos programas estatísticos anuais. No 2023 abordaranse os seguintes elementos singulares que se superporán ao seu funcionamento ordinario:

- Elaborar as estatísticas do Programa Estatístico Anual (PEA 2023) que lle correspondan e as que se establezan por convenio con outros organismos públicos. Recollerase nova infor-

mación sobre uso do galego, pensións e participación no mercado laboral e introduciranse varias estatísticas relacionadas coa cultura e o turismo.

- Seguir intensificando o uso estatístico dos rexistros e integrais para construír bases de datos que permitan reducir a carga dos informantes, abaratar custos e dispor de indicadores máis rápidos para a gobernanza.
- Aumentar o valor da información estatística dispoñible e profundar nas análises demografía, social, económica e territorial. En particular, abordarase un estudo sobre o sector cultural.
- Realizar as actividades que se lle encomenden no Plan Anual de Actuación (PAA 2023), complementarias das que lle correspondan do Programa Estatístico Anual (PEA 2023). Proxeccións macroeconómicas 2030, posición cíclica da economía, microsimulación de impactos no IRPF e aplicación do modelo QUEST-R&D á economía galega, serán algunhas.
- Seguir colaborando coa administración xeral do Estado e as comunidades autónomas para construír un sistema harmonizado de indicadores da Axenda 2030 de desenvolvemento sostible para Galicia.

#### Orzamento de ingresos. Instituto Galego de Estatística

| Distribución económica                  |              |                     |            |                |              |              |
|-----------------------------------------|--------------|---------------------|------------|----------------|--------------|--------------|
|                                         |              | Variación 2023/2022 |            | Valor Relativo |              |              |
| Capítulos                               | 2022         | 2023                | Importe    | %              | 2022         | 2023         |
| III Tasas, prezos e outros ingresos     | 1            | 1                   | 0          | -              | -            | -            |
| IV Transferencias correntes             | 3.476        | 3.781               | 305        | 8,8            | 74,3         | 75,6         |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>3.477</b> | <b>3.782</b>        | <b>305</b> | <b>8,8</b>     | <b>74,3</b>  | <b>75,6</b>  |
| VII Transferencias de capital           | 1.200        | 1.219               | 19         | 1,6            | 25,7         | 24,4         |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>1.200</b> | <b>1.219</b>        | <b>19</b>  | <b>1,6</b>     | <b>25,7</b>  | <b>24,4</b>  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>4.677</b> | <b>5.001</b>        | <b>325</b> | <b>6,9</b>     | <b>100,0</b> | <b>100,0</b> |
| <b>Total</b>                            | <b>4.677</b> | <b>5.001</b>        | <b>325</b> | <b>6,9</b>     | <b>100,0</b> | <b>100,0</b> |

(Miles de Euros)

#### Orzamento de gastos. Instituto Galego de Estatística

| Distribución económica                  |              |                     |            |                |              |              |
|-----------------------------------------|--------------|---------------------|------------|----------------|--------------|--------------|
|                                         |              | Variación 2023/2022 |            | Valor Relativo |              |              |
| Capítulos                               | 2022         | 2023                | Importe    | %              | 2022         | 2023         |
| I Gastos de persoal                     | 3.143        | 3.431               | 288        | 9,2            | 67,2         | 68,6         |
| II Gastos en bens correntes e servizos  | 334          | 351                 | 17         | 5,1            | 7,1          | 7,0          |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>3.477</b> | <b>3.782</b>        | <b>305</b> | <b>8,8</b>     | <b>74,3</b>  | <b>75,6</b>  |
| VI Inversións reais                     | 1.200        | 1.219               | 19         | 1,6            | 25,7         | 24,4         |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>1.200</b> | <b>1.219</b>        | <b>19</b>  | <b>1,6</b>     | <b>25,7</b>  | <b>24,4</b>  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>4.677</b> | <b>5.001</b>        | <b>325</b> | <b>6,9</b>     | <b>100,0</b> | <b>100,0</b> |
| <b>Total</b>                            | <b>4.677</b> | <b>5.001</b>        | <b>325</b> | <b>6,9</b>     | <b>100,0</b> | <b>100,0</b> |

(Orzamento homoxeneizado 2022) (Miles de Euros)

## INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO

O Instituto de Estudos do Territorio (IET), organismo autónomo da Xunta de Galicia, adscrito á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, foi creado pola Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, en virtude do mandato recollido na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

Ambas as dúas leis foron derogadas pola vixente Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, que no seu capítulo IV regula o Instituto de Estudos do Territorio como organismo autónomo adscrito á consellaría competente en materia de ordenación do territorio e co obxecto de analizar, estudar e asesorar en materia de urbanismo e ordenación do territorio.

Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia establece que o Instituto de Estudos do Territorio é un organismo autónomo dos regulados na sección 2ª do capítulo II do título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, adscrito organicamente á consellaría competente en materia de ordenación do territorio, e ten por obxecto a análise, o estudo e o asesoramento en materia de urbanismo e ordenación do territorio, entendéndose comprendida nela a ordenación, protección e xestión da paisaxe.

Segundo o disposto no artigo 16 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, as funcións do IET son as seguintes:

- a) Realizar traballos de investigación, análise, estudo e difusión sobre urbanismo e ordenación do territorio.
- b) Prestar asistencia e asesoramento aos concellos de Galicia para a elaboración do planeamento urbanístico e a xestión e execución do planeamento, a fin de implementar as políticas da paisaxe na planificación urbanística e territorial.
- c) Prestar apoio á consellaría competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio.
- d) A recompilación e o tratamento da información do territorio galego, así como a produción cartográfica para as diferentes consellarías e organismos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, especialmente en materia agraria e de desenvolvemento rural.
- e) O apoio e o asesoramento á Xunta de Galicia en materia de paisaxe e de colaboración e coordinación con outras administracións e sectores da sociedade.
- f) Delimitar as grandes áreas paisaxísticas sobre as que se desenvolverán os catálogos da paisaxe e elaborar os catálogos da paisaxe de Galicia.
- g) Formar, sensibilizar e concienciar a sociedade galega na necesidade de protexer e xestionar debidamente as nosas paisaxes.

- h) Avaliar o estado de conservación das paisaxes de Galicia, analizar as súas transformacións e previsible evolución e realizar estudos e propostas en materia de paisaxe.
- i) Promover a colaboración e a cooperación en materia de paisaxe, sobre todo mediante asistencia científica e técnica mutua, e intercambios de experiencias con fins de formación e información.
- j) O seguimento de iniciativas de investigación e difusión de coñecementos de ámbito estatal, europeo e internacional en materia de paisaxe.
- k) Fomentar o intercambio de información e experiencias, así como a asistencia científica e técnica mutua en materia de paisaxes transfronteirizas.
- l) Elaborar cada catro anos un informe sobre o estado da paisaxe en Galicia, que a Xunta de Galicia presentará ao Parlamento de Galicia.

As funcións atribuídas ao Instituto de Estudos do Territorio entenderanse sen prexuízo das que lles correspondan aos órganos urbanísticos da Comunidade Autónoma.

Os estatutos do IET foron aprobados polo Decreto 244/2011, do 29 de decembro, que foi modificado, no que se refire as súas funcións, polo Decreto 14/2017, do 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da información xeográfica e da actividade cartográfica de Galicia.

#### Orçamento de ingresos. Instituto de Estudos do Territorio

| Distribución económica |                                         |              |              |                     |             |                |              |
|------------------------|-----------------------------------------|--------------|--------------|---------------------|-------------|----------------|--------------|
| Capítulos              |                                         | 2022         | 2023         | Variación 2023/2022 |             | Valor Relativo |              |
|                        |                                         |              |              | Importe             | %           | 2022           | 2023         |
| III                    | Taxas, prezos e outros ingresos         | 1            | 1            | 0                   | 13,8        | -              | -            |
| IV                     | Transferencias correntes                | 2.370        | 2.540        | 170                 | 7,2         | 42,3           | 45,8         |
|                        | <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>2.371</b> | <b>2.541</b> | <b>170</b>          | <b>7,2</b>  | <b>42,4</b>    | <b>45,8</b>  |
| VII                    | Transferencias de capital               | 3.226        | 3.009        | -217                | -6,7        | 57,6           | 54,2         |
|                        | <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>3.226</b> | <b>3.009</b> | <b>-217</b>         | <b>-6,7</b> | <b>57,6</b>    | <b>54,2</b>  |
|                        | <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>5.597</b> | <b>5.550</b> | <b>-46</b>          | <b>-0,8</b> | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |
|                        | <b>Total</b>                            | <b>5.597</b> | <b>5.550</b> | <b>-46</b>          | <b>-0,8</b> | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |

(Miles de Euros)

### Orzamento de gastos. Instituto de Estudos do Territorio

| Distribución económica                  |              |                     |             |                |              |              |
|-----------------------------------------|--------------|---------------------|-------------|----------------|--------------|--------------|
|                                         |              | Variación 2023/2022 |             | Valor Relativo |              |              |
| Capítulos                               | 2022         | 2023                | Importe     | %              | 2022         | 2023         |
| I Gastos de persoal                     | 2.269        | 2.439               | 170         | 7,5            | 40,5         | 43,9         |
| II Gastos en bens correntes e servizos  | 64           | 64                  | 0           | -              | 1,2          | 1,2          |
| IV Transferencias correntes             | 38           | 38                  | 0           | -              | 0,7          | 0,7          |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>2.371</b> | <b>2.541</b>        | <b>170</b>  | <b>7,2</b>     | <b>42,4</b>  | <b>45,8</b>  |
| VI Investimentos reais                  | 905          | 941                 | 36          | 3,9            | 16,2         | 17,0         |
| VII Transferencias de capital           | 2.321        | 2.068               | -252        | -10,9          | 41,5         | 37,3         |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>3.226</b> | <b>3.009</b>        | <b>-217</b> | <b>-6,7</b>    | <b>57,6</b>  | <b>54,2</b>  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>5.597</b> | <b>5.550</b>        | <b>-46</b>  | <b>-0,8</b>    | <b>100,0</b> | <b>100,0</b> |
| <b>Total</b>                            | <b>5.597</b> | <b>5.550</b>        | <b>-46</b>  | <b>-0,8</b>    | <b>100,0</b> | <b>100,0</b> |

(Orzamento homoxeneizado 2022) (Miles de Euros)

## INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO

Organismo autónomo creado pola Lei 3/1988, do 27 de abril, ao que lle corresponde a realización da política de solo e vivenda da Xunta de Galicia. O IGVS adscíbese á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, segundo o Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia.

O Instituto Galego de Vivenda e Solo exerce as competencias e funcións que a continuación se indican:

- En xeral correspóndelle as competencias e funcións en materia de política de vivenda, favorecendo o acceso dos cidadáns ao dereito, constitucionalmente garantido, dunha vivenda digna e adecuada.
- O fomento das actuacións de rehabilitación do patrimonio e arquitectónico en materia de vivenda tanto rural como urbana.
- A creación de solo residencial e de equipamentos acorde coas necesidades de asentamento da poboación.
- A proposta de disposicións para o establecemento, desenvolvemento e xestión da política en materia de solo empresarial da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a súa execución e avaliación.
- A planificación, desenvolvemento e xestión do solo empresarial no ámbito autonómico. A elaboración, promoción e xestión de plans e programas de promoción, adquisición e posta no mercado do solo empresarial que incentiven o asentamento de empresas, a dinamización económica e o equilibrio territorial.

Estas competencias e funcións relacionadas de xeito xenérico son consecuencia de sucesivas transferencias, que de seguido tamén se relacionan:

- Patrimonio arquitectónico, control de calidade na edificación e vivenda: o Real decreto 1926/1985, do 11 de setembro, dispón o traspaso de funcións e servizos na materia. A asunción e asignación lévase a cabo mediante Decreto 230/1985, do 24 de outubro.
- Sociedade estatal de promoción e equipamento do solo (SEPES): polo Real decreto 213/1986, do 10 de xaneiro, foron traspasadas á comunidade autónoma as participacións accionariais, e as funcións inherentes ás mesmas, que SEPES ostentaba en Xestur Coruña, Xestur Lugo e Solo Urbano de Pontevedra.
- Real decreto 2498/1983, do 20 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de vivenda rural. Funcións asumidas e asignadas polo Decreto 152/1983, do 11 de outubro.
- Real decreto 1461/1989, do 1 de decembro, sobre ampliación de medios adscritos aos servizos da administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de patrimonio arquitectónico, control da calidade da edificación e vivenda.

#### Orzamento de ingresos. Instituto Galego da Vivenda e Solo

| Distribución económica                  |                |                     |               |                |              |              |
|-----------------------------------------|----------------|---------------------|---------------|----------------|--------------|--------------|
|                                         |                | Variación 2023/2022 |               | Valor Relativo |              |              |
| Capítulos                               | 2022           | 2023                | Importe       | %              | 2022         | 2023         |
| III Tasas, prezos e outros ingresos     | 1.225          | 1.230               | 5             | 0,4            | 1,0          | 0,9          |
| IV Transferencias correntes             | 20.956         | 37.750              | 16.794        | 80,1           | 17,0         | 26,8         |
| V Ingresos patrimoniais                 | 4.165          | 4.270               | 105           | 2,5            | 3,4          | 3,0          |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>26.346</b>  | <b>43.250</b>       | <b>16.904</b> | <b>64,2</b>    | <b>21,3</b>  | <b>30,7</b>  |
| VI Alleamento de investimentos reais    | 8.200          | 9.100               | 900           | 11,0           | 6,6          | 6,5          |
| VII Transferencias de capital           | 88.996         | 88.311              | -685          | -0,8           | 72,0         | 62,8         |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>97.196</b>  | <b>97.411</b>       | <b>215</b>    | <b>0,2</b>     | <b>78,6</b>  | <b>69,2</b>  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>123.541</b> | <b>140.660</b>      | <b>17.119</b> | <b>13,9</b>    | <b>100,0</b> | <b>100,0</b> |
| VIII Activos financeiros                | 40             | 40                  | 0             | -              | -            | -            |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>     | <b>40</b>      | <b>40</b>           | <b>0</b>      | <b>-</b>       | <b>-</b>     | <b>-</b>     |
| <b>Total</b>                            | <b>123.581</b> | <b>140.700</b>      | <b>17.119</b> | <b>13,9</b>    | <b>100,0</b> | <b>100,0</b> |

(Miles de Euros)

#### Orzamento de gastos. Instituto Galego da Vivenda e Solo

| Distribución económica                  |                |                     |               |                |              |              |
|-----------------------------------------|----------------|---------------------|---------------|----------------|--------------|--------------|
|                                         |                | Variación 2023/2022 |               | Valor Relativo |              |              |
| Capítulos                               | 2022           | 2023                | Importe       | %              | 2022         | 2023         |
| I Gastos de persoal                     | 10.098         | 11.171              | 1.074         | 10,6           | 8,2          | 7,9          |
| II Gastos en bens correntes e servizos  | 4.531          | 4.629               | 98            | 2,2            | 3,7          | 3,3          |
| IV Transferencias correntes             | 11.717         | 27.450              | 15.732        | 134,3          | 9,5          | 19,5         |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>26.346</b>  | <b>43.250</b>       | <b>16.904</b> | <b>64,2</b>    | <b>21,3</b>  | <b>30,7</b>  |
| VI Investimentos reais                  | 34.663         | 34.923              | 259           | 0,7            | 28,0         | 24,8         |
| VII Transferencias de capital           | 62.033         | 61.988              | -45           | -0,1           | 50,2         | 44,1         |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>96.696</b>  | <b>96.911</b>       | <b>215</b>    | <b>0,2</b>     | <b>78,2</b>  | <b>68,9</b>  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>123.041</b> | <b>140.160</b>      | <b>17.119</b> | <b>13,9</b>    | <b>99,6</b>  | <b>99,6</b>  |
| VIII Activos financeiros                | 540            | 540                 | 0             | -              | 0,4          | 0,4          |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>     | <b>540</b>     | <b>540</b>          | <b>0</b>      | <b>-</b>       | <b>0,4</b>   | <b>0,4</b>   |
| <b>Total</b>                            | <b>123.581</b> | <b>140.700</b>      | <b>17.119</b> | <b>13,9</b>    | <b>100,0</b> | <b>100,0</b> |

(Orzamento homoxeneizado 2022) (Miles de Euros)

## INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), creado pola Lei 14/2007, do 30 de outubro, é un organismo autónomo dos previstos nos artigos 68 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia que se configura como un órgano técnico en materia de prevención de riscos laborais, goza de personalidade xurídica de seu, autonomía funcional e plena capacidade de obrar.

O Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia adscribo á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

O obxecto do Issga é a xestión e a coordinación das políticas que nas materias de seguridade, hixiene e saúde laboral establezan os poderes públicos da comunidade autónoma para a mellora das condicións de traballo, co obxecto de eliminar ou reducir na orixe os riscos inherentes ao traballo, sen prexuízo das competencias directas da autoridade laboral neste ámbito e das competencias atribuídas a outros departamentos da Xunta de Galicia.

A súa actuación está vinculada á Estratexia Galega de Seguridade e Saúde no Traballo 2017-2020 (promogada actualmente en tanto non se acorde cos axentes sociais un novo marco estratéxico en consonancia coa actual negociación da estratexia española e o recente marco estratéxico da Unión Europea en materia de seguridade e saúde no traballo); e, anualmente, ao Plan de actividades do Issga, froito do consenso da Xunta de Galicia, as organizacións empresarial e sindicais de ámbito autonómico.

O 2023 é o ano no que se aprobará, no seo do diálogo social, o marco estratéxico para Galicia en seguridade e saúde no traballo o que constituirá unha das liñas estratéxicas da consellería de adscrición do Instituto.

### Orzamento de ingresos. Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral

| Distribución económica                  |              |              |            |                     |              |                |  |
|-----------------------------------------|--------------|--------------|------------|---------------------|--------------|----------------|--|
|                                         |              |              |            | Variación 2023/2022 |              | Valor Relativo |  |
| Capítulos                               | 2022         | 2023         | Importe    | %                   | 2022         | 2023           |  |
| IV Transferencias correntes             | 6.175        | 6.945        | 770        | 12,5                | 93,3         | 93,5           |  |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>6.175</b> | <b>6.945</b> | <b>770</b> | <b>12,5</b>         | <b>93,3</b>  | <b>93,5</b>    |  |
| VII Transferencias de capital           | 442          | 482          | 40         | 9,1                 | 6,7          | 6,5            |  |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>442</b>   | <b>482</b>   | <b>40</b>  | <b>9,1</b>          | <b>6,7</b>   | <b>6,5</b>     |  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>6.616</b> | <b>7.426</b> | <b>810</b> | <b>12,2</b>         | <b>100,0</b> | <b>100,0</b>   |  |
| <b>Total</b>                            | <b>6.616</b> | <b>7.426</b> | <b>810</b> | <b>12,2</b>         | <b>100,0</b> | <b>100,0</b>   |  |

(Miles de Euros)

## Orzamento de gastos. Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral

| Distribución económica                  |              |                     |            |                |              |              |
|-----------------------------------------|--------------|---------------------|------------|----------------|--------------|--------------|
|                                         |              | Variación 2023/2022 |            | Valor Relativo |              |              |
| Capítulos                               | 2022         | 2023                | Importe    | %              | 2022         | 2023         |
| I Gastos de persoal                     | 5.535        | 5.921               | 386        | 7,0            | 83,6         | 79,7         |
| II Gastos en bens correntes e servizos  | 640          | 1.024               | 384        | 59,9           | 9,7          | 13,8         |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>6.175</b> | <b>6.945</b>        | <b>770</b> | <b>12,5</b>    | <b>93,3</b>  | <b>93,5</b>  |
| VI Investimentos reais                  | 442          | 482                 | 40         | 9,1            | 6,7          | 6,5          |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>442</b>   | <b>482</b>          | <b>40</b>  | <b>9,1</b>     | <b>6,7</b>   | <b>6,5</b>   |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>6.616</b> | <b>7.426</b>        | <b>810</b> | <b>12,2</b>    | <b>100,0</b> | <b>100,0</b> |
| <b>Total</b>                            | <b>6.616</b> | <b>7.426</b>        | <b>810</b> | <b>12,2</b>    | <b>100,0</b> | <b>100,0</b> |

(Orzamento homoxeneizado 2022) (Miles de Euros)

## SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Foi creado pola Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, coa finalidade de xestionar os recursos sanitarios dependentes da comunidade autónoma e de levar a cabo a coordinación de todos os servizos dese carácter existentes dentro do seu ámbito territorial. É un organismo autónomo, dotado de personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins. Está adscrito á Consellería de Sanidade e réxese polo establecido na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia.

Este organismo autónomo volverá a ser no 2023 o centro directivo que manexe un maior volume do orzamento autonómico, reflectindo unha vez máis a prioridade que a Xunta de Galicia dá á prestación da asistencia sanitaria como un dos fins fundamentais do goberno e a administración autonómica.

En consecuencia, ese importante volume do orzamento público será dedicado a fornecer de recursos humanos, materiais e tecnolóxicos a un servizo público de saúde que debe atender, dun xeito cada vez máis eficaz, os problemas de saúde dunha poboación cada vez máis envellecida e pluripatolóxica e que debe abordar con máis eficiencia procesos sanitarios complexos que requiren dunha abordaxe multidisciplinar e dun grao elevado de integración asistencial.

Así, o programa dedicado á atención primaria consolida e reforza os cadros de persoal ampliados a través do Plan galego de atención primaria, avanzando na potenciación das categorías profesionais diferentes do persoal médico como o persoal de enfermaría, farmacia, fisioterapia ou servizos xerais. Ao tempo, consolídanse as prazas do persoal de medicina e enfermaría que completou tres anos de nomeamento de continuidade e dótanse as cantidades necesarias para financiar as melloras retributivas acordadas por unanimidade na Mesa Sectorial e que recollen un aumento das compensacións por prolongacións de xornada, intersubstitucións ou asunción de cota dun profesional ausente así como incentivos na prestación de servizos en centros de saúde illados ou de difícil cobertura.

Nese senso, márcase como obxectivo abordar a cobertura de prazas longamente vacantes neste tipo de centros, fin ao que serviu a convocatoria e adxudicación en 2022 de 106 prazas da nova categoría de facultativo especialista en atención primaria, que permitiu achegar novo persoal con vinculación fixa a centros de saúde con problemas prolongados de falta de cobertura ao tempo que reforzar a cobertura das gardas dos Puntos de Atención Continuada asociados a ditos centros.

A entrada en vigor da nova Lei de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura de determinado persoal estatutario con título de especialista en ciencias da saúde do Servizo Galego de Saúde permitirá consolidar e continuar esta experiencia e abordar novas convocatorias a través de concurso de méritos para este tipo de prazas, ao tempo que se seguen a executar as sucesivas ofertas públicas de emprego co correspondente desenvolvemento dos concursos-oposición en marcha en categorías como a enfermaría.

Por outra banda, avanza na negociación sindical dun novo Plan de ordenación de recursos humanos na atención primaria e nos modelos de organización deste nivel asistencial a través da extensión de programas como o XIDE (Xestión Integral da Demanda en Equipo), o CRM100 de atención ao usuario ou as carteiras de servizos aprobadas de xeito participativo para as distintas categorías a través do Consello Técnico de Atención Primaria, que incluírán a extensión das capacidades de dispensación por parte do persoal de enfermaría e a implantación de protocolos avanzados para o desenvolvemento de máis funcións por parte desta categoría, a consolidación das capacidades da reforzada dotación de persoal farmacéutico adscrito aos centros de atención primaria ou a potenciación do papel do persoal administrativo na organización da demanda.

Esta reforma dos centros de saúde de atención primaria cara un modelo de equipos de traballo colaborativos e multidisciplinares verase reforzada coa extensión dos plans locais de saúde que potencian a autonomía dos centros para desenvolver o seu propio modelo organizativo e a prevista renovación do decreto regulador da organización da atención primaria en Galicia para reforzar o papel dos postos de xefatura e coordinación dos servizos na xestión integral da actividade do centro.

Para garantir a futura dotación de persoal suficiente neste nivel asistencial, os orçamentos da Xunta para 2023 contemplan un novo aumento dos fondos para persoal en formación, que corresponde fundamentalmente a ampliación ata 207 das prazas formativas na especialidade de medicina familiar e comunitaria. Durante 2023 o Servizo Galego de Saúde executará a formación da maior promoción de residentes en medicina familiar e comunitaria da súa historia ao tempo que o goberno galego continúa demandando ao Goberno de España as reformas na normativa estatal que permitan incrementar aínda máis as prazas formativas desta especialidade e responder así á situación e perspectiva de déficit de especialistas en medicina de familia diagnosticada polo propio Ministerio de Sanidade no conxunto de España.

No que respecta á atención hospitalaria, o principal obxectivo cara o ano 2023 é a diminución dos tempos medios de espera para intervencións cirúrxicas, primeiras consultas hospitalarias

e probas diagnósticas para o que se prevé un esforzo orzamentario destinado a maximizar os recursos asistenciais e reducir estes tempos medios, cando menos, ao nivel prepandemia acadado a finais do ano 2019, récord histórico de mínimo nestes indicadores.

Este esforzo xeral complementarase cos esforzos particulares como os relacionados coa extensión das vías rápidas a novas tipoloxías de cancro, como vén de suceder coa implantación da vía rápida de cancro de endometrio ou coa ampliación das patoloxías comprendidas dentro do sistema de garantías de tempos máximos que xa beneficiou a máis de 200.000 pacientes desde a súa posta en marcha e sempre dentro dos recursos do sistema sanitario público. Para isto, en 2023 completárase a aprobación dunha reforma do decreto regulador deste sistema que amplíe o seu catálogo de patoloxías.

Avanzarase tamén no modelo de unidades multidisciplinares regulado a través da Orde do 27 de outubro de 2021 pola que se regula a creación, composición, organización e funcionamento das unidades funcionais multidisciplinares de atención asistencial no Servizo Galego de Saúde. Un modelo iniciado coas unidades postCovid e as unidades de enfermidades raras e que se estenderá ás unidades de mama e solo pélveco.

Esta atención específica aos problemas de saúde complexos complementarase co avance na aprobación de novos Procesos Asistenciais Integrados para facilitar os itinerarios dos pacientes con patoloxías complexas e coa execución do novo documento estratéxico en materia de oncohematoloxía.

A saúde mental será outra das prioridades estratéxicas, continuando co desenvolvemento do Plan de saúde mental 2020-2024 e co Plan de Prevención do Suicidio. A aplicación ás novas prazas creadas ao abeiro deste plan da nova Lei de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura facilitará a posta en marcha das unidades previstas polo plan, entre as que destacan a xeneralización, en todas as áreas sanitarias, das unidades de prevención do suicidio e dos hospitais de día de saúde mental infanto-xuvenil, así como a efectiva posta en marcha dunha segunda unidade de hospitalización infanto-xuvenil de agudos en Vigo que complementa á de Santiago de Compostela.

Tamén o desenvolvemento do Plan de saúde mental implicará o reforzo das dotacións para o concerto de prazas en dispositivos de apoio comunitario con entidades sociais e do apoio económico aos programas destas entidades así como o seguimento do novo protocolo de prevención do suicidio no ámbito escolar posto en marcha coa colaboración da consellería competente en educación.

Galicia seguirá tamén traballando en incorporar terapias innovadoras e así, do mesmo xeito que foi a primeira comunidade autónoma en incorporar ao seu servizo público de saúde o tratamento por ultrasóns do párkinson e do tremor esencial, aspira a ser a primeira en completar o desenvolvemento dun centro de protonterapia e a poñer en marcha un centro de produción

de terapias avanzadas no que se comezarán a fabricar fármacos CAR-T de terapia celular contra o cancro.

No que se refire á mellora da atención hospitalaria nos hospitais comarcais, a aplicación ás prazas destes centros da nova Lei de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura facilitará resolver os déficits que estes hospitais padecen en eidos como a medicina interna, a radioloxía ou a traumatoloxía.

A calidade asistencial reforzarase tamén coa entrada en funcionamento da totalidade dos equipos de alta tecnoloxía licitados e adxudicados pola Xunta en 2022 a través dos fondos europeos Next Generation para modernizar e ampliar o equipamento de diagnóstico por imaxe, medicina nuclear, radioterapia, radioloxía intervencionista e cardioloxía intervencionista (hemodinámica) de toda a rede de hospitais públicos de Galicia. Un investimento de fondos europeos que o goberno galego complementou con fondos propios tanto para mellorar as prestacións do equipamento (optando, por exemplo, por adquirir equipos TAC de tecnoloxía espectral para as sete áreas sanitarias) como para executar as obras necesarias para instalar os equipos.

En 2023 avanza tamén co reforzo doutro equipamento diagnóstico, continuando o investimento en renovación de equipos de ecografía iniciado en 2022 coa dotación de máis de 60 novos equipos nos hospitais públicos galegos e completárase o programa de renovación dos bloques cirúrxicos que ata o de agora non só permitiu a instalación de sistemas de cirurxía robótica nas sete áreas sanitarias senón que posibilitou a renovación de equipos radiocirúrxicos, lámpadas e mesas de quirófano ou máquinas de anestesia. Finalmente, priorizárase a renovación e ampliación do equipamento dos programas de reprodución asistida na sanidade pública galega.

No que corresponde ao investimento tecnolóxico para o conxunto dos niveis asistenciais do Servizo Galego de Saúde, os orzamentos manteñen o financiamento para desenvolver os acordos marco postos en marcha durante o ano 2022 e que permitirán renovar os servidores, o almacenamento ou o equipamento de conmutación de datos en todas as infraestruturas sanitarias.

Por outra banda, o acordo marco en materia de desenvolvemento de sistemas vinculados á historia clínica electrónica e á relación dixital coa cidadanía permitirá desenvolver novas funcionalidades nas aplicacións móbiles de relación do usuario co sistema sanitario como a carpeta persoal de saúde para compartir información co seu persoal sanitario de referencia, tanto en primaria como en hospitalaria, a conexión dos sistemas de teleasistencia como TELEA ou sistemas que axilien as solicitudes de renovación da receita farmacéutica ou a recepción de resultados de análíticas así como a emisión de certificados, avanzando na experiencia da utilidade da app SergasMóbil no proceso de vacinación contra a Covid-19.

Ao tempo, desenvolverase tamén o acordo marco en materia de renovación do equipamento informático dos centros hospitalarios e de atención primaria. Os equipos adquiridos a través desta contratación permitirán, en conxunto coa nova versión do sistema informático de

historia clínica electrónica, xeneralizar a posibilidade de videoconsulta, tanto nas consultas de atención primaria como en atención hospitalaria, cando así sexa acordado por profesional e paciente.

Avanzarase, asemade, no desenvolvemento do proxecto de posta en marcha dunha oitava área sanitaria que, cun compoñente dixital, apoie ás sete áreas físicas do Servizo Galego de Saúde, tanto en atención primaria como en hospitalaria. O soporte centralizado que prestaron aos centros de primaria, ao persoal técnico de saúde ou ao persoal farmacéutico instalados na central do 061 ou o que pode prestar ao eido hospitalario a posta en marcha dunha central de imaxe médica que permita optimizar os recursos en materia de radiodiagnóstico, son os primeiros avances desa nova estrutura que contempla tamén a posta en marcha dunha infraestrutura big data que permita a explotación dos datos de saúde e o uso da intelixencia artificial para o deseño de patróns predictivos.

No referido aos recursos materiais, o Sergas continuará coa política estratéxica de centralización de contratos de material sanitario iniciada nos últimos anos, que se estendeu ao longo de 2022 a novas licitacións e na que se seguirá avanzando no 2023, así como co perfeccionamento dos sistemas da súa plataforma lóxística, a través da nova licitación deste servizo.

Finalmente, o investimento en infraestruturas continúa o desenvolvemento do Plan de infraestruturas sanitarias de atención primaria aprobado en 2021 e dos plans directores dos distintos hospitais, que se traducen nas seguintes actuacións nas distintas áreas sanitarias:

- Na área sanitaria de Ferrol, no 2023 contéplase o dobre obxectivo de avanzar na conclusión da obra da fase I do seu Plan Director, coa posta en marcha progresiva de novas áreas como a de radioloxía, para as que xa se dota novo equipamento, ao tempo que se elabora o proxecto construtivo do que será a fase final deste Plan Director, definindo así o detalle arquitectónico que permitirá licitar as obras que completen a transformación do CHUF, incluíndo as reformas de quirófanos e zona de hospitalización dos edificios máis antigos do complexo.

Esta actuación hospitalaria completará o profundo proceso de renovación da infraestrutura de atención primaria desta área nos últimos anos, con novos centros de saúde en Narón, Ares, A Capela ou As Somozas e reformas en As Pontes, Ortigueira, Mugardos ou Valdoviño. Os orçamentos para este ano non reservan crédito específico para novas actuacións na atención primaria desta área ao non ter superado, ningunha das previstas no Plan de infraestruturas, os trámites municipais previos necesarios. En todo caso, existe un fondo global para poder licitar os proxectos daquelas actuacións que, ao longo do exercicio, superasen os trámites municipais dos que continúan pendentes e que, no caso da área sanitaria de Ferrol, son urbanísticos no referido á reforma do centro de saúde de Cedeira e de oferta de parcela concreta nos casos dos novos centros de saúde de Fene e do barrio de San Xoán en Ferrol.

- No que se refire á área sanitaria da Coruña e Cee existen importantes investimentos en materia hospitalaria a comezar polo novo CHUAC, que rematará a súa fase 0 e adentrarase nos

traballos da fase I como os relacionados coas expropiacións, accesos e renovación do hotel de pacientes. Tamén se consignan fondos para a obra de reforma das urxencias do hospital comarcal Virxe da Xunqueira de Cee, cuxo proxecto foi licitado e elaborado ao longo de 2022.

En materia de atención primaria, resérvase crédito dentro da partida do Plan de atención primaria para o inicio da obra do centro de saúde de Abegondo, cuxo proxecto arquitectónico foi rematado ao longo de 2022. Reitérase, no capítulo VII dos orçamentos, a partida de transferencia de capital prevista para aboar ao Concello da Coruña a obra do novo centro de saúde de Santa Lucía, que non puido ser executada en 2022 dada a falta de avances por parte do concello na licitación do proxecto arquitectónico do edificio que albergará este novo centro, tal e como estaba establecido no convenio asinado a tal efecto.

- A área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza contempla a dotación necesaria para avanzar na ampliación do CHUS licitada en 2022 así como a dedicada a completar a renovación do servizo de farmacia hospitalaria deste complexo. No caso do hospital comarcal da Barbanza, unha vez completada a obra e equipamento da súa nova área de endoscopias consígnase crédito para avanzar na ampliación da súa área de hospitalización.

No referido ás infraestruturas de atención primaria destaca a dotación para completar a obra e o equipamento do novo Centro Integral de Saúde de Lalín. Por outra banda, consígnanse os fondos necesarios para a reforma do centro de saúde de Conxo, en Santiago de Compostela, e para o proxecto do novo centro de saúde de Noia e Teo unha vez que xa rematou o proceso de adquisición municipal dos terreos. Tamén se reserva crédito para reformar a área de saúde mental en Ordes.

- En canto á área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, a renovación de infraestruturas afectará aos seus tres hospitais. Así, o HULA lucense será obxecto de investimentos para as obras que permitirán instalar o equipo de neuromradioloxía e o equipo de tomografía por emisión de positrons (PET) adquiridos grazas aos fondos europeos Next Generation e que facilitarán aos pacientes da área dispoñer de tecnoloxía coa que non contaban ata o momento, evitándolles así desprazamentos a outras áreas sanitarias. O mesmo ocorre co Hospital Público da Mariña, que comeza a segunda fase do seu Plan Director coa obra que permitirá acoller a nova resonancia magnética coa que contará en 2023. Pola súa banda, no caso do hospital de Monforte que vén de reformar as súas áreas de farmacia, hospital de día e laboratorio, consígnanse os fondos destinados a licitar un Plan Director que estableza as fases dunha necesaria reforma integral das áreas de hospitalización e consultas.

A atención primaria da área sanitaria, reforzada coa entrada en funcionamento do novo Centro Integral de Saúde de Lugo contará tamén con crédito reservado para iniciar a obra do novo centro de saúde de Antas de Ulla, cuxo proxecto foi elaborado ao longo de 2022, para licitar os proxectos de reforma dos centros de saúde de Meira e A Milagrosa (Lugo), logo dos respectivos convenios cos concellos, e para o proxecto de ampliación do centro de saúde de Outeiro de Rei unha vez que o concello xa rematou o proceso de adquisición da parcela nece-

saria. Os restantes centros de saúde priorizados no Plan de infraestruturas, como o de Ribadeo ou o de Sagrado Corazón (Lugo) dispoñen dun fondo global previsto para poder licitar proxectos daquelas actuacións que, ao longo do exercicio, superasen os trámites municipais dos que continúan pendentes.

- A área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras prevé investimentos importantes en todos os seus hospitais. No CHUO, ademais da construción xa en marcha do novo edificio de hospitalización e da reforma do hospital materno-infantil, está en execución a reforma da UCI e en trámite de contratación as obras para os novos servizos de medicina nuclear e cardiología e radiología intervencionistas, que permitirán instalar o equipo de neurorradiología e o equipo de tomografía por emisión de positrons (PET) adquiridos grazas aos fondos europeos Next Generation e que facilitarán aos pacientes da área dispoñer de tecnoloxía coa que non contaban ata o momento, evitándolles así desprazamentos a outras áreas sanitarias. Pola súa banda, o Hospital Público de Valdeorras verá, unha vez rematadas as reformas das súas áreas de hospital de día, cirurxía maior ambulatoria e farmacia, a conclusión da esperada reforma das consultas externas. Finalmente, consígnase o orzamento necesario para avanzar na obra xa iniciada de ampliación do Hospital de Verín a través dun novo edificio de urxencias.

No que respecta á atención primaria da área, o principal obxectivo é o inicio da obra do Centro Integral de Saúde de Ourense unha vez concluído o seu proxecto arquitectónico. Por outra banda, consígnanse os fondos necesarios para iniciar as obras do centro de saúde de A Rúa, unha vez adxudicado en 2022 o seu proxecto arquitectónico, e para contratar os proxectos arquitectónicos de novos centros de saúde como os de Boborás e Muíños, que xa avanzaron na cesión á Xunta das parcelas correspondentes, ou o do Carballiño, que se edificará nunha parcela que xa é de titularidade autonómica.

- Na área sanitaria de Pontevedra e o Salnés o principal investimento está na execución do proxecto do Novo Montecelo, unha obra que non só suporá unha ampliación de espazos senón tamén de servizos coa creación dunhas áreas de radioterapia e medicina nuclear para as que xa se ten adquirido o correspondente equipamento (aceleradores lineais e gammacámaras) a través dos fondos Next Generation e que evitarán desprazamentos de pacientes a Vigo. Estes orzamentos consignan tamén fondos para renovar os equipamentos cos que se dotará ao novo hospital. Pola súa banda, o Hospital Público do Salnés estreará a nova unidade de esterilización, logo do remate da súa obra, e equipamento por case 1,5 millóns de euros.

En referencia á atención primaria, consígnanse os fondos dentro da partida do Plan de atención primaria para avanzar nos centros de saúde de Vilagarcía, xa licitado, e no de Soutomaior, do que se contratará proxecto trala sinatura do convenio co concello. A efectiva posta a disposición de parcelas con plena viabilidade urbanística por parte dos concellos de Meis e Barro permite tamén reservar crédito para licitar os proxectos destes novos centros de saúde.

- Por último, a área sanitaria de Vigo verá concluída a obra de climatización do hospital de Meixoeiro, coa que remata un proceso de renovación deste edificio que supuxo un investimento

de 22 millóns de euros nos últimos anos. No que respecta ao Hospital Público Álvaro Cunqueiro, dótanse os fondos para a execución das cinco reformas cuxos trámites se iniciaron en 2022: unidade de hospitalización psiquiátrica infanto-xuvenil, unidade de enfermidades raras, área de necropsias, unidade de rehabilitación cardíaca e unidade de Hospitalización a Domicilio.

No que ten a ver coa atención primaria, os dous principais investimentos son os relacionados coa conclusión da obra de ampliación xa en marcha no centro de saúde do Porriño e co inicio das obras, recentemente licitadas, do novo centro de saúde de Moaña. No que respecta ao resto de actuacións previstas no Plan de infraestruturas, a ausencia dos trámites municipais previos necesarios para poñer a disposición parcelas viables deixa a meirande parte delas sen reserva de crédito específico, sen prexuízo do fondo global existente para poder licitar os proxectos daquelas actuacións que, ao longo do exercicio, superasen os trámites municipais que continúan pendentes. A única excepción sería a reserva de crédito para o novo centro de saúde de Mos, que se edificará nunha parcela que xa é de titularidade autonómica: a correspondente ao antigo hospital do Rebullón.

En materia de xestión dos recursos humanos, os principais obxectivos transversais para ambos niveis asistenciais serán a execución da oferta de emprego público extraordinaria para a estabilización do emprego temporal do persoal do Sistema Público de Saúde de Galicia así como a continuidade nos concursos de traslados abertos e permanentes.

Ademais, continuarase a desenvolver o I Plan de igualdade entre mulleres e homes no Servizo Galego de Saúde, que se atopa nun alto grao de execución e, en particular, as novas medidas de mellora das condicións laborais das traballadoras embarazadas aprobadas no ano 2022 e que afectan a diferentes ámbitos laborais, como os accesos ao emprego, as adaptacións de postos e accións informativas, formativas e de coidado das mulleres traballadoras embarazadas.

Finalmente, procederase a desenvolver a aplicación do novo decreto regulador da formación sanitaria especializada en Galicia, coa aplicación de incentivos ao persoal que desempeña funcións de xefatura de estudos ou titor/a de novos residentes garantindo a dispoñibilidade dunha dedicación específica para o exercicio das súas funcións priorizando a súa participación en actividades de formación continuada destinadas ao persoal sanitario.

### Orzamento de ingresos. Servizo Galego de Saúde

| Distribución económica                  |                  |                  |                |                     |              |                |  |
|-----------------------------------------|------------------|------------------|----------------|---------------------|--------------|----------------|--|
|                                         |                  |                  |                | Variación 2023/2022 |              | Valor Relativo |  |
| Capítulos                               | 2022             | 2023             | Importe        | %                   | 2022         | 2023           |  |
| III Tasas, prezos e outros ingresos     | 61.490           | 55.793           | -5.697         | -9,3                | 1,4          | 1,1            |  |
| IV Transferencias correntes             | 4.106.775        | 4.411.275        | 304.500        | 7,4                 | 91,4         | 90,7           |  |
| V Ingresos patrimoniais                 | 100              | 100              | 0              | -                   | -            | -              |  |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>4.168.365</b> | <b>4.467.168</b> | <b>298.803</b> | <b>7,2</b>          | <b>92,7</b>  | <b>91,9</b>    |  |
| VII Transferencias de capital           | 325.927          | 395.155          | 69.227         | 21,2                | 7,3          | 8,1            |  |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>325.927</b>   | <b>395.155</b>   | <b>69.227</b>  | <b>21,2</b>         | <b>7,3</b>   | <b>8,1</b>     |  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>4.494.292</b> | <b>4.862.323</b> | <b>368.031</b> | <b>8,2</b>          | <b>100,0</b> | <b>100,0</b>   |  |
| VIII Activos financeiros                | 650              | 650              | 0              | -                   | -            | -              |  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>     | <b>650</b>       | <b>650</b>       | <b>0</b>       | <b>-</b>            | <b>-</b>     | <b>-</b>       |  |
| <b>Total</b>                            | <b>4.494.942</b> | <b>4.862.973</b> | <b>368.031</b> | <b>8,2</b>          | <b>100,0</b> | <b>100,0</b>   |  |

(Miles de Euros)

### Orzamento de gastos. Servizo Galego de Saúde

| Distribución económica                  |                  |                  |                |                     |              |                |  |
|-----------------------------------------|------------------|------------------|----------------|---------------------|--------------|----------------|--|
|                                         |                  |                  |                | Variación 2023/2022 |              | Valor Relativo |  |
| Capítulos                               | 2022             | 2023             | Importe        | %                   | 2022         | 2023           |  |
| I Gastos de persoal                     | 1.906.799        | 2.014.707        | 107.907        | 5,7                 | 42,4         | 41,4           |  |
| II Gastos en bens correntes e servizos  | 1.339.904        | 1.455.410        | 115.506        | 8,6                 | 29,8         | 29,9           |  |
| III Gastos financeiros                  | 0                | 0                | 0              | -                   | -            | -              |  |
| IV Transferencias correntes             | 889.745          | 965.135          | 75.390         | 8,5                 | 19,8         | 19,8           |  |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>4.136.448</b> | <b>4.435.251</b> | <b>298.803</b> | <b>7,2</b>          | <b>92,0</b>  | <b>91,2</b>    |  |
| V Fondo de continxencia                 | 31.917           | 31.917           | 0              | -                   | 0,7          | 0,7            |  |
| VI Investimentos reais                  | 323.082          | 392.851          | 69.769         | 21,6                | 7,2          | 8,1            |  |
| VII Transferencias de capital           | 2.845            | 2.304            | -541           | -19,0               | 0,1          | -              |  |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>325.927</b>   | <b>395.155</b>   | <b>69.227</b>  | <b>21,2</b>         | <b>7,3</b>   | <b>8,1</b>     |  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>4.494.292</b> | <b>4.862.323</b> | <b>368.031</b> | <b>8,2</b>          | <b>100,0</b> | <b>100,0</b>   |  |
| VIII Activos financeiros                | 650              | 650              | 0              | -                   | -            | -              |  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>     | <b>650</b>       | <b>650</b>       | <b>0</b>       | <b>-</b>            | <b>-</b>     | <b>-</b>       |  |
| <b>Total</b>                            | <b>4.494.942</b> | <b>4.862.973</b> | <b>368.031</b> | <b>8,2</b>          | <b>100,0</b> | <b>100,0</b>   |  |

(Orzamento homoxeneizado 2022) (Miles de Euros)

## FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA

Regulado pola Lei 7/1994, do 29 de decembro, e coa denominación actual segundo a Lei 7/2002, do 27 de decembro, de medidas fiscais e réxime administrativo, e polo Decreto 7/2014, do 16 de xaneiro, polo que se aproban os seus estatutos, é un organismo autónomo dos regulados na sección 2ª do capítulo II do título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

O Fondo Galego de Garantía Agraria está adscrito á Consellería do Medio Rural e ten por obxecto executar as políticas desta consellería, no referente á aplicación das medidas de ordenación, fomento, reestruturación e mellora do sector lácteo e gandeiro, levando a cabo a execución das accións necesarias para a aplicación na Comunidade Autónoma da Política Agraria Común (PAC) e para o funcionamento das distintas organizacións de mercados e a mellora das estru-

ras agropecuarias; apoiar e promover a mellora e modernización do sector lácteo gandeiro nas diferentes áreas de actuación; promover a participación do sector nos labores de planificación, xestión e financiación dos seus programas de mellora e desenvolvemento.

Este organismo ten como obxectivos, para o vindeiro exercicio 2023, a xestión eficaz no pagamento dos fondos europeos agrícolas en Galicia, a procura dunha mellora das rendas das persoas agricultoras galegas, así como a contribución á dinamización das zonas rurais desenvolvendo as seguintes actuacións prioritarias:

- Desenvolvemento das funcións inherentes á súa condición de organismo pagador dos fondos europeos agrícolas en Galicia (Fondo Europeo Agrícola de Garantía –Feaga– e Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural –Feader–), autorizando e xestionando o pago e contabilizando os importes das axudas con cargo aos citados fondos, e exercendo as demais funcións de coordinación, comunicación, auditoras e outras conexas que lle corresponden como organismo pagador.
- Desenvolvemento da xestión das axudas da Política Agraria Común (PAC) en Galicia, tendo en conta o marco normativo da PAC 2023-2027 e as prioridades desta.
- A xestión íntegra das axudas a zonas con limitacións naturais, así como as axudas de agroambiente e clima e agricultura ecolóxica prevista no Plan Estratéxico da PAC (PE PAC) 2023-2027.
- Pagamento e contabilización das actuacións incluídas no PDR, financiadas Feader, cuxa fase de autorización e control non se xestiona directamente polo Fogga e para as que a xestión corresponde a outros órganos da Consellería do Medio Rural e outros centros directivos da Xunta de Galicia.
- Pagamento e contabilización, en tanto que organismo pagador, das medidas relativas á apicultura, reestruturación de viñedo, promoción en terceiros países, organizacións de produtores e medidas de investimento financiadas polo Feaga.
- A realización das operacións en réxime de intervención e regulación de mercados por conta do Feaga, entradas, saídas e almacenamento das mercadorías, de acordo coas instrucións ditadas segundo a xestión encomendada polo Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA).
- A realización de accións destinadas a mellorar as producións gandeiras e fortalecer con iso a puxanza do sector lácteo galego e cárnico no contexto nacional e europeo, tales como apoiar ás sociedades públicas participadas polo Fogga que operan no sector agropecuario.
- Neste ámbito, cómpre destacar a mobilización de axudas directas para apoiar ao sector da carne de Galicia, por valor de máis de 17 millóns de euros ante a crise de prezos, rexistrada desde finais de 2021, e agravada pola invasión rusa de Ucraína.

### Orçamento de ingresos. Fondo Galego de Garantía Agraria

| Distribución económica                  |               |                     |               |                |              |              |
|-----------------------------------------|---------------|---------------------|---------------|----------------|--------------|--------------|
|                                         |               | Variación 2023/2022 |               | Valor Relativo |              |              |
| Capítulos                               | 2022          | 2023                | Importe       | %              | 2022         | 2023         |
| III Tasas, prezos e outros ingresos     | 12            | 12                  | 0             | -              | -            | -            |
| IV Transferencias correntes             | 5.230         | 5.766               | 536           | 10,2           | 8,0          | 9,8          |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>5.242</b>  | <b>5.778</b>        | <b>536</b>    | <b>10,2</b>    | <b>8,0</b>   | <b>9,8</b>   |
| VII Transferencias de capital           | 59.886        | 53.020              | -6.866        | -11,5          | 92,0         | 90,2         |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>59.886</b> | <b>53.020</b>       | <b>-6.866</b> | <b>-11,5</b>   | <b>92,0</b>  | <b>90,2</b>  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>65.129</b> | <b>58.799</b>       | <b>-6.330</b> | <b>-9,7</b>    | <b>100,0</b> | <b>100,0</b> |
| <b>Total</b>                            | <b>65.129</b> | <b>58.799</b>       | <b>-6.330</b> | <b>-9,7</b>    | <b>100,0</b> | <b>100,0</b> |

(Miles de Euros)

### Orçamento de gastos. Fondo Galego de Garantía Agraria

| Distribución económica                  |               |                     |               |                |              |              |
|-----------------------------------------|---------------|---------------------|---------------|----------------|--------------|--------------|
|                                         |               | Variación 2023/2022 |               | Valor Relativo |              |              |
| Capítulos                               | 2022          | 2023                | Importe       | %              | 2022         | 2023         |
| I Gastos de persoal                     | 4.781         | 5.291               | 510           | 10,7           | 7,3          | 9,0          |
| II Gastos en bens correntes e servizos  | 459           | 484                 | 26            | 5,6            | 0,7          | 0,8          |
| III Gastos financeiros                  | 3             | 3                   | 0             | -              | -            | -            |
| IV Transferencias correntes             | 0             | 0                   | 0             | -              | -            | -            |
- Departamento de Apoio á Comisión Interdepartamental de I+D+i: correspóndelle a este departamento a preparación da orde do día, a elaboración das convocatorias, a redacción das actas, os acordos e as certificacións correspondentes ás reunións da Comisión Interdepartamental de I+D+i e do Grupo Técnico, o asesoramento e a realización dos informes e estudos que en materia de I+D+i lle sexan encomendados, así como a revisión e arquivo da documentación dos expedientes. Este departamento prestará apoio administrativo aos grupos de traballo que no seo do Grupo Técnico se acorden crear para o estudo das actuacións incluídas no plan de traballo da Comisión Interdepartamental de I+D+i.

#### Orzamento de ingresos. Axencia Galega de Innovación

| Distribución económica                  |                |                |               |                     |              |                |  |
|-----------------------------------------|----------------|----------------|---------------|---------------------|--------------|----------------|--|
|                                         |                |                |               | Variación 2023/2022 |              | Valor Relativo |  |
| Capítulos                               | 2022           | 2023           | Importe       | %                   | 2022         | 2023           |  |
| III Taxas, prezos e outros ingresos     | 170            | 191            | 21            | 12,3                | 0,1          | 0,1            |  |
| IV Transferencias correntes             | 12.365         | 13.842         | 1.477         | 11,9                | 8,1          | 8,5            |  |
| V Ingresos patrimoniais                 | 0              | 0              | 0             | -100,0              | -            | -              |  |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>12.536</b>  | <b>14.033</b>  | <b>1.498</b>  | <b>11,9</b>         | <b>8,3</b>   | <b>8,6</b>     |  |
| VII Transferencias de capital           | 139.246        | 149.376        | 10.130        | 7,3                 | 91,7         | 91,4           |  |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>139.246</b> | <b>149.376</b> | <b>10.130</b> | <b>7,3</b>          | <b>91,7</b>  | <b>91,4</b>    |  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>151.782</b> | <b>163.409</b> | <b>11.627</b> | <b>7,7</b>          | <b>100,0</b> | <b>100,0</b>   |  |
| <b>Total</b>                            | <b>151.782</b> | <b>163.409</b> | <b>11.627</b> | <b>7,7</b>          | <b>100,0</b> | <b>100,0</b>   |  |

(Miles de Euros)

## Orzamento de gastos. Axencia Galega de Innovación

| Distribución económica                  |                |                     |               |                |              |              |
|-----------------------------------------|----------------|---------------------|---------------|----------------|--------------|--------------|
|                                         |                | Variación 2023/2022 |               | Valor Relativo |              |              |
| Capítulos                               | 2022           | 2023                | Importe       | %              | 2022         | 2023         |
| I Gastos de persoal                     | 5.904          | 7.033               | 1.129         | 19,1           | 3,9          | 4,3          |
| II Gastos en bens correntes e servizos  | 466            | 466                 | 0             | -              | 0,3          | 0,3          |
| III Gastos financeiros                  | 117            | 115                 | -3            | -2,4           | 0,1          | 0,1          |
| IV Transferencias correntes             | 6.049          | 6.420               | 372           | 6,1            | 4,0          | 3,9          |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>12.536</b>  | <b>14.033</b>       | <b>1.498</b>  | <b>11,9</b>    | <b>8,3</b>   | <b>8,6</b>   |
| VI Investimentos reais                  | 24.453         | 31.706              | 7.253         | 29,7           | 16,1         | 19,4         |
| VII Transferencias de capital           | 107.947        | 106.320             | -1.627        | -1,5           | 71,1         | 65,1         |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>132.401</b> | <b>138.026</b>      | <b>5.626</b>  | <b>4,2</b>     | <b>87,2</b>  | <b>84,5</b>  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>144.936</b> | <b>152.059</b>      | <b>7.123</b>  | <b>4,9</b>     | <b>95,5</b>  | <b>93,1</b>  |
| VIII Activos financeiros                | 2.350          | 7.851               | 5.501         | 234,1          | 1,5          | 4,8          |
| IX Pasivos financeiros                  | 4.496          | 3.499               | -997          | -22,2          | 3,0          | 2,1          |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>     | <b>6.846</b>   | <b>11.350</b>       | <b>4.504</b>  | <b>65,8</b>    | <b>4,5</b>   | <b>6,9</b>   |
| <b>Total</b>                            | <b>151.782</b> | <b>163.409</b>      | <b>11.627</b> | <b>7,7</b>     | <b>100,0</b> | <b>100,0</b> |

(Orzamento homoxeneizado 2022) (Miles de Euros)

## INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

O Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), foi creado pola Lei 5/1992, do 10 de xuño, como instrumento básico da actuación da Xunta de Galicia para impulsar o desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego, promovendo actividades que contribúan á creación do emprego en Galicia e a un desenvolvemento económico harmónico, equilibrado e xusto, baseado nun tecido industrial moderno e competitivo. Entre as súas funcións están as de fomentar a creación de novas empresas, promover a mellora da produtividade e competitividade das sociedades xa asentadas na comunidade autónoma, atraer investimentos foráneos e facilitar a internacionalización do tecido produtivo.

O órgano superior de goberno do IGAPE é o Consello de Dirección, ao que lle corresponden todas as facultades e funcións que sexan precisas para alcanzar os seus fins. Ademais, conta cun Consello Asesor.

Para o desenvolvemento das funcións, que o IGAPE ten encomendadas, conta cos seguintes órganos superiores de dirección:

- O presidente ou a presidenta que será, por razón do seu cargo, o/a conselleiro/a competente en materia de economía, correspóndelle a representación do Igape en toda clase de actos ou negocios xurídicos e exercerá no seu nome accións e recursos e demais competencias que se lle asignan na citada Lei 5/1992, no seu artigo 11.
- O director ou a directora xeral, que será nomeado/a polo Consello de Dirección, por proposta do/a conselleiro/a, correspóndelle exercer as competencias que se establecen no artigo 12 da Lei 5/1992 e as que lle sexan expresamente delegadas polo/a presidente/a ou polo Consello de Dirección.

Así mesmo, o Instituto estrutúrase internamente nunha xerencia, tres áreas, e dúas unidades dependentes organicamente da Dirección:

- Xerencia: a persoa titular da Xerencia serao tamén de todos os órganos colexiados dela, e para estes efectos exercerán a coordinación, baixo as instrucións da Dirección, dos programas e actuacións das diferentes direccións de área e dos entes do sector público adscritos ao Instituto, a xestión dos asuntos relacionados co réxime interno e o réxime de persoal do Instituto, as propostas de simplificación e racionalización da actividade administrativa, a elaboración dos proxectos e plans xerais de actuación, prestar asistencia técnica, administrativa e apoio xurídico á persoa titular da Dirección do Instituto, a emisión de informes e anteproxectos normativos e de orzamentos do Instituto, así como calquera outra que lle encomende a Dirección do ente.
- Área de Competitividade: Ten como misión lograr a adopción e o desenvolvemento, por parte do tecido empresarial, de prácticas, metodoloxías ou sistemas que melloren o nivel competitivo das empresas galegas, promover a creación de empresas e promover a creación de emprego. Así mesmo, deberá propoñer e executar a política industrial de Galicia e a política de clústers.
- Área de Internacionalización: Ten como misión promover un incremento da cota de mercado internacional do empresariado galego e promover a entrada de investimento foráneo en Galicia de carácter produtivo, cara a unha mellora do índice de emprego na nosa comunidade autónoma.
- A Área de Proxectos Empresariais ten como misión promover, asistir, apoiar e facer seguimento dos proxectos empresariais que resulten de especial interese para a Comunidade Autónoma, co obxectivo de impulsar a nosa economía.

Neste contexto, liderará a captación de investimentos susceptibles de ser realizados en Galicia, sexan nacionais ou internacionais, acompañará a aqueles proxectos xa implantados que requiran do apoio da administración autonómica e prestará especial atención ás iniciativas consideradas como “Tractoras” por parte da Xunta de Galicia, procurando o aproveitamento de fondos procedentes da Unión Europea para o financiamento destes.

- Unidade de Operacións: Terá como misión planificar, coordinar e executar os distintos plans e programas de actuación co obxectivo de favorecer o equilibrio territorial de Galicia, e responsabilizarse da coordinación, información e asesoramento empresarial nas oficinas territoriais.

### Orzamento de ingresos. Instituto Galego de Promoción Económica

| Distribución económica                  |                |                     |                |              |              |                |  |
|-----------------------------------------|----------------|---------------------|----------------|--------------|--------------|----------------|--|
|                                         |                | Variación 2023/2022 |                |              |              | Valor Relativo |  |
| Capítulos                               | 2022           | 2023                | Importe        | %            | 2022         | 2023           |  |
| III Tasas, prezos e outros ingresos     | 2.225          | 2.880               | 655            | 29,4         | 1,1          | 1,4            |  |
| IV Transferencias correntes             | 9.808          | 7.504               | -2.305         | -23,5        | 4,9          | 3,6            |  |
| V Ingresos patrimoniais                 | 498            | 514                 | 16             | 3,3          | 0,2          | 0,2            |  |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>12.531</b>  | <b>10.898</b>       | <b>-1.633</b>  | <b>-13,0</b> | <b>6,2</b>   | <b>5,3</b>     |  |
| VII Transferencias de capital           | 97.403         | 116.178             | 18.775         | 19,3         | 48,2         | 56,3           |  |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>97.403</b>  | <b>116.178</b>      | <b>18.775</b>  | <b>19,3</b>  | <b>48,2</b>  | <b>56,3</b>    |  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>109.934</b> | <b>127.076</b>      | <b>17.142</b>  | <b>15,6</b>  | <b>54,4</b>  | <b>61,6</b>    |  |
| VIII Activos financeiros                | 92.052         | 79.372              | -12.680        | -13,8        | 45,6         | 38,4           |  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>     | <b>92.052</b>  | <b>79.372</b>       | <b>-12.680</b> | <b>-13,8</b> | <b>45,6</b>  | <b>38,4</b>    |  |
| <b>Total</b>                            | <b>201.986</b> | <b>206.448</b>      | <b>4.462</b>   | <b>2,2</b>   | <b>100,0</b> | <b>100,0</b>   |  |

(Miles de Euros)

### Orzamento de gastos. Instituto Galego de Promoción Económica

| Distribución económica                  |                |                     |               |              |              |                |  |
|-----------------------------------------|----------------|---------------------|---------------|--------------|--------------|----------------|--|
|                                         |                | Variación 2023/2022 |               |              |              | Valor Relativo |  |
| Capítulos                               | 2022           | 2023                | Importe       | %            | 2022         | 2023           |  |
| I Gastos de persoal                     | 6.692          | 7.265               | 573           | 8,6          | 3,3          | 3,5            |  |
| II Gastos en bens correntes e servizos  | 2.093          | 1.909               | -183          | -8,8         | 1,0          | 0,9            |  |
| IV Transferencias correntes             | 3.747          | 1.724               | -2.023        | -54,0        | 1,9          | 0,8            |  |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>12.531</b>  | <b>10.898</b>       | <b>-1.633</b> | <b>-13,0</b> | <b>6,2</b>   | <b>5,3</b>     |  |
| VI Investimentos reais                  | 13.170         | 13.210              | 39            | 0,3          | 6,5          | 6,4            |  |
| VII Transferencias de capital           | 78.459         | 84.431              | 5.971         | 7,6          | 38,8         | 40,9           |  |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>91.629</b>  | <b>97.640</b>       | <b>6.011</b>  | <b>6,6</b>   | <b>45,4</b>  | <b>47,3</b>    |  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>104.161</b> | <b>108.538</b>      | <b>4.378</b>  | <b>4,2</b>   | <b>51,6</b>  | <b>52,6</b>    |  |
| VIII Activos financeiros                | 94.666         | 95.750              | 1.084         | 1,1          | 46,9         | 46,4           |  |
| IX Pasivos financeiros                  | 3.160          | 2.160               | -1.000        | -31,6        | 1,6          | 1,0            |  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>     | <b>97.826</b>  | <b>97.910</b>       | <b>84</b>     | <b>0,1</b>   | <b>48,4</b>  | <b>47,4</b>    |  |
| <b>Total</b>                            | <b>201.986</b> | <b>206.448</b>      | <b>4.462</b>  | <b>2,2</b>   | <b>100,0</b> | <b>100,0</b>   |  |

(Orzamento homoxeneizado 2022) (Miles de Euros)

## INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

Os obxectivos básicos da axencia Instituto Enerxético de Galicia son o fomento, impulso e realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, o estudo e apoio das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional da enerxía e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos nos distintos sectores económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestación, de selo caso, de servizos noutros campos sinérxicos ó enerxético, de acordo coas directrices do Goberno no ámbito das súas competencias.

As súas funcións xerais son:

- Elaborar e propoñer á consellería competente en materia de enerxía plans e programas en materia enerxética.
- Promover e, de selo caso, executar os plans e programas indicados, aprobados pola consellería competente en materia de enerxía.
- Controlar, vixiar e inspeccionar, dentro do ámbito de actuación do Instituto Enerxético de Galicia e en coordinación coa subdirección xeral competente en materia de enerxía, as instalacións de produción, condución, distribución, subministración e consumo de enerxía, tendo como obxectivo prioritario a seguridade das instalacións.
- Propoñer a elaboración de disposicións para o establecemento, o desenvolvemento e a xestión da política enerxética.
- Fomentar e desenvolver programas de asesoramento e auditoría enerxéticos e auditorías para impulsar actuacións de aforro e mellora da eficacia enerxética, elaborar programas de racionalización do uso da enerxía e promover o aproveitamento dos recursos enerxéticos.
- Fomentar e participar en programas e proxectos de investigación e desenvolvemento de tecnoloxías enerxéticas, bens de equipamento e servizos relacionados coa enerxía.
- Fomentar e participar na avaliación e implantación de sistemas de produción de enerxía baseados en recursos endóxenos, con especial promoción dos que utilicen enerxías renovables e de coxeración.
- Elaborar estudos e realizar e emitir informes e recomendacións en materia enerxética para entes públicos ou privados.
- Organizar programas de formación e reciclaxe profesional, en colaboración con centros de formación de ámbito universitario e profesional.
- Orientar ás persoas usuarias nos hábitos de consumo enerxético mediante campañas e actuacións específicas.
- Fomentar a participación das empresas e institucións galegas nos programas enerxéticos estatais e internacionais, principalmente os emprendidos pola Unión Europea, así como emitir informes e asesorar sobre as directrices e programas comunitarios dirixidos ao ámbito enerxético.
- O Instituto Enerxético de Galicia poderá exercer a representación da Comunidade Autónoma nos organismos previstos pola normativa vixente en materia enerxética.
- Xestionar a Rede de enerxía da Xunta de Galicia, creada mediante o Decreto 66/2013, do 18 de abril.
- Realizar unha labor divulgativa e formativa no ámbito da certificación enerxética de edificios.
- Impulsar e xestionar incentivos para a implantación de proxectos de enerxías renovables e de eficiencia enerxética.
- Asesorar no ámbito enerxético e promover a realización de estudos para a posta en marcha de medidas de eficiencia enerxética e enerxías renovables na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia.

- Impulsar e realizar o seguimento de proxectos innovadores con carácter demostrativo no ámbito da enerxía.
- O Instituto Enerxético de Galicia poderá ter a representación da Comunidade Autónoma nos organismos previstos pola Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, así como por calquera outra lei en materia enerxética.

#### Orzamento de ingresos. Instituto Enerxético de Galicia

| Distribución económica                  |               |               |               |                     |              |                |  |
|-----------------------------------------|---------------|---------------|---------------|---------------------|--------------|----------------|--|
|                                         |               |               |               | Variación 2023/2022 |              | Valor Relativo |  |
| Capítulos                               | 2022          | 2023          | Importe       | %                   | 2022         | 2023           |  |
| III Taxas, prezos e outros ingresos     | 331           | 331           | 0             | -                   | 0,6          | 0,4            |  |
| IV Transferencias correntes             | 2.360         | 2.852         | 492           | 20,8                | 4,4          | 3,6            |  |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>2.691</b>  | <b>3.183</b>  | <b>492</b>    | <b>18,3</b>         | <b>5,0</b>   | <b>4,0</b>     |  |
| VII Transferencias de capital           | 51.029        | 75.704        | 24.676        | 48,4                | 95,0         | 96,0           |  |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>51.029</b> | <b>75.704</b> | <b>24.676</b> | <b>48,4</b>         | <b>95,0</b>  | <b>96,0</b>    |  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>53.720</b> | <b>78.887</b> | <b>25.167</b> | <b>46,8</b>         | <b>100,0</b> | <b>100,0</b>   |  |
| <b>Total</b>                            | <b>53.720</b> | <b>78.887</b> | <b>25.167</b> | <b>46,8</b>         | <b>100,0</b> | <b>100,0</b>   |  |

(Miles de Euros)

#### Orzamento de gastos. Instituto Enerxético de Galicia

| Distribución económica                  |               |               |               |                     |              |                |  |
|-----------------------------------------|---------------|---------------|---------------|---------------------|--------------|----------------|--|
|                                         |               |               |               | Variación 2023/2022 |              | Valor Relativo |  |
| Capítulos                               | 2022          | 2023          | Importe       | %                   | 2022         | 2023           |  |
| I Gastos de persoal                     | 2.274         | 2.742         | 468           | 20,6                | 4,2          | 3,5            |  |
| II Gastos en bens correntes e servizos  | 353           | 376           | 23            | 6,6                 | 0,7          | 0,5            |  |
| IV Transferencias correntes             | 64            | 64            | 0             | -                   | 0,1          | 0,1            |  |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>2.691</b>  | <b>3.183</b>  | <b>492</b>    | <b>18,3</b>         | <b>5,0</b>   | <b>4,0</b>     |  |
| VI Investimentos reais                  | 1.179         | 2.321         | 1.142         | 96,9                | 2,2          | 2,9            |  |
| VII Transferencias de capital           | 49.850        | 73.384        | 23.534        | 47,2                | 92,8         | 93,0           |  |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>51.029</b> | <b>75.704</b> | <b>24.676</b> | <b>48,4</b>         | <b>95,0</b>  | <b>96,0</b>    |  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>53.720</b> | <b>78.887</b> | <b>25.167</b> | <b>46,8</b>         | <b>100,0</b> | <b>100,0</b>   |  |
| <b>Total</b>                            | <b>53.720</b> | <b>78.887</b> | <b>25.167</b> | <b>46,8</b>         | <b>100,0</b> | <b>100,0</b>   |  |

(Orzamento homoxeneizado 2022) (Miles de Euros)

## AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS

A Axencia Galega de Emerxencias (AXEGA) axustarase, nos seus fins estrutura e funcionamento, ao disposto na Lei 5/2007, do 7 de maio, de Emerxencias de Galicia, ao Decreto 292/2008, do 30 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Axencia Galega de Emerxencias, e ao Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia que regula na súa disposición adicional primeira a integración na Axencia Galega de Emerxencias da Subdirección Xeral de Planificación e Protección Civil e dos servizos de Emerxencias das xefaturas territoriais, establecendo as súas funcións.

Correspóndelle á Axencia Galega de Emerxencias o exercicio das seguintes funcións:

- A coordinación e a execución das atribucións que ten asumidas a consellería en materia de atención de emerxencias e de protección civil, tales como a intervención e a atención das emerxencias e o restablecemento dos servizos esenciais para a cidadanía afectada por unha emerxencia, no marco das funcións atribuídas a esta pola Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia.
- Xestionar o Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia e prestar materialmente a asistencia requirida polos cidadáns e polas cidadás a través del, ou dar traslado, segundo se estableza regulamentariamente, daquelas que lles corresponda atender a outros organismos competentes na materia.
- Xestionar os medios e recursos operativos que se poidan incorporar á axencia.
- Analizar os riscos e mais identificalos e localizalos no territorio co fin de elaborar o mapa e o catálogo de riscos de Galicia, así como os catálogos de medios e recursos e o catálogo de servizos.
- Desenvolver programas en materia de protección civil e xestión de riscos e de emerxencias consonte as directrices emanadas da Xunta de Galicia e establecer os medios para fomentar actuacións que contribúan á prevención de riscos, á atenuación dos seus efectos e, en xeral, á toma de conciencia e sensibilización dos cidadáns da importancia de protección civil.
- Levar a cabo os estudos necesarios para a elaboración do Plan territorial de protección civil de Galicia, dos plans especiais e das liñas directrices para a elaboración dos plans territoriais que correspondan.
- Avaliar e cualificar o risco cando lle sexa comunicada unha situación de emerxencia das que poden dar lugar á activación dun plan público de protección civil.
- Por á disposición dos órganos competentes da Xunta de Galicia os medios á súa disposición para a xestión das emerxencias de interese galego baixo a superior dirección da persoa titular da presidencia da Xunta ou da persoa titular da consellaría na que esta delegue e mais daquelas outras emerxencias que os plans especiais ou territoriais determinen.
- Estudar as actuacións necesarias para o restablecemento dos servizos esenciais para a comunidade e a restauración, a rehabilitación e o entorno a normalidade en casos de catástrofe ou calamidade.
- Fomentar, a vinculación voluntaria e desinteresada dos cidadáns as actividades de protección civil.
- A planificación da protección civil e a prevención, a previsión e a análise de riscos relacionados con ela.
- A representación da consellería no Consejo Nacional de Protección Civil e noutros organismos de coordinación internacionais, europeos e autonómicos de protección civil.
- O exercicio da planificación e a coordinación dos plans e os programas dos servizos contra incendios e salvamento locais, sen prexuízo das competencias que lle poidan corresponder á Dirección Xeral de Administración Local.
- As relacións da Administración autonómica, en materia de atención de emerxencias, coas administracións locais, coas comunidades autónomas, coa Administración xeral do Estado e

cos estados da Unión Europea, tendo unha relación especial con Portugal pola súa proximidade e pola posibilidade de ter que compartir emerxencias comúns.

- O seguimento da encomenda do Consello de Seguridade Nuclear á Xunta de Galicia en materia de vixilancia radiolóxica co exercicio de autoridade competente para a protección dos traballadores e da poboación fronte á exposición a fontes de radiación natural asociada a actividades laborais, en aplicación da normativa vixente.

#### Orzamento de ingresos. Axencia Galega de Emerxencias

| Distribución económica                  |              |              |            |                     |              |                |  |
|-----------------------------------------|--------------|--------------|------------|---------------------|--------------|----------------|--|
|                                         |              |              |            | Variación 2023/2022 |              | Valor Relativo |  |
| Capítulos                               | 2022         | 2023         | Importe    | %                   | 2022         | 2023           |  |
| IV Transferencias correntes             | 726          | 747          | 21         | 2,8                 | 8,8          | 9,1            |  |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>726</b>   | <b>747</b>   | <b>21</b>  | <b>2,8</b>          | <b>8,8</b>   | <b>9,1</b>     |  |
| VII Transferencias de capital           | 7.481        | 7.459        | -22        | -0,3                | 91,2         | 90,9           |  |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>7.481</b> | <b>7.459</b> | <b>-22</b> | <b>-0,3</b>         | <b>91,2</b>  | <b>90,9</b>    |  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>8.207</b> | <b>8.206</b> | <b>-1</b>  | <b>-</b>            | <b>100,0</b> | <b>100,0</b>   |  |
| <b>Total</b>                            | <b>8.207</b> | <b>8.206</b> | <b>-1</b>  | <b>-</b>            | <b>100,0</b> | <b>100,0</b>   |  |

(Miles de Euros)

#### Orzamento de gastos. Axencia Galega de Emerxencias

| Distribución económica                  |              |              |            |                     |              |                |  |
|-----------------------------------------|--------------|--------------|------------|---------------------|--------------|----------------|--|
|                                         |              |              |            | Variación 2023/2022 |              | Valor Relativo |  |
| Capítulos                               | 2022         | 2023         | Importe    | %                   | 2022         | 2023           |  |
| I Gastos de persoal                     | 512          | 532          | 21         | 4,0                 | 6,2          | 6,5            |  |
| II Gastos en bens correntes e servizos  | 153          | 153          | 0          | -                   | 1,9          | 1,9            |  |
| IV Transferencias correntes             | 62           | 62           | 0          | -                   | 0,8          | 0,8            |  |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>726</b>   | <b>747</b>   | <b>21</b>  | <b>2,8</b>          | <b>8,8</b>   | <b>9,1</b>     |  |
| VI Investimentos reais                  | 7.481        | 7.459        | -22        | -0,3                | 91,2         | 90,9           |  |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>7.481</b> | <b>7.459</b> | <b>-22</b> | <b>-0,3</b>         | <b>91,2</b>  | <b>90,9</b>    |  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>8.207</b> | <b>8.206</b> | <b>-1</b>  | <b>-</b>            | <b>100,0</b> | <b>100,0</b>   |  |
| <b>Total</b>                            | <b>8.207</b> | <b>8.206</b> | <b>-1</b>  | <b>-</b>            | <b>100,0</b> | <b>100,0</b>   |  |

(Orzamento homoxeneizado 2022) (Miles de Euros)

## AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia. queda adscrita á Facenda e Administración Pública, de conformidade co 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia.

Foi creada polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, ao abeiro da disposición adicional terceira da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, como obxecto a definición, desenvolvemento e execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia relativa a tecnoloxías da información e comunicacións, así como innovación e desenvolvemento tecnolóxico.

Entre as funcións da Axencia para Modernización Tecnolóxica de Galicia están as seguintes:

- A dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta de Galicia en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións.
- O impulso, asesoramento técnico e apoio á Presidencia e ao Consello da Xunta de Galicia, ás consellerías e a outras entidades do sector público autonómico en todo o referente ás tecnoloxías da información e as comunicacións, e a súa aplicación para a modernización, innovación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.
- A elaboración, desenvolvemento e execución da estratexia tecnolóxica global do sector público autonómico de Galicia.
- A definición dos estándares e directrices tecnolóxicas a que deberán axustarse a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico.
- A promoción da inclusión e execución do despregamento das TIC no ámbito da prestación dos servizos públicos.
- Garantir o axeitado apoio á xestión tributaria e orzamentaria, así como ao sistema de información contable, de competencia da Xunta de Galicia.
- O deseño e execución, en todas as consellerías e organismos dependentes da Xunta de Galicia, dos proxectos de sistemas e tecnoloxías da información que dan soporte á súa operativa, incluíndo a planificación, deseño, xestión e operación das tecnoloxías e sistemas que garantan o funcionamento dunha Administración completamente dixital.
- A xestión e coordinación, ben de forma autónoma, ben en colaboración cos órganos superiores da Administración xeral da Comunidade Autónoma e cos órganos de goberno das entidades públicas instrumentais, de instrumentos e actuacións de órganos con competencias en tecnoloxías da información e as comunicacións.
- O fomento da colaboración e da acción coordinada entre administracións públicas en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións.
- O deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da sociedade da información en Galicia e coordinación coas distintas consellerías e organismos para o desenvolvemento das actuacións nesta materia no ámbito das súas competencias, garantindo os dereitos da cidadanía e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.
- A planificación e proposta da normativa relativa ao exercicio das competencias en materia de sociedade da información e das telecomunicacións.
- O impulso, xestión e coordinación da Administración dixital, como elemento indispensable para a modernización da Administración pública.
- A definición, consolidación e homoxeneización da infraestrutura TIC e dos servizos de telecomunicacións do sector público autonómico.
- A dirección, xestión e modernización da infraestrutura TIC da Xunta de Galicia.
- A planificación e ordenación do mapa de infraestruturas de telecomunicacións de Galicia.

- Sen prexuízo das competencias que, en materia de innovación, poidan corresponder a outras entidades integrantes do sector público autonómico, o fomento da innovación no ámbito das tecnoloxías da información e as comunicacións en colaboración cos organismos e institucións competentes na materia.
- A participación en órganos de colaboración deliberantes ou consultivos, en representación da Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións.
- Todas as demais que deriven dos fins que ten atribuídos e aquelas que lle sexan asignadas legal ou regulamentariamente.

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, como entidade encargada da definición, desenvolvemento e execución da política tecnolóxica da Xunta de Galicia, exercerá o liderado das funcións de seguimento e avaliación da Estratexia Galicia Dixital 2030, aprobada no Consello da Xunta.

A dita estratexia contempla 7 eixos estratéxicos e un eixo transversal:

EI. GOBERNO E ADMINISTRACIÓN INTELIXENTE: consolidando un goberno dixital, máis eficaz e eficiente que ofrezca máis e mellores servizos, baseándose na xeración de valor mediante a xestión intelixente dos datos. Informando e comunicando as súas decisións e actuacións baixo un enfoque centrado na cidadanía.

No ámbito da seguridade da información, as liñas de traballo a desenvolver en 2023 estarán aliñadas coa nova Estratexia galega de ciberseguridade 2022-2026, que está actualmente en elaboración, destacando a prestación de servizos de ciberseguridade máis aló do ámbito autonómico, estendendo un servizo básico ao ámbito da administración local e asesoramento a cidadanía e empresas. Tamén se iniciará a obra do novo Centro de Excelencia en Ciberseguridade de Galicia.

Con respecto ás telecomunicacións, continuarase coa mellora no ancho de banda e na dispoñibilidade das liñas de comunicacións da rede corporativa, destacando a mellora das redes locais de máis de 500 centros de referencia, principalmente centros educativos e sociais.

Durante o ano 2023, unha vez rematado o proxecto de execución, levarase a cabo a licitación da obra do novo CPD de Alta Seguridade da Xunta de Galicia que permitirá dotar de redundancia aos servizos críticos da Xunta de Galicia e contará co máis alto nivel de seguridade, estando previsto acadar o Tier IV do Uptime Institute, pasando a ser a primeira administración pública española en contar con este nivel de redundancia.

A modernización dos sistemas que dan soporte ao Sistema Público de Emprego de Galicia mellorando e simplificando a relación da Administración co empregador.

E2. SOCIEDADE DIXITAL E INCLUSIVA: dotando ao conxunto da cidadanía da capacitación dixital necesaria para desenvolverse plenamente con confianza e seguridade no contexto dixital, apoiando a adquisición das competencias dixitais básicas.

Impulsar a transformación do sistema educativo galego a través das TIC, coa consolidación e ampliación do modelo de Educación Dixital galego que permite ao alumnado e profesorado dos centros sostidos con públicos de Galicia aproveitar as posibilidades dun ensino completamente dixital e impulsando, así mesmo, iniciativas como a creación dunha plataforma de intelixencia de negocio do eido educativo.

En 2022 púxose en marcha o Plan de Reforma e Ampliación da Rede de aulas CeMIT, que dá continuidade e intensifica o labor desenvolvido ao longo de máis de dez anos dedicados a facilitar a alfabetización e capacitación dixital da cidadanía. Ao longo de 2023 e ata 2025, proporcionará equipamento tecnolóxico innovador, a reforma física das aulas facéndolas máis flexibles, novos servizos de formación e capacitación dixital aliñados co Marco Galego de competencias dixitais, a ampliación de servizos de inclusión dixital no rural a través dun servizo de aula móbil itinerante e o desenvolvemento de novas funcionalidades, soporte e mantemento dos sistemas da Rede CeMIT.

**E3. ENTORNO DIXITAL PARA A SAÚDE E O BENESTAR SOCIAL:** traballando por un entorno intelixente centrado nas persoas e no seu benestar ao longo de todo o ciclo vital a través do uso eficiente das tecnoloxías dixitais para mellorar a saúde e a autonomía persoal, mitigando os riscos para a saúde e a protección da poboación, e reforzando a robustez e sustentabilidade dos sistemas e servizos sociosanitarios.

Continuar a transformación do modelo de atención sociosanitaria nas residencias de maiores e discapacitados, baseándonos na tecnoloxía e poñendo en valor as leccións aprendidas durante o período de pandemia e aproveitando o impulso dos fondos MRR.

**E4. TERRITORIO INTELIXENTE, VERDE E RESILIENTE:** avanzando cara a un territorio máis sostible, máis verde e resiliente, mellorando a xestión e o coñecemento do territorio para fortalecer a cohesión territorial, a preservación medio ambiental e a acción polo clima, a sustentabilidade dos recursos e ecosistemas naturais, a seguridade e a prevención de riscos sociais e ecolóxicos.

Contribuír á dixitalización dos sectores primarios, especialmente o agrogandeiro, o forestal e o pesqueiro potenciando o uso de plataformas dixitais de xestión, venda e trazabilidade dos produtos.

Así mesmo, a Xunta de Galicia puxo en marcha a Rede Galega da Internet das Cousas, unha rede de sensores conectados aos 300 centros de telecomunicacións públicos de Retegal que proporcionará información para a toma de decisións e a xestión eficiente dos recursos naturais.

**E5. CONECTIVIDADE DIXITAL DO TERRITORIO:** asegurando o acceso á conectividade dixital para todos e avanzando na transición cara a un sistema intelixente de transporte e mobilidade conectado, sostible e seguro como factores esenciais para garantir a vertebración económica, social e territorial.

Acadar un transporte público moderno e tecnolóxicamente avanzado, aproveitando o impulso dos fondos MRR para o deseño da nova plataforma de pagos no transporte público de Galicia.

Dixitalización do proceso de planeamento urbanístico para convertelo nun proceso normalizado, estruturado, transparente e simplificado.

Destaca o desenvolvemento de liñas de traballo no ámbito da banda larga ultrarrápida, en coordinación co Goberno central, e o despregamento do Plan Galicia 5G, que conta con proxectos piloto xa en marcha.

E6. CULTURA E TURISMO INTELIXENTE: impulsando o uso de tecnoloxías dixitais para o fomento da competitividade do turismo, a dinamización do patrimonio e a produción cultural e a construción dunha identidade cultural máis aló dun ámbito territorial ou temporal determinado.

E7. ECONOMÍA DIXITAL E SOSTIBLE: permitindo mellorar a produtividade, a xeración de novos produtos, servizos e modelos de negocio, e facilitar o cambio cara a unha economía circular, eficiente no uso de recursos e de baixa emisión de carbono.

Neste senso despunta o programa ReAccionaTIC, orientado a impulsar a modernización tecnolóxica do tecido empresarial galego ofrecendo ás pemes galegas un catálogo unificado de servizos a prezos reducidos orientados a mellorar a súa competitividade a través de aspectos operativos, estratéxicos ou de incorporación de tecnoloxía.

EIXO TRANSVERSAL: ESPECIALIZACIÓN TECNOLÓXICA: centrándose en reforzar as capacidades e infraestruturas dixitais de Galicia en tecnoloxías disxuntivas (IA, ciberseguridade, intelixencia do dato e 5G) e en garantir o seu amplo uso na economía e a sociedade.

Para isto, o Centro GaiásTech continuará a ofrecer un conxunto de servizos para axudar aos distintos axentes do ecosistema dixital, e especialmente ás pemes e startups, a ser máis competitivos, ao tempo que exerce como eixo coordinador da rede de Nodos de Especialización Tecnolóxica de Galicia (5G, IA e Ciberseguridade), xa en marcha.

Tamén, e trala posta en marcha do ecosistema GobTech, durante o 2023 traballárase no desenvolvemento das actuacións contempladas no seo do acordo marco para o impulso de tecnoloxías avanzadas no sector público, perseguindo fomentar o liderado da administración na adopción de tecnoloxías dixitais innovadoras.

Por último, levaranse a cabo ademais actuacións diversas enfocadas a impulsar e potenciar ao sector TIC galego.

Estas liñas de traballo están en directa relación coa execución do Plan 2021-2023 de posto dixital avanzado do persoal empregado público; co deseño do Plan de Administración e Goberno Dixital: Horizonte2025; co III Plan de Sistemas TIC da Administración de Xustiza en Galicia:

Senda2025; co programa de mellora das capacidades e infraestruturas dixitais da AAPP; co Plan de Infraestruturas Dixitais Educativas 21-23 (EDU100); co Modelo dixital de Atención Sociosanitaria Para Residencias de Maiores e Discapacidade en relación ó Plan de Acción 21-23; co Plan de Transporte e Mobilidade dixital e sostible (Plan E-Mobility); co Plan de Banda Larga de Galicia 2020; co Plan Galicia 5G; coa Estratexia Galega de Intelixencia Artificial 2030; coa Estratexia Cloud do Sector Público Autonómico; coa Estratexia galega de ciberseguridade 2022-2026; coa posta en marcha do ecosistema GobTech; co Plan para o impulso da Inclusión, Capacitación e Talento Dixital en Galicia; co Plan de Reforma e Ampliación da Rede de aulas CeMIT, co Plan SmartTurismo; coa iniciativa do catálogo colectivo e dixitalización das bibliotecas; co proxecto para a difusión do patrimonio cultural de Galicia Memoria Dixital de Galicia; co desenvolvemento da Plataforma de Territorio Intelixente; coa rede iCousas; co desenvolvemento do marco galego de competencias dixitais; e co Plan de Software Libre.

#### Orzamento de ingresos. Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

| Distribución económica                  |                |                     |                |             |                |              |
|-----------------------------------------|----------------|---------------------|----------------|-------------|----------------|--------------|
|                                         |                | Variación 2023/2022 |                |             | Valor Relativo |              |
| Capítulos                               | 2022           | 2023                | Importe        | %           | 2022           | 2023         |
| III Taxas, prezos e outros ingresos     | 77             | 18                  | -59            | -76,2       | -              | -            |
| IV Transferencias correntes             | 35.896         | 38.539              | 2.643          | 7,4         | 17,1           | 19,5         |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>35.973</b>  | <b>38.557</b>       | <b>2.584</b>   | <b>7,2</b>  | <b>17,2</b>    | <b>19,5</b>  |
| VII Transferencias de capital           | 173.615        | 158.766             | -14.849        | -8,6        | 82,8           | 80,5         |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>173.615</b> | <b>158.766</b>      | <b>-14.849</b> | <b>-8,6</b> | <b>82,8</b>    | <b>80,5</b>  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>209.587</b> | <b>197.323</b>      | <b>-12.264</b> | <b>-5,9</b> | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |
| <b>Total</b>                            | <b>209.587</b> | <b>197.323</b>      | <b>-12.264</b> | <b>-5,9</b> | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |

(Miles de Euros)

#### Orzamento de gastos. Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

| Distribución económica                  |                |                     |                |             |                |              |
|-----------------------------------------|----------------|---------------------|----------------|-------------|----------------|--------------|
|                                         |                | Variación 2023/2022 |                |             | Valor Relativo |              |
| Capítulos                               | 2022           | 2023                | Importe        | %           | 2022           | 2023         |
| I Gastos de persoal                     | 18.801         | 20.048              | 1.248          | 6,6         | 9,0            | 10,2         |
| II Gastos en bens correntes e servizos  | 16.359         | 16.432              | 73             | 0,4         | 7,8            | 8,3          |
| IV Transferencias correntes             | 813            | 2.077               | 1.264          | 155,4       | 0,4            | 1,1          |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>35.973</b>  | <b>38.557</b>       | <b>2.584</b>   | <b>7,2</b>  | <b>17,2</b>    | <b>19,5</b>  |
| VI Investimentos reais                  | 161.353        | 140.750             | -20.603        | -12,8       | 77,0           | 71,3         |
| VII Transferencias de capital           | 4.426          | 10.180              | 5.755          | 130,0       | 2,1            | 5,2          |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>165.779</b> | <b>150.930</b>      | <b>-14.849</b> | <b>-9,0</b> | <b>79,1</b>    | <b>76,5</b>  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>201.751</b> | <b>189.487</b>      | <b>-12.264</b> | <b>-6,1</b> | <b>96,3</b>    | <b>96,0</b>  |
| IX Pasivos financeiros                  | 7.836          | 7.836               | 0              | -           | 3,7            | 4,0          |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>     | <b>7.836</b>   | <b>7.836</b>        | <b>0</b>       | <b>-</b>    | <b>3,7</b>     | <b>4,0</b>   |
| <b>Total</b>                            | <b>209.587</b> | <b>197.323</b>      | <b>-12.264</b> | <b>-5,9</b> | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |

(Orzamento homoxeneizado 2022) (Miles de Euros)

## AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA

Foi creada polo Decreto 202/2012, do 18 de outubro, ao abeiro do disposto no artigo 10 da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, como instrumento para a realización das funcións administrativas de aplicación dos tributos e demais funcións e competencias que lle atribúe a citada lei. Ten por obxecto a aplicación de todos os tributos propios, así como, por delegación do Estado, dos tributos estatais cedidos, como instrumento ao servizo dos intereses da Comunidade Autónoma de Galicia para a aplicación efectiva dos recursos ao seu cargo.

Entre as funcións da Axencia Tributaria de Galicia están as seguintes:

- Aplicar e exercer a potestade sancionadora nos tributos propios da Comunidade Autónoma de Galicia, así como nos tributos estatais cedidos á comunidade autónoma e nas recargas que se establezan sobre estes, de acordo co disposto na normativa aplicable.
- Aplicar e exercer a potestade sancionadora noutros tributos estatais ou locais recadados en Galicia que puidese asumir por delegación ou encomenda.
- Recadar os ingresos de dereito público de natureza non tributaria que a normativa atribúa á consellería competente en materia de facenda.
- Revisar en vía administrativa os actos realizados no exercicio das funcións anteriores. Excepciónanse as reclamacións económico administrativas, revisar os actos nulos de pleno dereito e aqueles outros cuxa revisión se atribúa por lei específica a outros órganos.
- Coordinarse e colaborar coas demais administracións tributarias, e en particular participar nos órganos de goberno da Axencia Estatal de Administración Tributaria ou, de ser o caso, nos das entidades que se creen en relación coa aplicación dos tributos en Galicia.
- Calquera outra función que lle sexa atribuída por lei ou por convenio administrativo.

A actividade da Axencia Tributaria de Galicia para o 2023 ven determinada polo desenvolvemento das funcións previstas no seu Estatuto, de acordo co previsto no Decreto 202/2012, e concretamente:

- Dar cumprimento ás previsións orzamentarias do estado de ingresos nos tributos de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia: tributos propios e tributos cedidos polo Estado.
- Levar a iniciativa nas modificacións lexislativas en materia tributaria.
- Incrementar a eficacia e eficiencia na aplicación dos tributos e a loita contra a fraude fiscal a través da mellora do tratamento da información e dos procesos de control, a racionalización e modernización dos procedementos internos e a detección de áreas de risco (Plan de Control Tributario).
- Mellorar a información e asistencia ao contribuínte orientando a actuación administrativa ao servizo dos cidadáns e á transparencia.

- Consolidar os mecanismos de colaboración coa AEAT, as Administracións Tributarias das restantes comunidades autónomas e a Administración local.
- Promover a alta cualificación do persoal.
- Fomentar e estender a colaboración social e impulsar as novas tecnoloxías, á busca da redución de trámites administrativos e dos custos fiscais indirectos.
- Garantir o funcionamento da sede electrónica da Axencia Tributaria de Galicia con novas funcionalidades e novos servizos.

#### Orzamento de ingresos. Axencia Tributaria de Galicia

| Distribución económica                  |               |               |              |                     |              |                |  |
|-----------------------------------------|---------------|---------------|--------------|---------------------|--------------|----------------|--|
|                                         |               |               |              | Variación 2023/2022 |              | Valor Relativo |  |
| Capítulos                               | 2022          | 2023          | Importe      | %                   | 2022         | 2023           |  |
| III Taxas, prezos e outros ingresos     | 993           | 964           | -29          | -2,9                | 6,3          | 5,5            |  |
| IV Transferencias correntes             | 14.773        | 16.204        | 1.431        | 9,7                 | 93,1         | 92,6           |  |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>15.766</b> | <b>17.168</b> | <b>1.402</b> | <b>8,9</b>          | <b>99,3</b>  | <b>98,1</b>    |  |
| VII Transferencias de capital           | 105           | 330           | 225          | 214,3               | 0,7          | 1,9            |  |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>105</b>    | <b>330</b>    | <b>225</b>   | <b>214,3</b>        | <b>0,7</b>   | <b>1,9</b>     |  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>15.871</b> | <b>17.498</b> | <b>1.627</b> | <b>10,2</b>         | <b>100,0</b> | <b>100,0</b>   |  |
| <b>Total</b>                            | <b>15.871</b> | <b>17.498</b> | <b>1.627</b> | <b>10,2</b>         | <b>100,0</b> | <b>100,0</b>   |  |

(Miles de Euros)

#### Orzamento de gastos. Axencia Tributaria de Galicia

| Distribución económica                  |               |               |              |                     |              |                |  |
|-----------------------------------------|---------------|---------------|--------------|---------------------|--------------|----------------|--|
|                                         |               |               |              | Variación 2023/2022 |              | Valor Relativo |  |
| Capítulos                               | 2022          | 2023          | Importe      | %                   | 2022         | 2023           |  |
| I Gastos de persoal                     | 13.540        | 14.588        | 1.047        | 7,7                 | 85,3         | 83,4           |  |
| II Gastos en bens correntes e servizos  | 2.225         | 2.580         | 355          | 15,9                | 14,0         | 14,7           |  |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>15.766</b> | <b>17.168</b> | <b>1.402</b> | <b>8,9</b>          | <b>99,3</b>  | <b>98,1</b>    |  |
| VI Investimentos reais                  | 105           | 330           | 225          | 214,3               | 0,7          | 1,9            |  |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>105</b>    | <b>330</b>    | <b>225</b>   | <b>214,3</b>        | <b>0,7</b>   | <b>1,9</b>     |  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>15.871</b> | <b>17.498</b> | <b>1.627</b> | <b>10,2</b>         | <b>100,0</b> | <b>100,0</b>   |  |
| <b>Total</b>                            | <b>15.871</b> | <b>17.498</b> | <b>1.627</b> | <b>10,2</b>         | <b>100,0</b> | <b>100,0</b>   |  |

(Orzamento homoxeneizado 2022) (Miles de Euros)

## AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, na súa Disposición Adicional Cuarta, outorgou autorización ao Consello da Xunta de Galicia para a creación da Axencia Galega de Infraestruturas, adscrita á consellería competente en materia de infraestruturas.

En virtude desta autorización, o Decreto 173/2011, do 4 de agosto (DOG nº 1693), modificado polo Decreto 66/2021, do 15 de abril (DOG nº 77 do 26 de abril) procedeu á creación da Axencia que asume as competencias atribuídas á Dirección xeral de Infraestruturas e aos servizos de infraestruturas das xefaturas territoriais, órganos que se suprimen, subrogándose o novo ente nos dereitos e obrigas derivados das competencias, dende a súa posta en funcionamento.

Os obxectivos básicos da Axencia Galega de Infraestruturas son impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de estradas: Para tales efectos, correspóndelle á Axencia planificar, proxectar, construír, conservar e explotar as estradas que sexan de competencia da

Comunidade Autónoma de Galicia, así como os servizos que se poidan instalar ou desenvolver nas ditas infraestruturas. Ademais, fíxase como obxectivo garantir o uso e defensa do patrimonio viario.

A Axencia poderá, directamente ou a través de sociedades adscritas ou sobre as que teña atribuída a súa tutela funcional, planificar, proxectar, construír, conservar e explotar outras infraestruturas, en virtude das encomendas ou encargos que reciba dos órganos ou entidades competentes.

O Real decreto polo que se aprobaron os traspasos de funcións e servizos en materia de estradas é o seguinte:

O Real decreto 3317/1982, do 24 de xullo, modificado polo 2708/1983, do 21 de setembro, traspasa funcións e servizos do Estado en materia de estradas relativas á titularidade e xestión destas, así como as competencias que a Lei de Estradas de 1974 atribúe ao Ministerio de Obras Públicas en relación coas estradas provinciais e municipais. Competencias asumidas e asignadas a esta consellería polo Decreto da Xunta de Galicia 156/1982, do 15 de decembro.

#### Orzamento de ingresos. Axencia Galega de Infraestruturas

| Distribución económica                  |                |                                    |               |             |              |              |
|-----------------------------------------|----------------|------------------------------------|---------------|-------------|--------------|--------------|
|                                         |                | Variación 2023/2022 Valor Relativo |               |             |              |              |
| Capítulos                               | 2022           | 2023                               | Importe       | %           | 2022         | 2023         |
| III Tasas, prezos e outros ingresos     | 3.300          | 3.800                              | 500           | 15,2        | 1,2          | 1,3          |
| IV Transferencias correntes             | 14.145         | 16.887                             | 2.741         | 19,4        | 5,2          | 5,9          |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>17.445</b>  | <b>20.687</b>                      | <b>3.241</b>  | <b>18,6</b> | <b>6,4</b>   | <b>7,3</b>   |
| VII Transferencias de capital           | 253.449        | 263.143                            | 9.694         | 3,8         | 93,6         | 92,7         |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>253.449</b> | <b>263.143</b>                     | <b>9.694</b>  | <b>3,8</b>  | <b>93,6</b>  | <b>92,7</b>  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>270.895</b> | <b>283.830</b>                     | <b>12.935</b> | <b>4,8</b>  | <b>100,0</b> | <b>100,0</b> |
| <b>Total</b>                            | <b>270.895</b> | <b>283.830</b>                     | <b>12.935</b> | <b>4,8</b>  | <b>100,0</b> | <b>100,0</b> |

(Miles de Euros)

#### Orzamento de gastos. Axencia Galega de Infraestruturas

| Distribución económica                  |                |                                    |               |             |              |              |
|-----------------------------------------|----------------|------------------------------------|---------------|-------------|--------------|--------------|
|                                         |                | Variación 2023/2022 Valor Relativo |               |             |              |              |
| Capítulos                               | 2022           | 2023                               | Importe       | %           | 2022         | 2023         |
| I Gastos de persoal                     | 13.700         | 14.709                             | 1.008         | 7,4         | 5,1          | 5,2          |
| II Gastos en bens correntes e servizos  | 1.050          | 1.056                              | 6             | 0,5         | 0,4          | 0,4          |
| III Gastos financeiros                  | 50             | 50                                 | 0             | -           | -            | -            |
| IV Transferencias correntes             | 2.645          | 4.872                              | 2.227         | 84,2        | 1,0          | 1,7          |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>17.445</b>  | <b>20.687</b>                      | <b>3.241</b>  | <b>18,6</b> | <b>6,4</b>   | <b>7,3</b>   |
| VI Investimentos reais                  | 237.710        | 247.222                            | 9.513         | 4,0         | 87,7         | 87,1         |
| VII Transferencias de capital           | 15.740         | 15.921                             | 182           | 1,2         | 5,8          | 5,6          |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>253.449</b> | <b>263.143</b>                     | <b>9.694</b>  | <b>3,8</b>  | <b>93,6</b>  | <b>92,7</b>  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>270.895</b> | <b>283.830</b>                     | <b>12.935</b> | <b>4,8</b>  | <b>100,0</b> | <b>100,0</b> |
| <b>Total</b>                            | <b>270.895</b> | <b>283.830</b>                     | <b>12.935</b> | <b>4,8</b>  | <b>100,0</b> | <b>100,0</b> |

(Orzamento homoxeneizado 2022) (Miles de Euros)

## AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS

De acordo cos fins que lle atribúe a súa lei de creación (Lei 4/2008, do 23 de maio), ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego.

As súas competencias esténdense á totalidade das actividades culturais e artísticas desenvolvidas por creadores individuais e empresas, na procura dunhas industrias culturais dinámicas, competitivas e innovadoras e, en particular:

- Impulsar a creación e o desenvolvemento de empresas que produzan bens e servizos culturais.
- Favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia como elemento singularizador no mercado.
- Promover a distribución e a comercialización dos produtos culturais dentro e fóra do noso país.
- Contribuír á mellora na preparación e cualificación artística, técnica e empresarial dos recursos humanos.
- Estimular a creación, avivar o talento e a capacitación e incitar ao recoñecemento social e económico de artistas e autoras e autores no proceso de produción.

Os estatutos foron aprobados polo Decreto 150/2012, do 12 de xullo e modificados polo Decreto 53/2021 do 18 de marzo.

### Orzamento de ingresos. Axencia Galega das Industrias Culturais

| Distribución económica                  |               |                                    |               |              |              |              |  |
|-----------------------------------------|---------------|------------------------------------|---------------|--------------|--------------|--------------|--|
|                                         |               | Variación 2023/2022 Valor Relativo |               |              |              |              |  |
| Capítulos                               | 2022          | 2023                               | Importe       | %            | 2022         | 2023         |  |
| III Taxas, prezos e outros ingresos     | 92            | 90                                 | -2            | -2,2         | 0,4          | 0,5          |  |
| IV Transferencias correntes             | 4.733         | 5.310                              | 577           | 12,2         | 21,3         | 28,5         |  |
| V Ingresos patrimoniais                 | 58            | 60                                 | 2             | 3,4          | 0,3          | 0,3          |  |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>4.883</b>  | <b>5.460</b>                       | <b>577</b>    | <b>11,8</b>  | <b>22,0</b>  | <b>29,3</b>  |  |
| VII Transferencias de capital           | 17.303        | 13.152                             | -4.150        | -24,0        | 78,0         | 70,7         |  |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>17.303</b> | <b>13.152</b>                      | <b>-4.150</b> | <b>-24,0</b> | <b>78,0</b>  | <b>70,7</b>  |  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>22.186</b> | <b>18.612</b>                      | <b>-3.573</b> | <b>-16,1</b> | <b>100,0</b> | <b>100,0</b> |  |
| <b>Total</b>                            | <b>22.186</b> | <b>18.612</b>                      | <b>-3.573</b> | <b>-16,1</b> | <b>100,0</b> | <b>100,0</b> |  |

(Miles de Euros)

## Orzamento de gastos. Axencia Galega das Industrias Culturais

| Distribución económica                  |                                     |                     |               |               |              |                |              |
|-----------------------------------------|-------------------------------------|---------------------|---------------|---------------|--------------|----------------|--------------|
|                                         |                                     | Variación 2023/2022 |               |               |              | Valor Relativo |              |
| Capítulos                               |                                     | 2022                | 2023          | Importe       | %            | 2022           | 2023         |
| I                                       | Gastos de persoal                   | 2.987               | 3.406         | 419           | 14,0         | 13,5           | 18,3         |
| II                                      | Gastos en bens correntes e servizos | 634                 | 642           | 8             | 1,3          | 2,9            | 3,5          |
| IV                                      | Transferencias correntes            | 1.263               | 1.413         | 150           | 11,9         | 5,7            | 7,6          |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             |                                     | <b>4.883</b>        | <b>5.460</b>  | <b>577</b>    | <b>11,8</b>  | <b>22,0</b>    | <b>29,3</b>  |
| VI                                      | Investimentos reais                 | 4.702               | 1.913         | -2.789        | -59,3        | 21,2           | 10,3         |
| VII                                     | Transferencias de capital           | 12.601              | 11.239        | -1.362        | -10,8        | 56,8           | 60,4         |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            |                                     | <b>17.303</b>       | <b>13.152</b> | <b>-4.150</b> | <b>-24,0</b> | <b>78,0</b>    | <b>70,7</b>  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> |                                     | <b>22.186</b>       | <b>18.612</b> | <b>-3.573</b> | <b>-16,1</b> | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |
| <b>Total</b>                            |                                     | <b>22.186</b>       | <b>18.612</b> | <b>-3.573</b> | <b>-16,1</b> | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |

(Orzamento homoxeneizado 2022) (Miles de Euros)

## AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE

Creada en virtude do Decreto 112/2015, do 31 de xullo, ten como fins xerais e obxectivos básicos realizar a xestión da formación no Sistema Público de Saúde de Galicia, o fomento e a coordinación da investigación nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, a coordinación e o impulso da actividade innovadora da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e a avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios.

Asume as competencias e medios persoais e materiais que lle correspondían á Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria. Asume tamén, desde a súa posta en funcionamento, as competencias e medios persoais e materiais que lle corresponden ao Servizo de Axencia de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias e todas as competencias en materia de investigación, innovación e formación.

Neste exercicio axustará a súa actividade ao previsto no seu contrato plurianual de xestión, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia en abril de 2022, e que se estrutura en seis eixos: a formación continua dos profesionais, a docencia, o fomento dunha investigación de calidade, o impulso da innovación no Sergas, a avaliación e unha xestión eficiente dos recursos da axencia.

En 2023, estes eixos desenvolveranse a través das seguintes actuacións:

- Coordinar o sistema de formación sanitaria especializada de Galicia, adaptándoo ao novo decreto regulador do mesmo, así como desenvolvendo as demandas de reforma da normativa básica estatal nesta materia.
- Proporcionar soporte á xestión de procesos de transferencia de resultados da investigación do Sistema Público de Saúde de Galicia e impulsar procesos de excelencia neste eido, a través do programa INTRES.
- Favorecer o desenvolvemento profesional do persoal investigador traballando no desenvolvemento da carreira investigadora.

- Consolidar unha contorna de investigación atractiva para a retención, captación e desenvolvemento de persoal investigador altamente cualificado. Promover as boas prácticas dentro da acreditación “Human Resources Excellence in Research” nos Institutos de Investigación Sanitaria de Galicia.
- Impulsar e consolidar o tecido de estruturas de apoio á investigación. Potenciar a Rede de biobancos do Servizo Galego de Saúde.
- Promover o acceso dos pacientes á participación en ensaios clínicos, garantindo a equidade no noso sistema e potenciando a realización de ensaios clínicos.
- Participar nos mecanismos de goberno e vinculación con axentes de investigación autonómico e nacionais (CIBER, CNIO, CECBE, INVESTEN, Foro de Investigación Sanitaria IISCI, etc.)
- Difundir a toda a sociedade a actividade investigadora desenvolvida no ámbito sanitario e accións de difusión que permitan visibilizar a investigación feita en Galicia e desenvolver un Portal de investigación en saúde en Galicia.
- Impulsar a investigación, a innovación e a avaliación en saúde mediante o acceso á reutilización e cruce dos datos sanitarios garantindo plenamente a confidencialidade e a ética na utilización dos datos.
- Participación no desenvolvemento da Estratexia de especialización intelixente de Galicia RIS4 GALICIA 2021-2027, nos aspectos relacionadas coa saúde, e análise das capacidades do sistema galego de coñecemento en saúde.
- Impulsar un modelo de innovación aberta, baseada no modelo de Cuádrupla Hélice, traballando xuntos para co-crear o futuro e impulsar cambios estruturais máis aló do alcance do que calquera organización ou persoa podería facer só. Continuar, para iso, coa dinamización da Plataforma de innovación sanitaria e a potenciación da rede de Nodos de Innovación.
- Procurar a participación activa das persoas na ciencia e innovación dende as fases mais temperás dos proxectos para aliar os resultados a obter coas necesidades sociais.
- Xestionar e coordinar o proxecto de CPI INNOVATRIAL no marco do convenio entre o Servizo Galego de Saúde e o Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI).
- Xestionar e coordinar o proxecto de CPI INNOVAMICROLAB en nome do Servizo Galego de Saúde. Desenvolver plataformas tecnolóxicas que permitan obter de maneira rápida e totalmente automatizada diagnósticos microbiolóxicos fiables de calquera patoloxía a partir de calquera mostra clínica biolóxica así como identificar cambios no microbioma humano asociados a determinadas enfermidades que permitan poñer en valor a actividade dos biobancos.
- Coordinación e execución dos proxectos europeos PROCURE4HEALTH, REGIONS4PERMED, CIRCE e INVEST4HEALTH e promover e colaborar na participación do Servizo Galego de Saúde en novos proxectos.
- Participar no proxecto TARTAGLIA, dentro do programa de Misións de Intelixencia Artificial.

- Promover a internacionalización e fomento da cultura innovadora no Servizo Galego de Saúde a través da participación en novos proxectos de innovación.
- Impulsar a participación do Sistema de Saúde Público de Galicia na rede EUROPEAN INNOVATION PARTNERSHIP on Active and Healthy Ageing (EIPonAHA).
- Impulsar a participación do Sistema de Saúde Público de Galicia na Rede Europea de Living Labs (ENoLL).
- Promover a participación do Sistema de Saúde Público de Galicia no consorcio europeo EIT Health - European Institute of Innovation and Technology.
- Convocar unha nova edición do premio á mellor innovación do Sistema Galego de Saúde.
- Coordinar o programa de Living Lab do C. Hospitalario Universitario de Ourense e da Rede de Living Labs de Saúde de Galicia (LABSAÚDE).
- Analizar as necesidades formativas dos profesionais do Sistema Público de Saúde de Galicia e executar o Plan AFEDAP (Acordo de formación de emprego do persoal das Administracións Públicas) e o plan PEF (Plan estratéxico de formación).
- Incorporación de novas tecnoloxías de realidade virtual e realidade aumentada para a formación e adestramento dos profesionais.
- Execución das actividades formativas, sesións informativas e foros de consulta incluídos na Escola Galega de Saúde para Cidadáns e na Escola Galega de Saúde Pública.
- Facilitar sinerxías e colaboracións con outras institucións ou organismos líderes na xestión de proxectos de innovación formativa sumando puntos de vista complementarios e aliados estratéxicos para o sector saúde.
- Desenvolver os informes de avaliación que soliciten a Comisión Asesora para a incorporación de técnicas, tecnoloxías e procedementos; a Consellería de Sanidade e o Sergas.
- Participar na Rede Española de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias (RedETS) e desenvolver as actividades asignadas no plan anual de dita rede, entre elas, as que se refiran á elaboración de Informes de avaliación do impacto no control da pandemia Covid-19.
- Participar nas organizacións internacionais de avaliación de tecnoloxías e de Guías de práctica clínica: INAHTA, HTAi, GIN (Guidelines International Network) e EuroSCAN.
- Analizar a difusión e os patróns de utilización das tecnoloxías médicas de maior impacto, en termos de saúde ou económicos, no sistema sanitario, principalmente en relación coa súa accesibilidade, demanda potencial e utilización apropiada.
- Elaborar e difundir guías de práctica clínica e recomendacións baseadas na evidencia, en diferentes ámbitos de actuación: prevención, diagnóstico, tratamento e rehabilitación.
- Detectar as tecnoloxías sanitarias, novas ou en uso, susceptibles de avaliación, pola súa repercusión.
- Deseñar estudos específicos de investigación en avaliación de tecnoloxías.
- Promover a investigación, especificamente dirixida a obter a información necesaria para a avaliación de tecnoloxías, fomentando a colaboración entre as universidades, os centros, unidades de investigación, as empresas e outras institucións.

- Levar a cabo unha formación práctica en materias de posgrao relacionadas coa documentación e a avaliación e tecnoloxías sanitarias.
- Analizar e revisar a información científica relacionada coa avaliación das tecnoloxías sanitarias e a súa difusión entre os profesionais e os servizos sanitarios.
- Asesorar na creación e desenvolvemento de programas de avaliación de tecnoloxías sanitarias nos diferentes niveis de decisión.
- Asesorar no desenvolvemento de sistemas de información dirixidos a obter os datos necesarios para a avaliación de tecnoloxías.

#### Orzamento de ingresos. Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde

| Distribución económica                  |              |              |            |                     |              |                |  |
|-----------------------------------------|--------------|--------------|------------|---------------------|--------------|----------------|--|
|                                         |              |              |            | Variación 2023/2022 |              | Valor Relativo |  |
| Capítulos                               | 2022         | 2023         | Importe    | %                   | 2022         | 2023           |  |
| IV Transferencias correntes             | 3.220        | 3.870        | 650        | 20,2                | 86,2         | 88,2           |  |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>3.220</b> | <b>3.870</b> | <b>650</b> | <b>20,2</b>         | <b>86,2</b>  | <b>88,2</b>    |  |
| VII Transferencias de capital           | 515          | 520          | 5          | 0,9                 | 13,8         | 11,8           |  |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>515</b>   | <b>520</b>   | <b>5</b>   | <b>0,9</b>          | <b>13,8</b>  | <b>11,8</b>    |  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>3.735</b> | <b>4.390</b> | <b>655</b> | <b>17,5</b>         | <b>100,0</b> | <b>100,0</b>   |  |
| <b>Total</b>                            | <b>3.735</b> | <b>4.390</b> | <b>655</b> | <b>17,5</b>         | <b>100,0</b> | <b>100,0</b>   |  |

(Miles de Euros)

#### Orzamento de gastos. Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde

| Distribución económica                  |              |              |            |                     |              |                |  |
|-----------------------------------------|--------------|--------------|------------|---------------------|--------------|----------------|--|
|                                         |              |              |            | Variación 2023/2022 |              | Valor Relativo |  |
| Capítulos                               | 2022         | 2023         | Importe    | %                   | 2022         | 2023           |  |
| I Gastos de persoal                     | 2.266        | 2.519        | 253        | 11,1                | 60,7         | 57,4           |  |
| II Gastos en bens correntes e servizos  | 946          | 1.088        | 143        | 15,1                | 25,3         | 24,8           |  |
| IV Transferencias correntes             | 8            | 263          | 255        | 3187,5              | 0,2          | 6,0            |  |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>3.220</b> | <b>3.870</b> | <b>650</b> | <b>20,2</b>         | <b>86,2</b>  | <b>88,2</b>    |  |
| VI Investimentos reais                  | 515          | 520          | 5          | 0,9                 | 13,8         | 11,8           |  |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>515</b>   | <b>520</b>   | <b>5</b>   | <b>0,9</b>          | <b>13,8</b>  | <b>11,8</b>    |  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>3.735</b> | <b>4.390</b> | <b>655</b> | <b>17,5</b>         | <b>100,0</b> | <b>100,0</b>   |  |
| <b>Total</b>                            | <b>3.735</b> | <b>4.390</b> | <b>655</b> | <b>17,5</b>         | <b>100,0</b> | <b>100,0</b>   |  |

(Orzamento homoxeneizado 2022) (Miles de Euros)

## AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS

De acordo co Decreto 142/2015, do 17 de setembro, a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, desenvolverá as súas liñas de actuación dirixidas á consecución dos obxectivos fundacionais.

Neste exercicio axustará a súa actividade ao previsto no seu contrato plurianual de xestión aprobado polo Consello da Xunta de Galicia en xuño de 2022 e que se estrutura en catro eixos: o abastecemento de sangue e os seus derivados, a coordinación de transplantes de órganos e tecidos, o procesamento e almacenaxe de mostras de células, tecidos de máxima calidade e a coordinación co resto das comunidades autónomas nos ámbitos da doazón, transfusión e transplante de órganos e tecidos.

En 2023, estes eixos desenvolveranse a través das seguintes actuacións:

- Continuarase coa promoción da doazón de sangue, órganos e tecidos poñendo en marcha distintas iniciativas que faciliten o acto solidario da doazón, traballando na sensibilización e concienciación desde a infancia.
- Convocarase novas edicións do concurso de carteis para escolares relacionados coa doazón e o transplante, do concurso de curtametraxes relacionados coa doazón e os transplantes de órganos e tecidos e do concurso universitario de curtametraxes relacionado coa doazón e o transplante de medula ósea.
- Continuarase co proceso de renovación das unidades móbiles de doazón de sangue, para avanzar nas máximas condicións de seguridade e confort no proceso de doazón.

No que atinxe ao Programa Galego de doazón e transplante de órganos, durante o ano 2021 o Servizo Galego de Saúde acadou unha cifra de 112 doazóns de órganos e realizou 298 transplantes de órganos nos seus hospitais.

Os obxectivos funcionais concretos a seguir para o ano 2023 son:

- Garantir o abastecemento de sangue e dos seus derivados aos provedores de servizos sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo os estándares de calidade vixentes no mercado e na lexislación de aplicación.
- Coordinar a doazón e transplantes de órganos e o procesamento, almacenamento, distribución e implante de células e tecidos, velando polo cumprimento dos estándares de calidade vixentes no mercado e na lexislación de aplicación.
- Asumir a organización e garantir a dispoñibilidade de mostras de máxima calidade de células e tecidos.
- Coordinar as actuacións de Galicia nos ámbitos da doazón, transfusión e transplante de órganos e tecidos, coas comunidades autónomas do Estado español, co Goberno de España e cos organismos internacionais.

De conformidade co establecido na Lei 6/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público de Galicia, a realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos da competencia dos órganos da Administración

xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou das entidades de dereito público dependentes dela, poderá ser encomendada intrasubxectivamente a outros órganos da mesma administración ou entidade que o encomendante, por razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios idóneos para o seu desempeño. Deste xeito a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos desenvolve para o Servizo Galego de Saúde os seguintes servizos:

- Servizos Hemoterápicos.

Denomínanse servizos hemoterápicos a subministración dos diferentes compoñentes sanguíneos aos hospitais. Esta denominación como servizo débese a que o sangue non se fabrica nin sofre alteracións na súa composición. Os elementos subministrados (hemacias, plaquetas e plasma) obtéñense por procesos de separación e realízanse sobre eles as probas de detección precisas para ser transfundidos.

- Servizo de probas analíticas.

Dentro deste servizo inclúense determinacións analíticas das áreas de inmunohematoloxía, seroloxía e bioloxía molecular de enfermidades transmisibles e estudos de histocompatibilidade, que sexan solicitados desde o ámbito hospitalario.

- Servizos de Criopreservación.

Dentro deste servizo atópanse os concentrados de hemacias e plaquetas criopreservadas e os proxenitores hematopoéticos.

- Servizo de medicamentos derivados do plasma.

A subministración aos hospitais da rede pública do Sergas, dos medicamentos procedentes do fraccionamento industrial de plasma excedentario. Así obtéñense albumina, Factor VIII humano, Inmunoglobulina humana inespecífica e Alpha I Antitripsina, medicamentos todos eles de uso habitual nos hospitais.

- Proxecto BLOOD.

Este proxecto global xorde da necesidade de coordinar e homoxeneizar de forma integrada, os sistemas de información que dan soporte ao traballo que se está a desenvolver entre os servizos de transfusión dos centros hospitalarios e a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos. Este proxecto abrangue distintos obxectivos e supón o deseño, desenvolvemento e implantación dun sistema que garante a xestión segura e de calidade dos compoñentes sanguíneos.

- Certificacións de Calidade.

Manter na organización a certificación de calidade segundo a norma ISO 9001/2015, renovada unha vez máis en 2022.

Renovación da certificación, pola Fundación CAT (Comité de Acreditación en Transfusión), organismo de certificación de calidade en transfusión, terapia celular e tisular, de conformi-

dade aos estándares en transfusión sanguínea nas áreas: Análise, Aférese, Doazón, Autodoazón, Almacenamento – Distribución e Procesamento de compoñentes.

Mantemento da acreditación da European Federation for Immunogenetics (EFI) na Unidade de Bioloxía Molecular e Histocompatibilidade para a tipificación de HLA.

#### Orzamento de ingresos. Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos

| Distribución económica                  |               |               |            |                     |              |                |
|-----------------------------------------|---------------|---------------|------------|---------------------|--------------|----------------|
|                                         |               |               |            | Variación 2023/2022 |              | Valor Relativo |
| Capítulos                               | 2022          | 2023          | Importe    | %                   | 2022         | 2023           |
| III Taxas, prezos e outros ingresos     | 25.786        | 26.580        | 794        | 3,1                 | 100,0        | 100,0          |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>25.786</b> | <b>26.580</b> | <b>794</b> | <b>3,1</b>          | <b>100,0</b> | <b>100,0</b>   |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>25.786</b> | <b>26.580</b> | <b>794</b> | <b>3,1</b>          | <b>100,0</b> | <b>100,0</b>   |
| <b>Total</b>                            | <b>25.786</b> | <b>26.580</b> | <b>794</b> | <b>3,1</b>          | <b>100,0</b> | <b>100,0</b>   |

(Miles de Euros)

#### Orzamento de gastos. Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos

| Distribución económica                  |               |               |            |                     |              |                |
|-----------------------------------------|---------------|---------------|------------|---------------------|--------------|----------------|
|                                         |               |               |            | Variación 2023/2022 |              | Valor Relativo |
| Capítulos                               | 2022          | 2023          | Importe    | %                   | 2022         | 2023           |
| I Gastos de persoal                     | 11.112        | 11.580        | 468        | 4,2                 | 43,1         | 43,6           |
| II Gastos en bens correntes e servizos  | 14.194        | 14.520        | 326        | 2,3                 | 55,0         | 54,6           |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>25.306</b> | <b>26.100</b> | <b>794</b> | <b>3,1</b>          | <b>98,1</b>  | <b>98,2</b>    |
| VI Investimentos reais                  | 480           | 480           | 0          | -                   | 1,9          | 1,8            |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>480</b>    | <b>480</b>    | <b>0</b>   | <b>-</b>            | <b>1,9</b>   | <b>1,8</b>     |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>25.786</b> | <b>26.580</b> | <b>794</b> | <b>3,1</b>          | <b>100,0</b> | <b>100,0</b>   |
| <b>Total</b>                            | <b>25.786</b> | <b>26.580</b> | <b>794</b> | <b>3,1</b>          | <b>100,0</b> | <b>100,0</b>   |

(Orzamento homoxeneizado 2022) (Miles de Euros)

## AXENCIA GALEGA DE SERVIZOS SOCIAIS

A Axencia Galega de Servizos Sociais, creada polo Decreto 40/2014, do 20 de marzo, é unha entidade pública instrumental pertencente ao tipo de axencias públicas autonómicas, de conformidade coa autorización contida no artigo 34.1 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, así como da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, así mesmo, e de conformidade co establecido no artigo 47 e seguintes da dita Lei 16/2010, do 17 de decembro.

Para o cumprimento dos seus fins a Axencia Galega de Servizos Sociais está dotada de personalidade xurídica propia diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesouraría propios e autonomía de xestión, e facultada para exercer as potestades administrativas necesarias para o cumprimento dos seus obxectivos e funcións no ámbito dos programas correspondentes ás políticas públicas da Comunidade Autónoma de Galicia nas materias propias da súa competencia, así como respecto de todas aquelas actividades e funcións que correspondan a ela mesma, agás a potestade expropiadora.

Á Axencia Galega de Servizos Sociais, como axencia pública autonómica encoméndaselle, en réxime de descentralización funcional e xestión por obxectivos, a xestión de servizos públicos en materia de servizos sociais, de acordo co previsto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, e no decreto polo que se aproban os seus estatutos.

A Axencia exercerá as seguintes funcións:

- Acadar un aproveitamento óptimo e a racionalización no emprego dos recursos dedicados aos servizos sociais, asegurando o maior nivel de eficacia e eficiencia na xestión e prestación deles.
- Velar pola plena efectividade do principio de responsabilidade pública na prestación dos servizos sociais.
- Xestionar equipos, prestacións económicas, programas e servizos sociais de competencia autonómica.
- Coordinar o exercicio das actuacións públicas e privadas en materia de servizos sociais, promovendo o establecemento de convenios, concertos ou calquera outra fórmula de coordinación ou cooperación que permita unha utilización óptima e racional.

Segundo o apartado 3 da disposición adicional primeira do Decreto 40/2014, do 20 de marzo, a Axencia Galega de Servizos Sociais asumiu, dende a súa posta en funcionamento, as competencias atribuídas en materia de xestión de escolas infantís á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica (antiga Dirección Xeral de Familia e Inclusión), subrogándose en todas as relacións xurídicas, bens, dereitos e obrigas derivados do exercicio das ditas competencias; sendo na actualidade a única competencia que desenvolve.

#### Orzamento de ingresos. Axencia Galega de Servizos Sociais

| Distribución económica                  |               |                     |              |              |              |                |  |
|-----------------------------------------|---------------|---------------------|--------------|--------------|--------------|----------------|--|
|                                         |               | Variación 2023/2022 |              |              |              | Valor Relativo |  |
| Capítulos                               | 2022          | 2023                | Importe      | %            | 2022         | 2023           |  |
| III Taxas, prezos e outros ingresos     | 900           | 435                 | -465         | -51,7        | 6,4          | 2,8            |  |
| IV Transferencias correntes             | 12.832        | 14.025              | 1.193        | 9,3          | 91,4         | 91,5           |  |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>13.732</b> | <b>14.460</b>       | <b>728</b>   | <b>5,3</b>   | <b>97,9</b>  | <b>94,4</b>    |  |
| VII Transferencias de capital           | 300           | 860                 | 560          | 186,7        | 2,1          | 5,6            |  |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>300</b>    | <b>860</b>          | <b>560</b>   | <b>186,7</b> | <b>2,1</b>   | <b>5,6</b>     |  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>14.032</b> | <b>15.320</b>       | <b>1.288</b> | <b>9,2</b>   | <b>100,0</b> | <b>100,0</b>   |  |
| <b>Total</b>                            | <b>14.032</b> | <b>15.320</b>       | <b>1.288</b> | <b>9,2</b>   | <b>100,0</b> | <b>100,0</b>   |  |

(Miles de Euros)

### Orzamento de gastos. Axencia Galega de Servizos Sociais

| Distribución económica                  |               |                     |              |                |              |              |
|-----------------------------------------|---------------|---------------------|--------------|----------------|--------------|--------------|
|                                         |               | Variación 2023/2022 |              | Valor Relativo |              |              |
| Capítulos                               | 2022          | 2023                | Importe      | %              | 2022         | 2023         |
| I Gastos de persoal                     | 11.632        | 12.269              | 637          | 5,5            | 82,9         | 80,1         |
| II Gastos en bens correntes e servizos  | 2.100         | 2.191               | 91           | 4,3            | 15,0         | 14,3         |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>13.732</b> | <b>14.460</b>       | <b>728</b>   | <b>5,3</b>     | <b>97,9</b>  | <b>94,4</b>  |
| VI Investimentos reais                  | 300           | 860                 | 560          | 186,7          | 2,1          | 5,6          |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>300</b>    | <b>860</b>          | <b>560</b>   | <b>186,7</b>   | <b>2,1</b>   | <b>5,6</b>   |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>14.032</b> | <b>15.320</b>       | <b>1.288</b> | <b>9,2</b>     | <b>100,0</b> | <b>100,0</b> |
| <b>Total</b>                            | <b>14.032</b> | <b>15.320</b>       | <b>1.288</b> | <b>9,2</b>     | <b>100,0</b> | <b>100,0</b> |

(Orzamento homoxeneizado 2022) (Miles de Euros)

## AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL

O Decreto 81/2017, do 3 de agosto (DOG núm. 163 do 19 de agosto de 2017), creou a Axencia Galega da Industria Forestal en virtude da autorización prevista na disposición adicional sexta da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.

O Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, adscribe a Axencia Galega da Industria Forestal na Consellería do Medio Rural.

A Axencia Galega da Industria Forestal perseguirá os seguintes obxectivos, sen prexuízo das competencias doutros organismos e entidades e, en todo caso, en estreita colaboración con eles:

- Procurar a diversificación dos produtos do monte destinados á industria forestal, promovendo as sinerxías entre os distintos sectores da cadea monte-industria.
- Mellorar a competitividade e a innovación das empresas do sector forestal desde a primeira fase de transformación do recurso, e con especial incidencia na segunda e seguintes fases.
- Ser o centro de servizos ao que acuda o sector da industria forestal, madeireira e non madeireira, para analizar e implantar medidas que contribúan ao seu desenvolvemento, actuando como interlocutor da Administración fronte á totalidade de axentes económicos vinculados á industria forestal.
- Definir e promover estratexias para lograr unha convivencia saudable e sustentable entre o aproveitamento e a industrialización dos recursos naturais, e que deberá realizarse tendo en conta a conservación do patrimonio natural e a biodiversidade, baseándose no uso sustentable dos ditos recursos naturais.
- Participar na planificación, ordenación e mellora da xestión e aproveitamento dos recursos forestais, sen menoscabo dos seus valores ambiental e social e da conservación do patrimonio natural, evitando a fragmentación de hábitats naturais, tendo en conta a súa integridade.

- Coordinar os centros de investigación e tecnolóxicos vinculados á industria forestal, adscritos á axencia.
- Promover a utilización da biotecnoloxía como técnica na mellora dos produtos forestais.
- Incentivar o deseño de produtos derivados do sector forestal na procura de solucións estruturais verdes que contribúan co ambiente.
- Impulsar a creación de emprego de calidade no medio rural.
- Favorecer a transferencia de coñecemento e tecnoloxía entre os diferentes axentes vinculados á industria forestal, particularmente entre as empresas do sector, as universidades do Sistema Universitario de Galicia e os centros públicos de investigación forestal.
- Incentivar a certificación de procesos e produtos asociados ao monte, e destinados á industria forestal, para acreditar a calidade e sustentabilidade das actividades, e por esta vía aumentar a competitividade das empresas do sector.
- Apoiar a transformación, diferenciación e diversificación de uso dos aproveitamentos forestais.
- Incentivar a mellora da formación e a cualificación do persoal empregado no sector forestal, favorecendo a capacitación profesional e contribuíndo á mellora da produtividade e competitividade das empresas do sector, así como a información/formación sobre actividades coherentes coa conservación do patrimonio natural e a biodiversidade e coa xestión sustentable dos recursos.
- Asesorar os axentes e as empresas do sector forestal nas distintas liñas de financiamento nacional e internacional que lles poidan beneficiar.

#### Orzamento de ingresos. Axencia Galega da Industria Forestal

| Distribución económica                  |               |                     |               |              |              |                |  |
|-----------------------------------------|---------------|---------------------|---------------|--------------|--------------|----------------|--|
|                                         |               | Variación 2023/2022 |               |              |              | Valor Relativo |  |
| Capítulos                               | 2022          | 2023                | Importe       | %            | 2022         | 2023           |  |
| III Taxas, prezos e outros ingresos     | 20            | 4                   | -16           | -81,9        | 0,1          | -              |  |
| IV Transferencias correntes             | 2.087         | 2.417               | 330           | 15,8         | 12,4         | 15,8           |  |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>2.107</b>  | <b>2.420</b>        | <b>313</b>    | <b>14,9</b>  | <b>12,5</b>  | <b>15,9</b>    |  |
| VII Transferencias de capital           | 14.770        | 12.840              | -1.930        | -13,1        | 87,5         | 84,1           |  |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>14.770</b> | <b>12.840</b>       | <b>-1.930</b> | <b>-13,1</b> | <b>87,5</b>  | <b>84,1</b>    |  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>16.877</b> | <b>15.261</b>       | <b>-1.617</b> | <b>-9,6</b>  | <b>100,0</b> | <b>100,0</b>   |  |
| <b>Total</b>                            | <b>16.877</b> | <b>15.261</b>       | <b>-1.617</b> | <b>-9,6</b>  | <b>100,0</b> | <b>100,0</b>   |  |

(Miles de Euros)

### Orzamento de gastos. Axencia Galega da Industria Forestal

| Distribución económica                  |               |               |               |                     |              |                |  |
|-----------------------------------------|---------------|---------------|---------------|---------------------|--------------|----------------|--|
|                                         |               |               |               | Variación 2023/2022 |              | Valor Relativo |  |
| Capítulos                               | 2022          | 2023          | Importe       | %                   | 2022         | 2023           |  |
| I Gastos de persoal                     | 1.064         | 1.420         | 356           | 33,4                | 6,3          | 9,3            |  |
| II Gastos en bens correntes e servizos  | 370           | 400           | 31            | 8,3                 | 2,2          | 2,6            |  |
| IV Transferencias correntes             | 673           | 600           | -73           | -10,9               | 4,0          | 3,9            |  |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>2.107</b>  | <b>2.420</b>  | <b>313</b>    | <b>14,9</b>         | <b>12,5</b>  | <b>15,9</b>    |  |
| VI Investimentos reais                  | 619           | 956           | 337           | 54,5                | 3,7          | 6,3            |  |
| VII Transferencias de capital           | 14.151        | 11.884        | -2.267        | -16,0               | 83,8         | 77,9           |  |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>14.770</b> | <b>12.840</b> | <b>-1.930</b> | <b>-13,1</b>        | <b>87,5</b>  | <b>84,1</b>    |  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>16.877</b> | <b>15.261</b> | <b>-1.617</b> | <b>-9,6</b>         | <b>100,0</b> | <b>100,0</b>   |  |
| <b>Total</b>                            | <b>16.877</b> | <b>15.261</b> | <b>-1.617</b> | <b>-9,6</b>         | <b>100,0</b> | <b>100,0</b>   |  |

(Orzamento homoxeneizado 2022) (Miles de Euros)

## AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural foi creada pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, configurándose como un instrumento para o fomento e coordinación do desenvolvemento no territorio rural galego para mellorar as condicións de vida e evitar o despoboamento dese territorio. Ademais, de acordo coa modificación introducida pola disposición derradeira terceira da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural posibilitará a creación e ampliación de explotacións agrarias e gandeiras mediante a xestión do Banco de Terras de Galicia e será o órgano competente en materia de desenvolvemento comarcal, que exercerá como instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia para o deseño, a aplicación, a coordinación e o seguimento do Plan de desenvolvemento comarcal. Máis recentemente, a Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, prevé para a axencia novas funcións e dótaa de novos órganos para atendela axeiadamente.

As funcións da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, de acordo coa disposición adicional sexta da Lei 5/2000, modificadas e ampliadas na alínea Un do artigo segundo da Lei 12/2008 quedaron do seguinte xeito:

- Elaborar estratexias e plans integrados de valorización do medio rural, que coordinen actuacións de diversa natureza e contén coa participación dos axentes socioeconómicos públicos e privados.
- Difundir e realizar o seguimento das políticas de desenvolvemento rural aplicables en cada momento.
- Impulsar a formulación e aplicación a nivel comarcal de estratexias de desenvolvemento rural integrado, en especial mediante a dinamización e coordinación dos grupos de desenvolvemento rural encargados da súa execución.

- Articular proxectos de desenvolvemento rural con carácter piloto e innovador, dirixidos ao reforzamento da base produtiva das áreas rurais, á valorización dos seus recursos e á mellora da calidade de vida dos seus habitantes.
- Promover e favorecer a cooperación entre os axentes públicos e privados cuxas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais.
- Contribuír ao reforzamento do tecido social e á mellora da capacidade organizativa das áreas rurais.
- Xestionar as medidas e actuacións que se lle encomenden no marco da programación 2014-2020 dos fondos agrarios de desenvolvemento rural.
- Aplicar outras medidas e actuacións que teñan por obxecto, en particular, a dinamización do tecido produtivo e a fixación de poboación nas áreas rurais, realizando as actuacións precisas para promover a igualdade efectiva de mulleres e homes, en aplicación do artigo 30 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, dos artigos 31.3º e 38.3º da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, e do artigo 30 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- A dinamización comarcal, a través dos centros de desenvolvemento comarcal dependentes da Xunta de Galicia.

Finalmente, despois da reorganización dos instrumentos de xestión do desenvolvemento rural prevista na Lei 15/2010, ademais das funcións sinaladas na Lei 12/2008, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural realizará tamén as seguintes, que lle atribúe a alínea Dous da disposición derradeira terceira da Lei 15/2010:

- Xestionar as medidas e actuacións que se lle encomenden no marco da programación dos fondos agrarios de desenvolvemento rural.
- Xestionar e aplicar as medidas contidas nos programas de desenvolvemento rural sustentable (PDRS), no marco da aplicación da Lei estatal 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sustentable do medio rural, ou da norma que a substitúa, sen prexuízo das competencias que nesta materia teñan outros órganos da Administración autonómica.
- A xestión dos bens e dos dereitos incorporados ao Banco de Terras de Galicia.
- A realización da función do servizo de transmisión mediante arrendamento respecto dos predios rústicos procedentes de explotacións nas que cesase anticipadamente a persoa titular, sen seren cedidas a terceiras persoas.

En relación ás funcións referentes ao Banco de Terras de Galicia, a disposición transitoria segunda da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, tamén lle atribúe á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural o exercicio das funcións xestoras do Banco de Terras de Galicia. Esas funcións están pomenorizadas no artigo 9 da citada Lei 6/2011.

A Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia establece como competencias da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural:

- Diseñar e implementar estratexias e plans integrados para o desenvolvemento e a xestión do territorio rural que coordinen actuacións de diversa natureza e contén coa participación dos axentes socioeconómicos públicos e privados, así como a promoción e xestión dos devanditos plans e programas de desenvolvemento.
- Supervisar, coordinar e difundir as políticas e estratexias de desenvolvemento rural, en especial as orientadas á recuperación das terras forestais e da superficie agraria útil como base da bioeconomía.
- Diseñar, programar e executar as medidas de recuperación e, en xeral, da xestión da terra agroforestal de Galicia a través dos instrumentos previstos nesta lei para tal fin.
- Tramitar os procedementos de investigación da propiedade de inmobles de natureza rústica dos que non se teña certeza sobre a súa titularidade, así como a revisión xeométrica e topográfica deses predios no caso de existiren dúbidas sobre a súa configuración e estado.
- Articular proxectos de desenvolvemento rural con carácter piloto e innovador, destinados a reforzar a base produtiva das áreas rurais, valorizar os seus recursos e mellorar a calidade de vida dos seus habitantes.
- Articular proxectos de xestión de terras agroforestais e de desenvolvemento rural dirixidos directa ou indirectamente a favorecer a prevención e a loita contra os incendios no territorio rural e fronte a pragas e enfermidades.
- Promover e fomentar a cooperación entre axentes públicos e privados cuxas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais.
- Impulsar a formulación e a aplicación a nivel comarcal de estratexias de desenvolvemento rural integrado, especialmente a través da dinamización e coordinación dos grupos de desenvolvemento rural responsables da súa execución.
- Promover o desenvolvemento dos catálogos, mapas e demais soportes documentais previstos na lei.

#### Orzamento de ingresos. Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

| Distribución económica |                                         |               |               |                     |             |                |              |
|------------------------|-----------------------------------------|---------------|---------------|---------------------|-------------|----------------|--------------|
|                        |                                         |               |               | Variación 2023/2022 |             | Valor Relativo |              |
|                        | Capítulos                               | 2022          | 2023          | Importe             | %           | 2022           | 2023         |
| IV                     | Transferencias correntes                | 4.094         | 4.232         | 138                 | 3,4         | 8,7            | 7,4          |
| V                      | Ingresos patrimoniais                   | 70            | 130           | 60                  | 85,7        | 0,1            | 0,2          |
|                        | <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>4.164</b>  | <b>4.362</b>  | <b>198</b>          | <b>4,7</b>  | <b>8,8</b>     | <b>7,6</b>   |
| VII                    | Transferencias de capital               | 43.039        | 52.738        | 9.699               | 22,5        | 91,2           | 92,4         |
|                        | <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>43.039</b> | <b>52.738</b> | <b>9.699</b>        | <b>22,5</b> | <b>91,2</b>    | <b>92,4</b>  |
|                        | <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>47.203</b> | <b>57.100</b> | <b>9.896</b>        | <b>21,0</b> | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |
|                        | <b>Total</b>                            | <b>47.203</b> | <b>57.100</b> | <b>9.896</b>        | <b>21,0</b> | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |

(Miles de Euros)

## Orzamento de gastos. Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

| Distribución económica                  |               |                     |              |                |              |              |
|-----------------------------------------|---------------|---------------------|--------------|----------------|--------------|--------------|
|                                         |               | Variación 2023/2022 |              | Valor Relativo |              |              |
| Capítulos                               | 2022          | 2023                | Importe      | %              | 2022         | 2023         |
| I Gastos de persoal                     | 3.467         | 3.654               | 187          | 5,4            | 7,3          | 6,4          |
| II Gastos en bens correntes e servizos  | 697           | 708                 | 11           | 1,6            | 1,5          | 1,2          |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>4.164</b>  | <b>4.362</b>        | <b>198</b>   | <b>4,7</b>     | <b>8,8</b>   | <b>7,6</b>   |
| VI Investimentos reais                  | 9.220         | 8.018               | -1.203       | -13,0          | 19,5         | 14,0         |
| VII Transferencias de capital           | 33.819        | 44.720              | 10.901       | 32,2           | 71,6         | 78,3         |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>43.039</b> | <b>52.738</b>       | <b>9.699</b> | <b>22,5</b>    | <b>91,2</b>  | <b>92,4</b>  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>47.203</b> | <b>57.100</b>       | <b>9.896</b> | <b>21,0</b>    | <b>100,0</b> | <b>100,0</b> |
| <b>Total</b>                            | <b>47.203</b> | <b>57.100</b>       | <b>9.896</b> | <b>21,0</b>    | <b>100,0</b> | <b>100,0</b> |

(Orzamento homoxeneizado 2022) (Miles de Euros)

## AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA

A Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, crea no artigo nº 31 o Instituto Galego da Calidade Alimentaria (Ingacal), configurándoo como un ente de dereito público dos previstos no artigo 12.1º b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, e adscrito á consellería competente en materia de agricultura.

A Lei 16/2010 de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia na súa disposición transitoria terceira establece que as normas de organización e funcionamento do Ingacal adecuaranse ao disposto nesa lei para as axencias públicas autonómicas.

A adecuación do Ingacal á Lei 16/2010, do 17 de decembro, prodúcese coa publicación do Decreto 52/2018, do 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega de Calidade Alimentaria e se aproban os seus estatutos. Así mesmo dótase a esta axencia de todos os instrumentos que lle permitan cumprir a súa verdadeira finalidade: por unha banda, ser o instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia en materia de promoción e protección da calidade diferencial dos produtos alimentarios galegos acollidos aos distintos indicativos de calidade e, por outra, potenciar a calidade da produción alimentaria galega, concentrando as actividades investigadoras e de desenvolvemento tecnolóxico no eido alimentario para suplir os déficits que nesta materia se produzan na nosa Comunidade Autónoma e establecendo como obxectivo principal da súa actividade investigadora responder aos retos científicos e tecnolóxicos aos que se enfrontan os sectores agroforestal e agroalimentario, vinculados á mellora da súa competitividade.

Por iso, a Axencia Galega de Calidade Alimentaria asume as funcións que desenvolvía o Servizo de Promoción da Calidade Alimentaria, da Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias e pasan a integrarse na mesma os centros de investigación da consellería e a Subdirección Xeral de Formación e Innovación Agroforestal cos seus servizos competentes en materia de formación e de transferencia tecnolóxica que, ata agora, dependían da Dirección Xeral de Ordenación Forestal.

En virtude do establecido na Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, correspóndelle á axencia, o desenvolvemento das seguintes funcións de calidade alimentaria:

- Realizar actuacións de control e certificación dos produtos acollidos ás denominacións xeográficas de calidade e en xeral ás distintas figuras de protección da calidade alimentaria do ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia ás que fai referencia o título III da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, ou calquera outra de interese xeral para a Comunidade Autónoma que se lle encargue.

- Executar cantos controis se lle encarguen en relación coa calidade e etiquetaxe dos produtos alimentarios, así como coas condicións das materias primas e a rastrexabilidade da produción alimentaria.
- Promover e defender a calidade dos produtos amparados polas denominacións e indicativos de calidade.
- Realizar estudos e preparación da documentación para o recoñecemento de novas denominacións xeográficas e doutras figuras de protección da calidade que se estimen de interese xeral para a Comunidade Autónoma.
- Prestar todo tipo de servizos de asesoramento e xestión aos consellos reguladores das denominacións xeográficas de calidade e aos órganos de xestión doutras figuras de protección da calidade alimentaria.
- Efectuar, logo da formalización do correspondente acordo, aqueles traballos relacionados coa certificación de produtos que lle sexan solicitados por un consello regulador ou outra entidade titular dunha figura de protección da calidade, como análises fisicoquímicas ou organolépticas, inspeccións e verificacións.
- Actuar como auditor externo dos consellos reguladores e demais entidades xestoras de figuras de calidade dos produtos alimentarios aos que se refire o artigo 3 da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, para os efectos do control oficial da cadea alimentaria en relación cos programas vinculados á calidade diferencial que establece a normativa específica e actuar como órgano de control das distintas entidades de certificación de produtos alimentarios que operen na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Desempeñar as funcións relacionadas coa xestión en materia da artesanía alimentaria, tales como o control do uso do indicativo da artesanía, xestión do rexistro de artesanía alimentaria, comprobación do cumprimento dos requisitos para a obtención da condición de artesanía e empresa artesanal e elaboración das normas técnicas de cada produto derivado da artesanía alimentaria, no marco da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega.
- Realizar os encargos que, no ámbito das súas competencias en materia de calidade alimentaria, lle efectúe a Administración xeral da Comunidade Autónoma.

En virtude da mesma normativa tamén lle corresponde á Axencia o desenvolvemento das seguintes funcións en materia de investigación:

- Determinar e canalizar as demandas científico-técnicas e analíticas do sector agrario e alimentario de Galicia, tendo en conta as súas necesidades mediante procedementos eficaces de participación dos axentes socioeconómicos afectados nas distintas áreas de traballo.
- Impulsar as actividades de I+D+i nos sectores agrario e alimentario de Galicia.
- Asesorar á consellería con competencias en materia de medio rural nas funcións de coordinación da investigación en materia agraria.

- Promover e executar os traballos de investigación nas materias agrícolas, gandeiras e forestais, tanto respecto das actividades de produción e transformación, como respecto do cumprimento das boas prácticas agrarias e outros requirimentos dos procesos produtivos primarios nas explotacións gandeiras, de mellora xenética e sanidade agrícola, gandeira e forestal, as relativas á conservación dos recursos xenéticos, á ecoloxía e silvicultura das especies forestais, á propagación, prevención e defensa contra os incendios forestais e ao impacto das actividades do sector agrario sobre o medio. Para o cumprimento desta finalidade poderá solicitar recursos materiais e humanos que poidan ser asignados por calquera das Administracións públicas no marco de plans de investigación e desenvolvemento tecnolóxico e innovación.
- Propiciar e facilitar a transferencia e adopción dos resultados obtidos nas investigacións, publicando e divulgando os resultados dos ensaios e proxectos de experimentación, así como a dirección e elaboración das estatísticas en materia agraria en coordinación co Instituto Galego de Estatística.
- A través dos seus laboratorios realizará as seguintes funcións:
  - Atender a demanda de análises químicos de alimentos, bebidas, solos, fertilizantes, augas de rega e produtos de alimentación animal.
  - Investigar a presenza de residuos de produtos fitosanitarios en alimentos, bebidas e en alimentación animal.
  - Diagnosticar enfermidades e a presenza de pragas nos cultivos herbáceos, leñosos e forestais.
  - Realizar análises no ámbito da sanidade vexetal.
  - Emitir certificados de exportación de bebidas e tamén realizar informes e recomendacións que teñan que ver coas análises realizadas.
- Fomentar a introdución de sistemas de rastrexabilidade e, en xeral, desenvolver todo tipo de actividades que fagan progresar a tecnoloxía, a calidade e a competitividade do sector agroindustrial galego.
- Establecer fórmulas específicas de recrutamento, formación e actualización do persoal investigador, nos ámbitos agrario e alimentario, así como as de intercambio e colaboración con outros centros de investigación rexionais, nacionais e internacionais.
- Participar en institucións e foros nacionais e internacionais para a consecución dos fins da axencia.
- Promover ou participar directamente nas operacións concretas de desenvolvemento nas que se dean as circunstancias de interese territorial ou estratéxico, insuficiente participación dos axentes socioeconómicos e a necesidade de estruturar ou reestruturar un ámbito produtivo vinculado ao sector alimentario e que lle sexan encomendadas.
- Pór en valor as distintas actuacións tecnolóxicas e investidoras incluídas nas anteriores alíneas ou as que deriven do acervo de coñecementos da axencia, mediante as fórmulas axeitadas de divulgación ou comercialización, así como as de participación e implicación dos distintos

subsectores nas actuacións propias, sen menoscabo das funcións de divulgación e promoción que neste ámbito poida desenvolver a consellería de adscrición.

- Conservar o patrimonio xenético tradicional de Galicia das especies de produción agroforestal.
- Promover a mellora xenética do material vexetal de produción agroforestal.
- Exercer calquera outra función técnica, material ou xurídica, que se lle encomende en relación cos seus obxectivos, ou calquera outra que se lle atribúa pola lexislación vixente, así como realizar os encargos que, no ámbito das súas competencias en materia de investigación, lle efectúe a Administración xeral da Comunidade Autónoma.

Tamén lle corresponden á axencia, o desenvolvemento das seguintes funcións en materia de formación:

- Desenvolver, mediante as fórmulas axeitadas de divulgación, as distintas actuacións tecnolóxicas e investigadoras incluídas nos anteriores artigos.
- Programar a formación agraria, nos seus aspectos de ensinanzas regradas e non regradas, tanto das persoas agricultoras, gandeiras e silvicultoras, como das súas asociacións e agrupacións, así como daquelas persoas que queiran acceder no futuro á titularidade ou xerencia de calquera explotación agraria ou forestal.
- Coordinar os centros de formación e experimentación agraria.
- Coordinar e facer o seguimento dos cursos de formación realizados no ámbito agrario.
- Realizar os encargos que, no ámbito das súas competencias en materia de formación, lle efectúe a Administración xeral da Comunidade Autónoma.

#### Orzamento de ingresos. Axencia Galega de Calidade Alimentaria

| Distribución económica                  |               |               |              |                     |              |                |  |
|-----------------------------------------|---------------|---------------|--------------|---------------------|--------------|----------------|--|
|                                         |               |               |              | Variación 2023/2022 |              | Valor Relativo |  |
| Capítulos                               | 2022          | 2023          | Importe      | %                   | 2022         | 2023           |  |
| III Taxas, prezos e outros ingresos     | 1.042         | 1.210         | 168          | 16,1                | 2,5          | 2,6            |  |
| IV Transferencias correntes             | 16.654        | 18.104        | 1.450        | 8,7                 | 39,7         | 38,9           |  |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>17.696</b> | <b>19.314</b> | <b>1.618</b> | <b>9,1</b>          | <b>42,2</b>  | <b>41,5</b>    |  |
| VII Transferencias de capital           | 24.244        | 27.258        | 3.014        | 12,4                | 57,8         | 58,5           |  |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>24.244</b> | <b>27.258</b> | <b>3.014</b> | <b>12,4</b>         | <b>57,8</b>  | <b>58,5</b>    |  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>41.940</b> | <b>46.572</b> | <b>4.632</b> | <b>11,0</b>         | <b>100,0</b> | <b>100,0</b>   |  |
| <b>Total</b>                            | <b>41.940</b> | <b>46.572</b> | <b>4.632</b> | <b>11,0</b>         | <b>100,0</b> | <b>100,0</b>   |  |

(Miles de Euros)

### Orzamento de gastos. Axencia Galega de Calidade Alimentaria

| Distribución económica                  |               |                     |              |             |                |              |
|-----------------------------------------|---------------|---------------------|--------------|-------------|----------------|--------------|
|                                         |               | Variación 2023/2022 |              |             | Valor Relativo |              |
| Capítulos                               | 2022          | 2023                | Importe      | %           | 2022           | 2023         |
| I Gastos de persoal                     | 13.978        | 15.218              | 1.240        | 8,9         | 33,3           | 32,7         |
| II Gastos en bens correntes e servizos  | 2.713         | 3.020               | 307          | 11,3        | 6,5            | 6,5          |
| III Gastos financeiros                  | 0             | 7                   | 7            | 4180,6      | -              | -            |
| IV Transferencias correntes             | 1.004         | 1.068               | 63           | 6,3         | 2,4            | 2,3          |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>17.696</b> | <b>19.314</b>       | <b>1.618</b> | <b>9,1</b>  | <b>42,2</b>    | <b>41,5</b>  |
| VI Investimentos reais                  | 15.707        | 15.818              | 111          | 0,7         | 37,5           | 34,0         |
| VII Transferencias de capital           | 8.526         | 11.430              | 2.903        | 34,1        | 20,3           | 24,5         |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>24.233</b> | <b>27.247</b>       | <b>3.014</b> | <b>12,4</b> | <b>57,8</b>    | <b>58,5</b>  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>41.929</b> | <b>46.561</b>       | <b>4.632</b> | <b>11,0</b> | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |
| IX Pasivos financeiros                  | 11            | 11                  | 0            | 0,5         | -              | -            |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>     | <b>11</b>     | <b>11</b>           | <b>0</b>     | <b>0,5</b>  | <b>-</b>       | <b>-</b>     |
| <b>Total</b>                            | <b>41.940</b> | <b>46.572</b>       | <b>4.632</b> | <b>11,0</b> | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |

(Orzamento homoxeneizado 2022) (Miles de Euros)

## INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA

A Lei 3/2004 do 7 de xuño (DOG núm. 116, do 17 de xuño de 2004), de creación do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR), deu lugar no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e ao amparo do seu Estatuto de Autonomía, á creación dun ente de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio de seu e con plena capacidade e autonomía para o cumprimento dos seus fins, que asumiu as competencias atribuídas ao Centro de Control do Medio Mariño.

Pola súa banda, o Decreto 41/2005, do 17 de febreiro (DOG núm. 49 do 11 de marzo de 2005) establece o regulamento do INTECMAR.

De conformidade co disposto no apartado 5º da Disposición Transitoria Terceira da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o INTECMAR pasará a ter a figura de axencia pública autonómica, logo de que as normas de organización e funcionamento e os estatutos do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia, se adecúen ao disposto na lei para as axencias públicas autonómicas.

O INTECMAR constitúe o instrumento da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio das funcións de control da calidade do medio mariño, da aplicación das disposicións legais en materia de control técnico sanitario dos produtos do mar e de asesoría técnico científica sobre pesca, marisqueo e acuicultura no ámbito das zonas de produción en augas competencia da Comunidade Autónoma Galega.

En consecuencia, ten como obxectivo xeral e prioritario desenvolver un estrito e intensivo sistema de control sobre as características do medio mariño para dar cumprimento formal a lexislación vixente en canto a produción de moluscos e outros invertebrados mariños, contribuír a desenvolver novas estratexias de explotación e comercialización baseadas en ofertar produtos de óptima calidade con absoluta garantía sanitaria, desenvolver estudos de carácter científico-técnicos destinados a facilitar os coñecementos necesarios para a correcta xestión dos recursos mariños e protexer e mellorar a calidade das augas.

Dentro das competencias da Administración autonómica, e sen prexuízo das competencias atribuídas a outros organismos, correspóndenlle ao INTECMAR, entre outras, as seguintes potestades administrativas:

- Aplicación da normativa sobre calidade das augas e da produción de moluscos bivalvos e outros organismos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura. En concreto, o control das condicións oceanográficas, bioxeoquímica mariña e poboacións fitoplanctónicas, das biotoxinas mariñas, da contaminación química e da contaminación microbiolóxica, tanto no referente aos organismos coma ás zonas de produción.
- A investigación para o coñecemento e control das patoloxías dos organismos mariños sometidos á explotación comercial mediante a pesca, o marisqueo e a acuicultura.
- Decretar a apertura e o peche do exercicio da actividade pesqueira, de marisqueo e acuicultura en función do resultado dos controis que se realicen sobre a calidade das augas e os produtos, en aplicación da normativa vixente.
- Aquelas funcións que regulamentariamente se lle atribúan na loita contra a contaminación mariña.
- Neste senso, no Decreto 135/2016, do 6 de outubro, régúlase a estrutura e organización do Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental da Comunidade Autónoma de Galicia (Plan Camgal), e no mesmo se establecen as funcións do Comité Técnico Asesor, do que forma parte persoal técnico de INTECMAR. Ademais dentro das Unidades de Apoio encargadas de proporcionar soporte específico tanto ao Centro de Coordinación Operativa (CECOP) como aos diferentes grupos operativos figuran a Unidade de Observación Próxima, cuxa dirección técnica recae no Xefe de Unidade de Modelado Oceanográfico de INTECMAR e a Unidade de Documentación e Apoio Científico do INTECMAR.
- O cumprimento dos Programas de Control do Medio Mariño que, no ámbito das funcións que establece a lei de creación do INTECMAR, determine a Xunta de Galicia en función da lexislación vixente na materia e das súas propias necesidades para a xestión do medio mariño.
- Aquelas funcións que, no ámbito das competencias da comunidade autónoma, poidan serlle atribuídas pola Xunta de Galicia en materia de control das características do medio mariño e dos seus recursos sometidos a explotación comercial.

## Orzamento de ingresos. Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia

| Distribución económica                  |              |                     |            |                |              |              |
|-----------------------------------------|--------------|---------------------|------------|----------------|--------------|--------------|
|                                         |              | Variación 2023/2022 |            | Valor Relativo |              |              |
| Capítulos                               | 2022         | 2023                | Importe    | %              | 2022         | 2023         |
| III Tasas, prezos e outros ingresos     | 71           | 71                  | 0          | -              | 1,8          | 1,7          |
| IV Transferencias correntes             | 2.905        | 3.178               | 273        | 9,4            | 75,2         | 77,5         |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>2.976</b> | <b>3.249</b>        | <b>273</b> | <b>9,2</b>     | <b>77,1</b>  | <b>79,3</b>  |
| VII Transferencias de capital           | 884          | 850                 | -34        | -3,9           | 22,9         | 20,7         |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>884</b>   | <b>850</b>          | <b>-34</b> | <b>-3,9</b>    | <b>22,9</b>  | <b>20,7</b>  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>3.861</b> | <b>4.099</b>        | <b>239</b> | <b>6,2</b>     | <b>100,0</b> | <b>100,0</b> |
| <b>Total</b>                            | <b>3.861</b> | <b>4.099</b>        | <b>239</b> | <b>6,2</b>     | <b>100,0</b> | <b>100,0</b> |

(Miles de Euros)

## Orzamento de gastos. Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia

| Distribución económica                  |              |                     |            |                |              |              |
|-----------------------------------------|--------------|---------------------|------------|----------------|--------------|--------------|
|                                         |              | Variación 2023/2022 |            | Valor Relativo |              |              |
| Capítulos                               | 2022         | 2023                | Importe    | %              | 2022         | 2023         |
| I Gastos de persoal                     | 2.367        | 2.590               | 223        | 9,4            | 61,3         | 63,2         |
| II Gastos en bens correntes e servizos  | 610          | 660                 | 50         | 8,2            | 15,8         | 16,1         |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>2.976</b> | <b>3.249</b>        | <b>273</b> | <b>9,2</b>     | <b>77,1</b>  | <b>79,3</b>  |
| VI Investimentos reais                  | 884          | 850                 | -34        | -3,9           | 22,9         | 20,7         |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>884</b>   | <b>850</b>          | <b>-34</b> | <b>-3,9</b>    | <b>22,9</b>  | <b>20,7</b>  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>3.861</b> | <b>4.099</b>        | <b>239</b> | <b>6,2</b>     | <b>100,0</b> | <b>100,0</b> |
| <b>Total</b>                            | <b>3.861</b> | <b>4.099</b>        | <b>239</b> | <b>6,2</b>     | <b>100,0</b> | <b>100,0</b> |

(Orzamento homoxeneizado 2022) (Miles de Euros)





## CONSOLIDACIÓN DOS ENTES CON ORZAMENTO LIMITATIVO



## V. CONSOLIDACIÓN DOS ENTES CON ORZAMENTO LIMITATIVO

Coa plena aplicación da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico quedou pechada a estrutura orgánica do sector público autonómico.

Nos orzamentos para o ano 2023 forman parte do orzamento consolidado da comunidade autónoma nove organismos autónomos, dúas entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento que teñen a consideración de organismos autónomos a efectos orzamentarios, e dezaseis axencias públicas autonómicas.


### Orzamento consolidado

|                                            | Variación 2023/2022 |                   |                  |             | Valor Relativo |               |
|--------------------------------------------|---------------------|-------------------|------------------|-------------|----------------|---------------|
|                                            | 2022                | 2023              | Importe          | %           | 2022           | 2023          |
| <b>INGRESOS</b>                            | <b>13.117.948</b>   | <b>14.167.171</b> | <b>1.049.223</b> | <b>8,00</b> | <b>100,00</b>  | <b>100,00</b> |
| <i>Recursos Propios</i>                    | 8.000.489           | 9.037.075         | 1.036.585        | 12,96       | 60,99          | 63,79         |
| Ingresos tributarios                       | 6.111.616           | 7.347.479         | 1.235.864        | 20,22       | 46,59          | 51,86         |
| Ingresos patrimoniais                      | 31.350              | 21.184            | -10.165          | -32,43      | 0,24           | 0,15          |
| Ingresos por activos e pasivos financeiros | 1.857.524           | 1.668.411         | -189.113         | -10,18      | 14,16          | 11,78         |
| <i>Recursos Transferidos</i>               | 5.117.459           | 5.130.096         | 12.638           | 0,25        | 39,01          | 36,21         |
| Do Estado                                  | 3.651.922           | 3.740.555         | 88.633           | 2,43        | 27,84          | 26,40         |
| Da Unión Europea                           | 1.456.211           | 1.383.410         | -72.801          | -5,00       | 11,10          | 9,76          |
| Outros                                     | 9.325               | 6.131             | -3.194           | -34,26      | 0,07           | 0,04          |
| <b>GASTOS</b>                              | <b>13.117.948</b>   | <b>14.167.171</b> | <b>1.049.223</b> | <b>8,00</b> | <b>100,00</b>  | <b>100,00</b> |
| <i>Xestión Directa</i>                     | 9.362.936           | 10.017.305        | 654.369          | 6,99        | 71,37          | 70,71         |
| Gastos de persoal                          | 4.327.397           | 4.593.520         | 266.123          | 6,15        | 32,99          | 32,42         |
| Gastos de funcionamento                    | 1.983.772           | 2.145.299         | 161.527          | 8,14        | 15,12          | 15,14         |
| Gastos financeiros                         | 74.469              | 110.837           | 36.368           | 48,84       | 0,57           | 0,78          |
| Gastos en activos e pasivos financeiros    | 1.490.585           | 1.546.855         | 56.269           | 3,77        | 11,36          | 10,92         |
| Investimentos                              | 1.441.296           | 1.575.377         | 134.081          | 9,30        | 10,99          | 11,12         |
| Fondo de continxencia                      | 45.417              | 45.417            | 0                | -           | 0,35           | 0,32          |
| <i>Transferencias ao sector público</i>    | 1.341.208           | 1.461.970         | 120.763          | 9,00        | 10,22          | 10,32         |
| A Corporacións Locais                      | 488.619             | 564.375           | 75.756           | 15,50       | 3,72           | 3,98          |
| A Sociedades e outros entes públ. da C.A.  | 834.222             | 871.190           | 36.969           | 4,43        | 6,36           | 6,15          |
| Outros                                     | 18.367              | 26.405            | 8.037            | 43,76       | 0,14           | 0,19          |
| <i>Transferencias ao sector privado</i>    | 2.413.805           | 2.687.896         | 274.091          | 11,36       | 18,40          | 18,97         |
| Familias e entidades sen ánimo de lucro    | 1.700.088           | 1.866.707         | 166.619          | 9,80        | 12,96          | 13,18         |
| Empresas                                   | 713.717             | 821.189           | 107.473          | 15,06       | 5,44           | 5,80          |
| <b>Total</b>                               | <b>13.117.948</b>   | <b>14.167.171</b> |                  |             |                |               |


(Orzamento homoxeneizado 2022 ) (Miles de Euros)

Desta forma, os orzamentos consolidados recollen as contas da administración xeral e de todos as entidades instrumentais que contan cun orzamento limitativo. A supresión das duplicidades que se derivan das transferencias internas realizadas permite apreciar a verdadeira dimensión dos orzamentos da comunidade autónoma para o ano 2023.

Orixe dos Ingresos



Destino dos gastos




Coa elaboración da conta consolidada á que se refire o artigo 51 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario, aprobado por Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, evítase a distorsión que produciría a simple agregación dos estados de gastos e ingresos da administración xeral e do resto de entidades con orzamento limitativo, xa que a maior parte do financiamento destas procede de recursos transferidos dende a Administración xeral, onde xa foi computado a súa vez como ingreso. A consolidación orzamentaria proporciona a visión máis fiel da natureza do gasto da comunidade autónoma así como unha visión global da actividade económico-financeira desta.

A esta conta consolidada, habería que engadir as entidades instrumentais con orzamento estimativo, dada a súa capacidade de xerar ingresos propios a través do sector público empresarial, particularmente activo na realización de investimentos presente unicamente nesta consolidación, a través das transferencias que se autorizan ao seu favor, e que se completa coas actividades que desenvolven as fundacións e os consorcios que forman parte do sector público autonómico.

No ano 2023, despois de deducir 6.034,6 millóns de euros de transferencias internas e gastos por encomendas que se canalizan por medio dos capítulos II, IV e VII de gastos, cara aos capítulos III, IV e VII de ingresos das entidades que consolidan, a suma de ambos orzamentos, que en termos brutos ascendería a 20.201,8 millóns de euros, queda reducida a 14.167,2 millóns en termos consolidados para 2023.

Este é, polo tanto, o orzamento total da comunidade autónoma para este exercicio, incrementándose nun 8 % respecto ao do ano anterior.



## V.1. INGRESOS

Os ingresos non financeiros alcanzan os 12.498,7 millóns de euros nestes orzamentos, incrementándose nun 11 % respecto aos previstos no ano 2022, como consecuencia do incremento dos gastos correntes

Respecto aos correntes, que representan o 89,2% dos non financeiros, aumentan o seu importe en 1.286,61 millóns de euros.

As causas fundamentais deste bo comportamento son principalmente ao incremento dos recursos procedentes do sistema de financiamento autonómico.

Dentro dos tributos xestionados pola Comunidade Autónoma, destaca o incremento do Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados que alcanzan uns importes de 43 millóns de euros.

As transferencias procedentes do Estado, en termos globais, incrementáanse en 113 millóns de euros debido fundamentalmente ao aumento da fondos da dependencia e o incremento dos fondos de emprego e o incremento das axudas a Asistencia Sanitaria que lle transfere o Estado ó Sergas.

### Orzamento consolidado de Ingresos

| Distribución económica                  |                                   |                   |                   |                     |              |                |              |
|-----------------------------------------|-----------------------------------|-------------------|-------------------|---------------------|--------------|----------------|--------------|
| Capítulos                               |                                   | 2022              | 2023              | Variación 2023/2022 |              | Valor Relativo |              |
|                                         |                                   |                   |                   | Importe             | %            | 2022           | 2023         |
| I                                       | Impostos directos                 | 2.843.932         | 3.356.461         | 512.529             | 18,0         | 21,7           | 23,7         |
| II                                      | Impostos indirectos               | 3.094.325         | 3.818.851         | 724.526             | 23,4         | 23,6           | 27,0         |
| III                                     | Taxas, prezos e outros ingresos   | 173.358           | 172.167           | -1.191              | -0,7         | 1,3            | 1,2          |
| IV                                      | Transferencias correntes          | 3.737.917         | 3.799.712         | 61.795              | 1,7          | 28,5           | 26,8         |
| V                                       | Ingresos patrimoniais             | 22.899            | 11.848            | -11.050             | -48,3        | 0,2            | 0,1          |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             |                                   | <b>9.872.431</b>  | <b>11.159.040</b> | <b>1.286.609</b>    | <b>13,0</b>  | <b>75,3</b>    | <b>78,8</b>  |
| VI                                      | Alleamento de investimentos reais | 8.451             | 9.336             | 885                 | 10,5         | 0,1            | 0,1          |
| VII                                     | Transferencias de capital         | 1.379.542         | 1.330.384         | -49.158             | -3,6         | 10,5           | 9,4          |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            |                                   | <b>1.387.993</b>  | <b>1.339.720</b>  | <b>-48.273</b>      | <b>-3,5</b>  | <b>10,6</b>    | <b>9,5</b>   |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> |                                   | <b>11.260.424</b> | <b>12.498.760</b> | <b>1.238.336</b>    | <b>11,0</b>  | <b>85,8</b>    | <b>88,2</b>  |
| VIII                                    | Activos financeiros               | 94.684            | 82.012            | -12.673             | -13,4        | 0,7            | 0,6          |
| IX                                      | Pasivos financeiros               | 1.762.840         | 1.586.399         | -176.441            | -10,0        | 13,4           | 11,2         |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>     |                                   | <b>1.857.524</b>  | <b>1.668.411</b>  | <b>-189.113</b>     | <b>-10,2</b> | <b>14,2</b>    | <b>11,8</b>  |
| Axencia Galega das Industrias Culturais                                   | 18.612.452           |
| Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades  | 25.713.062           |
| 433A-Protección e promoción do patrimonio histórico, artístico e cultural | 22.098.341           |
| Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades  | 22.098.341           |
| <b>44-Deportes</b>                                                        | <b>44.071.633</b>    |
| 441A-Promoción da actividade deportiva                                    | 44.071.633           |
| Vicepresidencia 2ª e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes       | 44.071.633           |
| <b>45-Vivenda</b>                                                         | <b>130.609.559</b>   |
| 451A-Fomento da rehabilitación e da calidade da vivenda                   | 75.067.324           |
| Instituto Galego da Vivenda e Solo                                        | 75.067.324           |
| 451B-Acceso á vivenda                                                     | 55.542.235           |
| Instituto Galego da Vivenda e Solo                                        | 55.542.235           |
| <b>46-Outros servizos comunitarios e sociais</b>                          | <b>127.739.001</b>   |
| 461A-Cobertura informativa e apoio á comunicación social                  | 5.818.545            |
| Presidencia da Xunta de Galicia                                           | 5.818.545            |

---

**Distribución funcional e por programas do orzamento consolidado**

|                                 |             |
|---------------------------------|-------------|
| 461B-Radiodifusión e TVG        | 121.920.456 |
| Presidencia da Xunta de Galicia | 121.920.456 |

## Distribución funcional e por programas do orzamento consolidado

|                                                                                                                       |                      |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|
| <b>5-Produción de bens públicos de carácter económico</b>                                                             | <b>1.254.109.112</b> |
| <b>51-Infraestruturas</b>                                                                                             | <b>355.369.812</b>   |
| 511A-Dirección e servizos xerais de Territorio e Infraestruturas                                                      | 19.983.980           |
| Consellería de Infraestruturas e Mobilidade                                                                           | 19.983.980           |
| 512A-Ordenación e inspección do transporte                                                                            | 51.413.350           |
| Consellería de Infraestruturas e Mobilidade                                                                           | 51.413.350           |
| 512B-Construción, conservación e explotación de estradas                                                              | 264.037.239          |
| Axencia Galega de Infraestruturas                                                                                     | 264.037.239          |
| 513A-Construción, conservación e explotación portuaria                                                                | 6.000.000            |
| Consellería do Mar                                                                                                    | 6.000.000            |
| 514A-Infraestruturas pesqueiras                                                                                       | 13.935.243           |
| Consellería do Mar                                                                                                    | 13.935.243           |
| <b>52-Ordenación do territorio</b>                                                                                    | <b>18.125.640</b>    |
| 521A-Urbanismo                                                                                                        | 18.125.640           |
| Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda                                                                   | 18.125.640           |
| <b>53-Promoción de solo para actividades económicas</b>                                                               | <b>10.090.748</b>    |
| 531A-Promoción de solo para actividades económicas                                                                    | 10.090.748           |
| Instituto Galego da Vivenda e Solo                                                                                    | 10.090.748           |
| <b>54-Actuacións ambientais</b>                                                                                       | <b>227.422.446</b>   |
| 541A-Dirección e servizos xerais de medio ambiente                                                                    | 7.825.383            |
| Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda                                                                   | 7.825.383            |
| 541B-Conservación da biodiversidade e posta en valor do medio natural                                                 | 57.098.719           |
| Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda                                                                   | 57.098.719           |
| 541C-Protección, control técnico-sanitario dos produtos do mar, mellora do medio natural mariño e salvamento marítimo | 31.011.734           |
| Consellería do Mar                                                                                                    | 26.912.242           |
| Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia                                                       | 4.099.492            |
| 541D-Control ambiental e xestión de residuos                                                                          | 57.062.253           |
| Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda                                                                   | 57.062.253           |
| 541E-Coñecemento do medio ambiente e fomento da sustentabilidade                                                      | 8.767.886            |
| Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda                                                                   | 3.217.481            |
| Instituto de Estudos do Territorio                                                                                    | 5.550.405            |
| 542A-Planificación e xestión hidrolóxica                                                                              | 65.656.471           |
| Consellería de Infraestruturas e Mobilidade                                                                           | 65.656.471           |
| <b>55-Actuacións e valorización do medio rural</b>                                                                    | <b>187.872.989</b>   |
| 551A-Infraestruturas e equipamentos no medio rural                                                                    | 27.402.304           |
| Consellería do Medio Rural                                                                                            | 27.402.304           |
| 551B-Accións preventivas e infraestrutura forestal                                                                    | 160.470.685          |
| Consellería do Medio Rural                                                                                            | 160.470.685          |
| <b>56-Investigación, desenvolvemento e innovación</b>                                                                 | <b>294.403.006</b>   |
| 561A-Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica                                           | 198.831.089          |
| Axencia Galega de Innovación                                                                                          | 163.393.651          |
| Axencia Galega de Calidade Alimentaria                                                                                | 30.781.943           |
| Consellería do Mar                                                                                                    | 4.655.495            |
| 561B-Investigación universitaria                                                                                      | 89.794.122           |
| Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades                                              | 89.794.122           |
| 561C-Investigación sanitaria                                                                                          | 5.777.795            |
| Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde                                                                 | 3.465.940            |
| Servizo Galego de Saúde                                                                                               | 2.311.855            |
| <b>57-Sociedade da información e do coñecemento</b>                                                                   | <b>155.474.416</b>   |
| 571A-Fomento da sociedade da información e do coñecemento                                                             | 155.474.416          |
| Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia                                                                   | 155.474.416          |
| <b>58-Información estatística básica</b>                                                                              | <b>5.350.055</b>     |
| 581A-Elaboración e difusión estatística                                                                               | 5.350.055            |
| Instituto Galego de Estatística                                                                                       | 5.001.326            |
| Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral                                                                        | 1.140                |
| Axencia Galega de Calidade Alimentaria                                                                                | 347.589              |

### Distribución funcional e por programas do orzamento consolidado

|                                                                        |                    |
|------------------------------------------------------------------------|--------------------|
| <b>6-Regulación económica de carácter xeral</b>                        | <b>114.971.673</b> |
| <b>61-Actuacións económicas xerais</b>                                 | <b>28.892.554</b>  |
| 611A-Dirección e servizos xerais de facenda                            | 14.542.892         |
| Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia                    | 8.656.546          |
| Consellería de Facenda e Administración Pública                        | 4.803.937          |
| Consello Económico e Social de Galicia                                 | 1.082.409          |
| 612A-Planificación, elaboración de orzamentos e coordinación económica | 7.186.320          |
| Consellería de Facenda e Administración Pública                        | 7.186.320          |
| 613A-Ordenación, información e defensa do consumidor e da competencia  | 7.163.342          |
| Instituto Galego do Consumo e da Competencia                           | 7.163.342          |
| <b>62-Actividades financeiras</b>                                      | <b>86.079.119</b>  |
| 621A-Administración financeira, tributaria, patrimonial e de control   | 72.579.119         |
| Axencia Tributaria de Galicia                                          | 17.497.506         |
| Consellería de Facenda e Administración Pública                        | 11.195.836         |
| Axencia Galega de Infraestruturas                                      | 19.792.777         |
| Gastos de diversas consellarías                                        | 24.093.000         |
| 621B-Imprevistos e funcións non clasificadas                           | 13.500.000         |
| Gastos de diversas consellarías                                        | 13.500.000         |

## Distribución funcional e por programas do orzamento consolidado

|                                                                                                                       |                      |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|
| <b>7-Regulación económica de sectores produtivos e desenvolvemento empresarial</b>                                    | <b>1.085.824.847</b> |
| <b>71-Dinamización económica do medio rural</b>                                                                       | <b>402.932.890</b>   |
| 711A-Dirección e servizos xerais do medio rural                                                                       | 32.415.381           |
| Consellería do Medio Rural                                                                                            | 32.415.381           |
| 712A-Fixación de poboación no medio rural                                                                             | 57.820.407           |
| Axencia Galega de Desenvolvemento Rural                                                                               | 57.099.507           |
| Gastos de diversas consellerías                                                                                       | 720.900              |
| 712B-Modernización e diversificación do tecido produtivo rural                                                        | 128.030.405          |
| Consellería do Medio Rural                                                                                            | 77.963.338           |
| Fondo Galego de Garantía Agraria                                                                                      | 50.067.067           |
| 712C-Fomento do asociacionismo agrario e divulgación da tecnoloxía agraria                                            | 1.358.150            |
| Consellería do Medio Rural                                                                                            | 1.358.150            |
| 713B-Ordenación das producións forestais                                                                              | 86.718.653           |
| Consellería do Medio Rural                                                                                            | 86.718.653           |
| 713C-Implantación de sistemas produtivos agrarios sustentables                                                        | 15.849.185           |
| Consellería do Medio Rural                                                                                            | 15.849.185           |
| 713D-Mellora da calidade na produción agroalimentaria                                                                 | 14.947.080           |
| Axencia Galega de Calidade Alimentaria                                                                                | 6.096.433            |
| Consellería do Medio Rural                                                                                            | 8.850.647            |
| 713E-Benestar animal e sanidade vexetal                                                                               | 57.062.044           |
| Consellería do Medio Rural                                                                                            | 57.062.044           |
| 713F-Regulación das producións agrarias e apoio á renda dos agricultores                                              | 8.731.585            |
| Fondo Galego de Garantía Agraria                                                                                      | 8.731.585            |
| <b>72-Pesca</b>                                                                                                       | <b>146.503.425</b>   |
| 721A-Dirección e servizos xerais de políticas pesqueiras                                                              | 12.107.792           |
| Consellería do Mar                                                                                                    | 12.107.792           |
| 722A-Promoción social e divulgación da tecnoloxía pesqueira                                                           | 3.386.698            |
| Consellería do Mar                                                                                                    | 3.386.698            |
| 723A-Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura                                    | 86.068.675           |
| Consellería do Mar                                                                                                    | 86.068.675           |
| 723B-Regulación das producións e dos mercados da pesca                                                                | 31.854.565           |
| Consellería do Mar                                                                                                    | 31.854.565           |
| 723C-Desenvolvemento sostible das zoas de pesca                                                                       | 13.085.695           |
| Consellería do Mar                                                                                                    | 13.085.695           |
| <b>73-Industria, enerxía e minaría</b>                                                                                | <b>121.152.758</b>   |
| 731A-Dirección e servizos xerais de industria                                                                         | 9.022.022            |
| Vicepresidencia <sup>1ª</sup> e Consellería de Economía, Industria e Innovación                                       | 9.022.022            |
| 732A-Regulación e soporte da actividade industrial                                                                    | 15.713.315           |
| Vicepresidencia <sup>1ª</sup> e Consellería de Economía, Industria e Innovación                                       | 15.713.315           |
| 733A-Eficiencia enerxética e enerxías renovables                                                                      | 89.817.747           |
| Instituto Enerxético de Galicia                                                                                       | 78.887.318           |
| Vicepresidencia <sup>1ª</sup> e Consellería de Economía, Industria e Innovación                                       | 10.930.429           |
| 734A-Fomento da minaría                                                                                               | 6.599.674            |
| Vicepresidencia <sup>1ª</sup> e Consellería de Economía, Industria e Innovación                                       | 6.599.674            |
| <b>74-Desenvolvemento empresarial</b>                                                                                 | <b>255.059.611</b>   |
| 741A-Apoio a modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial | 255.059.611          |
| Instituto Galego de Promoción Económica                                                                               | 206.448.272          |
| Axencia Galega da Industria Forestal                                                                                  | 15.260.743           |
| Consellería do Medio Rural                                                                                            | 33.350.596           |
| <b>75-Comercio</b>                                                                                                    | <b>25.485.360</b>    |
| 751A-Ordenación, regulación e promoción do comercio interior de Galicia                                               | 25.485.360           |
| Vicepresidencia <sup>1ª</sup> e Consellería de Economía, Industria e Innovación                                       | 25.485.360           |
| <b>76-Turismo</b>                                                                                                     | <b>134.690.803</b>   |
| 761A-Potenciación e promoción do turismo                                                                              | 134.690.803          |
| Axencia de Turismo de Galicia                                                                                         | 134.690.803          |

### Distribución funcional e por programas do orzamento consolidado

|                                                                                |                    |
|--------------------------------------------------------------------------------|--------------------|
| <b>8-Transferencias a entidades locais</b>                                     | <b>151.316.564</b> |
| <b>81-Transferencias a entidades locais</b>                                    | <b>151.316.564</b> |
| 811B-Transferencias a entidades locais por participación nos ingresos da C. A. | 148.924.139        |
| Transferencias a corporacións locais                                           | 148.924.139        |
| 811C-Outros soportes financeiros ás entidades locais                           | 2.392.425          |
| Gastos de diversas consellarías                                                | 2.392.425          |

### Distribución funcional e por programas do orzamento consolidado

|                                                          |                      |
|----------------------------------------------------------|----------------------|
| <b>9-Débeda pública</b>                                  | <b>1.414.754.328</b> |
| <b>91-Débeda pública</b>                                 | <b>1.414.754.328</b> |
| 911A-Amortización e gastos financeiros da débeda pública | 1.414.754.328        |
| Débeda pública da Comunidade Autónoma                    | 1.414.754.328        |

## A CONTA FINANCEIRA

O texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, aprobado por Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, establece que os orzamentos xerais da comunidade autónoma teñen que presentarse e aprobarse en equilibrio, de forma que os créditos autorizados non superen os recursos previstos nos respectivos estados de ingresos.

Os pasos dados ata chegar a esa situación de equilibrio póñense de manifesto mediante a interrelación das grandes magnitudes orzamentarias analizadas na conta financeira, que a través de diversos saldos como son o aforro corrente, formación de capital, capacidade ou necesidade de financiamento e o endebedamento neto, facilitan unha información moi básica, pero ao mesmo tempo precisa, sobre o alcance e composición dos orzamentos.

No ano 2023 o aforro por operacións correntes alcanza os 1.356 millóns de euros motivado pola suba que experimentan os ingresos correntes nun 6,1%.

Os ingresos por operacións de capital con 1.339,7 millóns de euros reducen o seu importe nun 3,5% respecto ao ano anterior motivado pola redución dos fondos europeos e pola dotación no ano 2022 do Fondo de Compensación Interterritorial do ano 2021. O gasto de capital dos capítulos VI e VII ascende a 2.771,9 millóns de euros, incrementándose nun 8,5% respecto aos orzamentos de 2022. Finánciase, en parte, cos ingresos por operacións de capital, polo que o saldo resultante determina unha formación de capital de 1.432,2 millóns de euros, que financiada co aforro por operacións correntes e xunto co fondo de continxencia, determina unha necesidade de financiamento de 121,6 millóns de euros, minorándose nun 66,9% respecto ao ano anterior.

A diferenza entre as atencións e os recursos, dentro das operacións financeiras, determinan igualmente unha necesidade de financiamento de 121,6 millóns de euros.

O endebedamento neto, obtido como diferenza entre os capítulos IX de ingresos e gastos alcanza os 266,3 millóns de euros. O destino do endebedamento é, por unha parte, o financiamento de activos financeiros, 144,7 millóns, e por outra, o resto de endebedamento neto que son os 121,6 millóns de euros.

| Conta Financeira                    |                  |                   |                  |              |
|-------------------------------------|------------------|-------------------|------------------|--------------|
|                                     |                  |                   |                  |              |
| Operacións Correntes                | 2022             | 2023              | Var. 2023/2022   |              |
|                                     |                  |                   | Importe          | %            |
| <b>Ingresos</b>                     | <b>9.872.431</b> | <b>11.159.040</b> | <b>1.286.609</b> | <b>13,0</b>  |
| Impostos directos                   | 2.843.932        | 3.356.461         | 512.529          | 18,0         |
| Impostos indirectos                 | 3.094.325        | 3.818.851         | 724.526          | 23,4         |
| Taxas, prezos e outros ingresos     | 173.358          | 172.167           | -1.191           | -0,7         |
| Transferencias correntes            | 3.737.917        | 3.799.712         | 61.795           | 1,7          |
| Ingresos patrimoniais               | 22.899           | 11.848            | -11.050          | -48,3        |
| <b>Gastos</b>                       | <b>9.027.485</b> | <b>9.802.996</b>  | <b>775.511</b>   | <b>8,6</b>   |
| Gastos de persoal                   | 4.327.397        | 4.593.520         | 266.123          | 6,1          |
| Gastos en bens correntes e servizos | 1.983.876        | 2.145.299         | 161.423          | 8,1          |
| Gastos financeiros                  | 74.469           | 110.837           | 36.368           | 48,8         |
| Transferencias correntes            | 2.641.743        | 2.953.340         | 311.597          | 11,8         |
| <b>Aforro bruto</b>                 | <b>844.946</b>   | <b>1.356.044</b>  | <b>511.098</b>   | <b>60,5</b>  |
|                                     |                  |                   |                  |              |
| Operacións de Capital               | 2022             | 2023              | Var. 2023/2022   |              |
|                                     |                  |                   | Importe          | %            |
| <b>Ingresos</b>                     | <b>1.387.993</b> | <b>1.339.720</b>  | <b>-48.273</b>   | <b>-3,5</b>  |
| Alleamento de investimentos reais   | 8.451            | 9.336             | 885              | 10,5         |
| Transferencias de capital           | 1.379.542        | 1.330.384         | -49.158          | -3,6         |
| <b>Gastos</b>                       | <b>2.554.461</b> | <b>2.771.904</b>  | <b>217.443</b>   | <b>8,5</b>   |
| Investimentos reais                 | 1.441.946        | 1.575.377         | 133.431          | 9,3          |
| Transferencias de capital           | 1.112.516        | 1.196.527         | 84.011           | 7,6          |
| <b>Formación de Capital</b>         | <b>1.166.468</b> | <b>1.432.183</b>  | <b>265.715</b>   | <b>22,8</b>  |
| Fondo de continxencia               | 45.417           | 45.417            | 0                | 0,0          |
| <b>Necesidade de Financiamento</b>  | <b>-366.939</b>  | <b>-121.556</b>   | <b>245.383</b>   | <b>-66,9</b> |
|                                     |                  |                   |                  |              |
| Operacións Financeiras              | 2022             | 2023              | Var. 2023/2022   |              |
|                                     |                  |                   | Importe          | %            |
| <b>Atencións</b>                    | <b>1.490.585</b> | <b>1.546.855</b>  | <b>56.269</b>    | <b>3,8</b>   |
| Activos financeiros                 | 220.367          | 226.738           | 6.371            | 2,9          |
| Pasivos financeiros                 | 1.270.218        | 1.320.117         | 49.898           | 3,9          |
| <b>Recursos</b>                     | <b>1.857.524</b> | <b>1.668.411</b>  | <b>-189.113</b>  | <b>-10,2</b> |
| Activos financeiros                 | 94.684           | 82.012            | -12.673          | -13,4        |
| Endebadamento bruto                 | 1.762.840        | 1.586.399         | -176.441         | -10,0        |
| <b>Necesidade de Financiamento</b>  | <b>-366.939</b>  | <b>-121.556</b>   | <b>245.383</b>   | <b>-66,9</b> |

(Miles de Euros)

| <b>Endebedamento Neto</b> | <b>2022</b>    | <b>2023</b>    | <b>Var. 2023/2022</b> |              |
|---------------------------|----------------|----------------|-----------------------|--------------|
|                           |                |                | <b>Importe</b>        | <b>%</b>     |
| Endebedamento bruto       | 1.762.840      | 1.586.399      | -176.441              | -10,0        |
| Amortizacións             | 1.270.218      | 1.320.117      | 49.898                | 3,9          |
| <b>Endebedamento Neto</b> | <b>492.622</b> | <b>266.283</b> | <b>-226.339</b>       | <b>-45,9</b> |

| <b>Destino Endebedamento Neto</b>              | <b>2022</b>    | <b>2023</b>    | <b>Var. 2023</b> |              |
|------------------------------------------------|----------------|----------------|------------------|--------------|
|                                                |                |                | <b>Importe</b>   | <b>%</b>     |
| Endebedamento que financia activos financeiros | 125.683        | 144.726        | 19.044           | 15,2         |
| Resto Endebedamento Neto                       | 366.939        | 121.556        | -245.383         | -66,9        |
| <b>Endebedamento Neto</b>                      | <b>492.622</b> | <b>266.283</b> | <b>-226.339</b>  | <b>-45,9</b> |

| <b>Operacións Financeiras</b>          | <b>2022</b>      | <b>2023</b>      | <b>Var. 2023/2022</b> |              |
|----------------------------------------|------------------|------------------|-----------------------|--------------|
|                                        |                  |                  | <b>Importe</b>        | <b>%</b>     |
| <b>Atencións</b>                       | <b>1.490.585</b> | <b>1.546.855</b> | <b>56.269</b>         | <b>3,8</b>   |
| <b>Activos financeiros</b>             | <b>220.367</b>   | <b>226.738</b>   | <b>6.371</b>          | <b>2,9</b>   |
| Prestamos e avais a empresas IGAPÉ     | 94.666           | 95.750           | 1.084                 | 1,1          |
| Activos financeiros Innovación         | 2.350            | 7.851            | 5.501                 | 234,1        |
| Activos financeiros Medio Rural        | 7.000            | 3.000            |                       |              |
| Resto Activos financeiros              | 116.352          | 120.137          | 3.785                 | 3,3          |
| <b>Pasivos financeiros</b>             | <b>1.270.218</b> | <b>1.320.117</b> | <b>49.898</b>         | <b>3,9</b>   |
| Amortización débeda IGAPÉ              | 3.160            | 2.160            | -1.000                | -31,6        |
| Amortización subvencións reintegrables | 14.493           | 13.502           | -990                  | -6,8         |
| Amortización débeda financeira         | 1.252.565        | 1.304.454        | 51.889                | 4,1          |
| <b>Recursos</b>                        | <b>1.857.524</b> | <b>1.668.411</b> | <b>-189.113</b>       | <b>-10,2</b> |
| <b>Activos financeiros</b>             | <b>94.684</b>    | <b>82.012</b>    | <b>-12.673</b>        | <b>-13,4</b> |
| Reintegro empresas préstamos IGAPÉ     | 12.052           | 9.372            | -2.680                | -22,2        |
| Reintegro subvencións reintegrables    | 1.624            | 1.631            | 7                     | 0,4          |
| Fondos financeiroa IGAPÉ               | 80.000           | 70.000           |                       |              |
| Outros ingresos de activos financeiros | 1.008            | 1.008            | 0                     | 0,0          |
| <b>Endebedamento bruto</b>             | <b>1.762.840</b> | <b>1.586.399</b> | <b>-176.441</b>       | <b>-10,0</b> |
| Débeda financeira da C. Autónoma       | 1.762.840        | 1.586.399        | -176.441              | -10,0        |
| <b>Necesidade de Financiamento</b>     | <b>-366.939</b>  | <b>-121.556</b>  | <b>245.383</b>        | <b>-66,9</b> |





## ORZAMENTO EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL



## **VI. ORZAMENTO EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL**

O artigo 4.1 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira de Galicia supedita a política orzamentaria dos distintos axentes que integran o sector público autonómico ao cumprimento estrito do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Este precepto ven a concretar o mandato xeral recollido na normativa básica que rexe a actividade económico financeira da comunidade autónoma, artigo 3 da Lei de estabilidade orzamentaria e artigo 46 da Lei de réxime financeiro da comunidade autónoma, que consagra a elaboración do orzamento ao mantemento da estabilidade orzamentaria.

Tamén a Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade Financeira, establece no seu artigo 27 que “os orzamentos de cada administración pública acompañaranse da información precisa para relacionar o saldo resultante dos ingresos e gastos do orzamento coa capacidade ou necesidade de financiamento calculada conforme ás normas do sistema europeo de contas nacionais e rexionais”.

Enténdese por estabilidade orzamentaria, aplicable a todos os entes que integran o sector público autonómico agás os sinalados no parágrafo seguinte, a situación de equilibrio ou de superávit estrutural, en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (en diante, SEC-2010), e nas condicións establecidas para cada unha das Administracións públicas.

Así mesmo, os entes e sociedades mercantís que pertencen ao sector público autonómico e non se financien maioritariamente con achegas da Xunta de Galicia deberán elaborar, aprobar e executar os seus orzamentos nunha posición de equilibrio financeiro.

O SEC-2010 é un sistema de Contabilidade Nacional e constitúe un marco contable comparable a escala internacional, coa finalidade de realizar unha descrición sistemática e polo miúdo dunha economía no seu conxunto, das súas compoñentes e das súas relacións con outras economías.

O SEC-2010 non é daquela un sistema directamente aplicable ao orzamento das administracións públicas nin á contabilidade patrimonial de partida dobre. Pero si que deberá empregarse para poder definir a capacidade de financiamento e, por tanto, débese atender aos seus criterios para calculala.

O obxectivo de estabilidade orzamentaria debe cumprirse tanto na fase de elaboración e aprobación do orzamento como na fase da súa execución. É por isto polo que o proceso de orzamentación debe planificarse non só en termos de contabilidade orzamentaria, senón tamén en termos de contabilidade nacional.

Isto significa que deben terse en conta por anticipado na elaboración dos orzamentos os axustes positivos e negativos que se estima experimentarán os ingresos e os gastos pola aplicación de criterios SEC-2010, obtendo, como se comentou anteriormente, o límite de gasto non financeiro en termos de contabilidade nacional. Pretender o equilibrio en termos de estabilidade a partires da simple igualdade dos capítulos non financeiros do orzamento, sen ter en conta a priori os axustes que provocan, nos ingresos e nos gastos, os criterios de contabilidade nacional é abocarse á incertidume do resultado da liquidación neses mesmos termos.

Existen dous grandes grupos de criterios que caracterizan o SEC fronte ao orzamento administrativo:

- Un primeiro grupo de criterios que explican a delimitación do sector público e permiten, por tanto, clasificar, ou non, os entes nos que participa a Xunta de Galicia dentro do sector público autonómico (e polo tanto, dentro do perímetro de consolidación en termos SEC). Estes criterios aparecen descritos no apartado de ámbito subxectivo de cada lei de orzamentos da comunidade autónoma.
- Un segundo grupo, son os criterios estritamente contables para calcular a capacidade ou necesidade de financiamento. Estes, a efectos prácticos, derivan nunha serie de axustes a realizar sobre a contabilidade orzamentaria ou administrativa co fin de reflectir a capacidade ou necesidade de financiamento dun sector. De seguido descríbense os que se tiveron en conta para expresar o resultado orzamentario en termos de contabilidade nacional:

## AXUSTES DE CONTABILIDADE NACIONAL

Os axustes tidos en conta para a elaboración do orzamento foron os seguintes:

- Outras unidades consideradas AAPP: axuste pola diferenza entre os importes que a administración central e a seguridade social contabilizan como obrigas a favor da comunidade autónoma e os importes contabilizados como dereitos recoñecidos por esta. Soen ser importes que se recadan a principios de exercicio e que se recoñeceron como obrigas no exercicio precedente polas administracións pagadoras. Igualmente recóllense aquí as achegas de capital xa que se consideran gasto non financeiro os importes das achegas de capital realizadas a entidades do sector público autonómico. A máis importante é a da CRTVG para compensar perdas. Tamén se consideran gasto as achegas a Fundacións do sector público autonómico.

- Recadación incerta: diferenza entre o importe dos dereitos recoñecidos nos capítulos I a III do orzamento de ingresos e o importe recadado en ditos capítulos, tanto en corrente como en exercicios anteriores.

- Intereses devindicados: no orzamento os intereses rexístranse no exercicio no que se produce o seu vencemento, mentres que o criterio de contabilidade nacional determina a imputación ao exercicio dos intereses devindicados no mesmo.

- Axustes por execución de avais: recolle o importe das contías avaladas pola comunidade autónoma, declarados falidos e que se pagan por unha aplicación do capítulo VIII.

- Estradas por concesión: en contabilidade nacional as estradas por concesión son gasto no intre en que o concesionario realiza o investimento, polo que a medida que, unha vez terminada a estrada, a Xunta paga o correspondente canon mediante o que se amortiza, realízase un axuste positivo ao ser un gasto xa computado.

- E, por último, como maior ingreso recóllese o axuste debido ao pago da anualidade das contías aprazadas polas liquidacións negativas dos anos 2008 e 2009.

De seguido recóllese un estado descritivo dos cálculos do orzamento en termos de contabilidade nacional e o resultado coma porcentaxe do PIB estimado para Galicia, así como a súa comparativa co exercicio anterior.

Igualmente, aos efectos de calcular o PIB nominal relevante para o cálculo da necesidade máxima de financiamento da comunidade autónoma, aplícanse as instrucións do Ministerio de Facenda que parten do último PIB rexional de Galicia estimado polo INE, ao que se lle aplican os crecementos do PIB nominal do cadro macroeconómico presentado polo Estado.

En base a esta metodoloxía a necesidade de financiamento que conforma o obxectivo de estabilidade orzamentaria para 2023 é de 181 millóns de euros.

| ORZAMENTO EN TERMOS DE<br>CONTABILIDADE NACIONAL | 2022          | 2023          | Var. 2023/2022 |              |
|--------------------------------------------------|---------------|---------------|----------------|--------------|
|                                                  |               |               | Importe        | %            |
| Ingresos Correntes                               | 9.872         | 11.159        | 1.287          | 13,0         |
| Gastos Correntes                                 | 9.027         | 9.803         | 776            | 8,6          |
| <b>AFORRO BRUTO ORZAMENTARIO</b>                 | <b>845</b>    | <b>1.356</b>  | <b>511</b>     | <b>60,5</b>  |
| Fondo de continxencia                            | 45            | 45            | 0              | 0,0          |
| Ingresos de Capital                              | 1.388         | 1.340         | -48            | -3,5         |
| Gastos de Capital                                | 2.554         | 2.772         | 217            | 8,5          |
| <b>GASTOS DE OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>           | <b>-1.166</b> | <b>-1.432</b> | <b>-266</b>    | <b>22,8</b>  |
| <b>DÉFICIT ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO</b>       | <b>-367</b>   | <b>-122</b>   | <b>245</b>     | <b>-66,9</b> |
| Liquidacións negativas sistema                   | 85            | 85            | 0              | 0,0          |
| Outras unidades consideradas aapp                | -103          | -113          | -10            | 9,7          |
| Recadación incerta                               | -31           | -40           | -9             | 29,9         |
| Intereses devindicados                           |               |               |                |              |
| Outros axustes                                   | 8             | 9             | 2              | 20,0         |
| <b>TOTAL AXUSTES CONTABILIDADE NACIONAL</b>      | <b>-41</b>    | <b>-59</b>    | <b>-18</b>     | <b>42,9</b>  |
| <b>NECESIDADE DE FINANCIAMENTO</b>               | <b>-408</b>   | <b>-181</b>   | <b>228</b>     | <b>-55,8</b> |

|                             | 2022   | 2023   |
|-----------------------------|--------|--------|
| <b>% PIB Galicia</b>        | 0,6    | 0,3    |
| <b>PIB Galicia estimado</b> | 67.961 | 73.414 |



## ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS



## VII. ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS

O Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma a potestade para constituír empresas públicas como medio de execución das funcións que son da súa competencia. Esa autorización deriva do recoñecemento explícito da iniciativa pública na actividade económica que aparece recollido no artigo 128 da Constitución, e rompe co principio de subsidiariedade da iniciativa pública, que supeditaba a creación de empresas públicas á falta da iniciativa privada. Por tanto, a súa razón de ser hai que buscala no carácter de servizo público da actividade que desenvolven, no interese xeral que, para o conxunto da sociedade, supón a súa actuación ou por outras razóns, ben de oportunidade ou conveniencia, que xustifican a súa creación.

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, desenvolve o réxime xurídico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das restantes entidades instrumentais do sector público autonómico, entre as que se atopan as entidades públicas empresariais.

As entidades públicas empresariais son entes instrumentais aos que se lles encomenda a realización, consonte criterios de xestión empresarial, de actividades prestacionais, de xestión de servizos públicos ou de produción de bens de interese público susceptibles de contraprestación. A súa organización e o seu réxime xurídico interno regúlanse polo dereito administrativo e o seu réxime xurídico externo, polo dereito privado, excepto no exercicio das potestades administrativas que teñan atribuídas e nos aspectos especificamente previstos en normas con rango de lei. En todo caso, actuarán baixo o control e a dependencia, ou tutela, da Administración xeral de Galicia, ou doutra entidade instrumental integrante do sector público autonómico.

A Resolución de 22 de xullo do ano 2022, da Dirección xeral de Planificación e Orzamentos, pola que se establecen os formatos da documentación a remitir polos entes públicos empresariais, sociedades mercantís, fundacións e consorcios do Sector Público Autonómico, ao abeiro da Orde do 21 de xuño de 2022, pola que se ditan as instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, establece os formatos que deberán empregar as entidades públicas empresariais para remitir a súa documentación orzamentaria, co obxecto de garantir un uso máis eficiente e transparente dos recursos asignados ao sector público empresarial nun contexto de austeridade no gasto público.

Os modelos e formatos dos estados financeiros esixidos ás entidades públicas empresariais son os recollidos no Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, aprobado pola Orde do 28 de novembro de 2001, xunto cun cadro de estado de fluxos de efectivo adaptado ás súas peculiaridades.

Na formulación do programa de actuacións, investimentos e financiamento (PAIF), que estes entes deben presentar, deberán ter en conta os obxectivos considerados no Plan estratéxico de Galicia e nos plans xerais, sectoriais e transversais que os poidan afectar e, en concreto, os

obxectivos que recolla o programa orzamentario consolidado que conteña, se é o caso, as transferencias correntes e de capital para financiar as actividades e os proxectos do ente.

A continuación preséntanse os orzamentos de explotación e capital das entidades públicas empresariais para o ano 2023, así como as transferencias da Comunidade Autónoma con que se financian.

#### Entidades públicas empresariais

|                   | Explotación   | Capital        |
|-------------------|---------------|----------------|
| Portos de Galicia | 18.935        | 14.527         |
| Augas de Galicia  | 41.200        | 108.411        |
| <b>Total</b>      | <b>60.136</b> | <b>122.938</b> |

(Miles de Euros)

#### Entidades públicas empresariais

|                   | Subvenciones de explotación | Subvenciones de capital |
|-------------------|-----------------------------|-------------------------|
| Portos de Galicia | 0                           | 6.000                   |
| Augas de Galicia  | 8                           | 65.649                  |
| <b>TOTAL</b>      | <b>8</b>                    | <b>71.649</b>           |

(Miles de Euros)



## CONSORCIOS AUTONÓMICOS



## **VIII. CONSORCIOS AUTONÓMICOS**

A Lei 3/2009, do 23 de xuño, pola que se modifica o artigo 48 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, inclúe, dentro do ámbito dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, os orzamentos dos consorcios nos que concorran os requisitos determinados polo Sistema Europeo de Contas para integrarse no sector da administración pública autonómica de Galicia.

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, desenvolve o réxime xurídico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das restantes entidades instrumentais do sector público autonómico, entre as que se atopan os consorcios.

A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia pode constituír, mediante convenio, consorcios con outras administracións públicas para a xestión de servizos da súa competencia ou para a consecución de fins de interese común, así como con entidades privadas sen ánimo de lucro que persigan fins de interese público concorrentes cos da Xunta de Galicia, para a realización destes.

Teñen a consideración de consorcios autonómicos aqueles consorcios nos que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, directamente ou a través das entidades instrumentais reguladas na Lei 16/2010, achega maioritariamente os medios necesarios para a súa constitución e funcionamento ou se compromete, no momento da súa constitución, a financiarlos maioritariamente, sempre que a actuación dos seus órganos de dirección e goberno estea suxeita ao poder de decisión da Administración xeral da Comunidade Autónoma ou doutra entidade instrumental do sector público autonómico.

Os consorcios autonómicos son entidades instrumentais da Administración xeral da Comunidade Autónoma dotadas de personalidade xurídica propia, que suxeitan a súa actividade ás normas que rexen a organización, o funcionamento e a actuación das administracións públicas, así como ao establecido no seu convenio de creación e no seu estatuto.

A Resolución de 22 de xullo do ano 2022, da Dirección xeral de Planificación e Orzamentos, pola que se establecen os formatos da documentación a remitir polos entes públicos empresariais, sociedades mercantís, fundacións e consorcios do Sector Público Autonómico, ao abeiro da Orde do 21 de xuño de 2022, pola que se ditan as instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, establece os formatos que deberán empregar os consorcios para remitir a súa documentación orzamentaria co obxecto de garantir un uso máis eficiente e transparente dos recursos asignados ao sector público empresarial nun contexto de austeridade no gasto público.

Os modelos e formatos dos estados financeiros esixidos consorcios son os recollidos no Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, aprobado pola Orde do 28 de novembro de 2001, así como os principios e normas de contabilidade pública.

A continuación, preséntanse os orzamentos de explotación e capital dos consorcios para o ano 2023:

#### Consortios autonómicos

|                                                                                                   | Explotación    | Capital       |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------|---------------|
| Axencia de Protección da Legalidade Urbanística                                                   | 4.152          | 1.718         |
| Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar                                              | 97.931         | 10.280        |
| Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia                                       | 1.325          | 33            |
| Consortio Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia                              | 965            | 65            |
| Consortio para a xestión e expl. Da rede básica de abast. De auga aos concellos de Cervo e Burela | 386            |               |
| Consortio Casco Vello de Vigo                                                                     | 481            | 1.559         |
| Consortio Local dos Peares                                                                        | 71             | 5             |
| <b>Total</b>                                                                                      | <b>105.311</b> | <b>13.660</b> |

(Miles de Euros)



## **SOCIEDADES MERCANTÍLS PÚBLICAS AUTONÓMICAS**



## IX. SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

O Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma a potestade para constituír empresas públicas como medio de execución das funcións que son da súa competencia. Esa autorización deriva do recoñecemento explícito da iniciativa pública na actividade económica, que aparece recollido no artigo 128 da Constitución, e rompe co principio de subsidiariedade da iniciativa pública, que supeditaba a creación de empresas públicas á falta da iniciativa privada. Por tanto, a súa razón de ser hai que buscala no carácter de servizo público da actividade que desenvolven, no interese xeral que para o conxunto da sociedade supón a súa actuación ou por outras razóns, ben de oportunidade ou conveniencia, que xustifican a súa creación.

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, desenvolve o réxime xurídico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das restantes entidades instrumentais do sector público autonómico, entre as que se atopan as sociedades mercantís públicas. Segundo o artigo 102 da citada lei, son sociedades mercantís públicas autonómicas as sociedades mercantís, calquera que sexa a forma que adopten, en cuxo capital social sexa maioritaria a participación directa ou indirecta da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais reguladas nesa lei. Ademais, seranlles aplicables as disposicións contidas na Lei 16/2010 ás sociedades mercantís que, sen ter a natureza de sociedades mercantís autonómicas, se atopen nalgún dos seguintes supostos:

- a) Que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou as entidades instrumentais reguladas nesta lei dispoñan da maioría dos dereitos de voto na sociedade, ben directamente, ben mediante acordos con outros socios.
- b) Que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, ou as entidades instrumentais reguladas nesta lei, teñan dereito a nomear ou a separar á maioría dos membros dos órganos de goberno da sociedade, ben directamente ben, mediante acordos con outros socios.

A Resolución de 22 de xullo do ano 2022, da Dirección xeral de Planificación e Orzamentos, pola que se establecen os formatos da documentación a remitir polos entes públicos empresariais, sociedades mercantís, fundacións e consorcios do Sector Público Autonómico, ao abeiro da Orde do 21 de xuño de 2022, pola que se ditan as instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, establece os formatos que deberán empregar as sociedades mercantís públicas para remitir a súa documentación orzamentaria co obxecto de garantir un uso máis eficiente e transparente dos recursos asignados ao sector público empresarial nun contexto de austeridade no gasto público.

Os modelos e formatos dos estados financeiros esixidos ás sociedades mercantís públicas son os autorizados pola normativa contable vixente para a formulación das contas anuais, é dicir,

presentarán os modelos que establece o Plan Xeral de Contabilidade, aprobado por Real Decreto 1514/2007, do 16 de novembro.

A continuación, preséntanse os orzamentos de explotación e capital das sociedades mercantís públicas para o ano 2023, así como as transferencias da Comunidade Autónoma con que se financian.

#### Sociedades mercantís públicas autonómicas

|                                                                | Explotación    | Capital       |
|----------------------------------------------------------------|----------------|---------------|
| Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.                | 14.403         | 380           |
| Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.            | 3.996          | 760           |
| Sodiga Galicia, Sociedade de Capital Risco, S.A.               | 780            |               |
| Xesgalicia, sociedade xestora de entidades capital risco, s.a. | 2.572          | 20            |
| Galicia calidade,S.A.U.                                        | 1.018          | 7             |
| Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.                            | 2.566          | 416           |
| Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, S.A.             | 6.848          |               |
| Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.             | 27.943         |               |
| Xenética Fontao, S.A.                                          | 4.171          | 165           |
| Galaria Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A.           | 18.272         | 2.985         |
| Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A.                       | 164.961        | 30.790        |
| Xestión do solo de Galicia - XESTUR S.A.                       | 32.077         | 20            |
| Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A.                 | 116.861        | 9.799         |
| <b>Total</b>                                                   | <b>396.469</b> | <b>45.341</b> |

(Miles de Euros)

#### Sociedades mercantís públicas autonómicas

|                                                      | Subvenciones de explotación | Subvenciones de capital |
|------------------------------------------------------|-----------------------------|-------------------------|
| Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.  | 0                           | 9.571                   |
| Galicia calidade,S.A.U.                              | 395                         | 440                     |
| Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.                  | 758                         | 635                     |
| Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, S.A.   | 5.243                       | 0                       |
| Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.   | 0                           | 7.750                   |
| Xenética Fontao, S.A.                                | 150                         | 0                       |
| Galaria Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A. | 17.171                      | 839                     |
| Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A.             | 0                           | 14.604                  |
| Xestión do solo de Galicia - XESTUR S.A.             | 0                           | 7.000                   |
| Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A.       | 0                           | 250                     |
| <b>TOTAL</b>                                         | <b>23.716</b>               | <b>41.088</b>           |

(Miles de Euros)



## FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO



## X. FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

O Estatuto de Autonomía de Galicia, na alínea 26 do artigo 27, confire á Xunta de Galicia a competencia exclusiva en materia de fundacións de interese galego.

A Constitución Española, no artigo 34.1, recoñece o dereito de fundación para fins de interese xeral de conformidade coa lei.

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, desenvolve o réxime xurídico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das restantes entidades instrumentais do sector público autonómico, entre as que se atopan as fundacións do sector público. Neste senso, o artigo 113 da citada lei define como fundacións do sector público autonómico aquelas fundacións nas que conorra algunha das seguintes circunstancias:

- Que se constitúan, directa ou indirectamente, cunha achega maioritaria ou exclusiva da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e/ou das entidades integrantes do sector público autonómico.
- Que o seu patrimonio fundacional, con carácter de permanencia, estea formado en máis dun 50% por bens e dereitos achegados ou cedidos polas referidas entidades.
- Que os seus ingresos proveñan maioritariamente dos orzamentos da Comunidade Autónoma sempre que, neste caso, se posúa a maioría ou se exerza control análogo sobre os seus órganos de goberno e dirección.

A Resolución de 22 de xullo do ano 2022, da Dirección xeral de Planificación e Orzamentos, pola que se establecen os formatos da documentación a remitir polos entes públicos empresariais, sociedades mercantís, fundacións e consorcios do Sector Público Autonómico, ao abeiro da Orde do 21 de xuño de 2022, pola que se ditan ás instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, establece os formatos que deberán empregar as fundacións públicas autonómicas para remitir a súa documentación orzamentaria co obxecto de garantir un uso máis eficiente e transparente dos recursos asignados ao sector público empresarial nun contexto de austeridade no gasto público.

Os modelos e formatos dos estados financeiros esixidos ás fundacións son os autorizados pola normativa contable vixente para a formulación das contas anuais, recollida no Real decreto 1491/2011, de 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e o modelo de plan de actuación das entidades sen fins lucrativas.

A continuación, preséntanse os orzamentos de explotación e capital das fundacións para o ano 2023:

### Fundacións do sector público autonómico

|                                                           | Explotación    | Capital       |
|-----------------------------------------------------------|----------------|---------------|
| Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía                | 1.381          | 45            |
| Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia            | 11.396         | 4.300         |
| Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia 061     | 80.392         | 300           |
| Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica             | 7.997          | 36            |
| Fundación Galicia Europa                                  | 740            | 2             |
| Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas | 1.856          | 5             |
| Fundación Semana Verde de Galicia                         | 2.998          |               |
| Fundación Pública de Artesanía de Galicia                 | 993            | 5             |
| Fundación Centro Tecnolóxico Supercomputación de Galicia  | 3.527          | 16.289        |
| Fundación Exposicións e Congresos A Estrada               | 212            |               |
| Fundación Feiras e Exposicións de Lugo                    | 608            | 41            |
| Fundación feiras e Exposicións de Ourense                 | 1.351          | 23            |
| Instituto Feiral de A Coruña                              | 430            |               |
| Instituto Ferial de Vigo                                  | 823            |               |
| Fundación Centro Tecnolóxico da Carne                     | 2.045          | 171           |
| Fundación Pública Galega Rof Codina                       | 2.212          |               |
| Fundación Deporte Galego                                  | 4.634          | 10            |
| Fundación Centro Tecnolóxico do Mar                       | 4.121          |               |
| Fundación Galega Formación para o Traballo                | 739            | 1             |
| Fundación Camilo José Cela                                | 368            |               |
| Fundación Museo do Mar                                    | 957            | 2             |
| <b>Total</b>                                              | <b>129.780</b> | <b>21.229</b> |

(Miles de Euros)



## DATOS CONSOLIDADOS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO



## **XI. DATOS CONSOLIDADOS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO**

A Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade financeira, establece o ámbito subxectivo do sector público de acordo ca definición e delimitación do Sistema Europeo de contas Nacionais e Rexionais, entre o que se inclúe ás Comunidades Autónomas; tamén se considera sector público ao resto das entidades públicas empresariais, sociedades mercantís e demais entes de dereito público dependentes daquela. Dentro do ámbito normativo da Comunidade Autónoma está en vigor a Lei 2/2011, do 16 de xuño, de Disciplina Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, que tamén será de aplicación en todo o que non contraveña o disposto na Lei orgánica.

Respecto aos diferentes tipos de entidades que integran os orzamentos sectorizados da comunidade autónoma, destacan dous grandes agrupacións:

1. Entidades con orzamentos limitativos: a administración xeral, os organismos autónomos, as entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e as axencias públicas autonómicas.
2. Entidades con orzamentos estimativos: os consorcios autonómicos, as sociedades públicas mercantís, entidades públicas empresariais e fundacións do sector público autonómico.

A continuación, recóllese os estados consolidados do orzamento, tanto de ingresos como de gastos, do sector público autonómico para o ano 2023.

| Orzamento de ingresos do sector público autonómico 2023 |                         |                                            |                                     |             |                     |             |                      |                           |                                       |                          |                     |            |             |                       |  |
|---------------------------------------------------------|-------------------------|--------------------------------------------|-------------------------------------|-------------|---------------------|-------------|----------------------|---------------------------|---------------------------------------|--------------------------|---------------------|------------|-------------|-----------------------|--|
| Capítulos                                               | ADMINISTRACIÓN<br>XERAL | OOA E<br>ENTIDADES<br>CONSULTA OU<br>ASES. | AXENCIAS<br>PÚBLICAS<br>AUTONÓMICAS | TOTAL BRUTO | TRANSF.<br>INTERNAS | CONSOLIDADO | FUNDACIÓN<br>PÚBLICA | CONSORCIOS<br>AUTONÓMICOS | ENTIDADES<br>PÚBLICAS<br>EMPRESARIAIS | SOCIEDADES<br>MERCANTILS | TRANSF.<br>INTERNAS | TOTAL      | CONSOLIDADO |                       |  |
| I                                                       | 3.356.461               |                                            |                                     | 3.356.461   |                     | 3.356.461   |                      |                           |                                       |                          |                     | 3.356.461  | 3.356.461   |                       |  |
| II                                                      | 3.818.851               |                                            |                                     | 3.818.851   |                     | 3.818.851   |                      |                           |                                       |                          |                     | 3.818.851  | 3.818.851   |                       |  |
| III                                                     | 97.037                  | 59.837                                     | 39.318                              | 196.193     | 24.025              | 172.167     | 23.245               | 14.406                    | 94.216                                | 279.271                  | 26.757              | 583.305    | 556.548     |                       |  |
| IV                                                      | 3.640.157               | 4.481.400                                  | 175.120                             | 8.296.676   | 4.496.964           | 3.799.712   | 106.623              | 92.693                    | 48                                    | 23.945                   | 206.662             | 4.023.022  | 3.816.360   |                       |  |
| V                                                       | 6.750                   | 4.373                                      | 725                                 | 11.848      |                     | 11.848      | 17                   | 53                        | 0                                     | 491                      |                     | 12.409     | 12.409      |                       |  |
| Correntes                                               | 10.919.257              | 4.545.610                                  | 215.162                             | 15.680.029  | 4.520.989           | 11.159.040  | 129.885              | 107.152                   | 94.264                                | 303.707                  | 233.418             | 11.794.048 | 11.560.630  |                       |  |
| VI                                                      | 130                     | 9.100                                      | 106                                 | 9.336       |                     | 9.336       | 124                  | 1.543                     | 0                                     | 615                      |                     | 11.618     | 11.618      |                       |  |
| VII                                                     | 1.317.546               | 542.852                                    | 983.586                             | 2.843.984   | 1.513.600           | 1.330.384   | 21.796               | 10.280                    | 78.969                                | 23.621                   | 144.453             | 1.465.051  | 1.320.598   |                       |  |
| Capital                                                 | 1.317.676               | 551.952                                    | 983.692                             | 2.853.320   | 1.513.600           | 1.339.720   | 21.920               | 11.823                    | 78.969                                | 24.236                   | 144.453             | 1.476.669  | 1.332.216   |                       |  |
| VIII                                                    | 1.949                   | 690                                        | 79.372                              | 82.012      |                     | 82.012      | 0                    | 2                         | 9.841                                 | 8.957                    | 119.203             | 100.811    | -18.392     |                       |  |
| IX                                                      | 1.586.399               |                                            |                                     | 1.586.399   |                     | 1.586.399   | 1.319                | 2                         | 0                                     | 120.614                  |                     | 1.708.334  | 1.708.334   |                       |  |
| Financieiros                                            | 1.588.349               | 690                                        | 79.372                              | 1.668.411   | 0                   | 1.668.411   | 1.319                | 3                         | 9.841                                 | 129.571                  | 119.203             | 1.809.145  | 1.689.942   |                       |  |
| TOTAL                                                   | 13.825.282              | 5.098.252                                  | 1.278.226                           | 20.201.760  | 6.034.589           | 14.167.171  | 153.124              | 118.979                   | 183.074                               | 457.515                  | 497.075             | 15.079.862 | 14.582.787  |                       |  |
| ORZAMENTO LIMITATIVO                                    |                         |                                            |                                     |             |                     |             | ORZAMENTO ESTIMATIVO |                           |                                       |                          |                     |            |             | ORZAMENTO CONSOLIDADO |  |
| (Miles de Euros)                                        |                         |                                            |                                     |             |                     |             |                      |                           |                                       |                          |                     |            |             |                       |  |

| Orzamento de gastos do sector público autonómica 2023 |                         |                                            |                                     |                      |                     |             |                      |                           |                                       |                         |            |                     |             |
|-------------------------------------------------------|-------------------------|--------------------------------------------|-------------------------------------|----------------------|---------------------|-------------|----------------------|---------------------------|---------------------------------------|-------------------------|------------|---------------------|-------------|
| Capítulos                                             | ADMINISTRACIÓN<br>XERAL | OOA E<br>ENTIDADES<br>CONSULTA OU<br>ASES. | AGENCIAS<br>PÚBLICAS<br>AUTONÓMICAS | TOTAL BRUTO          | TRANSF.<br>INTERNAS | CONSOLIDADO | FUNDACIÓN<br>PÚBLICA | CONSORCIOS<br>AUTONÓMICOS | ENTIDADES<br>PÚBLICAS<br>EMPRESARIAIS | SOCIEDADES<br>MERCANTÍS | TOTAL      | TRANSF.<br>INTERNAS | CONSOLIDADO |
| I                                                     | 2.408.908               | 2.052.573                                  | 132.039                             | 4.593.520            |                     | 4.593.520   | 40.057               | 70.584                    | 15.857                                | 88.500                  | 4.808.519  |                     | 4.808.519   |
| II                                                    | 648.357                 | 1.467.421                                  | 53.546                              | 2.169.324            | 24.025              | 2.145.299   | 88.370               | 34.676                    | 43.543                                | 307.025                 | 2.618.914  |                     | 2.618.914   |
| III                                                   | 110.661                 | 3                                          | 173                                 | 110.837              |                     | 110.837     | 127                  | 1                         | 200                                   | 944                     | 112.109    |                     | 112.109     |
| IV                                                    | 6.427.684               | 993.696                                    | 28.924                              | 7.450.304            | 4.496.964           | 2.953.340   | 1.225                | 50                        | 535                                   | 0                       | 2.955.150  | 206.662             | 2.748.488   |
| Correntes                                             | 9.595.610               | 4.513.693                                  | 214.682                             | 14.323.985           | 4.520.989           | 9.802.996   | 129.780              | 105.311                   | 60.136                                | 396.469                 | 10.494.691 | 206.662             | 10.288.030  |
| V                                                     | 13.500                  | 31.917                                     |                                     | 45.417               |                     | 45.417      |                      |                           |                                       |                         | 45.417     |                     | 45.417      |
| VI                                                    | 608.003                 | 433.859                                    | 533.515                             | 1.575.377            |                     | 1.575.377   | 21.229               | 3.680                     | 117.996                               | 45.341                  | 1.763.623  | 26.757              | 1.736.867   |
| VII                                                   | 2.179.610               | 117.593                                    | 412.923                             | 2.710.126            | 1.513.600           | 1.196.527   | 0                    | 9.980                     | 4.942                                 | 0                       | 1.211.449  | 144.453             | 1.066.995   |
| Capital                                               | 2.787.614               | 551.452                                    | 946.437                             | 4.285.503            | 1.513.600           | 2.817.321   | 21.229               | 13.660                    | 122.938                               | 45.341                  | 2.975.072  | 171.210             | 2.803.862   |
| VIII                                                  | 121.947                 | 1.190                                      | 103.601                             | 226.738              |                     | 226.738     | 2.107                | 7                         | 0                                     | 13.369                  | 242.220    | 119.203             | 123.017     |
| IX                                                    | 1.306.612               |                                            | 13.505                              | 1.320.117            |                     | 1.320.117   | 8                    | 2                         | 0                                     | 2.336                   | 1.322.462  |                     | 1.322.462   |
| Financieros                                           | 1.428.558               | 1.190                                      | 117.106                             | 1.546.855            | 0                   | 1.546.855   | 2.114                | 8                         | 0                                     | 15.705                  | 1.564.682  | 119.203             | 1.445.478   |
| TOTAL                                                 | 13.825.282              | 5.098.252                                  | 1.278.226                           | 20.201.760           | 6.034.589           | 14.167.171  | 153.124              | 118.979                   | 183.074                               | 457.515                 | 15.079.862 | 497.075             | 14.582.787  |
| ORZAMENTO LIMITATIVO                                  |                         |                                            |                                     | ORZAMENTO ESTIMATIVO |                     |             |                      |                           |                                       | ORZAMENTO CONSOLIDADO   |            |                     |             |
| (Miles de Euros)                                      |                         |                                            |                                     |                      |                     |             |                      |                           |                                       |                         |            |                     |             |





**O MARCO XURÍDICO E ECONÓMICO.  
COMENTARIOS AO TEXTO  
ARTICULADO**



## **XII. O MARCO XURÍDICO E ECONÓMICO. COMENTARIOS AO TEXTO ARTICULADO**

### **XII.1. LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2023**

I

Os Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2023 como expresión cifrada, conxunta e sistemática da política económica do Goberno, constitúen o elemento esencial para garantir unha axeitada utilización dos recursos públicos, que permitan as familias, sectores e empresas acadar uns niveis de renda, emprego e actividade que contribúan en definitiva a mellorar o nivel de benestar da cidadanía.

Unha vez que parecía superada a pandemia, a invasión de Ucraína por parte de Rusia supuxo a aparición dun novo shock externo que alterou significativamente o contexto xeopolítico e económico. As repercusións da invasión sobre as economías foi global, ocasionando un aumento dos prezos da enerxía, dos alimentos e das materias primas, así como de alteracións nas cadeas de produción de diferentes sectores que limitaron ao mesmo tempo o crecemento do comercio a nivel internacional. Esta nova perturbación tamén afectou negativamente ás perspectivas de crecemento das economías mundiais, aínda cun carácter asimétrico, xa que os efectos en cada país dependen das súas estruturas produtivas, do grao de dependencia dos inputs enerxéticos e da capacidade de implementar políticas de impulso fiscal compensatorias.

No que atinxe á economía galega, a crise sanitaria provocada pola Covid-19 tivo un forte impacto no nivel de actividade no ano 2020, cun retroceso do PIB do 8,9%, fronte a caída do PIB do 11,3% no conxunto do Estado. Os sucesivos picos de incidencia do coronavirus frearon a recuperación económica no 2021. Non obstante no conxunto do ano 2021 o PIB galego creceu un 5,2%, unha décima máis que o español. A achega da demanda interna en termos nacionais foi de 3,2 puntos porcentuais. A progresiva eliminación das restricións motivadas pola pandemia xunto co aforro embalsado polos fogares no ano 2020 favoreceron o incremento do gasto dos fogares, polo que o consumo foi un dos pilares da recuperación. No que respecta a inversión, esta non amosou o dinamismo esperado polos problemas derivados da falla de subministracións en sectores estratéxicos na economía galega, como a automoción, mais non impediron un impulso final do 1,1% no 2021.

Pola súa banda, o sector exterior achegou, no ano 2021, 1,9 puntos porcentuais ao crecemento do PIB, cun incremento das exportacións do 9,9%, superior ao das importacións que foi do 6,5%. Os factores que explican a maior resiliencia da economía galega fronte a crise foron a menor dependencia do turismo, a importancia do sector primario no PIB, a estabilidade nas exportacións e un maior control da pandemia.

Non obstante, as incertidumes xeradas pola guerra en Ucraína, e as que aínda persisten derivadas da pandemia, xunto cunha inflación mais persistente da prevista inicialmente, están a

dificultar a aproximación ao nivel de actividade e emprego prepandemia da economía galega, polo que a política económica debe continuar apoiando a súa consecución.

Tendo en conta a nova situación macroeconómica, a economía galega está a amosar unha axeitada evolución en termos de actividade, emprego e exportacións que contribúen a consolidar e impulsar a recuperación acadada no ano 2021.

De acordo cos últimos datos dispoñibles o PIB crece un 4,1% en termos interanuais, tendo como principais compoñentes o consumo privado e as exportacións. O gasto en consumo final dos fogares segue amosando un comportamento positivo no que vai de ano acadando unha taxa de variación do 2,8%. Do mesmo xeito o crecemento das exportacións galegas foi do 29,4% nos sete primeiros meses do ano, por enriba do crecemento do conxunto nacional que foi do 24,2%. Dende o punto de vista da actividade, o índice de produción industrial (IPI) amosa unha caída do sector do 1,9% en Galicia, motivado fundamentalmente por factores esóxenos. En efecto a produción de enerxía eléctrica caeu no que vai de ano, o que ten a súa causa en que producimos principalmente enerxía hidráulica e eólica e este ano se reduzo fortemente a súa produción por a escaseza de choiva. Por outra a fabricación de vehículos, veuse afectada pola escaseza de microchips, o que determina unha redución da produción en Galicia e tamén en España, pero este comportamento mudou, xa que dende o mes de maio recuperouse o nivel de actividade, e se prevé un bo comportamento no que queda de ano e no próximo.

Existen tamén factores para o optimismo, así a industria manufactura amosa un comportamento positivo, xa que aumenta un 3,9% en Galicia, máis que en España, 2,8%. Por outra a confección, a industria da madeira e o refino de petróleo teñen un mellor comportamento en Galicia que en España. Tamén é de destacar o crecemento da cifra de negocios do sector servizos, que foi do 27 % nos sete primeiros meses de 2022 mentres que a nivel nacional este crecemento foi do 24,4%. Así mesmo o índice de confianza da persoa consumidora rexistra tamén retrocesos menores na nosa comunidade que no conxunto español. Por último no ámbito do emprego obsérvase que a taxa de desemprego en Galicia sitúase no segundo trimestre de 2022 no 11,2%, 1,3 puntos porcentuais inferior á do conxunto nacional, diferencial que se ven mantendo nos últimos anos.

Polo que respecta á política fiscal, tendo en conta o novo contexto xeopolítico e macroeconómico, a Comisión Europea acaba de suspender para o ano 2023 a aplicación das regras fiscais, activando a denominada cláusula xeral de escape, permitindo novamente medidas de impulso fiscal. A maior incertidume e o alto risco de sobreestimación das perspectivas económicas no contexto da guerra en Europa, as subidas sen precedentes dos prezos da enerxía e as continuas perturbacións da cadea de abastecemento xustifican a prórroga da cláusula xeral de salvagarda do Pacto de Estabilidade e Crecemento durante 2023.

Esta suspensión das regras fiscais por parte da CE determinou que o Consejo de Ministros, en data de 26 de xullo, fixase unha taxa de referencia de déficit para as CCAA no 0,3% do PIB, tres décimas por debaixo da establecida para o ano 2022, que foi do 0,6%. Esta taxa de referen-

cia que condiciona a elaboración dos orzamentos foi informada no Consejo de Política fiscal e financeira celebrado o 27 de xullo de 2022. Do mesmo modo o 22 de setembro o Congreso dos Deputados apreciou que España está sufrindo as consecuencias do estalido da guerra en Europa e dunha crise enerxética sen precedentes, o que supón unha situación de emerxencia extraordinaria, aos efectos previstos nos artigos 135.4 da Constitución e 11.3 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira posibilitando superar os límites de déficit e débeda pública e a non aplicación da regra de gasto.

En base exposto nun contexto macroeconómico marcado por un crecemento menor do esperado e sometido a grandes incertidumes, dada a situación xeopolítica, e unha inflación mais persistente do esperada, é imprescindible que as políticas públicas da comunidade autónoma para o ano 2023 proporcionen certidume aos axentes económicos e á cidadanía galega, dotando de estabilidade as decisións de consumo, aforro, inversión e produción dos mesmos, e establecendo o marco que debe terse en conta a efectos de canalizar os recursos públicos de modo que contribúan a garantir un crecemento sostido para minimizar os efectos económicos e sociais adversos da nova situación, focalizando nos máis vulnerables as medidas da maior calado. A previsibilidade e a certidume son esenciais para o crecemento económico.

As contas para o ano 2023 plasman a política económica do Goberno Galego, ao servizo da función de estabilización económica, centrándose os esforzos orzamentarios: en garantir a estabilidade de prezos e axudar aos colectivos mais afectados pola inflación crecente; en recuperar o nivel prepandemia de actividade e de emprego na economía galega apoiando as empresas e sectores mais afectados; en promover os investimentos estruturais precisos para contar cun tecido económico máis moderno, produtivo e sustentable, que permitan continuar a senda de crecemento anterior á pandemia co impulso de proxectos transformadores da nosa estrutura económica; en proseguir coa modernización dos servizos públicos fundamentais, sanidade, educación e servizos sociais, que supón o groso do bloque competencial da comunidade autónoma.

Por outro lado, é necesario establecer as bases para deseñar a Galicia do futuro, poñendo no centro o reto demográfico pero tamén outras para garantir o benestar dunha sociedade máis avellentada, impulsando medidas que favorezan o paso cara unha Galicia máis ecolóxica e climáticamente neutra, máis dixital e mellor adaptada aos retos actuais e futuros, con capacidade de axuste para afrontar posibles crises e cuns servizos sanitarios, educativos e sociais reforzados e eficientes. E tamén dando un pulo ao modelo baseado na innovación e o capital humano, que favoreza unha sociedade moderna, competitiva, solidaria e cohesionada social e territorialmente, con altas taxas de emprego.

Neste contexto, máis ca nunca é necesario dispor dunha planificación rigorosa a medio prazo para que os atrancos conxunturais non nos desvíen dos nosos obxectivos estratéxicos. Neste eido, o novo Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030 orienta as liñas estratéxicas de investimento e de gasto do orzamento 2023. O novo plan ten por obxectivo xeral deseñar as liñas estratéxicas de actuación que convertan a Galicia nunha rexión máis verde, máis dixital e mellor adaptada aos retos actuais e futuros, que converxe en riqueza coa media española e europea, a partires dun

modelo de crecemento sostible e inclusivo baseado no aumento da produtividade a través da innovación, a internacionalización, o apoio ás transicións ecolóxica e dixital, o fomento da calidade do emprego e do produto, e o aumento do benestar das galegas e dos galegos, en especial o das persoas máis desfavorecidos, para seguir a artellar unha sociedade ben formada, libre e cohesionada. O Plan estratéxico de Galicia 2022-2030 fundamentará a estratexia de crecemento a medio prazo de Galicia arredor de cinco eixes de actuación: a dinamización demográfica e o benestar, a transición ecolóxica, a competitividade, a cohesión social e territorial e a gobernanza.

Unha parte significativa do crecemento económico esperado para este e os seguintes anos depende crucialmente do potencial efecto multiplicador sobre a actividade do uso dos recursos procedentes da UE. En relación aos fondos europeos, o orzamento 2023, será o ano de peche do anterior marco financeiro 14-20 e, ao mesmo tempo, de apertura do novo marco 21-27, e nos que continuarán recolléndose os recursos procedentes do mecanismo Next Generation EU, sendo necesario levar a cabo unha rigorosa selección de proxectos de inversión financiábles con estes recursos, xa que deles dependerá en gran medida a transformación estrutural da economía galega.

O apoio aos sectores produtivos estratéxicos resulta prioritario, en especial á industria, fomentando un tecido produtivo moderno, eficiente, innovador, internacionalizado e sustentable que xere mais empregos e de máis calidade a través da transición verde e dixital. En especial constitúe un reto esencial o fomento dunha economía baixa en carbono baseada en fontes de enerxía máis limpas e menos agresivas co medio ambiente, dando prioridade ás fontes de enerxía renovables. Non hai que esquecer que o problema dos altos prezos da enerxía non pode abordarse de maneira duradeira a través de medidas fiscais compensatorias, como as reducións do IVE e IIEE, senón que requirirá investimentos a medio prazo en eficiencia enerxética e o desenvolvemento de fontes de enerxía locais ambientalmente sustentables. Neste sentido non hai que esquecer as oportunidades que nos amosa o plan REPowerEU, no que se establecen varias medidas para reducir rapidamente a dependencia dos combustibles fósiles rusos e adiantar a transición ecolóxica, aumentando ao mesmo tempo a resiliencia do sistema enerxético a escala da UE.

No ámbito da Administración débese continuar co proceso de modernización dos servizos públicos de forma que se desenvolvan sistemas e procedementos máis eficientes, pero tamén máis sinxelos e amigables coa cidadanía, co gallo de que este perciba unha administración próxima e resolutiva. No marco do Plan Xeral de Mellora da Calidade dos Servizos do Sector Público Autonómico de Galicia, aprobado no 2021, impulsárase a transparencia e a axilización dos procedementos administrativos, a través de melloras tecnolóxicas nos eidos da participación cidadá na elaboración de normas e plans, de atención á cidadanía e no marco da contratación pública.

Para o desempeño destes retos a administración autonómica contará cunha cifra extraordinaria de recursos, a mais alta na historia da autonomía. Os orzamentos para o ano 2023 poñen a disposición da política económica deste Goberno 12.620 millóns de euros. Este volume de recursos de que dispoñerá a Facenda Galega permitirá implementar as medidas de estabilización

económica tendentes a mellorar o benestar da cidadanía, en especial ás persoas máis vulnerables, así como apoiar as empresas e sectores máis afectados pola nova perturbación, e incrementando ao mesmo tempo a dotación de recursos para a prestación dos servizos sanitarios, educativos e sociais garantindo a protección e o benestar das familias.

Na nosa comunidade, o 1 de agosto deste ano, aprobouse o Acordo polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, ao cal se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, modificado polo artigo 92 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas. Este acordo establece o límite do gasto para o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia en 12.599 millóns de euros. Este límite de gasto modifícase á alza pola inclusión de novos fondos do MRR asignados nos últimos meses por importe de 21 millóns adicionais aos previstos no límite de gasto. O que deixa o límite de gasto non financeiro en 12.620 millóns de euros, 21 millóns de euros adicionais ao gasto non financeiro contido nos orzamentos consolidados de 2021.

Esta evolución tan positiva dos recursos débese fundamentalmente ao crecemento das achegas procedentes do sistema de financiamento. O sistema de financiamento autonómico amosa novamente unha evolución positiva derivada tanto do crecemento das entregas a conta, que medran nun 8,8%, pero sobre todo da importante liquidación positiva correspondente ao exercicio 2021, que se cifra en 698 millóns de euros, polo que a contribución en conxunto dos recursos proporcionados polo sistema medra un 23,3%, achegando máis de 9.402 millóns de euros, o que supón 1.774 millóns máis que no 2022.

No obstante, se consideramos a compensación da liquidación negativa correspondente ao ano 2020 por 368 millóns de euros, a evolución dos recursos do sistema determinan que para o ano 2023 a achega efectuada dende os PGE medra un 17,6 %. Ademais nos orzamentos do ano 2022 incluíuse a cantidade correspondente ao pago da sentenza sobre a retención indebida dunha mensuralidade do IVE, na liquidación de 2017, estimada en 211 millóns de euros. Deste xeito incluíndo ambos importes a achega para o ano 2023 medra un 14,6 %.

No que se refire aos fondos finalistas europeos, as contas para o ano 2023 recollen o importante paquete de apoio financeiro aprobado pola Comisión Europea que contribuirá a afianzar as políticas de gasto encamiñadas a reformas e modernización do noso tecido económico, financiando actuacións transformadoras que o preparen ao novo paradigma de crecemento económico máis sostible e dixital, do que dependerá en gran medida a taxa de crecemento potencial da economía galega. O apoio aos sectores produtivos estratéxicos resulta prioritario, en especial á industria, fomentando un tecido produtivo moderno, eficiente, innovador, internacionalizado e sustentable que xere máis empregos e de máis calidade a través da transición verde e dixital.

Polo miúdo, os fondos Next Generation EU as contas autonómicas recollen 527 millóns de euros da parte que xestionará a comunidade autónoma dos recursos vinculados ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (Regulamento (UE) 2021/241) co gallo de facer fronte aos efectos

sen precedentes da crise da COVID-19. O obxectivo específico do MRR é proporcionar axuda financeira con miras a acadar os fitos e obxectivos das reformas e investimentos establecidos no plan nacional de recuperación e resiliencia. Por outra banda, no ano 2023 dentro dos fondos europeos órzanse os recursos correspondentes ao instrumento REACT-EU (Axuda á Recuperación para a Cohesión e os Territorios de Europa) que son unha iniciativa que prosegue e amplía as medidas de resposta á crise e de reparación da mesma. A programación total destes recursos ascende a 440,8 millóns de euros. No ano 2023 recóllense 179 millóns de euros cantidade precisa para rematar a execución destes fondos.

En canto ao resto dos fondos europeos integrados polo FEDER, o FSE, o FEADER, o FEA-GA, o FEMP, o Fondo de Transición Xusta, e os programas de Cooperación Territorial, e sen ter en conta os fondos REACT-EU que están presupostados en FEDER e FSE 14-20, a presupostación destes recursos ascende a 676,7 millóns de euros, o que supón un incremento do 19,1% con respecto as contas para o ano 2022. É de salientar, a orzamentación do Fondo de Transición Xusta destinado a apoiar ás rexións máis afectadas pola transición cara á neutralidade climática, por un importe de 32 millóns de euros. Así mesmo, con respecto as contas para o ano 2022, o FEDER experimenta un crecemento dun 28,6%, con 51,4 millóns de euros máis, e o FSE que medra nun 84%, con 30,6 millóns de euros máis, motivado pola inclusión da programación do anterior marco 14-20 e a primeira orzamentación dos recursos do marco 21-27.

Por último como en exercicios anteriores, os presupostos recollerán unha visión transversal das políticas de gasto con perspectiva de xénero, de infancia e en termos de obxectivos ODS.

## II

Na parte dispositiva, a lei estrutúrase en seis títulos, dezasete disposicións adicionais, tres disposicións transitorias e tres disposicións derradeiras.

A parte esencial da Lei de orzamentos recóllese no título I, relativo á aprobación dos orzamentos e ao réxime das modificacións de crédito, por canto no seu capítulo I, baixo a rúbrica «Aprobación dos créditos e do seu financiamento», se aproban os ingresos e gastos que compoñen os orzamentos da Comunidade Autónoma, integrados polos da Administración xeral, os dos organismos autónomos, os correspondentes ás entidades públicas instrumentais de asesoramento e consulta –que, para os efectos orzamentarios, teñen a consideración de organismos autónomos–, os das axencias públicas autonómicas, os das entidades públicas empresariais, os dos consorcios autonómicos, os das sociedades mercantís e os das fundacións.

Neste capítulo I defínese o ámbito dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia tendo en conta a tipoloxía das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico previstas na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Dentro deste capítulo detállanse os beneficios fiscais que afectan os tributos cedidos total ou parcialmente polo Estado e sinálase así mesmo o importe das subvencións reguladoras con-

sideradas na normativa de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia. Finalmente, dentro dos artigos especificamente destinados aos orzamentos das entidades instrumentais, autorízanse as dotacións iniciais das subvencións de explotación e de capital ás entidades públicas empresariais e ás sociedades mercantís.

O capítulo II deste título, «Das modificacións orzamentarias», regula os principios e as competencias específicas en materia de modificacións orzamentarias, as regras de vinculación que afectan os créditos orzamentarios, a determinación dos que teñen natureza de créditos ampliables, entre os que se inclúen os créditos que financien a gratuidade na educación infantil de 0 a 3 anos e as limitacións aplicables ás transferencias de créditos.

O título II, relativo aos «Gastos de persoal», estrutúrase en catro capítulos.

O capítulo I, dedicado aos gastos do persoal ao servizo do sector público, establece a evolución da masa salarial en función do que regule a normativa básica do Estado na materia, recollendo as previsións que figuran no proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado.

Así mesmo, recolle que para o ano 2023 só se poderá proceder, no sector público, á incorporación de novo persoal con suxeición aos límites e aos requisitos establecidos na normativa básica estatal. No resto do capítulo regúlase a contratación de persoal laboral temporal, de persoal funcionario interino e de persoal vinculado ás encomendas de xestión ou ás encargas a medio propio.

O capítulo II, baixo a rúbrica «Dos réximes retributivos», establece que as retribucións dos altos cargos e outro persoal directivo, así como as das persoas titulares das delegacións da Xunta de Galicia no exterior, do persoal funcionario, do persoal laboral, do persoal ao servizo das institucións sanitarias e do persoal dos corpos de funcionarios ao servizo da Administración de xustiza experimentarán un incremento do 2,5 por cento en relación coas vixentes o 31 de decembro do 2022. Así como a posible aplicación dos incrementos adicionais previstos no proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado. Tal e como se establece na disposición adicional oitava, estes incrementos serán aplicables no momento en que o habilite a normativa da Administración xeral do Estado.

O capítulo III, dedicado a «Outras disposicións en materia de réxime de persoal activo», recolle que para o ano 2023 as relacións de postos de traballo deberán modificarse para as axustar ás previsións orzamentarias que se deduzan do anexo de persoal, sen que se poidan prover aqueles postos para os cales non estea prevista dotación, e máis que no anexo de persoal non poderán existir códigos de liñas orzamentarias que non amparen créditos para dotacións de postos de traballo, substitucións de persoal temporal ou para conceptos retributivos.

O resto do capítulo regula os requisitos para a determinación ou a modificación das retribucións do persoal laboral e non funcionario, o persoal directivo das entidades instrumentais do sector público da Comunidade Autónoma, o nomeamento do profesorado interino a tempo

parcial en centros docentes non universitarios, os profesores e as profesoras de corpos docentes e o persoal eventual e de gabinete.

O capítulo IV, dedicado ás «Universidades», fixa o límite máximo dos custos de persoal das tres universidades galegas, as retribucións adicionais do persoal ao seu servizo e a obriga de comunicación mensual da provisión de persoal laboral temporal para cubrir necesidades docentes urxentes e inaprazables. Así mesmo, establécese que as universidades poderán aplicar a taxa de reposición prevista na normativa básica estatal, con respecto ás dispoñibilidades orzamentarias dotadas no capítulo I.

O título III, «Operacións de endebedamento e garantía», estrutúrase en dous capítulos, relativos ás operacións de crédito e ao afianzamento por aval.

No primeiro destes capítulos establécese que para o ano 2023 a posición neta debedora da Comunidade Autónoma poderá incrementarse na contía máxima do 0,3 por cento do PIB rexional. Tamén se regulan neste capítulo as operacións de débeda de tesouraría, a formalización doutras operacións financeiras e o endebedamento das entidades instrumentais do sector público. No tocante ao endebedamento das entidades instrumentais do sector público, a única excepción refírese ao Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), no que se recolle a posibilidade, para os préstamos directos, de que se poidan formalizar entre as entidades financeiras e os adxudicatarios ou as adxudicatarias que, estando en réxime de alugamento, decidan adquirir as vivendas que foron cedidas en uso ao IGVS e para as execucións de hipotecas de vivendas de promoción pública da adxudicación ou cesión de remate delas a prol do IGVS.

No capítulo II, relativo ao «Afianzamento por aval», en canto ao apoio financeiro aos proxectos empresariais, mantense para o 2023 a contía máxima dos avais que pode conceder o Instituto Galego de Promoción Económica, cun importe que non supere o saldo efectivo vixente de cincocentos millóns de euros. Así mesmo, incorpórase a autorización relativa á concesión de avais para a articulación dos instrumentos financeiros incluídos no Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2022, cofinanciados polo Fondo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader). Tamén recóllese a autorización o Instituto Galego de Vivenda e Solo para a concesión de avais por importe máximo de cinco millóns de euros, con destino á compra da primeira vivenda por menores de trinta e cinco anos e cun límite máximo do vinte por cento do prezo de compravenda.

No título IV, «Xestión orzamentaria», mantéñense os preceptos relativos á intervención limitada, á fiscalización das operacións de endebedamento da Comunidade Autónoma, á fiscalización dos nomeamentos ou dos contratos de substitución do persoal, á identificación dos proxectos de investimento, á autorización do Consello da Xunta para a tramitación de determinados expedientes de gasto, á regulación das transferencias de financiamento, ás subvencións nominativas, á concesión directa de axudas e subvencións, á simplificación da acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Seguridade Social e de non ter pendentes de pagamento débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma para determinados supostos,

ao pagamento mensual de axudas e subvencións que se conceden a persoas físicas para financiar estudos de investigación, ao informe preceptivo e vinculante da Consellería de Facenda e Administración Pública, que, sen prexuízo da análise de risco que realice o xestor, determina os efectos sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria nos préstamos concedidos con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, e máis aos expedientes de dotación artística e ao módulo económico de distribución de fondos públicos para o sostemento de centros concertados. Neste establécese a posibilidade da aceptación por parte da Administración autonómica de pagamentos á conta para as retribucións do persoal docente do colectivo de empresas do ensino privado, desde o 1 de xaneiro ata o momento en que se asinen as táboas salariais para o ano 2023.

O título V, dedicado ás «Corporacións locais», estrutúrase en dous capítulos.

O primeiro deles, dedicado ao financiamento e á cooperación con estas entidades, detalla as transferencias que lles corresponden como consecuencia de convenios e subvencións, así como a participación dos concellos nos tributos da Comunidade Autónoma a través do Fondo de Cooperación Local. En relación con este fondo, a lei fixa unha porcentaxe homoxeneizada de participación, e desagregase esta en fondo base, para recoller a mesma contía que se establece no ano 2011, e en fondo adicional, para recoller o incremento debido á maior recadación dos capítulos I, II e III da Administración xeral desde aquel ano ata o 2022. Establécese o sistema de distribución entre a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e os concellos para o fondo base, de maneira que estes recibirán segundo o coeficiente de repartición que lles correspondeu no ano 2011.

Non obstante, no ano 2023, as entregas á conta do fondo adicional incrementáanse notablemente respecto do establecido no orzamento do ano 2022, como consecuencia do incremento dos capítulos I, II e III dos ingresos da Administración xeral no orzamento do ano 2023 respecto do inicial do ano pasado. O fondo adicional repartirase no ano 2023 conforme o acordo da Subcomisión Permanente do Réxime Económico e Financeiro da Comisión Galega de Cooperación Local. Entre os criterios aprobados para a repartición destacan os concellos con institucións penitenciarias no seu termo municipal, os concellos de menos de cincuenta mil habitantes que teñen que asumir os gastos de funcionamento dos centros de saúde da súa titularidade, as prazas en conservatorios municipais de grao medio, os concellos resultantes dun proceso de fusión en cumprimento do sinalado na Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, os concellos que teñen que asumir o financiamento dos servizos de emerxencia de carácter supramunicipal, os concellos que impulsen proxectos técnicos de creación e desenvolvemento de comunidades enerxéticas, e por último para os concellos de menos de quince mil habitantes que realicen actuacións nos tres ámbitos seguintes, a mellora da eficiencia enerxética das infraestruturas municipais, en adquisición de maquinaria e equipamentos e por último en investimentos en modernización e mellora das redes de abastecementos municipais.

O capítulo II deste título regula o procedemento de compensación e retención de débedas dos concellos contra os créditos que lles corresponden pola súa participación no Fondo de Cooperación Local de maneira similar ao exercicio 2022.

No título VI, relativo ás «Normas tributarias», inclúese un único precepto para establecer os criterios de afectación do imposto sobre o dano ambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga encorada e o canon eólico.

O contido desta Lei de orçamentos complétase coas disposicións adicionais, transitorias e derradeiras referidas, nas cales se recollen uns preceptos de índole moi variada.

As disposicións adicionais regulan entre outras materias, a información ao Parlamento; a autorización de orçamentos en entidades instrumentais de nova creación; as normas para a remisión de información económico-financeira e o control desta, coa finalidade de recoller as obrigas en relación co inventario das entidades dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia e, doutra banda, para adaptar as normas sobre a competencia da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia á normativa vixente, en relación coas axencias e cos consorcios adscritos á Comunidade Autónoma que deben auditar as súas contas anuais; a venda de solo empresarial por parte do Instituto Galego da Vivenda e Solo; as retribucións dos consellos de administración; as prestacións extraordinarias para as persoas beneficiarias de pensións e subsidios non contributivos, e no relativo aos gastos de persoal, a autorización para a modificación dos cadros de persoal do Servizo Galego de Saúde, as medidas en relación co V Convenio colectivo único para o persoal laboral, e no caso dos centros concertados, recóllense os módulos económicos. Tamén regulasen a contía das axudas directas destinadas a paliar a pobreza enerxética en consumidores vulnerables severos en risco de exclusión social.

Regúlase ademais o dereito a percibir unha axuda económica de mil douscentos euros, a razón de cen euros mensuais, a través da Tarxeta Benvida para todas as familias que teñan unha filla ou un fillo ou adopten un neno ou unha nena menor dun ano no 2023. Adicionalmente, para aquelas familias con renda igual ou inferior a vinte e dous mil euros a axuda ampliarase no segundo ano de vida e ata que a nena ou o neno cumpra tres anos, ou ata que se cumpran tres anos do ditado da correspondente resolución para os supostos de adopción ou garda con fins adoptivos. A contía das axudas para as familias con estas rendas será de seiscentos euros por ano, a razón de cincuenta euros por mes, se o fillo ou a filla que dá dereito á axuda é o primeiro; de mil douscentos euros por ano, a razón de cen euros por mes, se a filla ou o fillo que dá dereito á axuda é o segundo, e de dous mil catrocentos euros por ano, a razón de douscentos euros por mes, se o fillo ou a filla que dá dereito á axuda é o terceiro ou sucesivos. Para as familias que residan no rural e para as que teñan a terceira filla ou o terceiro fillo e sucesivos, a axuda incrementarase nas condicións que estableza a Consellería de Política Social e Xuventude.

A última das disposicións adicionais establece un mecanismo para axilizar a xestión orzamentaria ao habilitar a Consellería de Facenda e Administración Pública para efectuar determinadas modificacións orzamentarias.

As disposicións transitorias regulan a adecuación das entidades públicas instrumentais, a dotación gradual do Fondo de Continxencia de Execución Orzamentaria que xa se prevía na Lei de orzamentos do ano 2022 e o mantemento do mecanismo de garantía de investimentos públicos.

As tres últimas disposicións derradeiras regulan o desenvolvemento, a vixencia e a entrada en vigor da lei.

## **XII.2. MEDIDAS FISCAIS E ADMINISTRATIVAS DE ACOMPAÑAMENTO PREVISTAS PARA A SÚA ENTRADA EN VIGOR NO ANO 2023**

### **I**

Os orzamentos requiren para a súa completa aplicación a adopción de diferentes medidas, unhas de carácter puramente executivo e outras de carácter normativo, que, pola súa natureza, deben adoptar rango de lei e que, como precisou o Tribunal Constitucional, non deben integrarse nas leis anuais de orzamentos xerais senón en leis específicas. O debate doutrinal acerca da natureza das chamadas leis de acompañamento foi resolto polo Tribunal Constitucional, que configurou este tipo de normas como leis ordinarias cuxo contido está plenamente amparado pola liberdade de configuración normativa de que goza o lexislador e que permiten unha mellor e máis eficaz execución do programa do Goberno nos distintos ámbitos en que desenvolve a súa acción. Desde esta perspectiva, tendo presente a actividade que desenvolve a Comunidade Autónoma de Galicia, cuxos obxectivos se expoñen na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2023, e co obxecto de contribuír a unha maior eficacia e eficiencia destes, esta lei contén un conxunto de medidas referidas a diferentes áreas de actividade que, con vocación de permanencia no tempo, contribúan á consecución de determinados obxectivos de orientación plurianual perseguidos pola comunidade autónoma a través da execución orzamentaria. Este é o fin dunha norma cuxo contido esencial o constitúen as medidas de natureza tributaria, aínda que se incorporan outras de carácter e organización administrativos.

### **II**

A estrutura desta lei divídese en dous títulos: o primeiro dedicado ás medidas fiscais e o segundo, ás de carácter administrativo.

O título I, relativo ás medidas fiscais, está dividido en dous capítulos.

O capítulo I introduce medidas en materia de tributos cedidos. Así, no referido ao imposto sobre a renda das persoas físicas, acométense determinadas reformas fiscais co obxectivo de seguir reducindo e redistribuíndo a carga tributaria.

Considerando que un dos problemas producidos e que persisten na complexa situación económica actual é o dunha elevada inflación provocada polo encarecemento da enerxía, dos alimentos e doutros produtos que reduce o poder adquisitivo das galegas e dos galegos, faise necesario introducir determinadas reformas fiscais no IRPF, facendo uso das competencias normativas autonómicas, que contribúan a paliar eses efectos sobre a cidadanía galega e combater a escalda de prezos, aliviando deste xeito a carga fiscal que soportan as familias. Así, na senda iniciada pola Xunta de Galicia en 2014 e continuada en 2016 e 2022, adóptanse unha serie de medidas, con efectos desde o 1 de xaneiro do 2022, rebaixando de novo o tipo aplicable ao tramo da tarifa mais baixo do IRPF, que pasa do 9,4 ao 9% co obxectivo de beneficiar novamente ás rendas mais baixas, nas que se sitúan o 44% das persoas declarantes. Coa mesma finalidade, tendo en conta que o incremento reflectido na Enquisa Trimestral de Custo laboral elaborada polo INE para o segundo trimestre de 2022 é dun 4,3% respecto a 2021, actualízase nesa porcentaxe a tarifa aplicable aos tres primeiros tramos da escala autonómica, onde se atopan o 88% dos declarantes, e ademais, resulta necesario actualizar os mínimos persoal e familiar dado que diminúen a cota, incrementándoos na mesma porcentaxe do 4,3%.

O obxectivo que se pretende lograr con estas medidas é o de corrixir a denominada “progresividade en frío”, evitando o impacto que, para os perceptores de rendas, na súa maior parte procedentes do traballo, supoñen os aumentos salariais que teñen por finalidade compensar os incrementos do IPC, tratando de evitar que vexan incrementados os seus impostos cando non dispoñen de maior renda nin dunha maior capacidade económica e de que, dada a progresividade do imposto, os contribuíntes tributen en tramos superiores da tarifa.

Un eixe fundamental da Xunta de Galicia é o reto demográfico para o que, no marco das medidas fiscais de apoio á familia, núcleo fundamental da sociedade, establécese para 2023 unha nova dedución no imposto sobre a renda das persoas físicas de 250 euros para os contribuíntes con dous fillos que se equipara así ao de las familias numerosas co mesmo número de fillos ou fillas, e, por outra banda, incrementase a actual dedución aplicable ás familias numerosas de xeito que a partir da terceira filla ou fillo a dedución aumenta en 250€ por cada filla/o.

En relación co Imposto sobre o Patrimonio, continuando coa senda iniciada no ano 2022, modifícase a bonificación do imposto pasando dun 25% a un 50% da cota, co obxectivo de adaptarmos de xeito progresivo ao noso entorno da UE, incentivar o mantemento do patrimonio, non penalizar o aforro e favorecer os investimentos estratéxicos en Galicia.

No que se refire ao Imposto sobre Sucesións e Doazóns, nestes momentos de incerteza económica con períodos de alta inflación e as consecuentes subas de tipos de xuros, as empresas necesitan destinar recursos propios para acometer novos investimentos e non depender excesivamente do financiamento alleo. Para iso modifícase, en ámbalas dúas modalidades do imposto, a redución pola adquisición de bens e dereitos afectos a unha actividade económica e de participacións en entidades e ábrese a posibilidade a que determinados activos de tipo financeiro poidan considerarse afectos para non penalizar a retención que fagan as empresas do seu beneficio co fin de acometer no futuro novos investimentos.

Por outro lado, tendo en conta a situación pandémica vivida, que incidiu directamente no sector do xogo de xeito importante e provocou o peche dalgúns locais nos que se desenvolve o xogo, que non reverteron, e co obxecto de que a actividade se poida recuperar paulatinamente mantendo o emprego, acométese unha redución do tipo de gravame, pasando do 50% ao 30%, asociado ao mantemento do cadro medio de persoal durante todo o período impositivo co respecto ao inmediato anterior.

O capítulo II, relativo aos tributos propios, só está integrado por un precepto, sobre as taxas, no que, por unha banda, establécese que os tipos das taxas de contía fixa non experimentarán ningunha actualización respecto ás contías exixibles no momento da entrada en vigor desta lei e, por outra banda, se introducen diversas modificacións na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, consistentes tanto na creación de novas taxas como na modificación dalgunhas vixentes.

Pola súa banda, o título II divídese en trece capítulos.

O capítulo I aborda diversas medidas en materia de emprego público. Por un lado, modifícase a Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia en diversos preceptos que responden á necesidade de adaptar a lei ás modificacións producidas no Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, pola Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público. Así mesmo, aproveitase tamén para adaptar a normativa autonómica, as modificacións tamén incorporadas no Estatuto Básico do Empregado Público pola Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantías dos dereitos dixitais, a Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual e polas últimas Leis de orzamentos xerais do Estado. E tamén corríxense determinados erros na redacción de determinados artigos para evitar confusións.

Por outra banda, na regulación do persoal funcionario interino contéplase por primeira vez a regulación dun período de proba para o primeiro nomeamento deste persoal, cuns prazos similares aos establecidos tamén para o persoal laboral da Xunta de Galicia así coma as consecuencias no caso de súa non superación. E engádese unha nova disposición adicional na Lei de Emprego público de Galicia contemplando unha modalidade específica de promoción do persoal laboral.

Así mesmo, en materia de escalas e especialidades, crease a escala de técnicos especialistas en patoloxía forense do IMELGA, cun nivel formativo de Técnico Superior en Anatomía Patolóxica e Citodiagnóstico axeitado para as tarefas que deben realizar. Esta escala permitirá substituír paulatinamente os postos actuais de auxiliares de autopsias, do grupo IV, categoría 39 de persoal laboral, para os que non se exige formación específica.

Tamén se modifican determinadas funcións para a escala de persoal de servizos xerais (PSX), co fin de completar a redacción do precepto, atendendo ao funcionamento cotiá dos ser-

vizos de cociña e comedor e para a escala de xerolcultor xa que a situación das persoas usuarias que precisan da asistencia deste persoal, non só é debido por situacións de discapacidade, senón tamén pola súa situación de dependencia ou risco de padecela. Por último recóllese a supresión da escala a escala de protocolo e relacións institucionais posto que as súas funcións non teñen un contido técnico e particularizado que faga necesario o seu mantemento. Deste xeito, as súas atribucións pódense entender encadradas nas de planificación atribuídas ao corpo superior ao que pertence a escala. Ademais, cómpre ter presente que a escala de protocolo e relacións institucionais non esixe unha titulación específica para o seu desempeño o que pon de manifesto que non resulta necesaria a creación dunha escala específica dentro do corpo superior.

O capítulo II refírese a medio ambiente e territorio. En materia de medio ambiente e territorio regúlase, coa finalidade de acadar unha maior seguridade xurídica, o prazo para impoñer a obriga de restitución das cousas e reposición ao seu estado anterior no caso de obras e actuacións contrarias ao disposto na lexislación aplicable en materia de costas, realizadas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre. Tamén se establece o réxime aplicable ás ditas obras e actuacións unha vez transcorrido o referido prazo sen que se impuxera a dita obriga.

Así mesmo, acométese a modificación de distintas normas: así, modifícase a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, co obxectivo de que a regulación contida nela e na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, na redacción pola presente lei, sexan coherentes no tocante á substitución da licenza de primeira ocupación polo réxime de comunicación previa. Tamén se modifica a duración do réxime de protección das vivendas protexidas de promoción pública, que se amplía a cincuenta anos dende a data da súa cualificación definitiva coa finalidade de garantir que estas vivendas se destinen efectivamente ás persoas que realmente as necesitan, pasando dos trinta anos actuais aos cincuenta.

Modifícase a Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia, para eliminar a obriga imposta con carácter xeral de que os axexos se practiquen coa axuda dun garda ou guía, manténdose a mesma unicamente para os parques naturais integrados na Rede de Parques Naturais de Galicia, nos terreos cinexéticos en réxime común e para os terreos cinexéticos en réxime especial nos que a titularidade cinexética corresponda á Comunidade Autónoma.

Acométese así mesmo, a modificación do Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director Rede Natura 2000 de Galicia, que resulta da máxima urxencia, sendo necesario dispor marco legal que permita adoptar medidas de conservación activa dos hábitats e medidas de xestión, preventivas e estruturais fronte aos incendios forestais e para a defensa fronte a catástrofes en toda a superficie da Rede Natura. Na medida en que todos os indicadores de biodiversidade están aconsellando acelerar a transición ata uns agrosistemas sostibles e resilientes, a adopción de medidas de protección fronte ás catástrofes naturais extremas e os cambios climáticos resulta imperiosa para garantir a longo prazo o noso benestar e constitúen a base da nosa resiliencia.

Modifícase a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, coa finalidade de clarear determinadas dúbidas suscitadas con motivo da súa aplicación, recolléndose expresamente a inclusión das obras de ampliación do volume de edificacións existentes entre os supostos que determinan o deber de cesión gratuíta de terreos previsto nos citados preceptos para o solo urbano consolidado e de núcleo rural. Coa finalidade de protexer o recurso hídrico, establécese que, para edificar no ámbito dos núcleos rurais, so será e esixible executar a conexión das redes de abastecemento de auga e saneamento coas redes existentes no núcleo ou nas súas proximidades, cando existan redes públicas autorizadas e con capacidade de servizo suficiente, aclarando a continuación que de non esixirse a conexión coas redes de servizo, deberán resolverse as mesmas priorizándose nas de abastecemento a conexión a unha comunidade de usuarios legalmente constituída e con capacidade de servizo suficiente ou por medios individuais con cargo ao promotor ou promotora da edificación. Con esta modificación trátase de evitar o paradoxo que se producía nalgúns supostos nos que, para poder edificar no solo de núcleo rural, executábase a conexión a unha rede sen autorizar ou de capacidade insuficiente. Por outra banda, incídese na condición de manter o estado natural dos terreos no solo rústico, que virá referida, cando menos, á metade da superficie non ocupada da parcela ou a excepción a dita proporción no caso de determinadas infraestruturas e instalacións, previstas no artigo 35.m), así como nos establecementos de acuicultura, ao tempo que se aclara que as solucións alternativas que, de ser o caso, se adopten, deben impedir o selado do solo. Co fin de reforzar a seguridade xurídica e dotar de maior estabilidade o tráfico inmobiliario, clarifícanse as obras que se poden levar a cabo nas edificacións existentes no solo rústico que non sexan plenamente compatibles coas determinacións previstas para este tipo de solo na normativa urbanística, pero que non estean incursas na situación de fóra de ordenación, así como aquelas para as que transcorreran os prazos para a adopción de medidas de restauración da legalidade urbanística. Ademais, dada a amplitude dos prazos de resolución das licenzas de primeira ocupación, particularmente nos concellos que teñen que tramitar un elevado número de solicitudes, óptase por dar un paso máis na senda da simplificación administrativa iniciada hai anos pola administración autonómica galega, substituíndo o réxime de licenza urbanística polo de comunicación previa para a primeira ocupación dos edificios. Tamén se estende ao solo de uso residencial o réxime das solicitudes de licenza e comunicacións urbanísticas presentadas con certificación de conformidade emitida por unha entidade de certificación de conformidade municipal, o que determina que os informes xurídicos e técnicos municipais pasen a ser facultativos e permitirá reducir a un mes o prazo de resolución da licenza (fronte aos tres que rexían ata o momento). A nova regulación permite ademais que os concellos, poidan excluír a intervención destas entidades de certificación no seu ámbito territorial, mediante a aprobación da correspondente ordenanza. Esta modificación exige que, ao mesmo tempo, se deixe sen efecto o artigo 54 da Lei 9/2021, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, que regulaba o réxime de solicitude de licenza e comunicacións urbanísticas presentadas con certificación de conformidade como unha especialidade aplicable soamente á implantación de iniciativas empresariais. Ao xeneralizarse a aplicación deste réxime nos termos indicados deixa de ter sentido que se manteña a correspondente regulación, de carácter excepcional, na antedita lei.

Modifícase a Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia, coa finalidade de regular a obriga dos responsables da retirada dos cadáveres dos animais domésticos na vía pública de comprobar a identificación dos mesmos e notificar a morte do animal aos seus propietarios coa finalidade de que estes poidan comunicar as mortes dos referidos animais ao Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía.

Modifícase a Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, coa finalidade de clarexar os supostos nos que procede a avaliación de repercusións dos plans, programas ou proxectos que, sen ter relación directa coa xestión do lugar ou sen ser necesario para esta, poidan afectar de forma apreciable as especies ou os hábitats dos espazos protexidos Rede Natura 2000 competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, xa sexa individualmente ou en combinación con outros plans, programas ou proxectos, de conformidade co establecido no artigo 46.4 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade e do artigo 6.3 da Directiva 92/43/CEE. Tamén se configuran como medidas de xestión dun espazo protexido rede Natura 2000, as redes de faixas de xestión da biomasa, xa que resultan necesarias para a protección e conservación dos valores naturais polos que o espazo foi protexido e se axustan as regras relativas á construción de peches e cercados ás necesidades reais de conservación atendendo a tipoloxía e magnitude das intervencións.

Modifícase a Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, co obxecto de clarexar que o informe preliminar de situación establecido no artigo 55.3 debe presentarse con carácter presente previo ao inicio da actividade. Tamén se precisan as normas a ter en conta aos efectos de acreditación das entidades que realicen o deseño e implantación dos plans de vixilancia e control do solo e das augas subterráneas asociadas, as investigacións analíticas, tanto exploratorias como detalladas, e as valoracións de riscos, así como o deseño, execución, control e seguimento da recuperación así como dos laboratorios para a realización das analíticas previstas no artigo 60.5 da citada lei.

Modifícase a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia. Por unha banda, como medida de simplificación e de mellora da calidade dos procedementos de avaliación ambiental, regúlase que os documentos de alcance dos estudos de avaliación ambiental dos proxectos sometidos á avaliación de impacto ambiental (e que son os pronunciamentos do órgano ambiental sobre o contido, amplitude, nivel de detalle e grado de especificación que deben ter tales estudos), deixan de emitirse cando o solicite postestativamente un promotor, e pasan a ser documentos de referencia que se establecen de oficio polo órgano ambiental segundo as distintas clases de proxectos sometidos a impacto ambiental. Deste modo e sobre a base dos documentos de alcance xa elaborados e sobre a base das avaliacións ambientais que xa se emitiron, establécese un documento de referencia que recolla o contido que deberán ter os estudos ambientais, o que permite aproveitar o camiño andado pola Administración, recollendo as esixencias que xa foron establecidas polos distintos órganos administrativos que informan na fase de consultas. Con esta regulación, preténdese avanzar mais na simplificación administrativa dos procedementos, garantindo a calidade dos estudos de avaliación ambiental. Na mesma liña de avanzar na simplificación administrativa aclárase que os proxectos

con informe previo de non afección como son aqueles sometidos a unha adecuada avaliación das súas repercusións que contén co informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, non necesitarán de autorización do órgano competente en materia de patrimonio natural. Por último, modifícase a referida Lei 9/2021, do 25 de febreiro, en coherencia coas modificacións operadas na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia coa finalidade de estender ao solo de uso residencial o réxime das solicitudes de licenza e comunicacións urbanísticas presentadas con certificación de conformidade emitida por unha entidade de certificación de conformidade municipal que, ata o momento solo era aplicable á realización de iniciativas empresariais.

O capítulo III aborda distintas regulacións en materia de medio rural. Así, modifícase a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, no que atinxe á regulación do procedemento para a xestión da biomasa nas redes de faixas, establecendo o réxime aplicable no caso de que non se execute polas persoas responsables a obriga de xestión da biomasa no ámbito das redes de faixas de xestión de biomasa, incluída, no seu caso, a retirada de especies arbóreas, de tal modo que se manteña un control da carga de combustible para impedir o risco de incendios forestais e a súa propagación durante todo o ano. A redacción deste precepto axústase ao disposto no Acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia en relación coa Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, publicado no Diario Oficial de Galicia mediante a correspondente resolución do 9 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias.

Modifícase a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia. Así, modifícanse diversos artigos co obxecto de dotar de maior claridade ao texto de axustar a súa literalidade ao disposto na Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes, de carácter básico. Por outra banda, introdúcese modificacións para mellorar o procedemento de aprobación dos instrumentos de ordenación ou xestión forestal. Inclúense como suposto suxeito á obriga de declaración responsable previa ao seu inicio a adecuación a natureza do solo rústico de especial protección agropecuaria que teñan por finalidade a súa adecuación á natureza do solo ou ao catálogo de solos agropecuarios. Engádesse a referencia ás reforestacións no artigo 129, para coordinar a súa redacción co disposto disposición transitoria novena da Lei 11/2021, do 14 de maio. Tamén se regula de forma expresa un prazo máximo para reparar o dano causado e a obriga de comunicarllo á administración, de tal forma que a resolución xurda maior eficacia e exista un mellor control do seu cumprimento, xa que a restauración do dano causado ao monte é un elemento esencial nos procedementos sancionadores, xa que a finalidade última destes é evitar os ditos danos e a súa perpetuación no terreo forestal. Tamén se regula a consideración da cesión ou mantemento do carbono almacenado nos montes como aproveitamento forestal e protección da integridade das comunidades de montes veciñais en man común; así mesmo prevese a posibilidade de que a Xunta de Galicia articule un sistema de créditos de carbono de carácter voluntario cun rexistro ao que se poderán inscribir aquelas persoas titulares dos dereitos derivados do aumento de carbono almacenado grazas as súas actividades. Este sistema basearase na xestión forestal sustentable e activa como ferramenta diferencial para secuestrar un número de toneladas de carbono adicionais fronte a aqueles bosques exentos de xestión forestal.

En consonancia coa modificación da Lei de montes de Galicia, modifícase o número 6 do artigo 12 do Decreto 52/2014, do 16 de abril, co obxecto de regular de forma clara os informes precisos para presentar a solicitude de aprobación dos instrumentos de ordenación ou de xestión forestal. Como novidade prevese a existencia dun informe de validación da documentación da persoa que vai presentar a solicitude. Esta modificación urxe para dotar de coherencia a normativa de desenvolvemento coa a Lei de montes de Galicia, xa que logo na modificación recollida no artigo 81.2 da dita lei, ligada á modificación do decreto, regúlase como unha actuación previa á presentación da documentación que debe ser validada pola Administración antes de iniciar o procedemento.

Modifícase a Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia. Por unha banda, elimínase a referencia ás permutas na regulación da reestruturación parcelaria, por razón de congruencia normativa, dado que en modificación anterior da Lei suprimíuse a figura da reestruturación parcelaria mediante permutas voluntarias. Adecúase a cualificación da infracción relativa ao abandono das terras consonte coa normativa agora vixente, isto é a Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia. Por outra banda, co fin de mellorar a coordinación entre os instrumentos de ordenación de usos agroforestais da Lei 4/2015 e a Lei 11/2021 Inclúese no Plan de ordenación de fincas de especial vocación agraria a elaboración dun catálogo parcial de solos agropecuarios e forestais. Trátase así mesmo de dar solución a aqueles procesos de reestruturación parcelaria que, unha vez levado a cabo o levantamento topográfico e a investigación da propiedade, o resultado leva á consideración de que a reestruturación non é o instrumento axeitado para actuar sobre o terreo incluído no seu perímetro, pero do que, ao mesmo tempo, se obtivo unha información tanto respecto das clases de terras, cultivos como titulares -resultante dos traballos realizados previamente- que poderían servir de base para implementar outras actuacións de recuperación da terra agraria de Galicia. Realízanse diversas modificacións coa finalidade de que cando remate o proceso de reestruturación parcelaria a documentación integrante dos títulos de propiedade resultantes del sexa o máis actualizada posible respecto da realidade do momento. Amplíanse as finalidades dos predios integrantes da masa común, comprendendo tamén os casos de corrección de erros ou outras circunstancias que deprecien de forma significativa ou fagan inutilizable un predio atribuído e non solicitado pola persoa interesada. Introdúcese unha modificación na tipificación da infracción moi grave prevista no artigo 90.1, a fin de garantir o cumprimento xeral dos plans de cultivos ou de ordenación de predios de especial vocación agraria en non só para o caso de que ese incumprimento se produza sobre terreos afectados polos compromisos adquiridos durante un período de dez anos.

Modifícase o Decreto 73/2020, do 24 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeiros e leñosos, de cortiza, de pastos, micolóxicos e de resinas en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia. A regulación dun novo apartado g) no artigo 24.2 do Decreto 73/2020, do 24 de abril, urxe pola necesidade de adecuar a normativa de desenvolvemento á modificación que efectúa a Lei de medidas no artigo 92 bis.3 da Lei de montes de Galicia, que regula como novo suposto no que se esixe declaración responsable as cortas de arboredo a realizar en solo rústico de especial protección agropecuaria que teñan por

finalidade a súa adecuación á natureza do solo ou ao catálogo de solos agropecuarios. Esta previsión de declaracións responsables dotará de máis axilidade as cortas a efectuar nos solos para adecualos ao seu verdadeiro uso.

Modifícase a Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia. Así, fúndase ao Consello Reitor a proposta de Comisión Técnica de Prezos e Valores a fixar un prezo mínimo que se terá en conta para o prezo de referencia de Banco de Terras de Galicia, co obxecto de promover a iniciativa dos particulares na incorporación de predios ao Banco de Terras. Modifícase o artigo 21.1 coa finalidade de dar cumprimento ao Acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia. Introdúcense diversas modificacións co obxecto de facilitar a comprensión do texto, dotalo dunha maior coherencia interna e corrixir determinados erros detectados no mesmo. Por outra banda, trátase de posibilitar a fixación dun umbro mínimo, co obxecto de poder facer fronte aos impagos daquelas rendas maior contía e sen deixar de promover a iniciativa dos particulares na incorporación de predios ao Banco de Terras e se inclúen os gastos notariais nas liñas de axuda para as permutas de especial interese agrario. Prevese que nos casos afectantes a zonas preferentes ou outras xustificadas que se declare a utilidade pública e interese social do polígono agroforestal inmediatamente despois da aprobación do acordo de inicio. Recóllese expresamente a existencia de publicación da declaración de utilidade pública e interese social do polígono agroforestais, para dotala de publicidade e se regulan os seus efectos os seus efectos. Posibilítase a modificación do catálogo parcial na fase de proxecto de polígono agroforestal, momento no que se dispón de maior información técnica para determinar os usos finais do polígono. Incrementábase o contido dos estudos de viabilidade, ao permitir engadir nos contidos que se regulan para o proxecto básico do polígono, en aras de dotar de maior eficiencia a tramitación e recolle a obriga a súa exposición pública, co obxecto de que a cidadanía poida coñecer as actuacións que se practican. Regúlase a existencia de que, no caso de que o estudo de viabilidade comprenda os contidos do proxecto básico do polígono agroforestal se cumpra un requisito dun mínimo de porcentaxe compromisos para a superficie. De non acadarse a dita porcentaxe mínima, resolverase o arquivo do expediente e a finalización do procedemento, dada a non conformidade. Con esta regulación pretende coñecerse desde un principio e necesaria conformidade das persoas titulares das parcelas e recabar os seus compromisos para asegurar a viabilidade da tramitación do procedemento de aprobación dos polígonos. Prevese a existencia de declaración de utilidade pública e interese social do polígono só no caso de que non se tivera declarada con anterioridade conforme ao previsto no artigo 83.3 e concreta a forma que se emprega para a dita declaración, é dicir, engádese que a declaración de utilidade pública se realizará por decreto. Debido á similitude entre os traballos realizados nas bases dunha reestruturación parcelaria e no procedemento descrito no artigo 90 e, especialmente, a que ambos procesos teñen como obxectivo a investigación da titularidade das parcelas, considérase que aproveitar os resultados desta etapa da reestruturación parcelaria para o desenvolvemento de polígonos agroforestais permitirá unha maior eficiencia no uso dos recursos públicos. Exceptúanse da existencia de nova exposición pública aquelas actuacións que xa foron expostas na fase de estudo de viabilidade e que non se modificaron. Recóllese a incorporación das parcelas ao Banco de terras ao inicio do procedemento co fin de facelo máis rápido e eficiente.

O capítulo IV aborda diversas medidas en materia de infraestruturas e Augas. Por un lado, modifícase a Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia, na que se regulan os efectos da declaración de obras de emerxencia de forma similar a coma se recolle na lexislación estatal

Así mesmo, modifícase a Lei 6/1996, do 9 de xullo, de coordinación dos servizos de transporte urbanos e interurbanos por estrada de Galicia aos efectos de suprimir determinados artigos xa que ao longo dos últimos anos, Galicia dotouse de diferentes disposicións en materia de transporte de persoas por estrada. Así, as definicións do artigo 2 da Lei 6/1996, do 9 de xullo, de coordinación dos servizos de transporte urbanos e interurbanos por estrada de Galicia, quedou superada logo da entrada en vigor da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, polo que procede a derogación formal daquel precepto. No mesmo sentido, esta lei regula a tramitación a seguir para a autorización de novas paradas, o que afecta tanto aos ámbitos urbanos como non urbanos, sen que no marco do Plan de Transporte Público de Galicia teña sentido o mantemento de vixencia do procedemento que establecen os artigos 17 e 18 da Lei 6/1996, do 9 de xullo, preceptos que, por tales motivos, procede tamén derogar.

Por outro lado, modifícase a Disposición adicional segunda da Lei 18/2021, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, en relación as medidas aplicables aos supostos de alteración extraordinaria e imprevisible dos prezos dos materiais nos contratos de obra pública. Dita modificación ten por obxecto dar cumprimento ao Acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia en relación coa Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas publicado pola Resolución do 9 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias (DOG núm. 182 do 23 de setembro de 2022).

Por último, modifícase na Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia, a definición de usos domésticos para que as vivendas en réxime de aluguer onde o titular da vivenda é unha sociedade cuxo obxecto social é a propia actividade de aluguer ou é unha institución (tipo IGVS) que aluga ou cede vivendas a persoas vulnerables (risco de exclusión social, mulleres maltratadas, etc.). Actualmente a definición de usos domésticos exclúe os consumos asociados a calquera actividade o que imposibilita ou, cando menos, dificulta considerar como doméstico a vivendas cuxa titularidade sexa dunha sociedade e que, polo tanto, os consumos alí efectuados están asociados á actividade de aluguer, o que o sitúa fóra do ámbito da definición de usos domésticos.

O capítulo V aborda distintas regulacións en materia de política social. En primeiro lugar, modifícase a Lei 10/2003, do 26 de decembro, sobre o acceso ao contorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia coa finalidade de crear a categoría de can de asistencia en formación á xa existente de can de asistencia co obxecto garantir plenamente o dereito de acceso aos lugares, establecementos e transportes das persoas con discapacidade que necesitan da axuda dun can de asistencia.

Modifícase tamén a Lei 6/2012 do 19 de xuño, de xuventude de Galicia coa finalidade de establecer a gratuidade dos carnés de servizos da xuventude.

Tamén se modifica a Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, coa finalidade de incrementar as actuais contías da renda de inclusión social de Galicia (RISGA), configurada como unha prestación pública destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles. A necesidade de facer fronte ás consecuencias derivadas do conflito internacional, que estamos a vivir, e que se traducen nunha crise económica ocasionada polo incremento de prezos das necesidades primarias, combustibles, electricidade e enerxía en xeral, fai que as actuais contías da RISGA sexan insuficientes, dada a inflación existente nestes momentos, e se estime conveniente incrementar as ditas contías para que as persoas e familias en situación ou risco de exclusión social poidan satisfacer axeitadamente as súas necesidades básicas de subsistencia. En concreto, procede incrementar as contías que compoñen o tramo básico persoal e familiar de tal xeito que permitan contrarrestar o efecto da suba do IPC. Así, por unha banda, increméntase o importe do ingreso mínimo, que pasa dun 75% do IPREM a un 78,20% do IPREM. Tamén se incrementa o importe dos complementos familiares, que suben do 14% ao 14,60% do IPREM no caso do primeiro ou primeira convivinte adicional, do 12% ao 12,50% do IPREM no caso do segunda ou segundo e do 10% ao 10,40% do IPREM no caso do terceiro ou terceira e sucesivos ou sucesivas.

En coherencia, procede incrementar tamén os límites máximos que se poden percibir neste tramo, de tal xeito que as unidades familiares con maior número de membros poidan beneficiarse do incremento da prestación.

Modifícase o Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, coa finalidade de recoller o límite mínimo de idade para o acceso aos servizos de atención residencial a prestar en centros ou residencias de maiores e acadar así unha atención máis centrada nas necesidades das persoas, tendo en conta o principio de especialización dos servizos en función dos colectivos a atender así como o procura dunha homoxeneidade nas características etarias dos usuarios que den cumprida resposta as necesidades homoxéneas dos mesmos, como xa se recollía no seu día na Orde de 18 de abril de 1996. Por outra banda, as residencias de maiores non semellan a resposta asistencial mais axeitada as necesidades residenciais de adultos non maiores con problemas de saúde mental, e que son derivados dos servizos de saúde despois de ter recibido unha atención sanitaria inicial ou de urxencia nos centros sanitarios.

A urxencia da medida ven motivada pola necesidade de acadar unha homoxeneidade nas características etarias dos usuarios para poder dar unha resposta máis axeitada as necesidades dos mesmos, cunha asignación mais eficiente dos recursos engadindo un parágrafo final no artigo 5.2, no que se introduce unha idade mínima para o ingreso nas residencias de maiores. Con esta reforma dáse cumprimento ao principio de especialización dos servizos en función dos colectivos a atender.

Modifícase o Decreto 84/2012, do 10 de febreiro, polo que se establecen os prezos públicos polas prestacións das residencias de tempo libre coa finalidade de incluír descontos para

as familias monoparentais e acolledoras, configuradas na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, como familias de especial consideración que requiren un tratamento máis favorable e unha especial consideración por parte dos poderes públicos. Trátase, neste momento, de establecer os correspondentes descontos nos prezos públicos establecidos para as estadías nas residencias de tempo libre, ao igual que as familias numerosas e vítimas de violencia de xénero, consideradas tamén familias de especial consideración. A situación económica actual, os grandes cambios que se produciron nas estruturas familiares e a necesidade de fomentar o acollemento familiar, xustifican a urxencia desta medida.

Modifícase o Decreto 14/2019, do 31 de xaneiro, de desenvolvemento da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no relativo á tramitación da renda de inclusión social de Galicia e das axudas de inclusión social coa finalidade de adaptar as contías da renda de inclusión social de Galicia ás recollidas na Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, na redacción dada pola presente lei. A urxencia de acometer esta última reforma ven motivada polo contexto socioeconómico actual, no cal se está a producir un importante incremento de prezos que fai que os importes actuais das axudas que se conceden non permitan cumprir axeitadamente cos obxectivos que perseguen, nomeadamente posibilitar ou reforzar os procesos de inclusión social das persoas solicitantes, así como atender gastos extraordinarios e urxentes en situacións de grave emerxencia que poidan desencadear un proceso de exclusión social “.

O capítulo VI, relativo ao emprego, prevé, en primeiro lugar a creación da Rede Xempre, como un instrumento de apoio ás políticas de emprego e de fomento do emprendemento vinculado ao territorio, desenvolvidas pola Xunta de Galicia. Esta rede estará integrada por todos os recursos de emprendemento e apoio ao emprego dos que dispoña a consellería competente en materia de emprendemento. Ademais, establécese a necesidade de colaboración e coordinación de todas aquelas persoas e perfís que, a través de axudas económicas e/ou subvencións da Xunta de Galicia, desenvolvan tarefas e actividades relacionadas con ela, co obxecto de aunar esforzos e actuar con unidade de criterio acadando unha maior efectividade de dita rede.

Por outra banda, para poder dar cumprimento a obriga de inscrición de oficio como demandantes de emprego ás persoas beneficiarias do ingreso mínimo vital maiores de 18 anos e menores de 65 que residan en Galicia nos termos impostos pola disposición adicional undécima da Lei 19/2021, do 20 de decembro, pola que se establece o ingreso mínimo vital, establécese que estas deberán facilitar determinada información, relativa a datos que non obran en poder da administración autonómica ou cuxa decisión corresponde ás persoas beneficiarias e que son imprescindibles para que o Servizo Público de Emprego de Galicia poda proceder ou non a súa inscrición, segundo corresponda.

Tamén se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, coa finalidade de incluír entre as formas de violencia de xénero a explotación sexual. En coherencia co anterior inclúense como potenciais beneficiarias da prestación periódica as mulleres vítimas de explotación sexual.

O capítulo VII refírese ao patrimonio cultural e contén a modificación da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, coa finalidade de dotala dunha maior coherencia. Así, precísase que a redución dos entornos de protección subsidiarios recollidos no artigo 38.3.c) serán de aplicación no caso de bens integrantes do patrimonio arquitectónico, acompañando a redacción deste apartado coa do apartado 2.d) do mesmo precepto. Por outra banda, se inclúen as valorizacións entre as actuacións autorizables en bens con protección ambiental. Este tipo de actuacións de baixa intensidade xa está recollida nos niveis máis altos de protección, como son os niveis de protección estrutural e ambiental, pero omítiuse nos de protección integral, o que se corrixe mediante a presente lei. Co obxectivo eliminar posibles dúbidas na aplicación da norma, clárese que a prohibición de colocar publicidade ou carteis aplícase nos tramos non urbanos do ámbito delimitado do territorio histórico dos Camiños de Santiago. Tamén se corrixe a data de publicación no Diario Oficial de Galicia dos acordos recollidos na disposición adicional duodécima, relativa á Ruta Xacobeá do Mar de Arousa e Río Ulla e se suprime a disposición transitoria sexta, que deveu innecesaria a consecuencia da entrada en vigor do Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, no que se delimitan as rutas ás que fai referencia esta disposición desaparecendo os supostos de aplicación do dito réxime transitorio.

O capítulo VIII aborda diversas medidas en materia de Sanidade. En primeiro lugar, modifícase a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia en diversos aspectos. No marco do novo modelo de atención primaria galega recollido tanto no Plan galego de atención primaria 2019-2021 coma no Documento estratéxico “Por unha atención primaria vertebradora do sistema sanitario”, propónse una modificación da lei no eido do transporte sanitario. Esta modificación responde ao obxectivo de aumentar a capacidade resolutiva da atención primaria levando ao límite máximo das súas competencias ás categorías profesionais que exercen neste ámbito asistencial.

Tamén, contéplase a creación do Centro Galego para o Control e Prevención das Enfermidades, como órgano técnico especializado, responsable do asesoramento e coordinación das estratexias e políticas de saúde pública no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se regulan os seus obxectivos e funcións.

Así mesmo, modifícase a disposición transitoria única da Lei 8/2021, do 25 de febreiro, de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, en materia da competencia dos concellos nos procedementos sancionadores aos efectos de aclarar a regulación xa existente mantendo o designio orixinal da norma.

Por outra banda, modifícase a Lei 3/2019 de 2 de xullo, de ordenación farmacéutica de Galicia para que a atención poida ser realizada por “un/una farmacéutico/a dos centros asistenciais do Servizo Galego de Saúde para as entidades prestadoras de servizos sociais que formalicen acordos ou convenios de conformidade coa lei, consolidando a situación actual na que os farmacéuticos de atención primaria do Servizo Galego de Saúde prestan atención farmacéutica nos centros sociosanitarios, e posibilitando que a extensión do programa de Atención Farmacéutica nas Residencias Sociosanitarias de Galicia, poida seguir realizándose, facendo uso dos recursos

dispoñibles: un/unha farmacéutico/a dos centros asistenciais do Servizo Galego de Saúde, independentemente da súa categoría profesional.

Finalmente, contemplase una serie de medidas en materia de Fundacións de investigación biomédica ou sanitaria que xestionan a investigación dos centros e Institutos de investigación sanitaria de Galicia do Sistema público de Saúde de Galicia, tendo en conta tamén a recente Lei 17/2022, de 5 de setembro, pola que se modifica a Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación na que se abre un novo pulo á carreira e o desenvolvemento profesional do persoal investigador e ao ámbito da investigación Biomédica.

O capítulo IX aborda diversas medidas en materia de Industria. Así, modifícase a Lei 8/2009, de 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

Modifícanse a disposición adicional sexta e transitoria oitava para dar cumprimento ao Acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado – Comunidade Autónoma de Galicia, en relación coa Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, e coa finalidade de clarificar a redacción de determinados aspectos da lei eólica, quedando patente que en ningún punto contradí a lexislación básica estatal.

Por outra parte, inclúese unha nova disposición adicional sétima para aclarar a situación dos expedientes que perdan o permiso de acceso e conexión como consecuencia do incumprimento dos fitos establecidos no Real Decreto-lei 23/2020, de 23 de xuño, polo que se aproban medidas en materia de enerxía e noutros ámbitos para a reactivación económica, aclarando que se poderán seguir tramitando os expedientes ata o momento inmediatamente anterior á autorización e que procederá a devolución dos avais depositados ante a Administración Autonómica.

Por outra banda modifícase, a Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais de Galicia co obxectivo de estender a figura da iniciativa empresarial prioritaria a todos os proxectos eólicos, con independencia da competencia estatal ou autonómica na súa tramitación. Por outro lado, establécense criterios de retorno local ao engadir un suposto no que os proxectos eólicos teñan unha clara incidencia territorial e poidan ser declarados iniciativas empresariais prioritarias: cando a facturación do parque repercuta directamente nos concellos afectados. Asemade, dada a redacción confusa que tiña actualmente os preceptos modificados, con varios supostos que permiten cualificar un proxecto como iniciativa empresarial prioritaria, propónse unha estrutura máis comprensible dos diversos casos en que o proxecto eólico poderá ser considerado como tal.

E finalmente, modifícase a Lei 7/2017, do 14 de decembro, de medidas da eficiencia enerxética e garantía de accesibilidade á enerxía eléctrica. O obxecto da citada modificación é simplificar as axudas aos consumidores vulnerables severos en risco de exclusión social e outorgalas de forma directa, sen necesidade de solicitude previa nin da colaboración das empresas comercializadoras.

O capítulo X recolle as regulacións relativas en materia de consumo e comercio, modificando tres leis. En primeiro lugar, modifícase a Lei 11/2004, do 19 de novembro, de inspección de consumo de Galicia, para adaptala ás actuacións realizadas no marco do mercado en liña. Complétase tamén a definición de dilixencias recollendo expresamente a posibilidade de incluír nelas o contido de páxinas web ou informacións ou comunicacións realizadas por calquera medio incluído na internet.

En segundo lugar, modifícase a Lei 13/2010, do 17 de decembro, de comercio interior de Galicia, coa finalidade de regular o prazo de realización dos proxectos de instalación de establecementos comerciais, que non poderá ter unha duración superior a catro anos.

En terceiro lugar, modifícase a Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias coa finalidade de clarexar cando se dan determinados supostos previstos na dita norma aos efectos da aplicación desta, o que redunda nunha maior seguridade xurídica. Por outra banda, en coherencia co disposto no Regulamento (UE) 2019/1020 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de xuño de 2019, relativo á vixilancia do mercado e a conformidade dos produtos e polo que se modifican a Directiva 2004/42/CE e os Regulamentos (CE) nº 765/2008 y (UE) nº 305/2011, recóllese expresamente que a administración competente en materia de consumo poderá reclamar ao operador económico a totalidade dos custos derivados do control da vixilancia do mercado en caso de incumprimento, regulándose ademais o réxime aplicable para a súa exixencia.

Sen prexuízo do anterior, a maior parte das modificacións realizadas Lei 2/2012, do 28 de marzo, atinxen á regulación do réxime sancionador e teñen por obxecto a adaptación da referida lei ás modificacións introducidas en materia sancionadora no texto refundido da Lei Xeral para a Defensa dos Consumidores e Usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2007, de 16 de novembro, polo Real Decreto Lei 24/2021, do 2 de novembro, de transposición de directivas da Unión Europea nas materias de bonos garantidos, distribución transfronteiriza de organismos de investimento colectivo, datos abertos e reutilización da información do sector público, exercicio de dereitos de autor e dereitos afíns aplicables a determinadas transmisións en liña e ás retransmisións de programas de radio e televisión, exencións temporais a determinadas importacións e subministracións, de persoas consumidoras e para a promoción de vehículos de transporte por estrada limpos e enerxéticamente eficientes, tendo en conta o establecido no Acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado- Comunidade Autónoma de Galicia en relación co Real decreto lei 24/2021, do 2 de novembro, antes citado, que foi obxecto de publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG Núm. 178, de data 19 de setembro de 2022) mediante a correspondente Resolución do 29 de agosto de 2022, da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias.

O capítulo XI recolle as medidas en materia de Innovación contemplando para iso unha modificación na Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia.

A modificación pretende contemplar na normativa autonómica a recente figura dos Bancos de probas regulatorios, regulados na recente Lei 17/2022, de 5 de setembro, pola que se modifica a Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación.

O capítulo XII aborda diversas medidas en materia de Procedemento e organización administrativa.

De esta forma, modifícase a Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, coa finalidade de que os entes públicos instrumentais poidan adaptar a través dos correspondentes decretos de estrutura orgánica as adscricións iniciais previstas nas súas normas de creación.

Así mesmo, na Lei 4/2016, do 4 de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, modifícase o rango orgánico da Asesoría Xurídica Xeral e adapta todo o articulado a tal modificación.

Por outra banda, incorpórase na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, unha nova disposición adicional co obxecto de establecer que as competencias dixitais no sistema educativo galego lle corresponden a consellería con competencias en materia de educación, tanto para o persoal docente de acordo co seu marco específico de referencias de competencia dixital docente, como para o alumnado. Con esta modificación outórgase á consellería competente en materia de educación a competencia sobre a avaliación, recoñecemento e rexistro das competencias dixitais no ámbito do sistema educativo galego, non só no relativo á competencia dixital docente no marco do Acordo do 23 de xuño de 2022 da Conferencia Sectorial de Educación sobre certificación, acreditación e o recoñecemento da competencia dixital docente, publicado por Resolución do 1 de xullo de 2022, da Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial (BOE núm. 166, do 12 de xullo), senón tamén con respecto ao alumnado, xa que a competencia dixital é unha das competencias educativas clave na formación regrada.

Así mesmo, modifícase a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia. O fin que se persegue con esta modificación é adaptar os cargos das persoas titulares da Comisión para a planificación e impulso de proxectos a financiar polo instrumento Next Generation EU aos cambios da estrutura orgánica da Xunta de Galicia como consecuencia da entrada en vigor do Decreto 58/2022, de 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, do Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia e polo Decreto 113/2022, do 16 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración pública.

De modo que se substitúa a mención a persoa titular da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Industria e Innovación pola persoa titular da consellería competente en materia de economía e que as funcións da secretaría da Comisión as exerza o Director xeral en materia de fondos europeos xa que desde a entrada en vigor do dito Decreto 113/2022

as competencias da Dirección xeral de Planificación e Orzamentos relativas á programación de fondos europeos pasan á nova Dirección xeral de Política de Cohesión e Fondos Europeos, que terá ao seu cargo a xestión do ciclo completo dos fondos europeos, desde a súa programación ata a súa verificación.

Neste capítulo tamén se modifica a Lei 6/1995, do 28 de xuño, pola que se crea o Consello Económico e Social de Galicia motivada pola necesidade de contemplar na citada lei determinadas compensacións económicas que perciben as organizacións presentes no Consello Económico e Social de Galicia polos gastos nos que incorran no desenvolvemento das actividades realizadas con motivo da súa participación. Asemade, é preciso clarificar o feito da súa incompatibilidade coas compensacións económicas recollidas na Lei 17/2008 de 29 de decembro, de participación institucional das organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia, aos efectos de evitar un pago duplicado ás devanditas organizacións.

Ademais contéplase unha modificación do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, que responden á necesidade da simplificación dos procedementos de tramitación de bases reguladoras de axudas públicas e, por conseguinte, buscan a axilización dos procedementos de control interno da xestión económica e financeira do sector público mediante o exercicio da función interventora, o control financeiro permanente e a auditoría pública. Así mesmo, estas modificacións supoñen a adaptación da emisión dos informes preceptivos de bases reguladoras de subvencións á nova estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública.

Finalmente modifícase o Decreto 202/2012, do 18 de outubro polo que se aproba o Estatuto da Axencia Tributaria de Galicia e se regula a asunción das funcións de recadación en período executivo pola Axencia Tributaria de Galicia. En efecto, a Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, regula un novo imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros, a incineración e a co-incineración de residuos (IDIRES), como tributo cedido do Estado ás Comunidades Autónomas.

Unha vez decidida a atribución das funcións de xestión ao Departamento de Departamento de Tributos de Xestión Centralizada, cómpre modificar o estatuto da Atriga, xa que actualmente, no propio estatuto enuméranse os impostos que xestiona o referido departamento. Coa modificación proposta, homoxeneízase a formulación para tódolos órganos e unidades, incluído o departamento d de Tributos de Xestión Centralizada, de xeito que tódolos órganos e unidades administrativas da Atriga verán concretadas as súas funcións mediante orde da consellería con competencia en materia de facenda.

Por outra banda, cómpre modificar a atribución de funcións asignadas aos departamentos que compoñen a Área de colaboración Social, Información e Asistencia, de xeito que se atribúe ao Departamento de Colaboración Social e Administrativa a función relativa á tramitación dos procedementos de revogación e dos procedementos especiais de revisión de actos nulos de

pleno dereito e de declaración de lesividade de actos anulables, cando a resolución ou a súa proposta corresponda á Dirección da Axencia, mais acorde polas funcións que desempeña.

Así mesmo, derivado da asunción paulatina, pola Axencia Tributaria de Galicia, da recadación en período executivo levada a cabo nas Zonas de Recadación segundo o previsto no Decreto 51/2000, cómpre modificar a estrutura organizativa da Área de Recadación co obxectivo de crear un novo Departamento que asumirá funcións no ámbito da recadación executiva aos efectos de planificar e coordinar con maior eficacia as actuacións de recadación executiva a desenvolver pola Atriga, así como de modificar as funcións do departamento de Planificación do Control Tributario, que pasará a exercer a colaboración coa área de Recadación para a análise e definición de perfís e indicadores de risco recadatorio.

Finalmente, o capítulo XIII recolle unha serie de medidas en materia de Réxime financeiro e orzamentario que se recollen na modificación do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario presupuestario de Galicia. Así modifícase a citada lei por una banda aos efectos de eliminar a restrición do carácter ampliable dos créditos nos supostos de sinistros e catástrofes aos gastos en bens correntes e servizos. Nese sentido, permitirase ampliar os créditos destinados a financiar os gastos de capital orixinados por sinistros e catástrofes.

Por outra banda, modifícase o réxime de contabilización de recursos cando estes se vinculen á súa execución e non á súa certificación. Faise posible regular o principio de neutralidade no emprego dos fondos europeos nos casos en que así este previsto.

E por último, modifícase o réxime de contabilización dos ingresos que a final de ano están no período voluntario para realizar o ingreso. Mantense a súa imputación ao exercicio no que se contabilizaron orixinariamente e modifícase o criterio de anulación de dereitos pendentes ao peche do exercicio.

A parte final da lei está composta por oito disposicións adicionais, cinco disposicións transitorias, unha disposición derogatoria única e catro disposicións derradeiras.

A disposición adicional primeira recolle unha serie de medidas especiais en materia de listas de contratación de persoal laboral temporal ou de persoal funcionario interino durante o ano 2023 cuxa finalidade responde á necesidade de contar con maior número de integrantes nas listas de contratación temporal do Decreto 37/2006 nas categorías profesionais que prestan servizos esenciais en centros residenciais de Política Social ou en centros educativos, así como axilizar a propia xestión das listas de contratación temporal.

A disposición adicional segunda, relativa aos documentos de referencia, establece un prazo de tres meses dende a entrada en vigor desta lei, e de conformidade co disposto no número 3 do artigo 36.bis da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, para que o órgano ambiental elabore para os grupos de proxectos que se contemplan nos anexos I e II da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación

ambiental, os documentos de referencia dos parques eólicos así como dos demais grupos de proxectos dos que xa se emitiran documentos de alcance ou xa se realizara a avaliación ambiental aínda que, no caso destes últimos, non se tivese determinado o alcance do estudo de impacto ambiental.

A disposición adicional terceira regula a adaptación do convenio do sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias, que se promoverá pola consellería competente en materia forestal.

A disposición adicional cuarta prevé un prazo de 18 meses para a aprobación do correspondente Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais por parte dos concellos que non o teñan.

A disposición adicional quinta habilita a administración autonómica a promover a refundición da normativa vixente en materia de transporte por estradas.

A disposición adicional sexta contempla como consecuencia da modificación prevista no artigo 80.2 do Decreto Lexislativo 1/1999 do 7 de outubro polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e orzamentario de Galicia un réxime de rexistro contable para os dereitos dados de baixa ao peche do exercicio orzamentario 2022 e a súa inclusión nas contas do exercicio 2023

A disposición adicional sétima contempla baixo o título de perda en redes de abastecemento un réxime particular posto que a modificación da recentemente aprobada lei de mellora do ciclo integral da auga implica o inicio do cobramento do canon da auga asociado ás perdas nas redes de abastecemento o 1 de xaneiro de 2023. Se ben esta aplicación xa veu anunciada na Lei 9/2019, de 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento en episodios de seca e en situacións de risco sanitario, o período transitorio de dous anos demostrou ser insuficiente para conseguir que as administracións implicadas sitúen as súas perdas por debaixo do limiar do 20% e, por conseguinte, implicará que moitos concellos e, singularmente, os de menor tamaño veñan obrigados ao pagamento polas perdas desde o 1 de xaneiro de 2023. Por todo elo, e dado que o obxectivo de gravar as perdas naceu cunha finalidade incentivadora de reducir esas perdas máis que cunha finalidade recadatoria, considérase adecuado retrasar a obriga de pagar polas perdas se ben condicionado á efectiva adopción de medidas para a súa redución mediante a acreditación da aprobación ou, no seu caso, inminente aprobación, do Plan de actuacións para minimizar as perdas de acordo coa Disposición adicional segunda da citada Lei 9/2019, así como da dispoñibilidade de contadores nos puntos de entrada de auga ao sistema de abastecemento tal e como así obrigaba a Disposición Adicional 3ª da citada Lei, co que esta exención temporal terá un carácter claramente incentivador da aprobación dos citados plans.

Inclúese, así mesmo, na disposición adicional oitava a regulación da ampliación do prazo para a posta en marcha das emisións e pagamento da taxa do servizo de comunicación audiovisual de televisión correspondente ás adxudicacións transformadas en licenzas e establecemento dun

prazo de igual período para as licenzas outorgadas mediante Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 26 de decembro de 2014.

A disposición transitoria primeira ten por obxecto establecer o réxime aplicable ás previsións desta lei en canto á restitución ou reposición da legalidade por infraccións reguladas na normativa en materia de costas cometidas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.

A disposición transitoria segunda determina o procedemento de tramitación dos instrumentos de planificación de espazos naturais protexidos xa declarados ao abeiro da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, que carezan dos citados instrumentos de planificación e que non iniciaran a súa tramitación con anterioridade á data de entrada en vigor desta lei.

A disposición transitoria terceira prevé que as comunicacións e apercibimentos realizados antes da entrada en vigor desta lei, con base aos números 2 e 3 do artigo 22 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, na súa redacción vixente á entrada en vigor desta disposición, habilitarán á administración competente para proceder á realización das actuacións materiais de execución subsidiaria dentro dos catro anos posteriores á súa realización.

A disposición transitoria cuarta prevé o réxime aplicable aos proxectos de instalación dos establecementos comerciais que contén cunha autorización comercial autonómica vixente e que á entrada en vigor desta lei non tiveran iniciada a actividade comercial, aos cales se lles aplicará o prazo máximo de catro anos establecido para a execución do proxecto.

Finalmente, a disposición transitoria quinta determina o réxime de aplicación para exercicio da potestade sancionadora en materia de consumo.

A lei prevé, na disposición derogatoria única, a derogación das disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao previsto nela.

A disposición derradeira primeira recolle unha cláusula de salvagarda do rengo regulamentario aplicable aos decretos modificados a través desta lei; a disposición derradeira segunda modifica as referencias á licenza de primeira ocupación contidas na lei 8/2012, do 29 de xuño de vivenda de Galicia, que se entenderán feitas ás comunicación previa.

A disposición derradeira terceira habilita ao Consello da Xunta para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento desta lei e a disposición derradeira carta establece a entrada en vigor desta o 1 de xaneiro de 2023, agás os artigos 1 e 2 que entrarán en vigor o 1 de xaneiro de 2022.